




OS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL EN GALICIA



Valedor
do Pobo
Galicia

**OS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE
INTELECTUAL EN GALICIA**

INFORME DO VALEDOR DO POBO AO PARLAMENTO DE GALICIA

ANO 2014

Este informe está disponible na páxina web do Valedor do Pobo

[http: //www.valedordopobo.com](http://www.valedordopobo.com)

Autoría:

Institución do Valedor do Pobo

© VALEDOR DO POBO

A foto da portada foi cedida por FADEMGA

Sumario

	<u>Páxina</u>
Presentación do Informe polo Valedor do Pobo.....	5
1. Introducción	9
2. A discapacidade intelectual: concepto e características.....	19
3. Os dereitos dos discapacitados e discapacitadas intelectuais	25
a) A normativa internacional. A Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.	27
b) A aplicación da convención en España.....	28
c) A regulación nacional e autonómica.....	32
4. Os dereitos políticos e civís dos discapacitados e discapacitadas intelectuais.....	35
a) A capacidade de obrar das persoas con discapacidade e a necesidade de cambio de modelo	37
b) O exercicio dos dereitos políticos	42
c) A necesidade de cambiar o réxime legal do exercicio doutros dereitos.....	46
d) Os internamentos involuntarios.....	46
5. Os dereitos dos nenos e as nenas con discapacidade intelectual.....	51
6. Os dereitos da muller con discapacidade.....	55
7. O dereito a unha atención temperá	65
8. O dereito á educación inclusiva.....	69
9. A autonomía persoal, a atención á dependencia e á discapacidade intelectual	87
a) A discapacidade intelectual e o desenvolvemento do sistema de dependencia	89
b) A evolución da atención da discapacidade intelectual e os cambios que se producen coa aplicación da Lei de Dependencia.....	92
c) Os problemas de avaliación da dependencia dos discapacitados e discapacitadas intelectuais.....	95

d) As consecuencias das baixas valoracións de dependencia de discapacitados e discapacitadas intelectuais e da inadecuada aplicación do calendario de implantación progresiva da Lei de Dependencia	101
e) O dereito aos apoios e á atención adecuada e individual	103
f) Os problemas de integración dalgúns programas na carteira de servizos do sistema de dependencia	109
g) As reclamacións das asociacións de persoas con discapacidade intelectual e as súas familias en relación coa aplicación da Lei de Dependencia	115
h) A necesidade de avanzar no enfoque social no sistema de dependencia.....	119
10. A avaliación dos niveis de discapacidade	123
11. O dereito ao traballo dos discapacitados e discapacitadas intelectuais: o acceso ao emprego nos sectores privado e público	127
a) O dereito ao emprego	129
b) O emprego de discapacitados e discapacitadas intelectuais no sector público. A cota de reserva nas convocatorias de emprego público	135
c) O emprego no sector privado.....	147
12. Os problemas de mobilidade. O servizo autonómico de transporte adaptado (065)	163
13. Outros dereitos das persoas con discapacidade intelectual: saúde, inserción, calidade de vida e participación na cultura, as actividades recreativas, o ocio e o deporte. O apoio ás entidades que traballan a favor dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual.....	173
14. Visitas e entrevistas para coñecer as opinións das entidades que traballan en materia de discapacidade intelectual, das persoas con discapacidade intelectual, das súas familias, e visitas aos centros de atención	181
15. Conclusións.....	199
16. Recomendacións.....	217
Anexo I. Resolucións (recordatorios de deberes legais, recomendacións e suxestións) máis relevantes do Valedor do Pobo en materia de discapacidade intelectual.....	231

	<u>Páxina</u>
Anexo II. Relación de centros de atención á discapacidade intelectual aportada pola Consellería de Traballo e Benestar.....	275
Anexo III. Listado de entidades ou asociacións de atención á discapacidade intelectual	299
Anexo IV. Manifesto de FADEMGAL FEAPS GALICIA (Federación de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia) con motivo do Día Internacional da discapacidade, pola defensa das persoas con discapacidade intelectual	309
Anexo V. A Asociación Española de Emprego con Apoio ao <i>Defensor del Pueblo</i>	315

Presentación do Informe polo Valedor do Pobo

Presentación do Informe polo Valedor do Pobo

A sociedade do século XXI debe ser unha sociedade inclusiva, onde a tolerancia, a solidariedade e o respecto sexan eixos vertebradores desta. Desde o Valedor do Pobo tentamos traballar nese sentido, conscientes do núcleo básico no que se sitúan os dereitos fundamentais. Neste sentido, as persoas con diversidade funcional ou con necesidades especiais teñen que ser obxecto de atención prioritaria. E así o son tamén para a nosa Institución.

Para avanzar en semellantes propósitos elaboramos este informe, referido ao específico suposto das persoas con discapacidade intelectual. A responsabilidade básica na súa redacción correspondeulle a Fernando de Andrés Alonso, asesor-coordinador no Valedor do Pobo, ao que agradezo o seu esforzo e dedicación. Creo sinceramente que elaboramos un traballo serio, que parte dunhas robustas bases teóricas para extraer consecuencias prácticas que sirvan para solucionar posibles problemas. Hai que potenciar a autonomía das persoas nesta situación, reforzando as súas capacidades e o seu desenvolvemento persoal integral, superando visións paternalistas e anticuadas.

O tema analízase tratando de abarcar as diversas etapas e os distintos tipos de trabas nos que se atopa este colectivo. Desta forma, entre outras cousas, abórdanse os dereitos políticos e civís, os dereitos dos menores, os da muller, o dereito a unha atención temperá, o dereito ao traballo, a atención á dependencia e a cuestión da mobilidade. A partir deste marco de estudo, realízanse un relevante número de recomendacións dirixidas aos poderes públicos. As políticas desenvolvidas neste sentido deben prestar unha atención prioritaria a estas persoas para que poidan ter unha auténtica e verdadeira calidade de vida digna, deixando de ser un colectivo vulnerable sobre o cal pende o risco de marxinación. Só así seremos capaces de construír unha sociedade na que brillen as actitudes positivas para a súa integración. A conciencia solidaria denotará a evolución da nosa forma de convivencia.

En definitiva, esperamos que este informe axude a mellorar a situación en Galicia das persoas con discapacidade intelectual cumprindo, así, coas esixencias da xustiza, valor constitucional ao que todos nos debemos e que dirixe as actuacións do ombudsman.

José Julio Fernández Rodríguez
Valedor do Pobo (e.f.)

1. Introducción

1. Introducción

A atención preferente ás persoas afectadas por parálise cerebral, síndrome de Down, autismo ou calquera outra discapacidade de tipo intelectual resulta unha obriga constitucional dos poderes públicos. Aínda que cunha terminoloxía arcaica, o art. 49 da Constitución Española preceptúa que estes realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, aos que prestarán a atención especializada que requiran, e ampararanos especialmente para que gocen dos dereitos que o Título I outorga a todos os cidadáns. Á marxe do claramente inadecuada que nos resulta a linguaxe utilizada na Constitución para abordar esta cuestión, como consecuencia da norma constitucional transcrita, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica e as administracións locais de Galicia, teñen a obriga principal de protexer este dereito, segundo o establecido no art. 53 do mesmo Texto Fundamental.

Dende hai tempo nas diferentes actividades que desenvolve o Valedor do Pobo, en especial nos Informes que diriximos ao Parlamento de Galicia, destacamos a necesidade de mellorar determinados aspectos da atención ás persoas con discapacidade intelectual, algo que apreciamos a través do noso traballo cotián e que coñecemos non só por medio das abundantes reclamacións dos propios discapacitados e discapacitadas ou das súas familias, senón sobre todo pola investigación e análise mediante as que procuramos abordar os problemas individuais das persoas que acoden a nós na procura da realización dos seus dereitos e, en xeral, dos do colectivo.

A conclusión deste labor é que, á marxe de determinados aspectos nos que se produciu un evidente avance no tratamento das persoas que conforman este amplo colectivo, existen outros aos que debe prestarse unha especial atención e que se ven precisados de mellora. Esta é unha realidade na que vimos insistindo dende hai moito tempo; dende hai anos, nos Informes Anuais dirixidos ao Parlamento de Galicia, subliñamos a necesidade de profundar na atención específica deste colectivo (Informe de 2008, páxs. 409-417; Informe de 2009, páxs. 233 e 250-252; Informe de 2010, páxs. 418-421; Informe de 2011, páxs. 719-721; Informe de 2012, páxs. 441-442 e 452-457).

O déficit na efectividade dos dereitos que afecta, en xeral, á discapacidade, que trataremos con detalle, e o que tamén se aprecia en canto á actividade prestacional debido á insuficiencia dos servizos e prazas asistenciais –algo que tamén afecta a todo o colectivo de discapacitados, discapacitadas e dependentes- resulta aínda máis prexudicial se cabe cando se trata da atención das persoas con discapacidade intelectual, que deben ser obxecto dunha atención preferente e integral. As carencias, ou, mellor dito, a falta de efectividade de gran parte dos dereitos recoñecidos, a supervivencia de situacións de discriminación ou os limitados servizos e prestacións no ámbito social para a atención á discapacidade, afectan especialmente aos colectivos aos que nos referimos, con necesidades amplas e moi específicas, pero plenamente xustificadas. Requírese un

tratamento pleno e profesional, cun alto nivel de cualificación que, nalgúns casos, aínda está lonxe de conseguirse.

Obsérvase que aínda queda moito camiño por percorrer á hora de enfocar de forma adecuada a materia que tratamos. Aínda que hoxe todo o mundo coincide na necesidade de rexeitar o antigo modelo médico e substituílo polo chamado modelo social ou de dereitos humanos, e a pesar de que a aplicación de todas as derivacións deste son hoxe en gran parte obrigas legais como consecuencia da adhesión do noso país á Convención Internacional sobre Dereitos das Persoas con Discapacidade, en moitas ocasións a realidade móstrase por camiños claramente opostos.

A discapacidade, en xeral, e polo que agora nos interesa especialmente, a discapacidade intelectual, non se caracteriza de forma especial por limitacións persoais de orixe variada, cualificadas como “defectos”, “deficiencias”, “enfermidades” ou “padecementos”, algo que si sostíña o modelo médico que hoxe rexeitamos con vehemencia, senón que moi ao contrario os seus trazos esenciais teñen a súa orixe na actitude da sociedade respecto das circunstancias particulares do discapacitado. Esa sociedade, con carácter xeral, non ten presentes as circunstancias de diversidade funcional das persoas e con iso crea barreiras e discrimina os afectados e afectadas.

Non só existe un deber cidadán de solidariedade colectiva coas persoas que forman este colectivo e as súas familias. Como vimos, da Constitución Española derívase unha clara obriga de prestar un trato preferencial ás persoas discapacitadas, entre as que se contan as afectadas por discapacidade intelectual; e como derivación desta obriga pública hoxe resulta moi abundante a normativa estatal e autonómica que desenvolve este dereito, á que se suma unha normativa internacional que tamén nos obriga, en especial a citada Convención Internacional sobre Dereitos das Persoas con Discapacidade, cuns estándares cada vez máis exixentes e axustados ao modelo de dereitos humanos. Isto supón que se afirmen progresivamente os dereitos das persoas discapacitadas e con iso apareza como necesidade perentoria a adaptación normativa e a súa promoción e garantía. Requírese avanzar nunha atención persoal, individualizada e cos mellores medios dispoñibles, partindo da base de que se trata dunha verdadeira prioridade social esixida para a efectividade de dereitos recoñecidos en termos verdadeiramente amplos.

A *atención prioritaria* que requiren os dereitos dos discapacitados e discapacitadas debe afirmarse con maior énfase para o colectivo de discapacitados intelectuais debido a unha circunstancia que resulta común para a gran maioría dos afectados e afectadas, como é a aparición da súa discapacidade desde o nacemento ou dende idades moi temperás, o que trae consigo que se conviva con ela a práctica totalidade da vida e por iso resulta imprescindible a adecuada atención en todas as fases da vida se se quere garantir o progreso persoal e a calidade de vida. Resulta cientificamente acreditado que o mantemento ao longo do tempo duns apoios adecuados para cada persoa con discapacidade intelectual xeralmente mellora de forma considerable a súa vida; só en

casos excepcionais non se produce esta melloría. O prexuízo de que os discapacitados e discapacitadas intelectuais non melloran é absolutamente falso, tal e como resaltan as entidades científicas que se dedican ao estudo das circunstancias do colectivo.

Moitas persoas afectadas por discapacidades seguen sentindo que a sociedade aínda non os considera como os seus iguais e séntense nalgún momento vítimas dun maior ou menor grao de discriminación, ou polo menos de falta de adaptacións ou apoios suficientes. En moitos casos, esta forma social de actuar ten a súa causa en prexuízos, no descoñecemento ou na pura ignorancia, algo que se aprecia con especial intensidade no caso dos discapacitados e discapacitadas intelectuais. Esta situación prexudica os directamente afectados e as súas familias; tanto uns coma outros desexarían que o ambiente xeral, os medios á súa disposición e as normas lles permitisen gozar do seu dereito a un adecuado nivel de *normalidade* para descartar as frecuentes situacións de discriminación. Porén, a realidade di que en aspectos tan importantes coma o emprego só un moi baixo porcentaxe de afectados ve o seu desexo feito realidade. Esta supón que a súa perspectiva de futuro resulte pouco estimulante, con graves consecuencias na súa vida cotiá e, en xeral, na súa autoestima.

As declaracións de dereitos e as obrigas legais contidas en diferentes instrumentos internacionais e na nosa normativa interna afirman unha necesidade formal que trae a súa causa dunha evidente convicción social: a necesidade de que todos e todas nos comprometamos firmemente na defensa da igualdade das persoas que padecen unha posición de desvantaxe individual por razóns que en boa medida son produto da actitude colectiva que adoptamos ante as súas circunstancias. Trátase de evitar calquera forma de discriminación e promover no posible a garantía dos dereitos, a integración, a participación, a normalización e a melloría das posicións individuais e sociais en todo o que estea ao noso alcance a través dos axustes razoables e de medidas de apoio.

A pesar da ambiciosa articulación constitucional e legal que citamos, o certo é que, na práctica, o camiño por percorrer aínda aparece moi longo ante nós. Como veremos detidamente, o desenvolvemento legal dedicado á atención da discapacidade intelectual foi enorme nos últimos tempos. Pero, a pesar diso, aínda resultan de imperiosa necesidade determinadas reformas na normativa vixente para que se cumpran as lexítimas expectativas do colectivo, e sobre todo é preciso desenvolver os numerosos aspectos xa normados e dar efectividade a moitas das previsións legais relativas ao ámbito político, civil e asistencial.

No terreo social, o nivel de concienciación tamén pode e debe mellorar, como o proban algúns estereotipos mentais que aínda permanecen; así, por exemplo, segue habendo moitos empregadores que consideran que os discapacitados e discapacitadas intelectuais non poderían cumprir adecuadamente as funcións que lles asignen, ou que pensan que contratalos pode supoñer un maior custo pola necesidade de adaptacións ou apoios (Estudo da Universidade de Rutgers; 2004).

A primeira e máis firme conclusión de calquera persoa, entidade ou institución que se dedique ao estudo dos problemas e necesidades do colectivo é, sen dúbida, a afirmación categórica da necesidade de ampliar os medios para procurar unha atención especializada das persoas. Falamos dunha atención especializada e intensiva e, por iso, na maior parte dos casos, cara, polo que resulta de difícil execución nun país coma o noso, aínda cun precario desenvolvemento dos servizos sociais e en plena crise económica. Así e todo, dende sempre, antes incluso de procurar novos impulsos no que coñecemos polo Estado Social ou do Benestar, o certo é que en ningún caso se formulou a posibilidade de deixar de atender situacións de necesidade tan xustificadas como estas.

De cara ao futuro formúlase o reto de poder manter, en plena crise, o aumento cuantitativo e cualitativo dos servizos sociais previsto para atender as necesidades crecentes de importantes colectivos e, á vez, procurar tamén a melloría dos servizos e prestacións dedicados xa antes aos que apareceron como os primeiros e máis claramente necesitados de protección e atención, entre os que se contan de maneira destacada as persoas con discapacidade intelectual.

Porén, este reto enfróntase ao carácter necesariamente limitado dos recursos, en especial dos recursos públicos. Neste momento de profunda crise económica, que non sabemos aínda por canto tempo permanecerá entre nós, as restricións orzamentarias non impiden que as necesidades colectivas neste terreo sigan medrando; por iso, tamén agora, en plena crise, debe quedar patente que unha política pública orientada á protección integral das persoas con discapacidade intelectual non só resulta unha exixencia propia do Estado social e democrático de Dereito recoñecido na nosa Constitución (art. 1.1 CE), e do dereito proclamado no artigo 49 da mesma, senón sobre todo, unha exixencia ética esencial da sociedade no seu conxunto.

De todo iso deducimos non só a existencia dunha obriga social comunmente asumida, senón tamén dunha obriga xuridicamente vinculante en todas as ordes, tanto a pública como a particular ou civil, que implica que a atención a este colectivo con dificultades específicas sexa priorizada.

O *principio de priorización* ou de *prioridade* na atención das persoas con discapacidade intelectual resulta un común denominador en todas as cuestións que tratamos no Valedor do Pobo para abordar os problemas da súa posible discriminación ou falta de atención adecuada. Este mesmo principio resulta tamén o fío condutor do presente Informe Especial. O noso traballo está baseado nunha premisa que consideramos evidente: as políticas públicas dirixidas ao adecuado tratamento das necesidades específicas dos discapacitados e discapacitadas intelectuais deben normarse, planificarse e executarse como prioritarias.

En moitos aspectos, a situación das persoas con discapacidade intelectual progresou. Mellorouse no desenvolvemento legal dos dereitos, no enfoque social ou de dereitos

humanos que se dá a calquera solución aos seus problemas, en concienciación xeral, en organización dos colectivos de afectados, no tratamento facultativo dos diferentes problemas individuais que lles afectan, na dotación de medios, e noutros moitos aspectos.

Moitos dos avances aos que nos referimos plásmanse nunha nova forma de concibir a intervención dos seus problemas; pasouse dunha visión do tratamento partindo dunha posición pasiva dos afectados e afectadas ao desenvolvemento da súa posición activa, é dicir, a que permite intervir contemplando ao discapacitado e discapacitada intelectual como unha persoa con dereitos que deben promoverse para que resulten efectivos, unha visión acorde co previsto no art. 9 da nosa Constitución, que sinala que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude, e facilitar a participación de todos os cidadáns e cidadás na vida política, económica, cultural e social.

Así pois, en termos individuais o obxectivo debe ser eliminar ou paliar os obstáculos que se presentan nos diferentes ámbitos; no terreo persoal, no formativo ou educacional e, en último caso, no laboral. Debe procurarse unha atención individual e intensiva para alcanzar o máximo progreso posible na realización individual dos dereitos, de tal forma que as persoas e tamén o seu contorno familiar amplo poidan facer realidade un obxectivo que compartimos todos, decidir por si mesmas respecto dos aspectos fundamentais da vida cos apoios precisos e gozar dunha calidade de vida cun nivel adecuado e posible, en función das circunstancias, impedindo o illamento e toda forma de discriminación.

Os diferentes aspectos que afectan á vida cotiá dos discapacitados e discapacitadas intelectuais son moi variados: a dependencia maior ou menor de terceiras persoas para a súa actuación no mundo civil, patrimonial ou político, ou para realizar os actos cotiáns, a accesibilidade, o transporte adaptado, a súa educación especial e inclusiva, o seu tratamento específico a unha idade temperá, a formación e adaptación laboral, ou o acceso ao emprego tanto privado como público. Outro ámbito relevante e no que apreciamos un risco certo de situacións discriminatorias é o relativo ao goce do ocio. Todos eles serán obxecto do noso estudo.

Tamén coñecemos e por tanto trataremos outras situación problemáticas máis específicas e que se refiren a diferentes ordes da vida das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias; son, por exemplo, a adecuada aplicación do réxime de incapacitación e das súas medidas de protección, ou o respecto ás garantías no caso de restrición de liberdade, en especial nos casos de internamentos.

De todo isto temos coñecemento a través dun amplo sistema de información; nel segue xogando un papel principal a información que recibimos dos directamente afectados a través das súas queixas. Estes - entre os que incluímos sempre os familiares- e os informes ao respecto da administración, así como as numerosas recomendacións, suxestións e

recordatorios de deberes legais que formulamos e as respostas que se reciben da administración, seguen sendo o noso principal material de análise. A súa virtualidade está baseada na obriga legal de resposta adecuada por parte da administración. A relevancia da obriga de colaboración rápida e transparente por parte da administración ponse de relevo a través da sanción penal do seu incumprimento. O art. 502.2 do Código Penal tipifica o delito específico de desobediencia por falta de colaboración informativa. Con iso garántese que a información recibida resulte veraz e congruente co pedido, algo que a administración non pode obviar e que permite que as análises que realizamos resulten ilustrativas da realidade.

Os *ítems* suxeitos a análise neste Informe serán moitos. Aínda a pesar diso, o tratamento que presentamos non pretende ter carácter exhaustivo ou esgotar toda a ampla temática da discapacidade intelectual. O noso estudo céntrase en determinados aspectos aos que dedicamos unha ampla atención, como consecuencia da cal podemos afirmar a existencia dun criterio claro sobre os mesmos. Nalgúns casos apreciamos unha necesidade de mellora.

Pola razón exposta descartamos realizar exhaustivas descrições dos medios materiais ou persoais cos que contan os servizos para a atención dos discapacitados e discapacitadas (centros de educación especial, residencias, centros de día...). Tampouco pretendemos realizar unha análise sobre o funcionamento dos centros ou sobre as súas instalacións, salvo algún labor de mostraxe e referido especialmente a centros ilustrativos. Centrarémonos na análise de cuestións de carácter xeral e interese para o colectivo, principalmente as que resultan motivo de reclamacións.

Pretendemos realizar unha exposición sistemática destas materias e da situación na que se atopan os problemas abordados, algúns deles resoltos en parte, outros con compromiso para ser abordados por parte das administracións ou órganos competentes, e outros respecto dos que comprobamos que, por desgraza, seguen pendentes dunha adecuada solución.

Este traballo tamén é tributario do labor desenvolvido nas XXVIII Xornadas de Coordinación de Defensores do Pobo, dedicadas á aplicación en España da Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Os froitos do intenso traballo dos diferentes talleres técnicos e da reunión plenaria foron unha importante fonte de inspiración de moitos dos aspectos tratados neste documento e das súas conclusións.

O presente Informe Especial pretende ser unha reflexión global sobre as situacións que ás veces padecen de forma inxusta as persoas con discapacidade intelectual e que, a pesar das xustificadas queixas e das respostas que a elas se dá por parte da administración, e incluso a pesar das moitas recomendacións do Valedor do Pobo, porén seguen sendo problemas vixentes, pendentes en todo ou en parte.

Como adiantamos, ese coñecemento directo dos problemas que nos proporciona o labor institucional quixemos complementalo con entrevistas con algúns representantes dos diferentes sectores afectados, fundamentalmente federacións e asociacións de pais ou titores, equipos directivos de centros públicos e privados, e finalmente con visitas a algúns deses centros, o que nos permitiu unha mostraxe destes e coñecer os detalles máis relevantes dalgúns.

Con todo iso pretendeuse elaborar un traballo sistemático que permita a todos e, en especial, aos máis directamente implicados na preservación dos dereitos e a atención dos discapacitados e discapacitadas intelectuais, contar con elementos de xuízo suficientes para mellorar o que hoxe temos.

O Valedor do Pobo é unha institución que ten como un dos seus fins, aínda que non o único, a supervisión do labor das administracións galegas; por iso, é claro que o principal destinatario das conclusións non pode ser outro que a administración responsable da materia, fundamentalmente a autonómica, e dentro dela a Consellería de Traballo e Benestar, e, en menor medida, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e os concellos de Galicia. Á súa actuación e, en xeral, á actitude da sociedade no seu conxunto á hora de abordar as necesidades que aparecen como evidentes nesta orde, dedicamos a nosa atención deseguido.

2. A discapacidade intelectual: concepto e características

2. A discapacidade intelectual: concepto e características

Existen múltiples aproximacións posibles ao concepto da discapacidade intelectual. Unha delas é a elaborada pola *Conferencia da OIT para promover oportunidades de formación e emprego para persoas con discapacidade intelectual*, celebrada do 9 al 11 de marzo de 2010 en Lusaka; neste foro a discapacidade intelectual caracterizouse como unha limitación importante, tanto nas funcións intelectuais como na conduta de adaptación que se manifesta nas capacidades conceptuais, sociais e prácticas. As persoas con discapacidade experimentan dificultades nunha ou máis das seguintes áreas: aprendizaxe, comunicación, coidado propio, vida no fogar, habilidades sociais, uso da comunidade, autonomía, seguridade, saúde, espaxamento e traballo. Unha discapacidade intelectual pode manifestarse cedo na vida ou, no caso de persoas cunha discapacidade intelectual moderada, pode non ser diagnosticada até a idade escolar ou despois. En calquera caso, a discapacidade orixínase antes da idade adulta.

Pola súa banda, a AAIDD (*American Association on Intellectual and Developmental Disabilities*, ou *Asociación Americana de Discapacidades Intelectuais e do Desenvolvemento*), no primeiro termo rexeita a antiga terminoloxía utilizada, *retraso mental*; o termo *discapacidade intelectual* resulta “menos ofensivo”, sinálase, é máis coherente coa terminoloxía internacional e, no marco sociolóxico, proporciona unha base lóxica para a comprensión da necesidade de proporcionar apoios.

A Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade inclúe, na súa definición xenérica destas, ás persoas con discapacidade de diferentes tipos, entre os que cita as “deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais a longo prazo que, ao interactuar con diversas barreiras, poden impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais”¹.

A AAIDD caracteriza a discapacidade intelectual por “limitacións significativas tanto en funcionamento intelectual como en conduta adaptativa, tal e como se manifestou en habilidades adaptativas conceptuais, sociais e prácticas. Esta discapacidade orixínouse antes dos 18 anos”. Segundo a AAIDD, as súas premisas fundamentais son cinco:

- “As limitacións no funcionamento presente deben considerarse no contexto de ambientes comunitarios típicos dos iguais en idade e cultura”. Os estándares cos que se compara o funcionamento do individuo son ambientes comunitarios (fogares, barrios, colexios, empresas e calquera outro contorno) nos que individuos de idade similar normalmente viven, xogan, traballan e interactúan.

- “Unha avaliación válida debe ter en conta a diversidade cultural e lingüística, así como as diferenzas en comunicación e en aspectos sensoriais, motores e conductuais”. A avaliación

¹ Art. 1 da Convención Internacional sobre Dereitos das Persoas con Discapacidade.

debe contemplar a diversidade e a singularidade das respostas da persoa. A cultura ou a orixe étnica, a comunicación non verbal e os costumes que poidan ter unha influencia nos resultados da avaliación deben considerarse para lograr unha avaliación válida.

- “Nunha persoa, as limitacións coexisten habitualmente con capacidades”. As persoas con discapacidade intelectual probablemente teñen determinados talentos e certas limitacións. Como todo o mundo, a miúdo fan mellor unhas cousas que outras.

- “Un propósito importante da descrición de limitacións é o desenvolvemento dun perfil de necesidades de apoio”. Isto quere dicir que a mera análise das limitacións non é suficiente e que a especificación das limitacións debe ser o primeiro paso para desenvolver unha descrición dos apoios que a persoa precisa para mellorar o seu funcionamento. Identificar a alguén neste contexto (“discapacitado intelectual”) debe conducir a un beneficio: desenvolver un perfil de necesidades de apoios.

- “Se se manteñen apoios personalizados apropiados durante un longo período, o funcionamento na vida da persoa con discapacidade intelectual xeralmente mellorará”. Se se proporcionan os apoios personalizados adecuados a unha persoa, mellorará; unha falta de mellora pode servir como base para reavaliar o perfil de necesidades de apoios. O vello estereotipo de que as persoas con discapacidade intelectual nunca melloran é incorrecto².


A discapacidade intelectual, como todas as discapacidades, evolucionou desde unha caracterización centrada na persoa, considerándoa como un *déficit*, a ser un fenómeno humano cunha xénese relacionada tanto con factores orgánicos como sociais. Na actualidade o obxectivo céntrase en analizar a situación nunha perspectiva *ecolóxica*, enfocada á interacción da persoa e o contorno no que se desenvolve, resaltando a capacidade de mellora da persoa mediante a aplicación de apoios sistemáticos e individuais. Ambos factores, os orgánicos e os sociais, dan lugar a limitacións funcionais que traen como consecuencia a incapacidade ou limitación para o desempeño de determinadas tarefas individuais ou para o desempeño dos roles ou funcións que a sociedade agarda dun antes de considerar as contribucións que lle corresponden a ela mesma.

Como sinala a AAIDD, “a importancia deste cambio evolutivo é que a discapacidade intelectual xa non se considera unicamente un trazo absoluto, fixo da persoa. Máis ben, este *constructo socioecolóxico* de discapacidade intelectual exemplifica a interacción entre a persoa e o seu ambiente, céntrase no rol que os apoios individualizados poden desempeñar na mellora do funcionamento humano, e non esquece a procura e comprensión dos

² *Discapacidade Intelectual. Definición clasificación e sistemas de apoio*. American Association on Intellectual and Developmental Disabilities (Asociación Americana de Discapacidades Intelectuais e do Desenvolvemento). AAIDD. Alianza Editorial, Madrid, 2011. 11ª edición. Páxs. 33-34.


principios inherentes ao movemento social da discapacidade. Estes principios inclúen a autoestima, o benestar subxectivo, o orgullo e a participación na acción política”³.

En canto á identificación da poboación con discapacidade intelectual, segundo os datos que no seu momento aportou FEAPS a taxa de prevalencia (estimada) sitúase en 5,03/1000 habitantes, o que suporía un total en España de 227.360 persoas con este tipo de discapacidade. En Galicia o número de persoas con discapacidade intelectual sería de 17.822. A continuación recóllense os datos do conxunto de España e das diferentes CCAA. Tamén se expoñen graficamente a comparativa co conxunto das causas de discapacidade e o grao ou perfil da discapacidade (31 % leve, 45,5 % moderada e 23,5 % severa).



Fonte: FEAPS

³ American Association on Intellectual and Developmental Disabilities, *op. cit.*, páxs. 19-20.



Fonte: FEAPS

3. Os dereitos dos discapacitados e discapacitadas intelectuais

3. Os dereitos dos discapacitados e discapacitadas intelectuais

a) A normativa internacional; a Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade

A Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, adoptada en 2008, outorgou novo ímpeto aos dereitos das persoas con discapacidade, incluídos os homes e mulleres con discapacidade intelectual. A Convención e o seu Protocolo Facultativo foron aprobados por consenso da Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 13 de decembro de 2006. 130 Estados ratificaron a Convención e 76 o seu Protocolo. España depositou o instrumento de ratificacións o 23 de novembro de 2007 e publicouno oficialmente o 21 de abril de 2008 (BOE nº 96). Así pois, o tratado entrou en vigor no noso país o 3 de maio de 2008.

A regulación da Convención supuxo un cambio radical no enfoque xurídico da discapacidade, aínda que ese cambio aínda non chegou a termo no noso país nalgunha materias fundamentais. O Preámbulo deste texto internacional sinala que é preciso garantir que as persoas con discapacidade exerzan plenamente os dereitos humanos e as liberdades fundamentais, sen discriminación, e que a discapacidade é un concepto que evoluciona e que resulta da interacción entre as persoas con deficiencias e as barreiras debidas á actitude e ao contorno que evitan a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais. Con este enfoque ecolóxico e de dereitos humanos resulta necesario incidir nun cambio de modelo que aínda non se consumou no noso país, como teremos ocasión de ver en detalle; a pesar dalgúns avances normativos ou xudiciais, segue prevalecendo o modelo médico ou asistencial sobre o propio da Convención, orientado ao exercicio da plena capacidade con apoios e a conseguinte preservación dos dereitos.

A pesar da previsión do art. 96 da Constitución, que establece a directa incorporación ao ordenamento interno dos tratados ratificados e publicados oficialmente, un enfoque máis realista optou pola necesidade de adaptar o noso dereito ás exigencias da Convención. Até os nosos días produciuse unha positiva evolución lexislativa, regulamentaria e xurisprudencial; porén, aínda queda un amplo camiño por percorrer para alcanzar o obxectivo comprometido que, de acordo coa propia Convención, é asegurar o pleno exercicio de todos os dereitos humanos e as liberdades fundamentais das persoas con discapacidade, sen discriminación algunha por este motivo.

Algúns dos principais contidos da Convención traspuxéronse ao ordenamento nacional a través da Lei 26/2011, que afirma no seu preámbulo que *aquela supón a consagración do cambio de paradigma do enfoque das políticas sobre discapacidade. Supera definitivamente a perspectiva asistencial da discapacidade para abordar unha baseada nos dereitos humanos. Pásase así a considerar as persoas con discapacidade plenamente como*

suxeitos titulares de dereitos e non como meros obxectos de tratamento e protección social.

Máis recentemente, aprobouse o Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (BOE, nº 289, do 3 de decembro). A norma ten como “referente principal a mencionada convención Internacional (sobre dereitos das persoas con discapacidade). Por iso, ademais de revisar os principios que informan a lei conforme o previsto na Convención, na súa estrutura dedícase un título específico a determinados dereitos das persoas con discapacidade. Tamén se recoñece expresamente que o exercicio dos dereitos das persoas con discapacidade realizarase de acordo co principio de liberdade na toma de decisións” (preámbulo).

A pesar das últimas reformas legais, quedan moitos aspectos derivados da Convención que porén aínda non poden considerarse traspostos e polo tanto con dubidosa eficacia. Precisamente por este motivo as XXVIII Xornadas de Coordinación dos Defensores do Pobo, celebradas no mes de outubro de 2013, dedicáronse de forma monográfica ao estado de aplicación da Convención e a súa efectividade práctica no noso país. Ás carencias detectadas dedicaremos boa parte deste estudo.

b) A aplicación da Convención en España

A recente avaliación realizada polos Defensores, entre eles polo Valedor do Pobo, que participou activamente nas XXVIII Xornadas de Coordinación e nos talleres preparatorios, permítenos agora expoñer algunhas das carencias apreciadas en relación cos estándares sinalados pola Convención. Dado que algúns aspectos en que se observan carencias respecto da Convención son tratados noutros apartados, facemos mención a continuación aos que teñen carácter xeral e non desenvolvemos noutros puntos deste traballo.

-A necesidade de realizar a adaptación terminolóxica (art. 1 da Convención).

A pesar do clara que resultaba a disposición adicional oitava da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia⁴, a realidade é que se aprecia que nalgún ámbito aínda se usan termos ilegais (formularios...). Polo tanto, aínda non se superaron de todo os antigos conceptos que

⁴ A Disposición adicional oitava (*Terminoloxía*) sinala que “as referencias que nos textos normativos se efectúan a «minusválidos» e a «persoas con minusvalía», entenderanse realizadas a persoas con discapacidade». A partir da entrada en vigor da presente Lei, as disposicións normativas elaboradas polas Administracións Públicas utilizarán os termos «persoa con discapacidade» ou «persoas con discapacidade» para denominalas.”

identifican de forma moi inadecuada ás persoas discapacitadas (*minusválido, retrasado...*). O mantemento desta arcaica terminoloxía non ten xustificación; somos firmes partidarios de procurar a continuidade no avance terminolóxico na procura de expresión non estereotipadas e vinculadas á diversidade funcional que se pretende identificar.

-A necesidade de toma de conciencia (art. 8 da Convención).

As persoas con discapacidade en moitas ocasións son vítimas de discriminación, o que obriga a un labor positivo da concienciación social que concirne fundamentalmente aos labores de fomento que se han de desenvolver por parte das autoridades (art. 9.2. CE).

As políticas promocionais que contempla a Convención abarcan un amplísimo espectro. O seu art. 8 (*Toma de conciencia*) sinala:

1. Os Estados Partes comprométense a adoptar medidas inmediatas, efectivas e pertinentes para:

a) Sensibilizar a sociedade, incluso a nivel familiar, para que tome maior conciencia respecto das persoas con discapacidade e fomentar o respecto dos dereitos e a dignidade destas persoas;

b) Loitar contra os estereotipos, os prexuízos e as prácticas nocivas respecto das persoas con discapacidade, incluídos os que se basean no xénero ou a idade, en todos os ámbitos da vida;

c) Promover a toma de conciencia respecto das capacidades e contribucións das persoas con discapacidade.

2. As medidas a este fin inclúen:

a) Poñer en marcha e manter campañas efectivas de sensibilización pública destinadas a:

i) Fomentar actitudes receptivas respecto dos dereitos das persoas con discapacidade;

ii) Promover percepcións positivas e unha maior conciencia social respecto das persoas con discapacidade;

iii) Promover o recoñecemento das capacidades, os méritos e as habilidades das persoas con discapacidade e das súas contribucións en relacións co lugar de traballo e o mercado laboral;

b) Fomentar en todos os niveis do sistema educativo, incluso entre todos os nenos e as nenas desde unha idade temperá, unha actitude de respecto dos dereitos das persoas con discapacidade;

c) Alentar a todos os órganos dos medios de comunicación a que difundan unha imaxe das persoas con discapacidade que sexa compatible co propósito da presente Convención;

d) Promover programas de formación sobre sensibilización que teñan en conta as persoas con discapacidade e os dereitos destas persoas.

O labor público de concienciación é especialmente necesaria no ámbito da discapacidade intelectual, respecto da que aínda prevalecen un bo número das actitudes prexuzosas e estereotipadas. Porén, o labor de educación ou concienciación para reducir a estigmatización está tendo resultados limitados. Ademais, obsérvase que a situación de crise económica non axuda á desaparición de certos prexuízos en contra das políticas de discriminación positiva.

Os esforzos das entidades para mellorar o nivel de concienciación da cidadanía resultan encomiáveis. Destacan campañas como a emprendida por FADEMGGA co título *Mírame como eu te miro; a discapacidade intelectual, coñécea*, ou outras de organizacións como DOWN-GALICIA, que destaca nos medios de comunicación a necesidade de colaboración social para conseguir a integración das persoas do colectivo.

-O tratamento estatístico da discapacidade (art. 31 da Convención⁵).

O Comité de Dereitos das Persoas con Discapacidade recomenda ás administracións españolas a inclusión de indicadores estatísticos sobre persoas con discapacidade nos estudos que se realicen. Porén, con ocasión das Xornadas de Coordinación os Defensores do Pobo de 2013 (Taller I; conclusións) observamos que “no ámbito nacional o Real decreto 90/2013, do 8 de febreiro, polo que se aproba o programa anual 2013 do Plan

⁵ O art. 31 (*Recompilación de datos e estatísticas*) sinala:

“1. Os Estados Partes recompilarán información adecuada, incluídos datos estatísticos e de investigación, que lles permita formular e aplicar políticas, a fin de dar efecto á presente Convención. No proceso de recompilación e mantemento desta información deberase:

a) Respetar as garantías legais establecidas, incluída a lexislación sobre protección de datos, a fin de asegurar a confidencialidade e o respecto da privacidade das persoas con discapacidade;

b) Cumprir as normas aceptadas internacionalmente para protexer os dereitos humanos e as liberdades fundamentais, así como os principios éticos na recompilación e o uso de estatísticas.

2. A información recompilada de conformidade co presente artigo analizarase, no seu caso, e utilizarase como axuda para avaliar o cumprimento polos Estados Partes das súas obrigas conforme á presente Convención, así como para identificar e eliminar as barreiras con que se enfrontan as persoas con discapacidade no exercicio dos seus dereitos.

3. Os Estados Partes asumirán a responsabilidade de difundir estas estatísticas e asegurar que sexan accesibles para as persoas con discapacidade e outras persoas”.

Estatístico Nacional 2013-2016, non se contempla unha aproximación estatística xeral das persoas con discapacidade en canto a súa mobilidade, idade, sexo e outras variables relevantes. Unicamente se inclúen previsións sobre estatísticas de emprego e salario das persoas con discapacidade, outra relativa aos beneficiarios de prestacións socioeconómicas a persoas con discapacidade (LISMI) e de prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD). (...) A recolección de datos estatísticos céntrase en moitas ocasións nos beneficiarios de determinadas prestacións, pero non comprende cuestións esenciais para dispor dun cadro actualizado sobre a real situación dun colectivo tan heteroxéneo. Iso compromete a adecuada planificación das políticas públicas no conxunto das Administracións públicas.

Debe asumirse unha comprensión máis ampla da realidade da discapacidade na planificación dos estudos estatísticos públicos, de xeito que se dispoña de datos sobre a incidencia real das discapacidades no exercicio dos dereitos por parte das persoas afectadas, máis alá das implicacións de gasto público que supoñen o mantemento dunhas determinadas prestacións. En particular, deberían fomentarse os estudos estatísticos que se proxecten sobre aqueles ámbitos nos que se sospeiten situacións potenciais de discriminación, ao obxecto de que poidan coadjuvar na determinación de indicios fundados de discriminación por motivo ou razón de discapacidade.”

Recentemente o INE deu publicidade aos datos e conclusións da “Enquisa de Integración Social e Saúde”, que analiza ambas circunstancias no ámbito da discapacidade. Ofrecense datos específicos sobre persoas con discapacidade e analízanse as barreiras na participación en distintos ámbitos da vida de toda a poboación (con e sen discapacidade). Conclúese que a prevalencia da discapacidade é do 16,7% (17,6 % en Galicia) nas persoas de 15 ou máis anos; e que a metade dos discapacitados botan de menos axudas adecuadas para participar en actividades cotiás⁶.

-A aplicación de medidas sancionadoras como medida de garantía dos dereitos.

⁶ Segundo o INE, a poboación con discapacidade tivo acceso a un menor nivel de estudos; os estudos superiores teñen menos peso nas persoas con discapacidade de 15 a 64 anos que no resto (14,5% fronte ao 31,7%). En canto á situación laboral, a taxa de paro da poboación con discapacidade ascendería ao 47,4%. Entre as distintas situacións da vida diaria onde a poboación con discapacidade ve limitada a súa participación pola súa condición de saúde, destacan o acceso a un emprego adecuado (40,8%), a mobilidade para saír da casa (58,5%) e as actividades de ocio ou culturais (69,0%). Entre as persoas con discapacidade con menos de 65 anos cabe destacar a importancia das restricións para acceder a un emprego adecuado (60,7% deste grupo de idade), mentres que entre os de 65 e máis anos resaltan as barreiras para saír da casa (68,1%). Para a metade das persoas con discapacidade, a falta de axudas técnicas ou persoais é unha barreira para poder participar nas actividades cotiás. Esta circunstancia é máis habitual entre as mulleres (53,2%) que entre os homes (46,0%). Por grupos de idade, a ausencia de axudas é indicada polo 41,4% das persoas de 15 a 44 anos e o 59,3% dos maiores de 74 anos. Por tipo de axuda, o 40,9% sinala a falta de asistencia persoal e o 39,5% de axudas técnicas. A falta de axudas persoais ou técnicas sitúase no 50,4% a nivel estatal, mentres que en Galicia se sitúa no 51,6%.

No taller I das XXVIII Xornadas de Coordinación de Defensores do Pobo tamén concluímos que se aprecian “pobres resultados... na aplicación das facultades sancionadoras nesta materia” e “risco de que as previsións normativas acaben sendo consideradas meras declaracións retóricas”. “Os incumprimentos neste ámbito por parte das administracións públicas deben ser obxectos de especial reproche e terían que levar aparelladas consecuencias para as entidades responsables, pois do contrario a cidadanía percibirá a existencia dunha aplicación selectiva das normas que lles restará prestixio e minguará as súas posibilidades de cumprimento espontáneo.”

c) A regulación nacional e autonómica

A evolución normativa da discapacidade foi considerable nos últimos tempos, tanto no recoñecemento dos dereitos das persoas, o que finalmente provocou un verdadeiro cambio de modelo, como no establecemento do réxime de apoios, servizos e atención. En gran parte superouse a política asistencialista e substituíuse por unha global de protección dos dereitos humanos dos discapacitados. Tamén van decaendo as axudas non sistematizadas ou as políticas que se concretan mediante programas continxentes e atopámonos máis preto dun sistema de recoñecemento de dereitos subxectivos, algúns deles de carácter prestacional; porén, como vimos mencionando, a aplicación práctica dos mesmos aínda presenta importantes carencias.

As principais normas relativas á materia son a Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos (discapacitados); a Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade; Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia; a Lei 49/2007, do 26 de decembro, de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade; e a Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención para a protección dos dereitos das persoas con discapacidade. Pola súa banda, a Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, modificou a disposición final segunda da Lei 26/2011, para ampliar até o 31 de decembro de 2013 o prazo de elaboración e aprobación dun Texto refundido no que se regularicen, aclaren e harmonicen as citadas normas con rango de lei, algo que resultaba moi necesario. Este compromiso tivo efectividade recentemente coa aprobación do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Ás leis mencionadas súmanse un bo número de normas regulamentarias que as desenvolven. Destacan o Real decreto 1276/2011, do 16 de setembro, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre dereitos das persoas con discapacidade.

Pola súa banda, a normativa autonómica galega é moi abundante nesta materia. As normas autonómicas máis relevantes en materia de discapacidade e dependencia dos últimos anos en Galicia son:

-Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras da comunidade autónoma de Galicia.

-Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.

-Decreto 286/1992, do 8 de outubro, de accesibilidade e eliminación de barreiras.

-Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na comunidade autónoma de Galicia.

-Decreto 66/2001, do 22 de marzo, polo que se determina a documentación relativa á xustificación do cumprimento da normativa de accesibilidade e de prevención e protección contra incendios que deberán aportar os interesados nos procedementos de autorizacións turísticas.

-Decreto 195/2007, do 13 de setembro, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio a Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes, e Orde de 9 de setembro de 2008, pola que se desenvolve o Decreto 195/2007 e se aproba o catálogo de prestacións do servizo.

-Decreto 143/2008, do 3 de xullo, polo que se crea o Consello Asesor para a Integración da Discapacidade na Función Pública Galega.

-Decreto 74/2013, do 18 de abril, polo que se modifica o Decreto 35/2000, para a súa adaptación á Directiva 95/16/CE sobre aproximación das lexislacións dos Estados membros relativas a ascensores.

-Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

-Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a rede galega de atención temperá.

4. Os dereitos políticos e civís dos discapacitados e discapacitadas intelectuais

4. Os dereitos políticos e civís dos discapacitados e discapacitadas intelectuais

a) A capacidade de obrar das persoas con discapacidade e a necesidade de cambio de modelo

Como sucede noutros moitos aspectos, a Convención Internacional sobre Dereitos das Persoas con Discapacidade trae consigo grandes novidades no tratamento da capacidade xurídica e por tanto no exercicio de dereitos de diferente tipo, sobre todo os considerados políticos e civís.⁷ A revisión que con carácter xeral opera en materia de discapacidade debido ao rexeitamento do desfasado modelo asistencial ou médico e a asunción dun novo paradigma ou modelo, o “social” ou “de dereitos humanos”, tradúcese no ámbito da capacidade xurídica no descarte do anterior “modelo de substitución” na toma de decisións, propio de lexislacións civís como a nosa, e a súa substitucións por un novo modelo baseado no complemento ou a asistencia ao discapacitado en razón das súas circunstancias persoais, o que denominamos “modelo de apoio”⁸. Como é facilmente comprensible, o cambio de modelo que tratamos e a afirmación de dereitos que supón afectan moi positivamente e de forma moi especial ás persoas con discapacidade intelectual.

O cambio de modelo da Convención plásmase no seu art. 12, que sinala o seguinte:

- 1. Os Estados Partes reafirman que as persoas con discapacidade teñen dereito en todas partes ao recoñecemento da súa personalidade xurídica.*
- 2. Os Estados Partes recoñecerán que as persoas con discapacidade teñen capacidade xurídica en igualdade de condicións coas demais en todos os aspectos da vida.*
- 3. Os Estados Partes adoptarán as medidas pertinentes para proporcionar acceso ás persoas con discapacidade ao apoio que poidan necesitar no exercicio da súa capacidade xurídica.*
- 4. Os Estados Partes asegurarán que en todas as medidas relativas ao exercicio da capacidade xurídica se proporcionen salvagardas adecuadas e efectivas para impedir os abusos de conformidade co dereito internacional en materia de dereitos humanos. Esas*

⁷ P. CUENCA GÓMEZ cualifica as modificacións que supoñen a Convención de “auténtica revolución respecto do tratamento da capacidade xurídica nas lexislacións nacionais”. P. CUENCA GÓMEZ, *El sistema de apoyo en la toma de decisiones desde la Convención Internacional sobre Derechos de las Personas con Discapacidad: principios generales, aspectos centrales e implementación en la legislación española*, en REDUR 10, decembro 2012, páxs. 61-94.

⁸ A. PALACIOS, *El modelo social de la discapacidad. Orígenes, caracterización y plasmación en la Convención Internacional sobre derechos de las personas con discapacidad*, Colección CERMI, Madrid, CINCA, 2008, páxs. 480 e ss. Citado por P. CUENCA GÓMEZ, *op.cit.*, pág. 62

salvaguardas asegurarán que as medidas relativas ao exercicio da capacidade xurídica respecten os dereitos, a vontade e as preferencias da persoa, que non haxa conflito de intereses nin influencia indebida, que sexan proporcionais e adaptadas ás circunstancias da persoa, que se apliquen no prazo máis curto posible e que estean suxeitas a exames periódicos por parte dunha autoridade ou un órgano xudicial competente, independente e imparcial. As salvaguardas serán proporcionais ao grao en que ditas medidas afecten aos dereitos e intereses das persoas.

5. Sen prexuízo do disposto no presente artigo, os Estados Partes tomarán todas as medidas que sexan pertinentes e efectivas para garantir o dereito das persoas con discapacidade, en igualdade de condicións coas demais, a ser propietarias e herdar bens, controlar os seus propios asuntos económicos e ter acceso en igualdade de condicións a préstamos bancarios, hipotecas e outras modalidades de crédito financeiro, e velarán porque as persoas con discapacidade non sexan privadas dos seus bens de maneira arbitraria.

As adaptacións que este novo modelo require do noso ordenamento son moi intensas e en gran parte aínda non se acometeron as reformas necesarias. Así o pon de relevo o Comité sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, o órgano encargado da supervisión do grao de cumprimento do Convenio polos Estados parte; sinalou a ausencia de medidas por parte de España para “cambiar a substitución na adopción de decisións pola asistencia para a toma de decisións no exercicio da capacidade xurídica”. Por iso demandou a reforma legal de institucións como a tutela ou a garda e a posta en marcha de medidas “para adoptar leis e políticas polas que se substitúan os réximes de substitución na adopción de decisións por unha asistencia para a toma de decisións que respecten a autonomía, a vontade e as preferencias da persoa. Recoméndase, ademais, que se proporcione formación sobre esta cuestión a todos os funcionarios públicos e outros interesados pertinentes”.⁹ Toda unha chamada de atención pola falta de dilixencia á hora de dar efectividade ás asistencias expresadas.

Nin o lexislador nin as decisións xudiciais, con carácter xeral, deron aplicación ao cambio de modelo. Os parámetros en que adoitan desenvolverse os casos de *incapitación* seguen correspondendo ao vello modelo civil. As expectativas abertas polo art. 12 da Convención e polo seu cambio obrigado de modelo hoxe en día seguen sendo só iso, expectativas, con poucos avances, que se concretan basicamente no terreo xudicial mediante sentencias máis ou menos illadas.

Como sinala CUENCA GÓMEZ, “a adecuada implementación deste sistema reclama unha mutación profunda dos principios que viñeron inspirando a regulación da capacidade

⁹ <http://www.ohchr.org>

xurídica no sistema español e un cambio substancial nos aspectos centrais desta normativa.”¹⁰

O modelo médico, en coincidencia coa nosa lexislación civil, parte da consideración de que os discapacitados e discapacitadas, e fundamentalmente as persoas con discapacidade intelectual ou psíquica, *padecen* dificultades de discernimento que impiden ou dificultan a toma de decisións adecuadas ou responsables. Para *suplir* esta carencia habilítanse medios de carácter substitutivo; un terceiro encárgase de substituír á persoa *incapaz* ou *incapacitada* coa misión de actuar por el unha vez se recoñeceu a súa imposibilidade de actuación adecuada ou válida ou a súa falta de *capacidade de obrar*, na terminoloxía do Código Civil. Iso supón, en definitiva, a privación da capacidade e con iso a imposibilidade do exercicio dos dereitos. “A incapacitación concíbese e regúlase no noso sistema como unha institución restritiva da autonomía e os dereitos da persoa incapacitada”¹¹.

Dado que no plano teórico coa incapacitación se trata de protexer o afectado, as súas consecuencias son moi amplas e con carácter xeral chega a ser unha verdadeira substitución da persoa. Sinalan SEOANE RODRÍGUEZ e ÁLVAREZ LATA que a formulación consiste no seguinte: “se se trata só de protexer, canta máis protección, mellor”.¹² Este enfoque oriéntase cara ao aseguramento do tráfico xurídico, ou de carácter máis patrimonial, unha función propia do dereito civil ou privado, no que o dereito positivo encadra a regulación que analizamos, e non a asegurar o respecto dos dereitos humanos das persoas con discapacidade, un obxectivo máis propio do dereito constitucional e, en xeral, do dereito público.¹³

A pesar das boas intencións das nosas leis substantivas e procesais respecto da incapacitación, que despois das reformas de 1983 do Código Civil e de 2000 da Lei de Axuízamento Civil acollen un sistema no que as limitacións da incapacitación deben cingirse ás necesidades de cada caso, a realidade é que a práctica xudicial en xeral non especifica os aspectos nos que se van dar as limitacións. Sinala CUENCA GÓMEZ que “o sistema español se mostra ríxido e inflexible e “a incapacidade total e a tutela (substitución) constitúen as respostas xerais que a maioría das sentencias ofrecen á situación das persoas (con discapacidade) que teñen dificultades de autogobernarse”¹⁴. Como subliña a autora, a práctica baséase en criterios médicos e non se ten en conta de

¹⁰ P. CUENCA GÓMEZ, *op. cit.*, páx. 63.

¹¹ P. CUENCA GÓMEZ, *op. cit.*, páx. 64.

¹² J. A. SEOANE RODRÍGUEZ e N. ÁLVAREZ LATA, *El proceso de toma de decisiones de la persona con discapacidad, una revisión de los modelos de representación y guarda a la luz de la convención sobre derechos de la personas con discapacidad*, en *Derecho Privado y Constitución*, nº 4, 2010, páxs. II-66, páx. 29, citado por P. CUENCA GÓMEZ, *op. cit.*, páx. 64.

¹³ Neste sentido, J. A. SEOANE RODRÍGUEZ e N. ÁLVAREZ LATA, *op. cit.*, páxs. 13 e 45, que opinan que “o modelo de substitución vixente na lexislación española dá prioridade á protección e á seguridade xurídica sometendo en ocasións en exceso a autonomía das persoas con discapacidade”; citados por P. CUENCA GÓMEZ, *op. cit.*, páx. 65

¹⁴ P. CUENCA GÓMEZ, *op. cit.*, páxs. 67-68.

maneira suficiente a vontade da persoa, como se proba coa existencia de pericia ou ditame médico como trámite obrigado no procedemento, mentres pola contra só se esixe “examinar” o afectado (art. 759 da Lei de Axuízamento Civil).¹⁵ E xa no exercicio das funcións de titor ou titora, coidador ou coidadora, a pesar de que estas deben levarse a cabo tendo como única guía a protección e o interese da persoa incapacitada, porén non resulta necesario solicitar a súa opinión ou participación.

Até aquí describimos o panorama legislativo e a práctica xudicial en materia de capacidade xurídica dos discapacitados declarados “incapaces”. Como xa apuntamos, a Convención obriga a cambiar esta realidade e a adecuala canto antes ao sistema de apoio propio do modelo social ou de dereitos humanos para a conservación da capacidade. O art. 12 da Convención implica a implantación de apoios ou adaptacións que permitan o exercicio da capacidade xurídica de todas as persoas, despois de analizar as súas circunstancias individuais e con iso determinar as medidas de conservación da capacidade que deben aplicarse. O texto internacional “impón a substitución do punto de vista asistencialista e do enfoque iusprivatista pola perspectiva dos dereitos humanos”¹⁶.

Ademais, o libre exercicio das capacidades de elección ou de autoderminarse cos apoios precisados en cada caso resulta unha condición indispensable para o cumprimento doutros moitos obxectivos da Convención, en especial o respecto á dignidade das persoas con discapacidade (art. 3.a); non en balde a proclamación do principio de respecto á dignidade asóciase neste artigo á autonomía individual, incluída -dise nel- a liberdade de tomar decisións e a independencia das persoas. Tamén encontra unha clara relación co principio de igualdade e coa prohibición da discriminación (art. 4.1) e co principio de participación e inclusión plena e efectiva na sociedade (art. 3.c).

Resulta necesaria e urxente a reforma da normativa de modo que a individualización das medidas adoptadas para o complemento da capacidade da persoa e para que reciba os apoios que precise, é dicir, o que comunmente chamamos o “traxe a medida” se converta na norma a aplicar en todos os casos, algo asumido cada vez en maior medida pola práctica xudicial,.

Constátase un importante avance coa recente aprobación do Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, que sinala como obxectivos da lei (art. 1), entre outros, a promoción da autonomía persoal e da vida independente, e como os seus principios (art. 3), a autonomía individual, incluída a liberdade de tomar as propias decisións, e a independencia das persoas.

¹⁵ P. CUENCA GÓMEZ, *op.cit.*, páx. 67.

¹⁶ P. CUENCA GÓMEZ, *op.cit.*, páx. 71

Como concreción máis evidente destes obxectivos e principios legais, no Capítulo III do Real Decreto Legislativo (autonomía das persoas con discapacidade) establécese (art. 6; respecto á autonomía das persoas con discapacidade) o seguinte:

1. O exercicio dos dereitos das persoas con discapacidade realizarase de acordo co principio de liberdade na toma de decisións.

2. As persoas con discapacidade teñen dereito á libre toma de decisións, para o cal a información e o consentimento deberán efectuarse en formatos adecuados e de acordo coas circunstancias persoais, seguindo as regras marcadas polo principio de deseño universal para todas as persoas, de maneira que lles resulten accesibles e comprensibles.

En todo caso, deberanse ter en conta as circunstancias persoais do individuo, a súa capacidade para tomar o tipo de decisión en concreto e asegurar a prestación de apoio para a toma de decisións.

Con esta novidade legislativa resulta claro que o panorama debe comezar a cambiar e que os pronunciamentos baseados no modelo de apoio deben xeneralizarse. Porén, resta coñecer en qué medida se interpretará a virtualidade do art. 6 do Real Decreto Legislativo e a súa capacidade para superpoñerse á tradicional regulación civil, que en calquera caso debería ser reformada no sentido apuntado.

Polo que se refire aos mecanismos de salvagarda das medidas relativas ao exercicio da capacidade xurídica (art. 12.4), as mesmas non poden interpretarse como un medio indirecto polo que se regrese á situación ou práctica da substitución, senón pola contra, como medios de supervisión que garantan a efectividade dos apoios e para que estes sexan tales, e non medidas propias da incapacitación.

Nesta liña renovadora encontramos a Sentencia do Tribunal Supremo do 29 de setembro de 2009, do Pleno, que aborda a incapacidade e a interpretación das normas vixentes á luz da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, asinada en Nova York o 13 de decembro de 2006, ratificada por España o 23 de novembro de 2007. Aborda se, como consecuencia da entrada en vigor desta Convención, debe considerarse contraria á mesma a normativa relativa á incapacitación como medida de protección das persoas incapaces, e sinala o seguinte:

“A incapacitación, ao igual que a minoría de idade, non cambia para nada a titularidade dos dereitos fundamentais, aínda que si que determina a súa forma de exercicio. De aquí que deba evitarse unha regulación abstracta e rixida da situación xurídica do discapacitado (...). Unha medida de protección como a incapacitación, independentemente do nome co que finalmente o lexislador acorde identificala, soamente ten xustificación con relación á protección da persoa”. O sistema de protección establecido no Código Civil segue por tanto vixente, aínda que coa lectura que se propón:

«1.º Que se teña sempre en conta que o incapaz segue sendo titular dos seus dereitos fundamentais e que a incapacitación é só unha forma de protección. 2.º A incapacitación non é unha medida discriminatoria porque a situación merecedora da protección ten características específicas e propias. Estamos falando dunha persoa cuxas facultades intelectivas e volitivas non lle permiten exercer os seus dereitos como persoa porque lle impiden autogobernarse. Por tanto non se trata dun sistema de protección da familia, senón única e exclusivamente da persoa afectada.» Todo iso cúmprese neste caso a partir duns feitos que se manteñen inalterables en casación e que resultan determinantes para que se aplique a curatela, reinterpretada á luz da citada Convención, dende un modelo de apoio e de asistencia e o principio do superior interese da persoa con discapacidade, que, mantendo a personalidade, require un complemento da súa capacidade, precisamente para protexer a súa personalidade, en palabras da propia Convención”.

En contra do sistema de apoio obxectouse que existen casos en que non resulta posible porque a única alternativa é a substitución. Esta visión non parece encaixar nas formulacións ou previsións da Convención, que non contempla excepción ao modelo de apoios. Se ben é certo que os apoios ou axudas máis intensos poden asimilarse a “decidir pola persoa e non coa persoa”, en expresión de CUENCA GÓMEZ, porén non se trataría dun regreso ao modelo descartado. Non o é porque moitas situacións poden resultar reversibles, o que implica que se siga traballando con ese obxectivo, ou porque esa maior intensidade ou *cuasisubstitución* só poderá darse nos casos estritamente necesarios e só cando se supoña un dano irreparable”¹⁷.

b) O exercicio dos dereitos políticos

As tradicionais limitacións na capacidade xurídica ou de obrar tenden a expandirse e a afectar a outros dereitos, como os de carácter político ou outros dereitos fundamentais, como sucede con carácter xeral. Tamén en relación con eles a aplicación da Convención supón un cambio radical cara a un novo paradigma, ou modelo de apoio, baseado en facer compatible a situación de discapacidade co exercicio dos dereitos fundamentais e por tanto de carácter personalísimo.

Polo que se refire ao dereito de voto e en xeral ao dereito de participación na vida política e pública, o art. 29 da Convención sinala o seguinte:

Os Estados Partes garantirán ás persoas con discapacidade os dereitos políticos e a posibilidade de gozar deles en igualdade de condicións coas demais e comprometeranse a:

¹⁷ P. CUENCA GÓMEZ, *op.cit.*, páx. 75

a) Asegurar que as persoas con discapacidade poidan participar plena e efectivamente na vida política e pública en igualdade de condicións coas demais, directamente ou a través de representantes libremente elixidos, incluídos o dereito e a posibilidade das persoas con discapacidade a votar e ser elixidas, entre outras formas mediante:

i) A garantía de que os procedementos, instalacións e materiais electorais sexan adecuados, accesibles e fáciles de entender e utilizar;

ii) A protección do dereito das persoas con discapacidade a emitir o seu voto en secreto en eleccións e referendo públicos sen intimidación, e a presentarse efectivamente como candidatas nas eleccións, exercer cargos e desempeñar calquera función pública a todos os niveis de goberno, facilitando o uso de novas tecnoloxías e tecnoloxías de apoio cando proceda;

iii) A garantía da libre expresión da vontade das persoas con discapacidade como electores e a este fin, cando sexa necesario e a petición delas, permitir que unha persoa da súa elección lles preste asistencia para votar;

b) Promover activamente un contorno no que as persoas con discapacidade poidan participar plena e efectivamente na dirección dos asuntos públicos, sen discriminación e en igualdade de condicións coas demais, e fomentar a súa participación nos asuntos públicos e, entre outras cousas:

i) A súa participación en organizacións e asociacións non gobernamentais relacionadas coa vida pública e política do país, incluídas as actividades e a administración dos partidos políticos;

ii) A constitución de organizacións de persoas con discapacidade que representen a estas persoas a nivel internacional, nacional, rexional e local, e a súa incorporación a ditas organizacións.

Así pois, o dereito de voto tanto activo como pasivo debe encontrarse garantido para os membros do colectivo, e para iso debe procurarse a accesibilidade a instalacións e medios de votación; a protección do voto en condicións de liberdade; o dereito a concorrer nas mesmas condicións que os demais cidadáns; o dereito ao cargo, facilitándoo no posible mediante as novas tecnoloxías e as tecnoloxías de apoio; e o apoio persoal con garantías, mediante a asistencia para votar de persoas de confianza.

Pola contra, as limitacións son a regra xeral na nosa normativa electoral (art. 3 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral¹⁸), sindical (art. 1 da Lei Orgánica 11/1985, de

¹⁸O art. 3 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral, preceptúa o seguinte:

“1. Carecen de dereito de sufraxio:

Liberdade Sindical) ou de asociación (art. 3.a da Lei Orgánica 1/2002, Reguladora do Dereito de Asociación), todas elas relativas ao exercicio de dereitos fundamentais.

Como xa expuxemos amplamente ao referirnos á capacidade xeral e á necesidade de habilitala nos casos de persoas con discapacidade mediante os apoios precisos, resulta imprescindible unha pronta reforma legal dos dereitos fundamentais citados para eliminar as limitacións xerais e concertar unha clara opción polo sistema de presunción da capacidade e polo seu exercicio cos apoios que resulten necesarios en razón das circunstancias individuais e sociais.

A protección do dereito de sufraxio resulta clave para a preservación da dignidade da persoa, da súa inclusión na comunidade política e para a garantía dos seus intereses. Por iso, a ampla habilitación para restrinxir xudicialmente o dereito de sufraxio ás persoas internadas ou incapacitadas precisa a súa adaptación ao modelo social de apoios ou de dereitos humanos.

Como posible plasmación do necesario cambio de modelo en canto ás posibles restricións do dereito de sufraxio CUENCA GÓMEZ propón a seguinte redacción alternativa ao art. 3:

Carecen de dereito de sufraxio: (...) b. Os ingresados nun centro de saúde mental con autorización xudicial, durante o período que dure o seu internamento sempre que na autorización o xuíz declare expresamente a privación do exercicio do dereito de sufraxio. Soamente poderá declararse esta privación cando a persoa non poida conformar ou expresar por ningún medio a súa vontade. Esta declaración deberá ser motivada atendendo á situación particular da persoa. c. As persoas que o precisen terán dereito ao uso, recoñecemento e prestación dos apoios necesarios para o exercicio do dereito de sufraxio. O establecemento dun plan personalizado de apoios a través do procedemento regulado nos arts. 757 e ss. da Lei de Axuízamento Civil non suporá a privación do dereito de sufraxio. d. Unicamente naqueles casos nos que a persoa se encontre nunha situación na que non poida confirmar ou expresar por ningún medio a súa vontade e preferencias o xuíz poderá privar á persoa do exercicio do dereito de sufraxio. En todo caso, tal privación deberá ser motivada atendendo á situación particular da persoa. No suposto de que esta

a) Os condenados por sentenza xudicial firme á pena principal ou accesoria de privación do dereito de sufraxio durante o tempo do seu cumprimento.

b) Os declarados incapaces en virtude de sentenza xudicial firme, sempre que a mesma declare expresamente a incapacidade para o exercicio do dereito de sufraxio.

c) Os internados nun hospital psiquiátrico con autorización xudicial, durante o período que dure o seu internamento, sempre que na autorización o Xuíz declare expresamente a incapacidade para o exercicio do dereito de sufraxio.

2. Para os efectos previstos neste artigo, os Xuíces ou Tribunais que entendan dos procedementos de incapacitación ou internamento deberán pronunciarse expresamente sobre a incapacidade para o exercicio de sufraxio. No suposto de que esta sexa apreciada, comunicaranos ao Rexistro Civil para que se proceda á anotación correspondente”.

sexa apreciada, comunicarano ao Rexistro Civil para que se proceda á anotación correspondente”.

A reforma que tratamos parece inminente dende o momento en que todos os grupos coinciden na súa necesidade. O Goberno comprometeuse recentemente a presentar a proposta de reforma á Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral para facilitar o dereito de voto das persoas con discapacidade, algo ben acollido polas asociacións que traballan a favor destas. A proposición non de Lei de CIU presentada con tal fin contou co respaldo de todos os grupos. Así, no prazo de seis meses (dende outubro de 2013) o Goberno elaborará un informe para adecuar a normativa á Convención no que afecta ao dereito electoral. Segundo o CERMI, máis de 80.000 persoas con discapacidade, fundamentalmente con discapacidade intelectual ou con enfermidade mental ou psicosocial, están afectadas pola habilitación xudicial para a retirada dos dereitos electorais, algo que considera contrario á Convención e que fai que o noso país vulnere neste punto o dereito internacional en materia de dereitos humanos.

Como mostra da progresiva adaptación que se está producindo na práctica xudicial podemos citar a Sentencia da Audiencia Provincial de Asturias, Sección 5ª, de 24 de setembro do 2013, que literalmente sinala:

“... en ningún caso queda afectado o dereito de sufraxio, do que se priva sen xustificación ningunha. O artigo 29 da Convención garante ás persoas con discapacidade os dereitos políticos e a posibilidade de gozar deles en igualdade de condicións e como corolario lóxico exercer o dereito de voto que se considera conveniente e beneficioso, mentres que o artigo 3.1 b y 2 da Lei 5/85, do 19 de xullo, do réxime electoral xeral, sinala que os declarados incapaces en virtude de sentenza xudicial firme quedarán privados do dereito de sufraxio, sempre que a mesma declare expresamente a incapacidade para o seu servizo, debendo os Xuíces ou Tribunais que entendan dos procedementos de incapacitación ou internamento pronunciarse expresamente sobre a incapacidade para o exercicio do sufraxio. A perda do dereito de sufraxio non é unha consecuencia automática ou necesaria da incapacidade, senón que é posible a incapacitación e a reserva ao incapaz deste dereito, pois unha cousa é que unha persoa non poida rexerse por si mesma, nin administrar o seu patrimonio, e outra distinta que estea impedida para exercitalo correctamente. É o Xuíz que coñece do proceso a quen corresponde analizar e valorar a situación da persoa sometida á súa consideración e pronunciarse sobre a conveniencia de negar o exercicio deste dereito fundamental, que é regra e non excepción, a quen pode facelo porén a súa situación persoal. Nada se argumenta na sentenza de que non poida facelo, de que non poida discernir o sentido do seu voto ou que o poña en risco mediante a actuación de terceiros, antes ao contrario, a súa habilidade para tomar unha decisión desta clase non foi cuestionada e parece ademais conveniente que así o faga de forma libre, como medida terapéutica para o tratamento da súa enfermidade, que poida verse afectada polo rexeitamento que deriva do seu estado”.

c) A necesidade de cambiar o réxime legal do exercicio doutros dereitos

Como xa sinalamos en relación cos dereitos de carácter político, a regulación xeral da capacidade de obrar expande os seus principios inspiradores a outras moitas esferas, o que necesariamente conduce a unha urxente necesidade de cambio dun bo número de previsións legais co fin de eliminar as limitacións xenéricas e facer efectivo o dereito a recibir apoios ou axudas adaptados para a toma de decisións relevantes. Entre as materias precisadas de adaptación destacan a capacidade de contratación laboral (art. 35 da Constitución e art. 7 do Estatuto dos Traballadores); a promoción de procesos xudiciais e a participación neles como testemuña ou membro dun xurado (art. 24 da Constitución, arts. 6, 7 e 361 LEC, e art. 8 da Lei 5/1995 do Tribunal do Xurado); a formulación de instrucións previas vinculantes sobre saúde ou tratamentos (art. 11 da Lei 41/2002, de autonomía do paciente); a capacidade para consentir transplantes ou doazóns de órganos (art. 6 da Lei 30/1979, sobre extracción e transplante de órganos, e Real Decreto 2070/1999); a doazón de gametos e preembrións (art. 5 da lei 14/2006, de técnicas de reprodución asistida); a realización de técnicas de reprodución asistida (art. 3 da mesma lei); e outras¹⁹.

d) Os internamentos involuntarios

A lexislación española vixente en materia de internamento involuntario, fundamentalmente o art. 763 da Lei de Axuízamento Civil, permite que este se dea por calquera trastorno psíquico²⁰, o que non se compadece coas exixencias da Convención.

¹⁹ P. CUENCA GÓMEZ, *op. cit.*, páx 81.

²⁰ O art. 763 da LEC sinala:

“1. O internamento, por razón de trastorno psíquico, dunha persoa que non estea en condicións de decidilo por si, aínda que estea sometida á patria potestade ou a tutela, requirirá autorización xudicial, que será solicitada do tribunal do lugar onde resida a persoa afectada polo internamento.

A autorización será previa ao dito internamento, salvo que razóns de urxencia fixesen necesaria a inmediata adopción da medida. Neste caso, o responsable do centro en que se producise o internamento deberá dar conta deste ao tribunal competente o antes posible e, en todo caso, dentro do prazo de vinte e catro horas, para os efectos de que se proceda á preceptiva ratificación da dita medida, que deberá efectuarse no prazo máximo de setenta e dúas horas dende que o internamento chegue a coñecemento do tribunal. En todos os casos de internamentos urxentes, a competencia para a ratificación da medida corresponderá ao tribunal do lugar en que radique o centro onde se producise o internamento. O dito tribunal deberá actuar, de ser o caso, conforme ao disposto no apartado 3 do artigo 757 da presente lei.

2. O internamento de menores realizarase sempre nun establecemento de saúde mental adecuado á súa idade, previo informe dos servizos de asistencia ao menor.

3. Antes de conceder a autorización ou de ratificar o internamento que xa se efectuou, o tribunal oír á persoa afectada pola decisión, ao Ministerio Fiscal e a calquera outra persoa cuxa comparecencia estime conveniente ou lle sexa solicitada polo afectado pola medida. Ademais, e sen prexuízo de que poida

En calquera caso requírese un control xudicial, tanto dos internamentos ordinarios como da confirmación dos urxentes, o que debe estenderse tamén ás condicións en que se desenvolven.

Apréciase unha práctica que en gran parte distorsiona o sistema, consistente en recorrer con frecuencia aos internamentos de carácter urxente (razóns de urxencia que fixesen necesaria a inmediata adopción da medida, di o art. 763.1 LEC) para a súa posterior ratificación xudicial.

O dereito á liberdade e á seguridade persoais resulta aplicable a todas as formas de privación de liberdade, entre elas o ingreso ou internamento involuntario por enfermidade mental ou, como sinala a LEC, por trastorno psíquico (Sentencia do Tribunal Constitucional 141/2012, do 12 de xullo). Ademais das razóns de fondo derivadas da aplicación do Convenio e da necesaria adaptación ao modelo de dereitos humanos que supón aquel, a revisión do art. 763.1 LEC tamén resulta unha obriga imposta polo Tribunal Constitucional (Sentencia 132/2010, do 2 de decembro), que o declarou inconstitucional por non aprobarse mediante Lei orgánica, requisito necesario por razón da materia, a regulación dun dereito fundamental (art. 81.1 CE), aínda que mantivo a súa vixencia para non provocar un baleiro no tratamento de fondo dun asunto de tanta relevancia. Esixiu que “coa maior brevidade posible” se procedese a “regular a medida de internamento non voluntario por razón de trastorno psíquico mediante lei orgánica.”

O 26 de febreiro de 2013 presentouse unha proposición non de lei no Congreso dos Deputados a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular co obxectivo de instar o Goberno a aprobar a norma que regule a materia con rango de lei orgánica; porén, a obrigada reforma aínda segue pendente.

practicar calquera outra proba que estime relevante para o caso, o tribunal deberá examinar por si mesmo á persoa de cuxo internamento se trate e oír o ditame dun facultativo por el designado. En todas as actuacións, a persoa afectada pola medida de internamento poderá dispoñer de representación e defensa nos termos sinalados no artigo 758 da presente Lei. En todo caso, a decisión que o tribunal adopte en relación co internamento será susceptible de recurso de apelación.

4. Na mesma resolución que acorde o internamento expresarase a obriga dos facultativos que atendan a persoa internada de informar periodicamente ao tribunal sobre a necesidade de manter a medida, sen prexuízo dos demais informes que o tribunal poida requirir cando o crea pertinente. Os informes periódicos serán emitidos cada seis meses, a non ser que o tribunal, atendida a natureza do trastorno que motivou o internamento, sinala un prazo inferior. Recibidos os referidos informes, o tribunal, previa a práctica, no seu caso, das actuacións que estime imprescindibles, acordará o procedente sobre a continuación ou non do internamento. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, cando os facultativos que atendan a persoa internada consideren que non é necesario manter o internamento, darán a alta ao enfermo, e comunicaranlo inmediatamente ao tribunal competente.

En canto ao contido máis adecuado desta reforma, conviría comezar pola adecuación terminolóxica, posto que o termo “internamento” parece inadecuado e debería substituírse por “ingreso”, sen a carga pexorativa pola súa relación co réxime sancionador do primeiro termo. Ademais, os motivos da privación de liberdade deberían desvincularse de calquera referencia xenérica á discapacidade e facer referencia só a causas “neutrais” e personalizadas - para persoas con discapacidade ou sen ela- e sempre con previsión dos apoios necesarios.

Os internamentos involuntarios, como medidas restritivas dun dereito fundamental de primeira orde, deberían ser unha *última ratio*. Todos os Defensores do Pobo botamos en falta a necesaria coordinación entre os servizos sanitarios, fundamentalmente os de saúde mental, e os servizos sociais, que de existir evitarían moitos dos internamentos que se producen ou perfilaríanos cun enfoque que permitira a personalización e a participación do afectado con apoios (XXVIII Xornadas de Coordinación, Taller I). Os ingresos privativos de liberdade deben cingirse aos casos evidentes e reducirse aos prazos para a súa autorización.

Outra reforma necesaria nesta orde é o aumento dos controis para garantir o correcto uso da posibilidade de ingreso con urxencia e para que os ditames médicos se baseen no posible en consentimentos baseados nas axudas previas que necesite cada persoa. Ademais, a realización dos ditames debería encargarse a médicos independentes. Poderíanse reducir os prazos de revisión xudicial e as resolucións xudiciais deberían contemplar garantías máis intensas, como medidas terapéuticas revisables ou o reforzamento do consentimento informado, se fose preciso mediante a modificación da norma que o regula²¹.

A reforma apuntada parece unha evidente necesidade se analizamos o tratamento que na Convención se dá aos dereitos á liberdade e seguridade da persoa (art. 14), á liberdade de desprazamento (art. 18), a vivir de forma independente e a ser incluído na comunidade (art. 19), e á mobilidade persoal (art. 20)²².

²¹ Vid. P. CUENCA GÓMEZ, *op. cit.*, páxs. 85-86

²² El art. 14 (*liberdade e seguridade da persoa*) sinala:

“1. Os Estados Partes asegurarán que as persoas con discapacidade, en igualdade de condicións coas demais:

a) Gocen do dereito á liberdade e seguridade da persoa;

b) Non se vexan privadas da súa liberdade ilegal ou arbitrariamente e que calquera privación de liberdade sexa de conformidade coa lei, e que a existencia dunha discapacidade non xustifique en ningún caso unha privación da liberdade.

2. Os Estados Partes asegurarán que as persoas con discapacidade que se vexan privadas da súa liberdade en razón dun proceso teñan, en igualdade de condicións coas demais, dereito a garantías de conformidade co dereito internacional dos dereitos humanos e a ser tratadas de conformidade cos obxectivos e principios da presente Convención, incluída a realización de axustes razoables.

O art. 18 (*liberdade de desprazamento e nacionalidade*) sinala:

Determinadas prácticas ou medidas de contención relaciónanse cos internamentos voluntarios dende o momento en que poden practicarse nos establecementos onde se encontran os internos. Estas medidas intensifican a restrición de liberdade e teñen claros e importantes implicacións no plano dos dereitos persoais. Por iso, debe partirse da evidencia de que a autorización xudicial de internamento non trae consigo unha autorización implícita para aplicar medidas de contención física ou mecánica sen a aceptación previa do afectado. O seu criterio previo conformado adecuadamente debe prevalecer por riba da opinión de titores, titoras ou familiares; e aínda no caso de resultar imposible a opinión válida do afectado no momento en que sexa precisa, polo menos debería procurarse un adecuado contraste de opinións médicas, ou segunda opinión.

“1. Os Estados Partes recoñecerán o dereito das persoas con discapacidade á liberdade de desprazamento, á liberdade para elixir a súa residencia e a unha nacionalidade, en igualdade de condicións coas demais, incluso asegurando que as persoas con discapacidade: (...)

c) Teñan liberdade para saír de calquera país, incluído o propio;

d) Non se vexan privadas, arbitrariamente ou por motivos de discapacidade, do dereito a entrar no seu propio país. (...)”.

O art. 19 (dereito a vivir de forma independente e a ser incluído na comunidade) sinala:

“Os Estados Partes na presente Convención recoñecen o dereito en igualdade de condicións de todas as persoas con discapacidade a vivir na comunidade, con opcións iguais ás das demais, e adoptarán medidas efectivas e pertinentes para facilitar o pleno goce deste dereito polas persoas con discapacidade e a súa plena inclusión e participación na comunidade, asegurando en especial que:

a) As persoas con discapacidade teñan a oportunidade de elixir o seu lugar de residencia e onde e con quen vivir, en igualdade de condicións coas demais, e non se vexan obrigadas a vivir conforme a un sistema de vida específico;

b) As persoas con discapacidade teñan acceso a unha vivenda de servizos de asistencia domiciliar, residencial e outros servizos de apoio da comunidade, incluída a asistencia persoal que sexa necesaria para facilitar a súa existencia e a súa inclusión na comunidade e para evitar o seu illamento ou separación desta;

c) As instalacións e os servizos comunitarios para a poboación en xeral estean a disposición, en igualdade de condicións, das persoas con discapacidade e teñan en conta as súas necesidades.

O art. 20 (mobilidade persoal) sinala:

“Os estados Partes adoptarán medidas efectivas para asegurar que as persoas con discapacidade gocen de mobilidade persoal coa maior independencia posible, entre elas:

a) Facilitar a mobilidade persoal das persoas con discapacidade na forma e no momento que desexen a un custo accesible;

b) Facilitar o acceso das persoas con discapacidade a formas de asistencia humana ou animal e intermediarios, tecnoloxías de apoio, dispositivos técnicos e axudas para a mobilidade de calidade, incluso poñéndooos á súa disposición a un custo accesible;

c) Ofrecer ás persoas con discapacidade e ao persoal especializado que traballe con estas persoas capacitación en habilidades relacionadas coa mobilidade;

d) Alentar ás entidades que fabrican axudas para a mobilidade, dispositivos e tecnoloxías de apoio a que teñan en conta todos os aspectos da mobilidade das persoas con discapacidade”.

5. Os dereitos dos nenos e as nenas con discapacidade intelectual

5. Os dereitos dos nenos e as nenas con discapacidade intelectual

A Convención recoñece expresamente no seu Preámbulo que tamén os nenos e as nenas con discapacidade deben gozar plenamente de todos os dereitos humanos e as liberdades fundamentais en igualdade de condicións que os demais nenos e nenas, e lembra as obrigas que a este respecto asumiron os Estados Partes na Convención sobre os Dereitos do Neno. Por iso, o art. 7 da convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade sinala o seguinte:

1. Os Estados Partes tomarán todas as medidas necesarias para asegurar que todos os nenos e as nenas con discapacidade gocen plenamente de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais en igualdade de condicións cos demais nenos e nenas.

2. En todas as actividades relacionadas cos nenos e as nenas con discapacidade, unha consideración primordial será a protección do interese superior do neno.

3. Os Estados Partes garantirán que os nenos e as nenas con discapacidade teñan dereito a expresar a súa opinión libremente sobre todas as cuestións que lles afecten, opinión que recibirá a debida consideración tendo en conta a súa idade e madurez, en igualdade de condicións cos demais nenos e nenas, e a recibir asistencia apropiada conforme a súa discapacidade e idade para poder exercer ese dereito.

Na mesma liña, o art. 3 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, que enumera os seus principios, sinala como un deles “o respecto ao desenvolvemento da personalidade das persoas con discapacidade, e, en especial, das nenas e os nenos con discapacidade e do seu dereito a preservar a súa identidade.”

A especial consideración das dificultades da infancia para facer efectivos os seus dereitos ten unha especial repercusión na discapacidade intelectual, posto que, como xa resaltamos na Introducción, aquela caracterízase pola súa detección na idade infantil e pola necesidade de preservar os seus dereitos, facilitar apoios, axudas e atención e evitar toda forma de discriminación que poida afectarlles ao longo de todo o ciclo vital.

Nas XXVIII Xornadas de Coordinación, os Defensores do Pobo (Taller 1) concluímos que os nenos e as nenas con discapacidade son máis vulnerables e están máis expostos a sufrir violencia e maltrato, polo que se debe contar cos apoios precisos para o

desenvolvemento da súa capacidade e o goce dos seus dereitos en igualdade de condicións²³.

As medidas de apoio resultan imprescindibles en todas as ordes, especialmente a educativa, a social e a sanitaria. Deben habilitarse para que, mediante a necesaria coordinación entre todas elas, resulte posible que os pais e as nais con fillos con discapacidade poidan asumir as súas tarefas e non verse abocados a ceder a súa garda ou tutela. Neste sentido debería potenciarse a figura do asistente persoal como medida máis eficaz para garantir a autonomía do discapacitado ou discapacitada e a axuda nas tarefas paternas e maternas.

Nos procedementos de acollida de menores, as persoas que os promoven deberían recibir máis formación e apoio para a tarefa á que se comprometen, así como información sobre as necesidades especiais do neno ou nena que van a acoller (XXVIII Xornadas de Coordinación; Taller I).

Ademais, aos menores aféctalles en gran medida a falta de recursos ou apoios cando nos seus pais ou nais concorre algunha causa de discapacidade. No Taller citado subliñamos ao respecto que “as persoas con determinada discapacidade necesitarían unha axuda continuada e incluso de diversos graos de supervisión para coidar os seus fillos. Un trazo común que se advirte nas queixas tramitadas polas nosas institucións é a falta de programas de apoio e seguimento que se ofrecen a estes pais; ou non existen programas ou os programas existentes non son os adecuados. Cando os programas existen e, sobre todo, cando se individualizan as medias a adoptar, os resultados son positivos. Non pode desatenderse a obriga dos poderes públicos de articular as medidas necesarias para proporcionar a asistencia material, económica, loxística que poidan precisar os pais con discapacidade á hora de criar os seus fillos, especialmente nos casos de carencia de recursos económicos, que resultan ser os máis frecuentes”. Nestes casos a discriminación derivada da falta de apoios afecta tanto á persoa con discapacidade adulta como ao fillo ou filla que ve dificultada ou, nos casos máis extremos, impedida a convivencia ordinaria no seo da súa familia.

Aos nenos e nenas aféctalles de forma especial todo o relacionado coa etapa formativa ou educativa e por tanto o desenvolvemento do seu dereito a unha educación inclusiva, algo que abordaremos con detalle nun próximo capítulo.

²³ O Parlamento Europeo publicou un informe sobre o tratamento nesta materia en España titulado “Informe sobre España para o estudo das políticas dos Estados membros dirixidas a nenos con discapacidade” (Dirección General de Políticas Interiores; Estudio, 2013).

6. Os dereitos da muller con discapacidade

6. Os dereitos da muller con discapacidade

A Convención non podía deixar de recoñecer a concorrencia de motivos engadidos de posible discriminación no caso das mulleres con discapacidade. No seu Preámbulo sinalase que “as mulleres e as nenas con discapacidade adoitan estar expostas a un risco maior, dentro e fóra do fogar, de violencia, lesións ou abuso, abandono ou trato negligente, malos tratos ou explotación”, polo que considera necesario subliñar “a necesidade de incorporar unha perspectiva de xénero en todas as actividades destinadas a promover o pleno goce dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais polas persoas con discapacidade”. Esta necesidade faise patente en todas as áreas de estudo, pero a súa adecuada abordaxe debe partir, como veremos, dunha análise que permita coñecer e corrixir as políticas que propician ou non evitan os frecuentes casos de trato inadecuado por razón de xénero.

Nesta orde o art. 6 da Convención sinala o seguinte:

Os Estados Partes recoñecen que as mulleres e nenas con discapacidade están suxeitas a múltiples formas de discriminación e, a ese respecto, adoptarán medidas para asegurar que poidan gozar plenamente e en igualdade de condicións de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais. Os Estados Partes tomarán todas as medidas pertinentes para asegurar o pleno desenvolvemento, adianto e potenciación da muller, co propósito de garantirlle o exercicio e goce dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais establecidos na presente Convención.

No ámbito laboral apréciase de forma significativa un maior grao de vulnerabilidade dos dereitos da muller discapacitada. Como trataremos con detalle máis adiante, as persoas con discapacidade intelectual sofren neste terreo un *plus de discriminación* debido á súa dificultade para acceder a postos de traballo no mercado laboral (*emprego ordinario*) e á súa común derivación cara ao chamado *emprego protexido*, fundamentalmente nos Centros Especiais de Emprego. Pero no caso de concorrer ambas circunstancias, ser muller e discapacitada intelectual, ambos factores acrecentan considerablemente a posibilidade de resultar vítima de discriminación, o que poderíamos chamar un *risco duplicado de discriminación ou vulneración de dereitos*.

Outra circunstancia claramente discriminatoria da muller é a desigual distribución dos roles no coidado ou atención das persoas con discapacidade tanto no ámbito doméstico como tamén fóra dese contorno. A inmensa maioría dos coidadores ou coidadoras informais seguen sendo mulleres, o que xeralmente vén acompañado doutras moitas consecuencias tamén discriminatorias, como a imposibilidade de desenvolver unha vida laboral, cultural ou social en condicións de igualdade. As políticas xeralmente aplicadas para *tratar* esta realidade son de carácter paliativo e van encamiñadas a proporcionar os chamados respiros, isto é, períodos de descanso físico e psíquico, pero non promoven

atacar o problema na súa raíz, en gran parte dependente de hábitos familiares a desterrar.

No que se refire á protección das vítimas de violencia de xénero, resulta claro que a vulnerabilidade á hora de sufrir e facer fronte a este grave problema agrándase se se suma a condición de persoa con discapacidade intelectual, xa sexa esta vítima directa ou membro dunha familia que sofre no seu conxunto as consecuencias desta lacra. Debe destacarse a necesidade de poñer o acento na adecuada aplicación de todas as medidas necesarias. Así, como exemplo, no que se refire á protección dos fillos das vítimas como necesitados de atención específica, o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maior, de educación, prevé (art. 28, alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar), que “a consellería con competencias en materia de educación asegurará, dentro do seu ámbito competencial e de acordo co establecido no artigo 17 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero. Así mesmo, os centros educativos prestarán atención especial á inclusión e normalización de dito alumnado”.

Polo que se refire ás circunstancias económicas relacionadas coas políticas públicas, como sinalamos, a gran maioría dos cuidadores ou cuidadoras no fogar de persoas con discapacidade son mulleres, polo que a elas afectou fundamentalmente a limitación da prestación económica do sistema de dependencia e sobre todo a retirada da cotización á Seguridade Social por parte da Administración Xeral do Estado.

As prestacións sociais repártense de forma claramente desigual entre homes e mulleres, que resultan en peor situación, apreciándose que co paso do tempo esa situación non mellora, senón que, ao contrario, empeora, polo menos nos anos 2011 e 2012, como vemos no seguinte cadro:

Persoas con discapacidade, prestacións sociais públicas e xénero.

	Valores absolutos en miles						Porcentaxes			
	Total		Con prestacións		Sen prestacións		Con prestacións		Sen prestacións	
	2012	2011	2012	2011	2012	2011	2012	2011	2012	2011
TOTAL	1.450,8	1.262,0	788,4	719,4	662,4	542,5	54,3	57,0	45,7	43,0
SEXO										
Homes	790,5	687,7	459,4	414,5	331,1	272,2	58,1	60,3	41,9	39,7
Mulleres	660,3	574,2	329,0	304,9	331,3	269,4	49,8	53,1	50,2	46,9

Fonte: INE, *O emprego das persoas con discapacidade*

Os homes tamén teñen un maior número de prestacións por discapacidade e doutro tipo, con porcentaxes superiores nas primeiras; e nas prestacións non contributivas prevalecen as mulleres, como vemos.

Persoas con discapacidade, prestacións sociais públicas, tipoloxía da prestación e xénero

	Valores absolutos en miles						Porcentaxes			
	Total		Prestacións derivadas de incapacidade		Outras prestacións		Prestacións derivadas de incapacidade		Outras prestacións	
	2012	2011	2012	2011	2012	2011	2012	2011	2012	2011
TOTAL	788,4	719,4	656,7	597,2	131,7	122,2	83,3	83,0	16,7	17,0
SEXO										
Homes	459,4	414,5	391,6	348,6	67,8	66,0	85,2	84,1	14,8	15,9
Mulleres	326,0	304,9	265,1	248,6	63,9	56,2	80,6	81,6	19,4	18,4

Fonte: INE, *O emprego das persoas con discapacidade*

Persoas con discapacidade, prestacións sociais públicas, carácter contributivo e xénero.

	Valores absolutos en miles						Porcentaxes			
	Total		Prestacións unicamente non contributivas		Prestacións contributivas e non contributivas		Prestacións unicamente non contributivas		Prestacións contributivas e non contributivas	
	2012	2011	2012	2011	2012	2011	2012	2011	2012	2011
TOTAL	788,4	719,4	26,8	22,2	761,6	697,2	3,4	3,1	96,6	96,9
SEXO										
Homes	459,4	414,5	9,5	6,5	449,9	408,0	2,1	1,6	97,9	98,4
Mulleres	326,0	304,9	17,3	15,7	311,7	289,2	5,3	5,1	94,7	94,9

Fonte: INE *O emprego das persoas con discapacidade*

Polo que se refire ao nivel de actividade laboral, o diferencial que se aprecia a favor do home con carácter xeral (sen discapacidade), 54,4 % de homes activos fronte ao 45,6% das mulleres, acrecéntase no caso de que se trate de homes ou mulleres con discapacidade, cun 58,3 % de actividade no caso dos homes, fronte a só o 41,7 % das mulleres. Algo parecido pasa co índice de ocupación, que tamén resulta prexudicial para as mulleres en xeral (54,5 % de homes ocupados fronte ao 45,5 % de mulleres ocupadas), e aínda en maior medida se se trata de mulleres con discapacidade (58,2 % de homes ocupados fronte ao 41,8 % de mulleres ocupadas). Vémolo nos seguintes cadros estatísticos.

Os dereitos das persoas con discapacidade intelectual en Galicia

Activos segundo discapacidade. Ano 2012. Valores absolutos en miles.

	Total		Persoas sen discapacidade		Persoas con discapacidade	
	V. absolutos	Porcentaxes	V. absolutos	Porcentaxes	V. absolutos	Porcentaxes
TOTAL	22.886,3	100,0	22.354,7	100,0	531,6	100,0
SEXO						
Homes	12.438,7	54,4	12.128,6	54,3	310,2	58,3
Mulleres	10.447,5	45,6	10.223,1	45,7	221,4	41,7
GRUPOS DE IDADE						
16-24	1.782,1	7,8	1.758,3	7,9	23,7	4,5
25-34	5.896,8	25,8	5.812,9	26,0	83,8	15,8
35-44	6.872,9	30,0	6.730,3	30,1	142,6	26,8
45-54	5.557,1	24,3	5.391,3	24,1	165,8	31,2
55-64	2.777,4	12,1	2.661,8	11,9	115,7	21,8
NIVEL DE ESTUDOS						
Analfabetos	88,2	0,4	83,5	0,4	4,6	0,9
Primaria	2.695,1	11,8	2.588,7	11,6	106,4	20,0
Secundaria e programas de formación e inserción laboral	12.144,5	53,1	11.845,8	53,0	298,8	56,2
Superiores	7.958,5	34,8	7.836,7	35,1	121,8	22,9

Fonte: INE, *O emprego das persoas con discapacidade*


Ocupados segundo discapacidade. Ano 2012. Valores absolutos en miles						
	Total		Persoas sin discapacidade		Persoas con discapacidade	
	V. absolutos	Porcentaxes	V. absolutos	Porcentaxes	V. absolutos	Porcentaxes
TOTAL	17.123,7	100,0	16.768,2	100,0	355,5	100,0
SEXO						
Homes	9.343,6	54,6	9.136,6	54,5	207,0	58,2
Mulleres	7.780,1	45,4	7.631,6	45,5	148,5	41,8
aq						
16-24	834,6	4,9	826,6	4,9	7,9	2,2
25-34	4.234,6	24,7	4.188,6	25,0	46,0	12,9
35-44	5.359,1	31,3	5.263,1	31,4	96,0	27,0
45-54	4.415,2	25,8	4.297,1	25,6	118,1	33,2
55-64	2.280,2	13,3	2.192,7	13,1	87,5	24,6
NIVEL DE ESTUDOS						
Analfabetos	40,1	0,2	36,8	0,2	3,3	0,9
Primaria	1.664,5	9,7	1.597,7	9,5	66,8	18,8
Secundaria e programas de formación e inserción laboral	8.660,0	50,6	8.472,2	50,5	187,8	52,8
Superiores	6.759,1	39,5	6.661,5	39,7	97,5	27,4
DURACIÓN DO CONTRATO						
- Menos de 6 meses	1.575,8	9,2	1.546,7	9,2	29,1	8,2
- De 6 meses a 1 ano	864,0	5,0	849,2	5,1	14,7	4,1
- De 1 a 3 anos	2.218,0	13,0	2.174,0	13,0	44,1	12,4
- Máis de 3 anos	12.465,9	72,8	12.198,3	72,7	267,6	75,3

Fonte: INE, *O emprego das persoas con discapacidade*

Persoas con discapacidade segundo sexo e situación de actividade

	Valores absolutos (miles)			Porcentaxes (%)	
	Total	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Total	1.450,8	790,5	660,3	54,5	45,5
Activos	531,6	310,2	221,4	58,3	41,7
- Ocupados	355,5	207,0	148,5	58,2	41,8
- Parados	176,1	103,2	72,9	58,6	41,4
Inactivos	919,2	480,3	438,9	52,3	47,7

Fonte: INE, *O emprego das persoas con discapacidade*



Fonte: INE, *O emprego das persoas con discapacidade*

7. O dereito a unha atención temperá

7. O dereito a unha atención temperá

Tal e como sinalamos no Capítulo 2 (*A discapacidade intelectual: concepto e características*), este tipo de discapacidade pode poñerse de manifesto en momentos temperáns da vida, ou nalgún caso, sobre todo cando se trata de persoas cunha discapacidade intelectual moderada, pode ser diagnosticada na idade escolar ou incluso máis tarde, pero sempre antes da idade adulta. Este factor, que diferencia a discapacidade intelectual dun bo número de discapacidades, as sobrevidas na idade adulta, ou de moitas das causas de dependencia, que na súa maior parte se xeran na parte final do curso vital, fai que resulte primordial un diagnóstico temperán e a conseguinte aplicación inmediata de todos os dereitos inherentes á persoa, xunto coa adecuada atención e a implantación dun adecuado catálogo de axudas ou apoios.

Como veremos con detalle no Capítulo 9, dedicado á autonomía persoal e a atención á dependencia en relación coa discapacidade intelectual, a implantación progresiva da Lei de Dependencia e a inadecuada interpretación dalgunha das súas previsións deron lugar a que se xeren disfuncións que afectan de forma moi especial ás persoas con discapacidade intelectual de máis curta idade e polo tanto a súa atención temperá. Especialmente afectou a necesidade de avaliación do grao de dependencia da persoa a estas idades, algo realmente complexo; as valoracións inadecuadas en materia de discapacidade intelectual; a atribución de graos cuestionables debido á anterior circunstancia; a inadecuada interpretación do calendario de implantación progresiva da Lei de Dependencia, que fai que se demore a atención de determinadas persoas con discapacidade intelectual; e a insuficiencia dalgúns servizos.

Todas estas circunstancias, que afectan fundamentalmente aos nenos e nenas de máis curta idade, foron postas de manifesto pola nosa parte en diferentes ocasións á consellería competente en materia de servizos sociais. Esta coincidiu co noso diagnóstico e froito diso en 2013 comprometeuse a tramitar e aprobar nun breve prazo unha normativa específica de atención temperá. Este compromiso deu lugar á recente aprobación do Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a rede galega de atención temperá.

Como sinala o preámbulo deste Decreto, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece as funcións destes servizos, e o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os de carácter comunitario e o seu financiamento, sinala que entre as súas funcións se encontra a atención das persoas con discapacidade a través de centros ocupacionais e o apoio psicosocial e familiar vinculado á atención temperá (art. 26.d). Este será un dos programas e servizos prioritarios na formulación dos servizos sociais comunitarios municipais (art. 18 da Lei 13/2008). En materia de dependencia, a Lei 39/2006 e a normativa galega de desenvolvemento, en especial o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, e a Orde do 2 de xaneiro de 2012, que desenvolve o anterior, recollen os servizos de promoción da autonomía persoal, entre os que se inclúe o de atención

temperá. Pola súa banda, o decreto 229/2011, do 7 de decembro, regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia. Ademais, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establece que a Xunta levará a cabo, a través do organismo competente en materia de servizos sociais, a atención das situacións de dependencia, así como a promoción da autonomía persoal dos nenos e as nenas e dos e das adolescentes, coa potenciación das súas capacidades, especialmente mediante o acceso á atención temperá; a través do organismo competente en materia de saúde proporcionará os medios necesarios para a detección precoz e a atención específica de nenos, nenas e adolescentes con doenzas crónicas, mentais ou discapacidades físicas, intelectuais ou sensoriais; e a través do organismo competente en materia de educación garantizará o seu dereito a unha atención específica, en razón das súas necesidades e distintas capacidades e a unha atención temperá das súas necesidades educativas especiais.

Así, a través do novo Decreto formúlase a necesidade de atención prioritaria ás persoas que precisan de atención temperá, de tal maneira que se garante o comezo adecuado dos seus servizos e apoios, e a aplicación do criterio de transversalidade para lograr ese obxectivo, mediante a coordinación dos departamentos implicados, principalmente os encargados da sanidade, a educación e os servizos sociais.

Promoverase un plan integral de atención para estes menores de tres anos en situación de dependencia en el recolleranse as medidas das administracións públicas para facilitar a atención temperá e a rehabilitación das capacidades físicas, mentais e intelectuais, coa referencia da resolución do 25 de xullo de 2013, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, e o Acordo do 4 de xullo de 2013, do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a autonomía e atención á dependencia sobre criterios comúns, recomendacións e condicións mínimas dos PIAs (plans de atención) a menores de tres anos en situación de dependencia ou en risco de desenvolveda.

Preténdese crear un espazo común de coordinación e corresponsabilidade entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais para conseguir unha acción integral destinada a satisfacer os dereitos e necesidades dos nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos e das súas familias, así como a súa prevención.

A nova normativa e as súas intencións declaradas están na liña reclamada polo Valedor do Pobo dende fai tempo, especialmente no que se refire á necesidade de atención prioritaria e incondicional en supostos de atención temperá a necesidades específicas de menores. Esta prioridade debe traer como consecuencia a excepción dos menores da aplicación do calendario de implantación progresiva da Lei de Dependencia, que ademais está sufrindo sucesivos retrasos, e por tanto a aplicación dun programa inmediato de atención que excepcione o criterio xeral desa lei.

O Decreto e o plan integral que prevé parecen dirixidos exclusivamente aos menores de 6 anos, algo que resultará adecuado na maior parte dos casos en que se precise atención temperá derivada do diagnóstico dalgún tipo de discapacidade intelectual; porén, quedarían nun terreo de ninguén os casos de avaliación e diagnóstico posterior, algo que non podemos descartar en materia de discapacidade intelectual. Como xa sinalamos, en ocasións a determinación da discapacidade e das súas especificidades non se dá até unha idade máis tardía, aínda que sempre antes da idade adulta. Para estes casos, moitos deles referidos a unha idade aínda moi temperá ou polo menos en momentos de carácter plenamente formativo, debe preverse que a atención inmediata resulta igualmente necesaria e que a aplicación do programa que corresponda non pode pospoñerse.

Permanecemos atentos á aplicación práctica que se dea ao decreto de atención temperá, ao desenvolvemento do Plan Integral de Atención Temperá e á aplicación de programas adecuados de atención a menores de 6 anos e aos menores que excedan esa idade e precisen servizos ou apoios inmediatos.

8. O dereito á educación inclusiva

8. O dereito á educación inclusiva

Polo que se refire aos dereitos das persoas con discapacidade intelectual en materia de formación educativa, o xeral recoñecemento do *dereito á educación inclusiva* supuxo un cambio substancial neste terreo. Nace da *Declaración Mundial de Educación para Todos: Satisfacción ás Necesidades Básicas de Aprendizaxe*, de 1990; 155 países comprometéronse a que nunha década esa declaración se fixese realidade.

A positivación do dereito á educación inclusiva das persoas con discapacidade deu lugar a que elas ou as súas familias mostren interese en que a administración faga posible o seu goce adecuado, isto é, que a persoa con discapacidade intelectual permaneza no centro ordinario da súa residencia habitual, o *seu centro natural*, coas adaptacións persoais, materiais e curriculares que sexan precisas en cada caso.

Como veremos, nalgúns casos a percepción dos educandos ou educandas e das súas familias é que non se respecta ese dereito ou que, polo menos, non se fai en xusta medida. Apréciase unha certa tensión entre o dereito á educación inclusiva, que dalgunha maneira aínda se percibe como un ideal (así se manifesta a propia FEAPS, que sinala que as súas reclamacións ao respecto son “a modo de foto ideal, soñada, hoxe utópica”²⁴), e a limitada oferta de recursos adecuados, o que xera algunhas situacións enfrontadas entre a administración educativa e as familias, que en ocasións discrepan da mellor e máis eficaz solución para a educación especial da persoa discapacitada, cuxo interese superior debe garantirse.

Tal e como destaca FEAPS no seu documento *La educación que queremos*, unha adecuada educación inclusiva resulta especialmente importante no marco da actual concepción da discapacidade intelectual, centrada en apoios e “na comprensión de que a discapacidade se expresa na interacción dunha persoa con determinadas necesidades derivadas de limitacións no seu desenvolvemento, e o contexto no que esa persoa vive e se desenvolve”.

Compartimos coas organizacións que traballan neste terreo, e especialmente con FEAPS, o firme obxectivo de lograr a inclusión en todas as etapas da vida e polo tanto tamén na etapa formativa ou educativa, e dentro desta, en todos os períodos que poida abarcar.

O concepto de inclusión no ámbito educativo vai máis alá da mera integración. Esta refírese basicamente ao ámbito espacial, á incorporación física dos estudantes con discapacidade aos centros ordinarios, pero nos que son eles os que teñen que adaptarse á organización e aos modos de ensinanza. Pola contra, a inclusión implica un profundo cambio dos centros e a adaptación do seu sistema educativo para que tamén as persoas con discapacidade poidan progresar. O Foro Europeo da Discapacidade cita algunhas

²⁴ Documento *La educación que queremos*, FEAPS.

medidas para facer efectivo o propósito de inclusión educativa, como a flexibilidade no financiamento, a coordinación entre ministerios ou consellerías, os proxectos de intercambio de boas prácticas, a formación do profesorado en aspectos que favorecen a inclusión, a cooperación internacional, os programas individualizados, a flexibilidade nos plans de estudos, ou os recursos e apoios para a aplicación das TIC²⁵.

A definición dos dereitos das persoas con discapacidade e as novas orientacións das políticas públicas derivadas daqueles deron lugar a un cambio radical do marco educativo destas persoas; dende a indiferenza do pasado pasouse en primeiro termo á creación e desenvolvemento de centros específicos e illados do resto da comunidade educativa, os chamados centros de educación especial, e máis adiante, coincidindo aínda no tempo con estes, á integración en centros ordinarios con apoios.

Hoxe, a clara afirmación dos dereitos humanos das persoas con discapacidade, entre eles o de recibir unha educación inclusiva, fai que o papel dos centros especiais teña que sufrir unha gran transformación e como consecuencia diso medre o papel dos centros ordinarios con apoios, axudas e adaptacións.

Como sinala FEAPS, “se miramos cara a atrás encontramos que moi a miúdo a resposta aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo deuse dende servizos específicos e que poucas veces se resolveu dende un contorno educativo ordinario. Aínda hoxe, para un colectivo de alumnos que requiren de adaptacións moi significativas do currículo, a resposta educativa segue sendo o centro específico de educación especial. Neste contexto o resultado foi a convivencia de dous sistemas educativos paralelos: o ordinario e o especial. Por sorte o actual marco legal favorece un modelo moito máis inclusivo que tivo como consecuencia que os centros de educación especial xa non sexan a única resposta para os nenos e mozos con discapacidade intelectual e que os centros ordinarios cada vez máis deban atender a unha maior diversidade de alumnado. As perspectivas de futuro (o movemento dunha escola para todos, o concepto de discapacidade intelectual da AAIDD, as orientacións da Axencia Europea para o Desenvolvemento da Educación Especial...) indúcennos a propoñer cambios tanto nas propostas educativas como no modelo dos servizos e a súa organización”²⁶.

O Manual de Buena Práctica de Educación (FEAPS, 2000) resaltaba os principios educativos de integración, normalización e individualización. Reivindicaba que “a integración en aula ordinaria, en colexio ordinario, é o modelo desexable para todos os alumnos, e ao falar da escolarización en colexio de educación especial exprésase que este debe ter un carácter altamente integrador, formulándose compartir actividades e recursos con centros ordinarios, con programas de intervención na comunidade, apertura permanente ao exterior e cunha cultura de flexibilidade e creatividade continua”.

²⁵ Foro Europeo de la Discapacidad, 2009, *Educación inclusiva. De las palabras a los hechos*.

²⁶ *La educación que queremos*, FEAPS.

Así, os centros de educación especial deberían procurar unha progresiva transformación que lles permita xogar un papel protagonista nos roles de apoio. O CERMI, no seu documento Propostas para un plan de reactivación de la educación inclusiva, propón o cambio deses centros e a súa conversión “en centros de asesoramento, apoio especializado e recursos, dirixidos á adecuada atención educativa do conxunto do alumnado con necesidade específica de apoio educativo”.

As entidades que traballan neste ámbito (FEAPS, CERMI...) matizan que a necesidade de inclusión non debe obviar as necesidades dos nenos, nenas e mozos con discapacidade. Non se deben dar as costas á singularidade das necesidades, pero si rexeitar de plano as antigas formulacións que deron lugar á educación diferenciada. Debemos axustarnos ao especial, pero cunha formulación inclusiva.

Un bo número de foros internacionais veñen reclamando dende hai tempo unha orientación inclusiva da educación de todos, en especial das persoas con discapacidade. Destacan a Declaración Sunberg (1981); a Declaración de Momtien (1990); a Declaración de Salamanca (1994); o Fórum educativo mundial (2000); a Declaración de Lisboa (2007); a Conferencia Internacional de Educación (2008); ou o Foro Europeo da Discapacidade, 2009, Educación inclusiva. De las palabras a los hechos.

O marco legal recoñece xa de forma específica o dereito á educación inclusiva das persoas con discapacidade. O artigo 24 da Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade sinala:

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito das persoas con discapacidade á educación. Con miras a facer efectivo este dereito sen discriminación e sobre a base da igualdade de oportunidades, os Estados Partes asegurarán un sistema de educación inclusivo a todos os niveis, así como a ensinanza ao longo da vida, con miras a:

a. Desenvolver plenamente o potencial humano e o sentido da dignidade e a autoestima e reforzar o respecto polos dereitos humanos, as liberdades fundamentais e a diversidade humana;

b. Desenvolver ao máximo a personalidade, os talentos e a creatividade das persoas con discapacidade, así como as súas aptitudes mentais e físicas;

c. Facer posible que as persoas con discapacidade participen de maneira efectiva nunha sociedade libre.

2. Ao facer efectivo este dereito, os Estados Partes asegurarán que:

a. As persoas con discapacidade non queden excluídas do sistema xeral de educación por

motivos de discapacidade, e que os nenos e as nenas con discapacidade non queden excluídos da ensinanza primaria gratuíta e obrigatoria nin da ensinanza secundaria por motivos de discapacidade;

b. As persoas con discapacidade poidan acceder a unha educación primaria e secundaria inclusiva, de calidade e gratuíta, en igualdade de condicións coas demais, na comunidade en que vivan;

c. Se fagan axustes razoables en función das necesidades Individuais;

d. Se preste o apoio necesario ás persoas con discapacidade, no marco do sistema xeral de educación, para facilitar a súa formación efectiva;

e. Se faciliten medidas de apoio personalizadas e efectivas en contornos que fomenten ao máximo o desenvolvemento académico e social, de conformidade co obxectivo da plena inclusión.

3. Os Estados Partes brindarán ás persoas con discapacidade a posibilidade de aprender habilidades para a vida e desenvolvemento social, a fin de propiciar a súa participación plena e en igualdade de condicións na educación e como membros da comunidade. A este fin, os Estados Partes adoptarán as medidas pertinentes, entre elas:

a. Facilitar a aprendizaxe do Braille, a escritura alternativa, outros modos, medios e formatos de comunicación aumentativos ou alternativos e habilidades de orientación e de mobilidade, así como a titoría e o apoio entre pares;

b. Facilitar a aprendizaxe da Linguaxe de signos e a promoción da identidade lingüística das persoas xordas;

c. Asegurar que a educación das persoas, e en particular os nenos e as nenas cegos, xordos ou xordocegos se imparta nas linguaxes e os modos e medios de comunicación máis apropiados para cada persoa e en contornos que permitan alcanzar o seu máximo desenvolvemento académico e social.

4. A fin de contribuír a facer efectivo este dereito, os Estados Partes adoptarán as medidas pertinentes para empregar a mestres, incluídos mestres con discapacidade, que estean cualificados en lingua de signos ou Braille e para formar a profesionais e persoal que traballen en todos os niveis educativos. Esa formación incluírá a toma de conciencia sobre la discapacidade e o uso de modos, medios e formatos de comunicación aumentativos e alternativos apropiados, e de técnicas e materiais educativos para apoiar as persoas con discapacidade.

5. Os Estados Partes asegurarán que as persoas con discapacidade teñan acceso xeral á educación superior, a formación profesional, a educación para adultos e a aprendizaxe durante toda a vida sen discriminación e en igualdade de condicións coas demais. A tal fin, os Estados Partes asegurarán que se realicen axustes razoables para as persoas con discapacidade".

Previamente a Declaración Universal dos Dereitos Humanos recoñecera o dereito á educación de "toda persoa" (art. 26).

A UNESCO tivo un papel destacado na declaración e desenvolvemento deste dereito universal e no seu recoñecemento como previo ou condicionante para o exercicio dos demais dereitos. Sinala que "alá onde se garante o dereito á educación, mellora o acceso da xente a outros dereitos e o seu goce deles"²⁷. Destacou e promoveu a necesidade de que o dereito á educación das persoas con discapacidade se desenvolva nun contorno inclusivo como condición *sine qua non* para a efectividade da inclusión e da vida digna nos demais aspectos da vida. Con ocasión da Conferencia Internacional de Educación (Xenebra, 2008) sinalou:

"... facemos un chamamento aos Estados Membros para que adopten o enfoque da educación inclusiva na concepción, a aplicación, o seguimento e a avaliación das políticas educativas, como medio para acelerar aínda máis o logro de obxectivos da Educación Para Todos (EPT) e para contribuír así á construción de sociedades máis inclusivas. Con este obxectivo en mente pódese concibir o concepto máis amplo de educación inclusiva como un principio reitor xeral para reforzar a educación para o desenvolvemento sostible, a aprendizaxe ao longo de toda a vida para todos e un acceso ás oportunidades de aprendizaxe en condicións de igualdade para todos os niveis da sociedade, de modo que se apliquen os principios da educación inclusiva. (...) A educación inclusiva é un proceso que entraña a transformación das escolas e outros centros de aprendizaxe para atender a todos os nenos, tanto varóns como nenas... O proceso educativo lévase a cabo en moitos contextos, tanto formais como non formais, nas familias e na comunidade no seu conxunto. Polo conseguinte, a educación inclusiva non é unha cuestión marxinal, senón que é crucial para lograr unha educación de calidade para todos os educandos e para o desenvolvemento de sociedades máis inclusivas".

No noso ordenamento interno, a Constitución Española, no seu art. 27, proclama que todos teñen o dereito á educación e recoñece a liberdade de ensinanza. A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais. Tamén indica que *a ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta. Os poderes públicos garanten o dereito de todos á educación, mediante unha programación xeral da ensinanza, coa participación efectiva de todos os sectores afectados e a creación de centros docentes.*

²⁷ Informe de seguimento da *Educación Para Todos* no mundo. UNESCO 2002.

Pola súa banda, as leis orgánicas de educación máis recentes, tanto a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, como a súa reforma pola recentemente aprobada Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, proclaman o principio de educación inclusiva.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, proclamaba como principios a calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias; a equidade que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade; e a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado. Respecto do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo sinalaba que *as administracións disporán dos medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral na presente lei, e que a atención integral ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo se iniciará dende o mesmo momento en que a dita necesidade sexa identificada e rexerese polos principios de normalización e inclusión.*

Pola súa banda, a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modificou parcialmente a anterior, sinala respecto deste asunto (art. 57.2) que “corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado”.

Unha das iniciativas máis destacadas para o impulso da educación inclusiva das persoas con discapacidade foi a chamada Declaración de Salamanca²⁸. O seu propósito foi dar cabida ao principio de equidade no sistema educativo e procurar un enfoque que comprenda a diversidade de necesidades educativas do alumnado e desa forma garanta a ausencia de discriminacións ou exclusións²⁹. Tal e como afirman ECHEITA SARRIONANDÍA e VERDUGO ALONSO, “hoxe é un referente obrigado para o desenvolvemento de políticas educativas cunha orientación inclusiva”. Entres os seus obxectivos e logros estes autores destacan tres:

²⁸ Conferencia Mundial sobre Necesidades Educativas Especiales. Acceso y Calidad” (UNESCO, 1994), organizada pola UNESCO y el Gobierno de España en Salamanca.

²⁹G. ECHEITA SARRIONANDÍA Y M. A. VERDUGO ALONSO, *La Declaración de Salamanca sobre Necesidades Educativas Especiales diez años después: Enseñanzas y aprendizaje de un evento singular*, en *La Declaración de Salamanca sobre Necesidades Educativas Especiales diez años después: Valoración y Prospectiva*. Publicaciones del INICIO, Instituto de Integración en la Comunidad, Universidad de Salamanca, 2004.

“-O reforzo *dunha visión interactiva, ecolóxica-contextual* respecto ás diferenzas individuais e á acción educativa que se corresponde con elas, xunto cun *concepto cada vez máis amplo de “necesidades educativas especiais”* con relación á poboación escolar que abarca.

-Unha mensaxe clara respecto á *integración/inclusión* como meta e eixe da política educativa a seguir no referente á educación deste alumnado, sen descoñecer o papel que aínda xogan ou poden xogar os centros de educación especial.

-A chamada inequívoca a vincular os procesos de mellora da educación do alumnado con n.e.e. (necesidades educativas especiais) con procesos de *reformas educativas globais* e, en boa medida, a atender estes últimos como a condición necesaria (aínda que non suficiente), para promover unha educación de calidade para todos”³⁰.

Partiuse dun moderno concepto de *necesidades educativas especiais* que xa viña gañando terreo dende había tempo (Informe Warnock, 1978), como alternativa a conceptos de carácter despectivo, negativo ou discriminatorio, como alumnos *deficientes, diminuídos* ou *retrasados*³¹.

Aínda que as *necesidades educativas especiais* poden ser útiles en moitas situacións que afrontan un amplo espectro de alumnos ao longo do seu ciclo escolar, a preocupación principal que deu lugar a esta e a outras iniciativas eran principalmente os nenos, as nenas e os mozos con discapacidade. O seu obxectivo principal foi transmitir aos responsables das políticas educativas a necesidade de promover a integración escolar do alumnado con esas necesidades específicas, principalmente dos alumnos e alumnas con discapacidade en centros naturais ou ordinarios, e na medida da súa especificidade aínda maior, a dos alumnos e alumnas con discapacidade intelectual.

A Declaración da UNESCO sinala ao respecto que “as persoas con necesidades educativas especiais deben ter acceso ás escolas ordinarias que deberán integralos nunha pedagogía centrada no neno, capaz de satisfacer esas necesidades... As escolas ordinarias con esta orientación integradora representan o medio máis eficaz para combater as actitudes discriminatorias, crear comunidades de acollida, construír unha sociedade integradora e lograr a educación para todos: ademais proporcionan unha educación efectiva á maioría dos nenos e melloran a eficiencia e, en definitiva, a relación custo-eficacia de todo o sistema educativo” (páxs. 59-60)³².

Tal e como xa vimos, dende esta perspectiva debería revisarse o papel dos centros de educación especial, que poderían pasar por prestar o apoio propio da súa maior experiencia a través da colaboración permanente cos equipos que desenvolvan o seu traballo nos centros ordinarios. Porén, o papel destes centros non resulta descartable coa

³⁰ G. ECHEITA SARRIONANDÍA Y M. A. VERDUGO ALONSO, *op. cit.*, páx. 14.

³¹ G. ECHEITA SARRIONANDÍA Y M. A. VERDUGO ALONSO, *op. cit.*, páx. 14.

³² Citado por G. ECHEITA SARRIONANDÍA Y M. A. VERDUGO ALONSO, *op. cit.*, páx. 16

nova perspectiva; como sinalan os autores que seguimos, “visto en perspectiva podería dicirse que aínda que se postulaba a integración como a vía principal para a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais, esta podería convivir con centros ou aulas especiais, para determinados alumnos, configurando o que se veu chamar *sistemas educativos de dúas ou múltiples vías*”³³.

Neste contexto non podemos obviar unha circunstancia moi presente no momento actual: a grave crise económica que padecemos. Resultaría un tanto inxenuo pensar que as restricións orzamentarias non inflúen nin condicionan o progreso desta política. Os seus custos non necesitan apenas comentario. A política escolar integradora só resulta posible se vén acompañada dunha ampla dotación orzamentaria que sosteña os constantes programas de formación do profesorado e os apoios permanentes dos alumnos. É aquí onde de novo debe saír a relucir o principio de prioridade na aplicación das políticas públicas de apoio ás persoas con discapacidade intelectual; sen negar as graves dificultades do momento que vivimos, debe afirmarse a necesidade de seguir profundando na integración dos alumnos con discapacidade intelectual e na súa consideración como obxectivo prioritario, derivado dun dereito fundamental, o dereito á educación de todos, e dos demais dereitos fundamentais das persoas con discapacidade. Por tanto, deben seguir sendo prioritarias as políticas de dotación que persigan o obxectivo de evitar calquera forma de segregación ou discriminación, especialmente as dotacións de recursos como escolas, servizos con especialización e profesionais (xestores e profesores cualificados, material e tecnoloxía didácticos, apoios de todos tipo).

Polo que se refire ao progreso das novas orientacións en Galicia, DEAÑO DEAÑO sinala que todas as administracións educativas se están aproximando aos obxectivos integradores en materia de necesidades educativas especiais, posto que as normativas de todas as CC AA son similares³⁴. En Galicia o anterior Decreto 320/1996 ordenaba a educación de alumnos con *necesidades educativas especiais* co obxectivo declarado de lograr a súa integración: marco de ensinanza comprensiva e aberta á diversidade, optimización do proceso educativo dos alumnos con necesidades educativas especiais, normalización e centros escolares de calidade, abertos e permeables a todos os alumnos e alumnas. Pola súa banda, a Orde do 27 de decembro 2002 parecía pretender converter algúns centros en preferentes para a escolarización destes alumnos, dotándoos de equipamentos e servizos complementarios para unha atención educativa de calidade. Os tipos de necesidades e apoios determinarán o centro preferente de escolarización. DEAÑO DEAÑO sinala ao respecto que esta formulación presenta connotacións dos diferentes modelos -integración escolar ou segregación-, “máis que do inclusivo”. Niso vía unha diverxencia entre os

³³ G. ECHEITA SARRIONANDÍA Y M. A. VERDUGO ALONSO, *op. cit.*, pág. 17. Para soste esta posición os autores citan a MEIJER, PIJL e HEGARTY, 1997, EADSEN, 2003.

³⁴ M. DEAÑO DEAÑO, *La Declaración de Salamanca sobre Necesidades Educativas Especiales 10 años después. Valoración y prospectiva desde Galicia.*, en *La Declaración de Salamanca sobre Necesidades Educativas Especiales diez años después: Valoración y Prospectiva*. Publicacións do INICIO, Instituto de Integración en la Comunidad, Universidad de Salamanca, 2004, pág. 110.

principios inspiradores das políticas públicas e a realidade práctica³⁵, na que aínda queda camiño por percorrer.

Pola súa banda, a norma vixente que regula a materia en Galicia, o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sinala no seu preámbulo que “a diversidade é unha realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e dos profesores, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada unha das alumnas e alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e a súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática”.

No seu art. 4 (principios xerais de actuación) regula que a “atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa (1)”, e que “na resposta educativa á diversidade se priorizarán as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores (5)”.

Na normativa galega estableceranse diferentes modalidades de escolarización; en primeiro termo en centros ordinarios (que ademais é “o referente básico a efectos da escolarización”, segundo o art. 17), nos que se poderán crear ou autorizar unidades de educación especial. Igualmente, determinados centros ordinarios poderán habilitarse, por parte da consellería con competencias en materia de educación, como centros de escolarización preferente. Tamén se poden escolarizar en centros de educación especial. Para os efectos de escolarización, as unidades de educación especial nos centros ordinarios terán a consideración de centros de educación especial.

En canto aos recursos materiais e persoais o Decreto 229/2011 sinala que se dotará aos centros educativos do equipamento necesario e dos materiais educativos específicos para atender as necesidades educativas da diversidade do seu alumnado; de servizos complementarios adaptados ao alumnado cando se determine a súa necesidade nos

³⁵ M. DEAÑO DEAÑO, *La Declaración de Salamanca sobre Necesidades Educativas Especiales 10 años después. Valoración y prospectiva desde Galicia*, en *La Declaración de Salamanca sobre Necesidades Educativas Especiales diez años después: Valoración y Prospectiva*. Publicaciones del INICIO, Instituto de Integración en la Comunidad, Universidad de Salamanca, 2004, pág. 111.

informes e/ou ditames que correspondan; que as instalacións e dependencias dos centros educativos serán accesibles para todo o alumnado escolarizado neles (art. 37). E que se establecerán os criterios prioritarios para a optimización dos recursos humanos na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo; os centros educativos contarán cos profesionais especializados necesarios para atender as necesidades do alumnado. Entre eses profesionais inclúese o profesorado de Pedagogía Terapéutica e /ou Audición e Linguaxe que se estableza de acordo co número de unidades; e no caso dos centros nos que o reducido número de unidades non supoña a provisión de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Linguaxe nos seus catálogos de postos de traballo, así como naqueles centros en que a dotación de dito profesorado non sexa suficiente para atender as necesidades educativas do alumnado, realizaranse dotacións excepcionais de profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou de Audición e Linguaxe de acordo co número de alumnado con necesidades educativas especiais, identificado polos servizos de Orientación, e co informe do Servizo de Inspección. Ao profesorado de apoio correspondente a estas dotacións excepcionais poderáselle encomendar a atención doutros centros, en réxime de itinerancia (art. 38).

En anteriores Informes ao Parlamento de Galicia sinalamos que a educación inclusiva esixe “uns medios técnicos e humanos que unha gran parte dos centros escolares non poden ofrecer ou fano de modo insuficiente” (Informe de 2010). Algunhas queixas poñen de manifesto dificultades para xestionar adecuadamente as necesidades. Estes alumnos, e en xeral todos os que teñen necesidades educativas especiais, “requiren unha dedicación moi intensa e persoal que, en non poucas ocasións, recae nos cuidadores dos nenos, aínda que a súa función non é docente. Estas situacións só poderían corrixirse cun incremento do tempo de dedicación de pedagogos terapeutas, de profesores de audición e linguaxe e de especialistas. A visión da administración educativa é outra, e os inspectores sinalan nos seus informes que se poñen todos os medios dispoñibles e que existe unha gran implicación dos profesores de nenos que teñen estas necesidades específicas de apoio (Q/2357/10)”.

Noutras ocasiónsponse de relevo o desacordo entre pais e administración sobre a identificación das necesidades educativas e das medidas que deben adoptarse. “Dedúcese unha clara diferenza na percepción do problema entre os pais, por unha parte, e os profesores, orientadores e inspección educativa por outra” (Informe de 2011). Por exemplo, uns pais denunciaron a falta de uso do caderno correo nun neno sen linguaxe oral, sendo este o único medio de comunicación regular diaria entre profesores e familia; a falta de información sobre as probas de avaliación e se deben reflectirse ou non documentalmente; ou a adaptación de materiais docentes ou os métodos de traballo. O Valedor do Pobo considerou moi positiva a implicación dos pais na integración e a obtención dos mellores resultados no seu desenvolvemento, polo que a administración debía estar especialmente atenta para facilitar a participación deses pais no proceso educativo do seu fillo (Q/1591/10).

Coñecemos casos nos que a administración rectificou a súa decisión inicial cando se apercebiu de que non adoptara a resposta máis adecuada ás necesidades do menor.

Noutros casos os problemas derivan do retraso na valoración das circunstancias e os apoios. Por un caso deste tipo o Valedor do Pobo formulou á consellería competente unha recomendación para que coa maior urxencia aplicara ao alumno os procedementos legalmente previstos para identificar as necesidades educativas que puidera presentar e poder fundamentar as decisións respecto de aspectos tales como a modalidade de escolarización máis adecuada, a elaboración de adaptacións curriculares, a determinación de recursos e apoios específicos complementarios, a orientación escolar e cantos outros aspectos puidese precisar para progresar no seu desenvolvemento; en particular, que o Equipo de Orientación Específico elaborase un informe psicopedagógico, de non facerse xa na data da resolución, e que se aplicasen as medidas necesarias para que en ningún caso se reproducisen as condicións educativas que presumiblemente provocaron os desaxustes detectados no alumno. Os pais do alumno debían ser informados de todo o proceso. A recomendación foi expresamente aceptada. Outra recomendación instaba a que todos os centros educativos tivesen instrucións para solicitar a intervención dos Equipos de Orientación Específicos cando os pais ou tutores legais dos menores informaran da existencia de diagnósticos médicos, sospeitas clínicas, avaliacións psicolóxicas ou, en xeral, informes privados de profesionais da saúde, coa finalidade de axustar a resposta educativa ás necesidades específicas de apoio destes alumnos e coordinar a actuación dos centros escolares e a das familias en aras do interese máis necesitado de protección, que é o dos menores. A consellería respondeu que os centros xa tiñan instrucións sobre o procedemento para demandar a intervención dos servizos de orientación, entre os que se inclúen os equipos de orientación específicos (Informe de 2011).

Como sinalamos no 2011, “a falta de profesorado de apoio é un tema recorrente”, agravado polas limitacións en materia de persoal e os horarios do profesorado especialista. A administración educativa está atenta ás medidas de reforzo educativo e procura dar aos alumnos a atención que está establecida para cada caso nos documentos técnicos; pero “para os pais, en múltiples ocasións, estas medidas son insuficientes, ben no tempo de dedicación do profesorado de apoio, nas condicións de impartición dese reforzo ou incluso no perfil mesmo dos especialistas. Na maior parte dos casos non se detecta un incumprimento ou unha actuación irregular por parte da administración e esta institución entende que o modo concreto en que tales medidas se implementan enmárcase dentro da potestade de autoorganización que ten a consellería para asignar e ordenar os seus recursos” (Informe de 2011).

Coñecemos a problemática situación dun alumno que non encontraba un centro escolar que contase con especialistas no seu trastorno de espectro autista. Autorizáronse diferentes cambios de centro, que era o que pedía a familia, aínda que con resultado insuficiente para ela. Trátase de alumnos e alumnas nos que a elección dun centro adecuado é esencial para que non se vexan constantemente alteradas as súas referencias escolares e se perturbe o seu progreso académico, o seu ritmo de aprendizaxe, os seus

hábitos de traballo e, en definitiva, a normalización da súa vida de acordo á súa idade. O Valedor do Pobo recomendou a reincorporación ao sistema escolar no centro máis adecuado segundo as súas características, que se adopten todas as medidas necesarias para darlle a resposta educativa máis adecuada, garantindo o compromiso do profesorado do centro de apoiar ao alumno nas súas necesidades específicas, derivadas do seu trastorno xeral de desenvolvemento, insistindo na vital importancia de protexelo no seu propio contorno. Así mesmo, convén que, segundo sinala o Decreto 229/2011 no seu artigo 42, o centro educativo colabore de forma estreita coa familia e cos orientadores e profesionais médicos, cunha comunicación fluída sobre a situación do neno, os seus progresos e os seus problemas. É necesario tamén que se extreme o control das súas relacións sociais no centro, corrixindo condutas de exclusión por parte dos seus iguais e, naturalmente, de agresión, de darse o caso. Na liña indicada por un especialista clínico, deberá traballarse a nivel psicoeducativo co profesorado, a través das canles propias de participación na xestión do centro, e co alumnado do centro, a través das titorías, para posibilitar un mellor coñecemento da problemática deste tipo de alumnos, o que redundará na calidade da convivencia no centro escolar. A recomendación foi expresamente aceptada (Informe de 2012).

Para facer efectivo o principio de inclusión a principal organización de promoción dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual en Galicia, FEAPS-FADEMGA, propón ás administracións a aplicación dos principios fundamentais da *European Agency for Development in Special Needs Education*, en particular o seguinte:

- Que amplíe as funcións dos centros específicos e os reconverta en centros de recursos e apoios á educación inclusiva (planificación a curto e a longo prazo de todas as formas e recursos de intervención).
- Que apoie experiencias inclusivas e promova plans piloto.
- Que promova redes de escolas.
- Que promova plans de formación.
- Que promova intercambios de experiencias e materiais entre escolas.
- Que promova plans de actividades extraescolares e coordinación entre elas.
- Que financie a educación especial en consonancia co seu obxectivo.
- Que controle e avalíe os resultados dos alumnos con necesidades especiais.
- Que promova actitudes positivas en educación.

- Que aproveite o potencial das TIC para reducir as desigualdades en educación e apoie a inclusión mediante a resposta ás necesidades específicas dos alumnos individuais.
- Que apoie a transición da escola ao emprego mediante unha lexislación clara en conexión co mercado laboral.
- Que dea autonomía aos centros no financiamento e no desenvolvemento do seu proxecto educativo.
- Que considere á Confederación FEAPS e ás Federacións das Comunidades Autónomas, entidades importantes e sexan o referente e o interlocutor coa Administración pública.
- Que asuma o seu modelo (de FEAPS-FADEMGA), escoite as súas contribucións e os invite a participar de forma activa no deseño da planificación da educación³⁶.

En Galicia, FADEMGA e o resto das entidades asociativas que defenden os dereitos das persoas con discapacidade intelectual deben considerarse interlocutores de primeira orde no deseño das políticas públicas en materia de educación inclusiva. Elas poden subministrar estratexias, centros ou medios de apoios neste ámbito aos diferentes centros educativos.

Resulta imprescindible a existencia de equipos específicos de intervención ou atención ás necesidades dos alumnos ou alumnas con discapacidade intelectual e que respondan ás demandas individuais de cada persoa. Iso implica ampliar o persoal especializado nos diferentes equipos de profesionais e nas administracións educativas, sociais e sanitarias.

Non podemos esquecer, por afectar de forma directa nas funcións do Valedor do Pobo, que FEAPS propón, como medida de fomento dos dereitos que tratamos, a posible creación da figura administrativa do *Defensor de la Persona con Discapacidad*, que sirva de mediador en cada comunidade nun ámbito inclusivo³⁷.

Como veremos ao analizar outros aspectos, especialmente o desenvolvemento dunha adecuada vida laboral das persoas con discapacidade, a orientación inclusiva ou especial da fase educativa inflúe de forma considerable no bo enfoque deses outros aspectos. As persoas que foron condicionadas na súa fase formativa por contornos pechados ou pouco integrados evitan de forma habitual a súa incorporación a proxectos de vida (laboral, de calidade de vida, cultura, ocio...) inclusivos ou normalizados. Como sucede con todos os seres humanos, a nosa educación e o modelo en que se desenvolveu vai condicionar o resto da nosa vida, polo que resulta esencial orientala de forma adecuada dende os comezos, na etapa formativa ou escolar.

³⁶ Documento *La educación que queremos*, FEAPS.

³⁷ Documento *La educación que queremos*, FEAPS.

Se a situación non comezou na etapa educativa dificilmente se vai conseguir nas seguintes. Compartimos con FEAPS que a misión de educar consistirá en “conseguir que as persoas teñan poder para, cos apoios necesarios, construír, despregar e defender o seu proxecto vital en contextos de convivencia xustos, contribuíndo á riqueza humana e á transformación cara a unha sociedade de excelencia moral”. “Non podemos esquecernos que unha educación inclusiva poderá promover vidas adultas inclusivas, do contrario será imposible pensar en proxectos persoais, en calidade de vida”³⁸.

Ademais, ao concluír o ciclo escolar para as persoas con necesidades especiais comprópanse dificultades moi características. Os menores discapacitados e discapacitadas intelectuais que antes se encontraban nun centro de educación especial chegan á maioría de idade –ou a prevista para a finalización da súa educación, no caso de discapacidade intelectual- e encontran obstáculos para que se lles asigne un recurso adecuado en centros ou residencias doutro tipo. O *risco de pasar a ser maior* faise patente debido ao déficit de recursos, tal e como apreciamos nalgunha queixa. Ese risco aprecíase con carácter xeral por todos os Defensores do Pobo, que sinalamos que ese tránsito pode acabar co menor “nunha situación de exclusión social” (XXVIII Xornadas de Coordinación de Defensores do Pobo; Taller 1), e resaltamos que os problemas provocados polo paso do sistema escolar ao social en parte se deben á falta de coordinación entre os centros de educación especial e os servizos sociais, o que dificulta o cambio ao cumprir os 21 anos.

O problema da escaseza de recursos específicos para mozos que inician a súa vida adulta non é exclusivo dos menores discapacitados ou discapacitadas, pero nos casos que analizamos ten un efecto particularmente adverso, tanto para as persoas con discapacidade como para a súa familia.

Como no caso dalgunhas adaptacións ou apoios, que en ocasións son insuficientes ou incluso se negan, outro coñecido problema no ámbito escolar vén dado pola falta de atención adecuada aos menores discapacitados ou discapacitadas en centros educativos públicos que necesitan atención médica (XXVIII Xornadas de Coordinación de Defensores do Pobo; Taller1). Prodúcese desviacións da responsabilidade a outros órganos dentro da mesma administración, algo pouco razoable. Se ben é certo que a fronteira entre o escolar, o sanitario e o social non parece doado de establecer nestes casos, non pode asumirse como consecuencia inevitable desa circunstancia a imposibilidade do exercicio do dereito fundamental á educación ou que este non se realice dunha forma inclusiva e sen discriminación. Forma parte das obrigas públicas adoptar as medidas que garantan a coordinación e eficacia no exercicio das súas competencias.

Outro problema que estamos a coñecer en materia de atención á diversidade refírese ao procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior. En certos casos non se fai efectiva a reserva do 10% para estudantes con

³⁸ Documento *La educación que queremos*, FEAPS.

discapacidade cando solicitan a praza na convocatoria de setembro. Acumúlanse as prazas non cubertas no prazo ordinario (xuño-xullo), excluindo a convocatoria de setembro. Os alumnos ou alumnas con discapacidade que solicitan praza neste período extraordinario (setembro) xa non gozan da porcentaxe de prazas reservadas.

9. A autonomía persoal, a atención á dependencia e a discapacidade intelectual

9. A autonomía persoal, a atención á dependencia e a discapacidade intelectual

a) A discapacidade intelectual e o desenvolvemento do sistema de dependencia

En materia de dependencia conséntanse carencias que afectan ás persoas con discapacidade intelectual. Aos abundantes e ben coñecidos problemas que se veñen facendo patentes con carácter xeral en relación coa aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (Lei de Dependencia), que resaltamos nos Informes Anuais dirixidos ao Parlamento de Galicia, únense outros que afectan de forma moi particular aos discapacitados e discapacitadas intelectuais.

Entre as situacións conflitivas que teñen que afrontar as persoas con discapacidade intelectual e as súas familias nesta orde destaca a difícil transición dalgúns deles dende a atención que recibían e que agora deben procurarse a través do sistema de dependencia. Ante calquera continxencia ordinaria (finalización do período de escolarización, interrupción involuntaria da prestación do servizo que tiñan, ou outras) fórmase a necesidade de renovar a situación administrativa que xa tiñan e que lles permitía ser atendidos adecuadamente. A administración reclama esa renovación de forma preceptiva por diferentes motivos, fundamentalmente polo modelo de financiamento do novo sistema, e os afectados afrontana coa certeza ou polo menos coa esperanza de que a súa situación só poida mellorar, algo que paradoxicamente en ocasións non sucede.

Algúns afectados consideran que para eles a aplicación, interpretación ou práctica que os órganos competentes están facendo da Lei de Dependencia non supuxo mellora algunha; como moito só observan unha simple revalidación da súa situación anterior. Os colectivos que traballan nos diferentes ámbitos da discapacidade intelectual teñen esta percepción; normalmente revalídase o insuficiente servizo que xa se tiña, sen complementalo cunha intensidade superior do servizo ou con novos servizos ou prestacións que melloren as circunstancias anteriores, algo que, como sinalamos, todos consideran que precisan.

Máis graves resultan os casos nos que se aprecia un retroceso. Entre as situacións máis conflitivas e asociadas ao actual tratamento da dependencia das persoas que integran o colectivo merecen especial mención os casos de empeoramento da atención derivados da aplicación do calendario de implantación progresiva da Lei de Dependencia, ou polo menos da súa interpretación. Ademais, a decisión de pospoñer a atención dos graos máis baixos de dependencia, primeiro dos dependentes severos e agora dos moderados, foi en aumento debido das sucesivas reformas da propia lei por medio dos Decretos-Leis para a redución do gasto orzamentario.

A esta *demora legal na atención á dependencia* engádese un constrinximento dos servizos sociais ordinarios que non se encadran no sistema nacional de dependencia, derivada fundamentalmente da limitación do crecemento orzamentario previsto para a súa

implantación; este fenómeno apreciámolo todos os Defensores do Pobo, como se puxo de manifesto nas XXVIII Xornadas de Coordinación de Defensores do Pobo (Taller I). A chamada *porta única* de entrada no sistema de atención, agora centrada principalmente no sistema de dependencia non era algo previsto legalmente senón máis ben unha consecuencia das restricións orzamentarias que sufrimos nos últimos tempos. Prodúcese o que algúns chamaron a *fagotización* dos servizos sociais por parte do sistema de dependencia, algo que - convén aclaralo- non é consecuencia da propia lei, senón da redución do crecemento global dos medios de financiamento no ámbito social previsto á hora de implantar a Lei de Dependencia, unha norma aprobada cun alto grao de consenso no seu momento.

As circunstancias descritas produciron un efecto indesexado, como é que se aprecien casos de ausencia ou retrasos de atención nos graos moderados de dependencia ou de retirada ou demora da atención que antes se daba con carácter xeral, como apreciamos nas queixas e confirmamos despois da súa investigación.

Noutros casos os afectados e afectadas aprecian un certo retroceso que vén dado pola retirada de axudas complementarias que antes prestaban determinadas entidades de carácter público ou privado. Algunhas pretenderon xustificar de forma inadecuada a retirada ou mingua das súas axudas co argumento de que coa aprobación e aplicación da Lei de Dependencia correspondía ao Estado, no seu conxunto (Administración Xeral do Estado, CC.AA. ...) e en exclusiva, a atención integral dos dependentes, entre eles os discapacitados e discapacitadas intelectuais, dado que, segundo expoñían, pasaba a ser unha función asistencial integramente pública. Así, por exemplo, algunhas persoas con discapacidade intelectual e que ao tempo sufrían outras discapacidades ou limitacións de carácter físico ou sensorial viron como a súa situación empeoraba debido á retirada das axudas complementarias que viñan prestando organizacións de axuda a determinados sectores.

Como veremos en detalle, fórmulanse problemas que resultan relativamente frecuentes, como a dificultade de valorar a dependencia de persoas pertencentes a este colectivo. Tamén resultan comúns outros, pero algúns foron evolucionando de forma positiva; antes eran frecuentes problemas relacionados co paso da idade escolar á adulta, en especial porque se observaron casos, agora reparados, nos que se valoraba como mal menor a prolongación da atención destas persoas nos mesmos centros ou polo menos nas mesmas instalacións, co que permanecían en gran medida subsumidos nun réxime de vida previsto só para os menores (ou excepcionalmente maiores) en idade escolar. Non se trataba de centros residenciais, de día ou ocupacionais adaptados á nova realidade da persoa adulta. Incluso se producían desaxustes entre a realidade e intensidade precisada e recoñecida no PIA, que moitas veces era de atención completa.

Ademais, o feito de que a Lei de Dependencia teña unha declarada vocación de *atención integral* tamén formulou problemas debido a inadecuadas interpretacións, en especial nos

casos en que o tratamento propio ou específico da dependencia se solapaba con necesidades de atención sectorial ordinaria, como nos casos de menores en idade escolar. Estes deberían ver satisfeito o seu dereito fundamental á educación (especial) recoñecido no art. 27 da Constitución sen que por iso perderan ou viran minguada a atención propia da súa situación como dependentes. A atribución de servizos ou prestacións mediante a confirmación dos centros que viñan atendendo aos escolares con necesidades específicas resultaba especialmente rechamante, posto que en realidade o servizo que se lles estaba prestando resultaba da efectividade do mencionado dereito fundamental á educación (especial), de carácter necesariamente gratuíto.

O art. 27 da Constitución sinala a estes efectos que todos teñen o dereito á educación, que a ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta, e que os poderes públicos garanten o dereito de todos á educación, mediante unha programación xeral da ensinanza, con participación efectiva de todos os sectores afectados e a creación de centros docentes. Por tanto, para estes casos requírese que a administración defina os servizos complementarios que se derivan da Lei de Dependencia e que se sumen aos propiamente educativos.

Debemos resaltar que os problemas apuntados non resultan da configuración legal das situacións que tratamos, en especial da aínda recente Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, senón da interpretación que se realiza da mesma, case sempre nun sentido restritivo. Como a ninguén se lle escapa, a iso non é alleo o grave momento de crise económica que atravesamos, que fai que as diferentes políticas públicas se apliquen cunha gran rigorosidade orzamentaria. Esta trae como consecuencia que en ocasións se observen interpretacións claramente inadecuadas da Lei de Dependencia ou prolongados incumprimentos dos dereitos que recoñece.

Outro factor negativo no sector é a xa aludida práctica das administracións, que acabaron no fenómeno que identificamos como *porta única* e na absorción de boa parte dos servizos sociais polo sistema de dependencia, o que, como xa apuntamos, non é responsabilidade desta, senón máis ben das restricións prestacionais das diferentes administracións. Como resaltamos nas XXVIII Xornadas de Coordinación de Defensores do Pobo (Taller I), os recursos que antes se xestionaban e financiaban a través dos programas sectoriais e sociosanitarios incorpóranse ao novo sistema de dependencia. Esta situación xerou o problema da adecuada atención das persoas con discapacidade non recoñecidas como persoas dependentes. “Estamos ante a xa aludida absorción por parte do sistema de atención á dependencia dos recursos antes previstos para a atención doutros colectivos. Na práctica, o acceso aos servizos residenciais de persoas con discapacidade física ou psíquica pasa inexcusamente pola súa valoración como dependentes ou, no mellor dos casos, por ter cursado unha solicitude para o recoñecemento da situación de dependencia”.

Por iso, en contra desta realidade debe afirmarse a necesidade de manter un alto nivel de atención social para calquera situación que non sexa de estrita dependencia ou que o sistema de dependencia aínda non asumira para prestarlle a debida atención. Conclúese que “a atención á dependencia non pode constituír a única vía de protección para todo tipo de colectivos en situación vulnerable e non debera acabar sendo a única resposta que queda agardar das Administracións públicas. Porén, nun contexto de severas restricións orzamentarias, a dependencia absorbe a maior parte do gasto en servizos sociais xerais. Neste punto constatouse unha preocupación común ao conxunto das Institucións polas consecuencias prácticas que esta situación van a implicar” (XXVIII Xornadas de Coordinación de Defensores do Pobo, Taller I).

b) A evolución da atención da discapacidade intelectual e os cambios que se producen coa aplicación da Lei de Dependencia.

A atención pública ás persoas con discapacidade intelectual non comeza coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Xa antes da entrada en vigor desta norma existían recursos públicos dedicados a este fin. Porén, a posta en marcha das diferentes previsións da Lei de Dependencia supón unha profunda transformación. En contraste co variado tratamento de moitos aspectos da dependencia ou da discapacidade que se daba anteriormente, a Lei de Dependencia conforma dereitos subxectivos para os que precisen para a súa atención de determinados servizos ou, excepcionalmente, de prestacións económicas. Así, as persoas recoñecidas formalmente como dependentes *terán dereito, con independencia do lugar do territorio do Estado español onde residan, a acceder, en condicións de igualdade, ás prestacións e servizos previstos nesta Lei, nos termos establecidos na mesma* (art. 4.1. LD). A universalidade, principio proclamado no artigo 3.1 b) da Lei de Dependencia, implica que todos os cidadáns nesta situación poderán acceder aos servizos e prestacións descritos na norma, sexa cal sexa a súa idade, a súa situación familiar, os seus recursos económicos e a causa da súa dependencia, e a resolución de recoñecemento da situación de dependencia *determinará os servizos ou prestacións que corresponden ao solicitante segundo o grao e nivel de dependencia* (art. 28.3 LD).

En contraste con esta formulación, coa entrada en vigor da Lei de Dependencia observáronse numerosas e graves disfuncións, entre as que cabe destacar o importante retraso dos procedementos, xa previstos con prazos moi amplos; a concesión de numerosas prestacións económicas en detrimento dos servizos previstos na Lei; e as discrepancias en canto aos medios financeiros dedicados á súa aplicación polas diferentes administracións protagonistas, en especial a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas.

Nos Informes ao Parlamento de Galicia de 2008, 2009, 2010, 2011 e 2012 dedicamos un amplo comentario aos problemas de aplicación da Lei de Dependencia en Galicia. Á vista das queixas dos cidadáns e sobre todo despois de investigar as súas circunstancias

concluimos que continúan os problemas observados dende hai tempo, sobre todo os abundantes retrasos na efectividade dos dereitos recoñecidos a través desta Lei. A gran maioría das reclamacións da área de servizos sociais refírense a diferentes aspectos da súa aplicación, sobre todo a retrasos e á falta de pago de atrasos en caso de falecemento do dependente despois do vencemento dos longos prazos que a administración ten para resolver.

Aos problemas xerais que afectan a todos os dependentes, no caso dos discapacitados e discapacitadas intelectuais debemos engadir unha serie de aspectos particulares que fan que a súa situación se agrave. Aos problemas de retrasos nos PIAs e escaseza de medios engádense outros específicos, como a dificultade de realizar unha adecuada evolución; os retrasos na adaptación das valoracións ou os PIAs ante a avaliación das situacións ou os diagnósticos clínicos; a interferencia entre a atención á educación especial e o tratamento da dependencia nos menores; a revalidación ou confirmación dun servizo que xa se tiña, sen servizos ou prestacións complementarias - o PIA atribúa o centro que xa viña atendendo ao dependente, que normalmente presta un servizo de intensidade limitada-; ou a limitación de axudas privadas ou institucionais, algo que xa apuntamos.

Ao respecto disto último ASPACE sinala, no seu documento *La Parálisis Cerebral en Galicia*, que nos entregaron na recente visita que fixemos a un dos seus centros, que a ONCE deixa de pagar os convenios dos seus afiliados a partir dos 18 anos, cando reciben a resolución de dependencia, polo que a solicitude de dependencia supón un claro prexuízo para os afiliados da ONCE, xa que lles están reclamando os importes pagados até agora, cunha importante diminución de ingresos, como reflicte a táboa que recolle o documento e que transcribimos a continuación.

Afiliados a ONCE en Centros ASPACE (datos 2012)

Nº AFILIADOS A ONCE	AMENCER		APAMP		ASPACE CORUÑA	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009
CENTRO EDUCATIVO	16	16	-	-	10	9
CENTRO DE DÍA	3	3	5	5	7	2
CENTRO OCUPACIONAL	-	-	-	-	-	-
RESIDENCIA	-	-	-	-	2	2
OTROS SERVICIOS	-	-	-	-	-	-
INCLUIDOS EN CONVENIO	18	14	3	1	19	13
IMPORTE DEL CONVENIO	97.015,33	71.378,37	2.251,98	773,16	91.245,60	57.136,66

Fonte: ASPACE Galicia.

Sinala ASPACE que “os convenios asinados entre as nosas entidades e a ONCE non eran para cubrir os servizos que coa lei de autonomía persoal asume a administración (ver táboa II), senón para facer fronte aos servizos que a maiores precisan as persoas con esta discapacidade engadida. En moitos casos as entidades precisan contratar a profesionais específicos para atender a estes usuarios, como é o caso de foniatras, logopedas..., así como dalgunhas adaptacións nos centros ou aulas nas que se traballa con estes usuarios”.

Servizos Incluídos nos Convenios con ONCE

Asociación APAMP Vigo	
Servizos recibidos CENTRO DE DÍA	
Fisioterapia Psicología Comedor Transporte Logopedia Traballo Social	Terapia Ocupacional Hidroterapia Servicio de respiro familiar Programa de vacacións Taichi Natación

Asociación AMENCER Vigo	
Servizos recibidos MEDIA PENSIÓN	
Fisioterapia Psicología Comedor Transporte Logopedia	Traballo Social Acompañamento Servicio Cuidadores Administración Outros servizos

Asociación ASPACE CORUÑA	
Servizos recibidos	
Fisioterapia Logopedia Comedor Transporte Pedagogía Traballo Social	Traballo Social Hidroterapia Cuidados básicos Alimentación Ocio Atención médica
Servizos recibidos en residencia	
Alojamento Ocio	Manutención Cuidados básicos

Fonte: ASPACE Galicia.

Esta realidade, que afecta a usuarios de diferentes centros e as súas familias, non só aos de ASPACE, foi confirmada pola nosa parte e trasladada á Consellería de Traballo e Benestar para que se abordase unha adecuada solución ao problema. Nun primeiro momento a ONCE non nos deu conta da solución dos casos coñecidos, pero a consellería, seguindo as indicacións das nosas recomendacións, levou a cabo xestións para procurar a súa solución, con algún resultado positivo, como nos indicou algún afectado. Porén, as medidas que se formularon foron alternativas, posto que ao parecer non se repuxeron as contribucións establecidas nos convenios, tal e como reflicte o documento de ASPACE, que fai referencia á situación en 2011.

c) Os problemas de avaliación da dependencia dos discapacitados e discapacitadas intelectuais

En diferentes ocasións encontramos unha certa frustración nos familiares de discapacitados intelectuais por esta materia. Quéixanse da avaliación de dependencia realizada ás persoas con discapacidade intelectual. A pesar de que se fai de acordo cos criterios da Lei de Dependencia, porén estas avaliacións non reflicten o grao real da persoa ao seu cargo. Esta disfunción confirmouse polos técnicos das asociacións que traballan no sector da promoción dos dereitos e a atención aos discapacitados e discapacitadas intelectuais. Afirmar que o problema non está tanto nas previsións legais, que si prevén que se aprecien as principais especificidades deste tipo de discapacidade, senón no modo en que se realizan as avaliacións, que en moitos casos non teñen en conta o grao de dependencia que se deriva das condicións dunha persoa con esta discapacidade.

No Valedor do Pobo vimos confirmando esta circunstancia dende hai tempo. Como conclusión dos moitos supostos observados, no último Informe Anual dirixido ao Parlamento de Galicia, o do 2012, sinalamos o seguinte:

Como apuntamos, as valoracións da discapacidade intelectual resultan cuestionables e a forma en que se realizan debería cambiar, procurando poñer o acento nos aspectos propios deste tipo de discapacidade para conseguir unha correcta valoración e atención; sería especialmente útil que os equipos contaran con expertos, algo que as asociacións de afectados e familiares reclaman. Poderían aportalos eles mesmos, co fin de garantir que non se dean novos casos de valoracións inexplicablemente baixas e que traen consigo as consecuencias (prexudiciais) apuntadas.

Na apreciación desta realidade coincidimos todos os Defensores do Pobo; á marxe das indicacións individuais realizadas por cada institución, nas conclusións do Primeiro Taller das XXVIII Xornadas de Coordinación de Defensores do Pobo todas as institucións acordamos deixar patente que se observa unha clara confusión entre o mundo da dependencia e o da discapacidade. “Iso implica que neste momento se estea producindo unha falta de atención temperá a determinadas discapacidades como consecuencia da baixa valoración que reciben cando son examinadas no marco do recoñecemento dunha

situación de dependencia, ao que se une a estrita aplicación do calendario de efectividade progresiva da Lei de Dependencia.”

Segundo indican os técnicos das asociacións de discapacitados e discapacitadas intelectuais, nesta avaliación insuficiente inflúen moitos factores. Entre eles destaca que a maioría das avaliacións se refiren a aspectos físicos ou de estrita mobilidade, que non necesariamente encaixan nos problemas de dependencia que condicionan a vida dos discapacitados intelectuais; ou que as avaliacións se realizan fóra do contorno habitual do discapacitado ou discapacitada intelectual, o que dificulta a valoración dos aspectos propios da discapacidade intelectual e leva a resultados inadecuados (así o indicaron técnicos de FADEMGa na entrevista mantida o 16 de setembro de 2011).

A Lei de Dependencia establece un baremo que ten en conta as particularidades tanto físicas como intelectuais das persoas dependentes. Establece criterios propios para avaliar estes últimos. Porén, a realidade é que os resultados das avaliacións en materia de discapacidade intelectual non resultan satisfactorios. Iso repercute gravemente na atención dos afectados por razóns que non responden a imperativos de orde legal, senón máis ben á práctica que se segue. Efectivamente, se as valoracións son baixas, a consecuencia inmediata será que a atención do discapacitado ou discapacitada intelectual posporase até tanto se atenda aos que resultaron recoñecidos cun grao e nivel máis alto. Con frecuencia a Consellería de Traballo e Benestar sinala que se segue a orde de prelación establecida, que dá prioridade ás persoas dependentes con maior grao e nivel de dependencia e menor capacidade económica, en función da dotación orzamentaria existente. Prodúcese retrasos considerables nos expedientes de dependencia severa ou moderada, polo que se a persoa con discapacidade intelectual non é valorada como gran dependente tardará moito tempo en recibir o seu Programa Individual de Atención ou PIA, algo que non debería producirse en ningún caso, pero que sen dúbida resulta máis prexudicial no caso dos discapacitados ou discapacitadas intelectuais, que precisan unha atención temperá e sen interrupcións indebidas.

Esta circunstancia - o retraso no PIA das persoas con discapacidade intelectual con valoración baixa- non resulta de gravidade nos casos nos que a atención das súas necesidades xa viña dándose antes da Lei de Dependencia, como sucedía na maioría dos casos. Neles non se interrompe o servizo e o PIA pendente xeralmente só ía revalidar a atención que xa se estaba recibindo. En cambio, si resulta prexudicial nos casos pendentes que afectan a bebés, nenos ou nenas nados despois da Lei de Dependencia; nos casos que aínda non tiñan atención cando entrou en vigor a Lei; ou nos de cambios de circunstancias persoais, xeralmente cambios de residencias ou de necesidades, que dan lugar a que se esixa un novo servizo ou PIA.

Resulta moi significativo o expresado nas diferentes queixas que a continuación comentamos en detalle. Na Q/1166/11, que tivo os seus antecedentes en queixas anteriores, como as Q/175/10 e Q/2028/10, tratouse o suposto dun neno que nada máis

nacer sufriu complicacións de saúde e que con tres anos foi diagnosticado cun trastorno xeneralizado da conduta. No 2008 recoñecéuselle un grao II e nivel 1. Depende da súa nai para todo - ir ao baño, ducharse, atarse os zapatos, para ver a hora, saber qué día é... -; está sempre ao seu carón, pendente del as vinte e catro horas do día, polo que deixou de traballar. Resalta que esperas como as que sofre resultan moito máis prexudiciais para nenos que padecen trastornos similares ao seu, posto que durante ese tempo non recibe apoio, estímulos, tratamento e coidado; é un ano perdido e irrecuperable. Non lle aprobaron o PIA aínda debido á suposta prioridade dos que teñen máis grao e nivel, pero é evidente que o seu fillo precisa axuda. Non dubida de que os profesionais que valoraron o seu fillo fixeron o seu labor de maneira impecable, “pero o que falla é o tipo de proba, que quizais teñan que cambiar para este tipo de problemas (intelectuais ou conductuais), para que sexa máis xusta e se corresponda coa realidade”. Nas queixas anteriores a Consellería de Traballo e Benestar comprometérase a unha solución, pero entón aínda non se producira. Advertimos á consellería que respecto do grao de dependencia nos podíamos atopar ante un suposto de valoración inadecuada das dependencias de tipo intelectual, o que habería que aclarar para garantir os dereitos e intereses do afectado e da súa familia, circunstancia que non coñecemos, como tampouco coñecemos a aprobación do PIA pendente en función do grao e nivel aprobado.

Na Q/1115/11 tratamos o caso dunha adulta con parálise cerebral á que se recoñeceu o grao II e nivel 1 no 2008, pero cuxo PIA aínda non se aprobara, a pesar do moito tempo transcorrido. Esta persoa viviu en Pamplona, onde acudía a un centro de día da Cruz Vermella, pero dende que a recolleron as súas tías, que viven no medio rural, non acode a ningún centro. Encóntrase gran parte do tempo en cadeira de rodas e por tanto apenas ten autonomía. Unha vez confirmadas as circunstancias mencionadas formulamos unha recomendación á Consellería de Traballo e Benestar para aprobar urxentemente o PIA pendente e comezar a atender de forma adecuada á afectada, que foi aceptada.

Apreciamos que, sen desmerecer os criterios técnicos aplicados polos profesionais que realizan a avaliación, non se aclarara suficientemente até qué punto se tiña en conta que determinados motivos de dependencia non son asimilables aos comúns e dependen de cuestións como a imprevisibilidade da conduta ou outras propias da discapacidade intelectual.

Non se coñecía que estes factores, de gran relevancia, se tivesen en conta na medida adecuada á hora de valorar ás persoas con esa discapacidade. Tampouco parecían terse en conta as particularidades do seu contorno e o resto das circunstancias propias que fan precisa unha atención adecuada de calquera forma de discapacidade intelectual. Por iso, a falta dunha explicación suficiente, durante un tempo seguimos insistindo ante a consellería para que as valoracións dos graos e niveis (agora só os primeiros) de dependencia que correspondesen ás persoas con discapacidade intelectual se realizaran de tal forma que se tivesen moi presentes as súas particularidades e para que se acelerasen os PIAs, fosen cales fosen os resultados das valoracións.

Como colofón das actuacións descritas iniciamos unha queixa de oficio (Q/665/13) co obxectivo de realizar unha síntese de todos os argumentos a favor da necesaria mellora das valoracións. Indicamos á Consellería de Traballo e Benestar que diferentes fontes relacionadas coa atención á discapacidade intelectual apuntaban á necesidade de mellorar as valoracións de dependencia desas persoas. As organizacións que traballan neste ámbito subliñan que as valoracións da dependencia non se axustan ás necesidades das persoas con discapacidade intelectual debido a que se enfocan ás capacidades físicas. Sería necesario identificar as necesidades da persoa con discapacidade intelectual e que os equipos de valoración contén con profesionais con coñecementos nesa específica discapacidade. As situacións de dependencia recoñecidas (graos) non se axustan en moitos casos coa realidade dos beneficiarios, detectándose valoracións que non se corresponden coas necesidades reais dos beneficiarios. En ocasións saen valoracións que non permiten atender a estas persoas.

Como posición institucional subliñamos que as valoracións inadecuadas fan que non se atenda a moitos discapacitados e discapacitadas intelectuais debido ao seu rexeitamento como dependentes ou a que se clasifican como dependentes moderados. Porén, o calendario de efectividade dos diferentes graos e niveis de dependencia non debería interpretarse como unha habilitación para a non atención ou para interrompela. Este tipo de discapacidade detéctase a idade temperá, precisa atención tamén temperá e afecta ao longo de todo o ciclo vital. Xa antes da entrada en vigor da Lei de Dependencia recoñecía tal cousa e as persoas eran normalmente atendidas, polo que a nova lei non pode interpretarse como un retroceso no modelo de atención a estes discapacitados, os que precisan máis solidariedade debido ás súas circunstancias.

Ante a posición da consellería, que defendeu o método de valoración actual, por entender que respondía á normativa vixente (de carácter estatal), recomendamos o seguinte:

Que se habiliten os medios que permitan corrixir algunhas valoracións de dependencia que afectan a discapacitados intelectuais e que resultan demasiado baixas, e que para iso entre outras circunstancias se examine a conveniencia, e incluso a posible necesidade legal, dada a redacción dos preceptos citados do Real Decreto 174/2011, da participación nas valoracións, especialmente nas entrevistas e na aportación de documentos, de técnicos de asociacións de apoio a cada un dos colectivos de discapacidade intelectual (autismo, síndrome de Down...), que poden aportar algúns aspectos de forma complementaria e orientativa que se engadan aos xa manexados polos membros comúns dos equipos, dada a especialización daqueles e/ou o seu coñecemento individual da situación e as necesidades de apoio destes discapacitados.

Indicamos á consellería que se ben o seu criterio resultaba acorde coa legalidade, porén tamén observamos que a propia normativa que citaba daba unha marxe de mellora nas prácticas administrativas que resultaría moi útil e incluso necesario no caso das valoracións das discapacidades intelectuais. Nas previsións de valoración contémpanse as

circunstancias específicas das *funcións mentais* en sentido amplo (... “casos de persoas cunha condición de saúde que poida afectar ás funcións mentais”... “no caso de persoas con condicións de saúde que poidan afectar ás súas funcións mentais, empregaranse ademais os pesos da “escala específica” (Anexo B), seleccionando como puntuación final do BVD aquela que sexa máis elevada”). Pero o certo é que a maioría das circunstancias a valorar seguían referidas fundamentalmente a aspectos de carácter físico, o que provocaba unha evidente dificultade á hora de aplicar unha xusta avaliación deste tipo de dependentes.

Se ben é certo que a consellería “non pode modificar o baremo para a valoración da situación de dependencia”, tal e como afirmou, si pode promover un certo perfeccionamento no relativo á súa aplicación polo equipo correspondente, e de feito así o sinala o propio Real Decreto 174/2011, pensando precisamente na dificultade intrínseca e inevitable que terán estas valoracións. No Real Decreto indícase que “a aplicación do BVD fundamentarase nos correspondentes informes sobre a saúde da persoa e sobre o seu contorno habitual, así como na información obtida mediante a observación, a comprobación directa e a entrevista persoal de avaliación levadas a cabo por profesional cualificado e formado especificamente para iso. Ademais, se o informe de saúde documenta deficiencias nas funcións mentais e/ou limitacións na capacidade de comunicación que poidan interferir na entrevista, esta deberá completarse coa participación doutra persoa que coñeza ben a situación...”.

A solución habilitada e incluso orientada pola norma citada resulta moi adecuada e debería concretarse, na liña do reclamado polos propios afectados, na súa participación (co apoio dos seus representantes) e fundamentalmente dos técnicos das asociacións de apoio a cada un dos colectivos de discapacidade intelectual (autismo, síndrome de Down...) como participantes “que coñecen ben a situación”.

As baixas valoracións observadas nalgúns casos até agora poden corrixirse polo medio expresado, que non só se encontra a disposición da administración, senón que, como se expresa no Real decreto, parece un deber nos casos en que, dadas as circunstancias expresadas, resulta adecuado para facer unha boa valoración. É evidente a necesidade de que nas valoracións estean presentes os pais, nais, titores, titoras ou representantes, como persoas que teñen a función legal de defensa dos intereses dos discapacitados ou discapacitadas e que ademais coñecen mellor que ninguén as circunstancias cotiás deses dependentes; porén, non son profesionais que poidan valorar os aspectos técnicos do problema que se está avaliando, polo que a súa contribución debería complementarse coa de profesionais que coñecen as especificidades da persoa que se valora e poden aportar algúns aspectos de forma orientativa, que se engadirían aos manexados comunmente polos equipos. Estes complementos poden resultar moi adecuados, dada a especialización dos técnicos, por un lado, sobre todo, polo coñecemento individual da situación e as necesidades de apoio das persoas con discapacidade intelectual coas que traballan.

A liña de actuación recomendada reafirmase polo Real Decreto 174/2011 ao indicarse que as persoas con discapacidade intelectual, enfermidade mental e outras condicións de saúde que afecten ao funcionamento mental requiren unha entrevista máis prolongada, e resulta clave a coordinación cos equipos da saúde que figuran como referentes nos informes. Así mesmo, os criterios de aplicación sinalan novamente que se o informe de saúde acredita deficiencias nas funcións mentais e/ou limitacións na capacidade de comunicación que poidan interferir na entrevista, esta deberá completarse coa participación doutra persoa que coñeza ben a situación.

A Consellería de Traballo e Benestar aceptou a recomendación. Sinalou que nos casos en que proceda en relación ás valoracións de persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, os informes dos técnicos das diferentes asociacións e entidades xestoras de centros e servizos especializados nos distintos tipos de discapacidade (autismo, síndrome de Down, dano cerebral, etc.) que traten ao interesado ou interesada, ou incluso a súa presenza na entrevista no domicilio xunto cos pais e nais, pode aportar un evidente valor engadido ao proceso de valoración, que non ten porqué incidir na obxectividade e rigor do valorador na aplicación dos diferentes ítems a valorar en aplicación do BVD. Engádesse que se dá traslado da recomendación aos órganos de valoración da dependencia para que complementen as súas valoracións cos informes dos técnicos das entidades que, en cada caso, traballan e participan no desenvolvemento e atención da persoa con discapacidade, ou ben, coas súas impresións, no caso que estes acompañen aos pais no momento da entrevista, como xa se vén facendo; e para que tamén o teñan en conta á hora de facilitar a información aos interesados. Finalmente a consellería sinala que tamén se está estudando a posibilidade de especializar aos valoradores, determinando o seu perfil segundo a condición de saúde e a idade das persoas a valorar.

Na mesma liña expresada maniféstanse os autores que estudaron o problema que tratamos. CUENCA GÓMEZ sinala ao respecto que “de novo en sintonía co enfoque médico, o tratamento dos dereitos na LEPA (LP) céntrase, a pesar dalgunhas das súas proclamacións, no dereito ao acceso a unhas prestacións e uns servizos deseñados dende un enfoque predominantemente asistencialista sen que se establezan medidas orientadas a promover a autonomía e a vida independente e a garantir o goce e exercicio de todos os dereitos en condicións de igualdade tal e como reclama a Convención. Este enfoque está tamén presente na definición das denominadas «actividades básicas da vida diaria» que xogan un papel central na determinación dos graos de dependencia e que engloban *«aquelas tarefas máis elementais da persoa, que lle permiten desenvolverse cun mínimo de autonomía e independencia, tales como o coidado persoal, as actividades domésticas básicas, mobilidade esencial, recoñecer persoas e obxectos, orientarse, entender e executar ordes ou tarefas sinxelas»*. Como sinalaron Rafael de Asís e M. Carmen Barranco, a interpretación da normativa española á luz da CIDPD esixiría cambiar este concepto tan restritivo - que resulta, ademais especialmente excluín-te para as persoas con discapacidade mental- polo de «tarefas máis elementais da

persoa» que debería incluír todas aquelas que sexan necesarias para o exercicio dos dereitos.”³⁹.

d) As consecuencias das baixas valoracións de dependencia de discapacitados e discapacitadas intelectuais e da inadecuada aplicación do calendario de implantación progresiva da Lei de Dependencia

Como vimos indicando, a valoración do nivel de dependencia moderada de persoas con discapacidade intelectual non resulta inocua. Á marxe de que nalgúns casos resulta cuestionable e da necesidade de mellorar a forma de avaliar as persoas afectadas, como expuxemos no anterior punto, o máis urxente é prestar dende o primeiro momento unha atención adecuada, sen demoras indebidas e inxustificadas en termos legais, á marxe da valoración de dependencia que se reciba.

A consellería argumenta con razón que o calendario de aplicación progresiva da Lei de Dependencia obriga a demorar a atención dos valorados con menor grao, algo que aínda hoxe, sete anos despois da entrada en vigor da lei, afecta aos dependentes moderados, moitos dos cales se atopan á espera de recibir atención. En consecuencia, interpreta que non resulta legalmente posible a atención dos discapacitados ou discapacitadas con menor grao de dependencia.

En contra desta interpretación, pola nosa parte indicamos en diferentes ocasións á consellería que o calendario non debe entenderse aplicable ás persoas que xa recibían atención con anterioridade á entrada en vigor da lei. Esta non debe interpretarse como unha norma que abra a porta a retrocesos na atención. Pola contra, ao tratarse dunha norma claramente ampliadora dos dereitos e do marco de atención individual que se deriva daqueles, a súa implantación non pode deixar sen apoios, axudas ou servizos aos colectivos especialmente vulnerables e que por tal motivo xa eran atendidos antes.

Se a administración competente entende que non existe a posibilidade legal de prestar atención no actual marco do sistema de dependencia, entón a atención debería prestarse a través dos sistemas xa habilitados con anterioridade, é dicir, descartando que aquel sistema se constituía en porta única dos apios e os medios de atención. O que en ningún caso parece admisible é deixar de atender ás persoas pertencentes a este colectivo co argumento inadecuado de que están temporalmente excluídos do modelo de dependencia, posto que nese caso deberían ser atendidos a través de calquera outro medio público adecuado, como se fixo desde moito antes da entrada en vigor da Lei de Dependencia.

³⁹ P. CUENCA GÓMEZ. *Los derechos fundamentales de las personas con discapacidad. Un análisis a la luz de la Convención de la ONU*. Ed. Universidad de Alcalá de Henares-Defensor del Pueblo, 2012. páx. 183.

A argumentación da administración que conduce a este importante problema é viva mostra dun fenómeno que tivemos ocasión de tratar: a práctica absorción da maior parte das políticas sociais de atención á discapacidade polo novo sistema de dependencia. Porén, esta *precarización* de programas complementarios non é produto ou consecuencia necesaria da Lei de Dependencia, senón máis ben froito de la limitación dos recursos financeiros desas políticas complementarias. Esa limitación non permite cumprir evidentes deberes de atención, que hoxe se postergan no modelo de servizos sociais.

O sucedido co caso coñecido na queixa Q/702/12 resulta ilustrativo das posibles consecuencias dunha clasificación insuficiente. A filla do reclamante recibira atención adecuada nun centro ocupacional (ASPAVI, en Pazos de Borbén) durante sete anos. Alí padeceu un problema psiquiátrico que obrigou o seu ingreso e tras superar o problema encontrou praza noutro centro ocupacional, pero coa exigencia de “pasar por dependencia”. Tras valorala outórganlle un nivel I, a pesar de que non debe estar soa ou desatendida en ningún momento. Concluiron que non tiña dereito a ningunha axuda, algo que o pai razoablemente rexeita con firmeza. A súa filla estaba sen atención, a pesar de que tanto o psiquiatra como o neurólogo sinalaron que debía ser atendida nun centro o antes posible, o que acreditou mediante documentos que presentou na solicitude de dependencia. Ante esa situación indicamos á Consellería de Traballo e Benestar que debía prestarlle a atención demandada. Xa antes tiña unha discapacidade psíquica (65 %) e se encontraba atendida nun centro sostido con medios públicos. A entrada en vigor da Lei de Dependencia non podía interpretarse como un retroceso na atención, senón todo o contrario.

O calendario de implantación progresiva da lei non debería ser aplicable a estes casos, nos que a atención se dá dende antes. A atención debe adaptarse ao novo sistema, pero sen retrocesos nos servizos xa recoñecidos. Incluso no caso de novas incorporacións de discapacitados ou discapacitadas intelectuais con valoración baixa (e cuestionable, como subliñamos), non poden ser desatendidos debido á súa evidente prioridade. Preténdese xustificar a desatención coa valoración baixa e a implantación progresiva da Lei de dependencia. Porén, os discapacitados e discapacitadas intelectuais precisan atención adecuada durante toda a súa vida, polo que o calendario de implantación progresiva non pode influír á hora de decidir sobre a súa atención temperá, a súa atención escolar especial e o servizo que de forma individual resulte adecuado para eles na idade adulta.

O criterio que se nos trasladou só podía explicarse pola inadecuada valoración da persoa con discapacidade intelectual (algo que xa puxemos de relevo en diferentes ocasións e que debe corrixirse), pola inadecuada interpretación do calendario de implantación progresiva da Lei de Dependencia para as persoas xa atendidas (como era o caso), ou pola desaparición de medios de atención social alternativos á dependencia, como tamén expuxemos, algo claramente rexeitable. As persoas con discapacidade intelectual precisan atención preferente, polo que ningunha das circunstancias expresadas pola administración pode ser válida para deixar de atendelas.

Levado ás súas últimas consecuencias, o criterio exposto leva a empeorar a situación dos discapacitados e discapacitadas atendidos antes da efectividade da Lei de Dependencia, sobre todo os discapacitados e discapacitadas intelectuais, posto que de acordo con ese criterio estes e estas deben deixar de ser atendidos nos centros nos que tiñan a súa praza ou noutros que os substitúan por motivos xustificados se a valoración implica a non atención, de acordo co calendario de aplicación progresiva da propia Lei de Dependencia.

Polo exposto no seu momento recomendamos á Consellería de Traballo e Benestar o seguinte:

Que con urxencia se resolva o outorgamento dun servizo adecuado para a atención da situación de discapacidade intelectual e dependencia da afectada polo tratado na presente queixa, de tal maneira que non se produzan desatencións inadecuadas que lle prexudican.

Os detalles da recomendación poden consultarse no Anexo I.

Algunhas entidades de promoción dos dereitos e atención ás persoas con discapacidade intelectual poñen o acento nas consecuencias que teñen as valoracións ou revisións inadecuadas. Así, DOWN GALICIA sinala (*Informe de situación Movimiento Down Galicia para Valedor do Pobo*) que “estanse realizando de oficio as revisións de valoración de dependencia de usuarios que implican unha baixada considerable na valoración inicial realizada (por exemplo, de grao II-nivel II pasan ao grao 1-nivel I), cando se detecta que as necesidades reais de apoios son coincidentes coa valoración inicial e na segunda valoración quédase por debaixo das necesidades reais (Santiago, Ourense). Detéctanse diferenzas considerables e non xustificadas nas valoracións de dependencia entre as distintas delegacións territoriais e incluso nas mesmas delegacións territoriais entre os distintos usuarios, non correspondéndose coas súas necesidades reais e coherente co grao de discapacidade recoñecido”.

e) O dereito aos apoios e á atención adecuada e individual

A determinación e implantación dos apoios e servizos adecuados en razón das circunstancias individuais da persoa é aínda máis importante que a avaliación dirixida ao establecemento do grao de dependencia ou do nivel de discapacidade. Sexa cal sexa a atención que estea recibindo a persoa no momento en que se promove o procedemento de dependencia, este debe servir de instrumento útil, xunto con outros, para determinar a planificación e o desenvolvemento dos apoios necesarios, a través do programa de atención individual ou PIA ou de calquera outro que cumpra ese mesmo obxectivo individualizador, se é que se acode a instrumentos alleos ao sistema de dependencia. Debe procurarse unha adecuada planificación das necesidades do individuo nas áreas en que se precisa apoio, como a educación, a seguridade, a saúde ou a conduta.

En materia de dependencia, a programación individual non debería limitarse a formalizar a atención xa recibida, a *revalidala* no ámbito da nova normativa da dependencia, como comprobamos que sucede nalgúns casos. O procedemento de análise debería ser propicio para adaptar a atención ás necesidades comprobadas. En definitiva, a avaliación debe dirixirse á adecuada planificación dos apoios, non a outros obxectivos secundarios ou instrumentais. Esta forma de actuar posibilita a mellora dos servizos en curso e a elección individual dos apoios para asegurar os dereitos das persoas con discapacidade intelectual. Deben coñecerse as necesidades individuais para incluílas no PIA correspondente, e se non están a disposición nese momento, entón deben incluírse nunha planificación que permita dar tales apoios no futuro a través dos plans ou programas de promoción dos dereitos.

A pesar da necesidade de avaliar as necesidades individuais e do dereito a que se proporcionen os apoios e servizos máis adecuados establecidos por profesionais ou técnicos, en ocasións as familias trasladánnos supostos nos que temos que concluír que a atención máis conveniente non é a asignada.

Comprobámolo no caso que afectaba a unha persoa con Trastorno de Espectro Autista (TEA). Coñeceuse a súa mala situación no centro en que se encontraba; non contaba con calendario de atención completa, polo que nos longos períodos que tiña que pasar na casa producíanse graves descompensacións e ingresos hospitalarios por problemas psiquiátricos e momentos de *heteroagresividade*. A administración recoñeceu a situación e despois da nosa intervención buscou un centro onde a persoa puidese recibir atención permanente. Porén, enviouna a un centro no que non recibiu apoios ou servizos especializados e que por tanto non resultaba adecuado para as súas especificidades, como recoñeceu o propio centro cando lle requirimos información. Esa asignación de centro trouxera como consecuencia que a persoa estivera padecendo consecuencias negativas. Efectivamente, a consellería indicou que se lle concedía o Centro “Souto de Leixa” en réxime de internado os 365 días do ano, con períodos de estancia na súa casa a demanda dos pais, co que se daba solución á reiterada petición dun centro aberto todo o ano. O centro cumpría o requisito de ter atención en réxime de internado todo o ano, pero non é un centro específico de atención ao autismo, aínda que entre os seus usuarios hai persoas con trastorno de espectro autista. Foi ingresado alí sen valorar adecuadamente todas as consideracións específicas ou individuais, a pesar de que anteriormente se avaliou outro centro público a eses efectos, o Santiago Apóstolo de A Coruña, e non se considerou adecuado por circunstancias persoais do afectado.

A súa familia reclamou insistentemente o ingreso nun centro residencial dependente da Fundación MENELA, máis especializado en apoios e servizos adecuados para persoas con TEA e con atención os 365 días do ano. A petición non foi atendida por falta de praza vacante; o centro ten 41 prazas autorizadas en residencia e 3 son de emerxencia social, pero están todas ocupadas. Dispoñen de 4 prazas vacantes, pero de carácter privado. Precisa un centro adecuado ás súas necesidades e a propia consellería sinalou que ese centro pode ser o de MENELA, pero non hai prazas. Porén, pola nosa banda apreciamos que podería tratarse dun asunto de emerxencia, como se expresou ao coñecer a primeira

queixa da familia, ou que no centro existen prazas, pero non se ofertan pola administración por considerarse privadas.

Ao respecto da primeira circunstancia - non existencia de prazas de emerxencia social suficientes porque só son 3-, concluímos que existía un erro de formulación. A diferenciación de prazas comúns e de emerxencia, limitando o número destas, resulta claramente inadecuado, posto que en ningún caso se deduce da norma que tal circunstancia –a emerxencia- deba verse condicionada por unha limitación de prazas a outorgar por ese motivo. Do previsto no art. 16 do Decreto galego 15/2010 dedúcese máis ben o contrario; sinala que a tramitación dos procedementos en supostos de emerxencia social terá prioridade por razóns como unha situación de desamparo ou abandono, malos tratos físicos e/ou psíquicos, ou unha situación de risco grave inminente para a súa integridade física e/ou psíquica. Polo tanto, a valoración da prioridade debe referirse ao conxunto dos procedementos e, para o caso de corresponder servizos, para a asignación de todas as prazas, sen límites derivados da cualificación de *prazas para emerxencias*.

No relativo á presenza de prazas privadas ou non concertadas, poden ser tidas en conta para os efectos que tratamos por medio das libranzas, no caso de resultar posible para a familia asumir o resto do custo, o que debería consultarse. É posible aumentar o número de persoas en función das ratios, pero tal cousa non se fixo. E dada a posibilidade de demanda lexítima dunha libranza, parece económica e racionalmente máis adecuado ampliar o concerto para o uso das prazas que están desaproveitadas e que precisan de forma perentoria esta e outras persoas con TEA.

Todo iso levou a que recomendásemos á Consellería de Traballo e Benestar o seguinte:

Que con urxencia e de forma prioritaria se asigne unha praza de atención adecuada para as circunstancias individuais que afectan ao dependente, con trastorno de espectro autista e problemas específicos de agresividade que lle afectan a el e á súa familia, do que se deduce que se trata dun caso de emerxencia social e que precisa unha atención inmediata no concreto centro que se determinou pola propia consellería, o da Fundación Menela, ou, de existir, noutro de similares características.

O texto completo no que se dá conta pormenorizada do suposto examinado e das conclusións que trasladamos á consellería pódese consultar no anexo I.

Noutros casos os apoios e atención adecuados reclamábanse debido á prestación de servizos afastados das necesidades individuais debido ás *malas transicións* da etapa escolar á adulta, algo que xa apuntamos.

O primeiro problema que se xera nesas *transicións* é a incerteza sobre a atención a recibir cando remata a idade escolar, derivada dos amplos retrasos que sofren os expedientes de dependencia. Na queixa Q/323/12 un pai manifestaba que o seu fillo, con unha

discapacidade do 85 %, escolarizado en Vigo, acababa de cumprir 20 anos e estaba en lista de espera para acceder a unha praza nun centro de día, xa que a partir do ano natural en que ía cumprir os 21 anos non podía ver prolongada a súa escolarización. O pai formulábase con gran inquietude qué facer co seu fillo a partir dese momento, sinalando que a administración non confirmaba a dispoñibilidade de praza nin permitía que permanecese no anterior centro, polo que reivindicaba os dereitos do seu fillo. Estaba conforme coa atención que recibía no seu actual centro, razón pola que propoñía unha posible prórroga até que no futuro puidese trasladarse ao centro adecuado que finalmente se proporcionara.

Por motivos relacionados coa *transición* tamén recibimos queixas procedentes sobre todo de usuarios do centro de educación especial *Terra de Ferrol*. O principal motivo de queixa era a utilización do mesmo por persoas en idade escolar (especial) e ao tempo por persoas maiores, sen que estas conten cunha atención específica que se poida asimilar á dun centro de día, como correspondería. A situación ocasionaba un dobre problema; por unha parte dábase unha mestura inadecuada no servizo prestado aos dos colectivos heteroxéneos, e por outra os maiores de idade recibían apoios e servizos inadecuados para a súa discapacidade e dependencia, posto que non se encontraban nun verdadeiro centro de día.

Ao respecto do problema recibimos a queixa Q/204/08, promovida pola asociación de pais usuarios do centro ocupacional Carmen Polo - a súa anterior denominación-, e outras. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria confirmou o problema, consistente na permanencia nun mesmo espazo de alumnos en idade escolar e adultos que deberían encontrarse noutro tipo de centro con servizos diferenciados. Esta circunstancia foi comprobada por esta institución o 3 de xuño de 2010, cando realizamos unha visita ao centro e nos entrevistamos co seu responsable e con algúns pais e nais.

A administración informou de que o centro dependía exclusivamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pero *encóntrase nun proceso de transformación tanto nas súas instalacións como no seu réxime xurídico para solucionar o problema que confirmáramos. Foi creado para menores en idade escolar, pero como non existía outro tipo de instalacións foi asumindo alumnos de maior idade, sinalábase. Finalmente as xestións deron froito e decidiuse desdobrar o centro en dous, un dedicado a alumnos e alumnas en idade escolar (centro de educación especial) e outro para adultos e adultas con discapacidade intelectual.*

Aínda que coincidíamos na necesidade do cambio, o proceso creou certa incerteza en canto á situación de parte do persoal (no centro traballaba un colectivo de 150 persoas que tiñan diferentes tipos de vinculación laboral) e nos pais, nais, titores ou titoras (pola incerteza sobre o futuro dos fillos, fillas ou tutelados debido a que os adultos e adultas discapacitados dependían da consellería responsable de benestar). Sinalábase que a

Vicepresidencia (hoxe a Consellería de Traballo e Benestar) *decidirá o nome e os servizos que ofrecerá nas instalacións que dependerán dela no futuro inmediato.*

Por tanto, o centro separaríase para atender aos dous grupos de usuarios. Porén, esta iniciativa non chegou a concretarse en moito tempo e o centro seguiu sendo un, polo menos formalmente, durante un período prolongado. Producíronse algunhas reformas físicas que procuraban unha mínima separación entre os maiores e os menores, pero sen que se constituíse o centro de maiores, de acordo co obxectivo en principio marcado. Esta ausencia tiña unha repercusión directa no tratamento que se deu aos problemas formulados nas queixas.

Polo que se refire ao tratamento da dependencia dos maiores de idade, os casos que nos chegaron do *Terra de Ferrol* referíanse fundamentalmente á problemática de persoas afectadas por trastornos do espectro autista e outras persoas con discapacidade intelectual en situación post-escolar que seguían asistindo ao mesmo centro no que estiveran escolarizados, é dicir, un centro de educación especial que atendía tamén, en réxime de *centro de día*, a persoas que superaran a idade de escolarización. A Consellería de Traballo e Benestar revalidaba esa atención nos PIAs que resolvía, pero as familias contradicían a versión da consellería argumentando que non podía considerarse un verdadeiro centro de día, posto que nin moito menos reunía as condicións propias dese tipo de centros, senón que en realidade era unha extensión do centro escolar, que por circunstancias da propia administración non contaba con alternativas adecuadas para a transición e por iso seguía atendendo ás persoas que excedían a idade escolar no mesmo réxime. Non podían entender que a resposta á súa demanda de dependencia fora que xa acudían a un *centro de día* cando tal cousa non era exacta. Ningunha das súas necesidades coincidía co que recibían; nin o horario de atención, nin os días de vacacións escolares propios do centro escolar, nin a atención especializada que se require nun centro de día. Esa situación confirmouse pola propia consellería.

Os afectados reclamaban unha atención complementaria, fundamentalmente a prestación económica por coidados no contorno familiar. Porén, esa prestación en principio resultaba incompatible. Preguntamos cal era a razón pola que os interesados sinalaban que outros afectados nesa mesma situación a cobraban.

O enfoque do problema parecía claro. As persoas que ao cumprir a idade adulta tiñan que ser atendidos adecuadamente nun centro de día ou doutro tipo non estaban recibindo ese servizo, nin en centro separado nin no mesmo centro, que ademais non atendía aos usuarios durante o tempo que correspondía. A situación debía cambiar, polo que realizamos recomendacións á Consellería de Traballo e Benestar. No que se refire ás funcións desa consellería indicamos que o servizo revalidado si resultaría compatible con outro tipo de servizos, como a axuda no fogar -Orde do 17 de decembro do 2007-. Ademais, indicamos que, de considerarse adecuada unha compatibilidade que resultara

excepcionalmente xustificada polas circunstancias do caso, entón podería optarse por esa solución.

Finalmente a medida adoptada pola consellería como resposta ás recomendacións formuladas pola nosa banda inclínouse por outorgar unha prestación económica para coidados no contorno familiar motivada polas excepcionais condicións que afectaban aos dependentes atendidos no centro; unha solución provisional, até tanto non se producía a segregación dos centros e a adaptación do novo centro de día para adultos.

Ademais, moitos familiares reclamaban debido a que as persoas con discapacidade intelectual en idade escolar (que nestes casos se prolonga) só ían ao colexio, sen máis, e por tanto non recibían máis que o que xa lles correspondería de forma ordinaria.

Pola nosa banda apoiamos esta formulación. A atención nos centros de educación especial en realidade non é máis que a prestación pública correspondente ao dereito fundamental á educación especial gratuíta, algo garantido no art. 27 CE, polo que se debía complementar ese dereito cunha prestación para a atención específica da dependencia.

Todas as formulacións que realizamos nas nosas recomendacións pola situación do centro e as repercusións que tiña nas persoas con discapacidade intelectual e as súas familias foron aceptadas e con iso lograronse solucións positivas. Hoxe os centros están separados, funcionan de maneira autónoma e dependen das súas respectivas consellerías.

Unha vertente máis da reclamación á atención adecuada e integral é a referida á inclusión nos PIAs de apoios, axudas ou servizos complementarios aos básicos, algo no que insisten as asociacións, como vimos. A aplicación da Lei de Dependencia espertou unha importante e xustificada expectativa de mellora dos apoios e servizos que até agora gozaban as persoas con discapacidade intelectual. Pero a realidade foi outra. Como apuntamos, nalgúns casos só se confirmou o servizo que xa se tiña, ser servizos ou prestacións complementarias; nos PIAs previstos a para garantir os apoios á persoa discapacitada e a atención integral da súa dependencia só se atribúa o centro que xa a viña atendendo, que normalmente presta un servizo de intensidade limitada. Por tanto, os *apoios engadidos* que precisarían no propio centro ou fóra del, ou a atención que teñen no contorno familiar durante o resto do día, seguen sen concretarse e normalmente continúan sendo unha tarefa trasladada ao ámbito doméstico e que require grandes esforzos.

Os colectivos afectados subliñan que a aplicación que se dá á Lei de Dependencia en moitos casos non mellorou o nivel de axudas e asistenciais e a calidade de vida dos familiares ou coidadores, polo que reclaman apoios ou servizos complementarios.

En diferentes queixas coñecéronse PIAs atribuídos a persoas con discapacidade intelectual, fundamentalmente trastornos de espectro autista, nos que non se recoñecía ningún servizo nin prestación que non fose o que xa estaban recibindo, ou do centro ao

que acudían dende que deixaron a educación especial por razón de idade, é dicir, a *revalidación* que xa apuntamos. Pagan mensualmente unha importante porcentaxe da prestación, incluído o mes de agosto, aínda que o centro está pechado por vacacións. Nun dos casos estudados, por exemplo, ponse de manifesto a seguinte situación: o centro funciona de luns a venres, pecha todos os períodos de vacacións. Dende as 17.30 até as 9.30 está a cargo dos seus pais, máis os fins de semana, festivos e vacacións. Despois de pagar a mensuralidade do centro teñen que cubrir o resto dos gastos que a súa situación require. Calquera actividade ou rehabilitación supón un gasto extra case imposible.

Os pais sinalan o contraste da situación dos dependentes que acoden á escola especial, que teñen recoñecida unha prestación económica para coidados no contorno familiar. Arguméntase que polo grao de desgaste físico, psíquico e moral que ocasiona coidar a unha persoa dependente non importa se é menor ou maior de idade. A única diferenza cos escolares é que os maiores sofren máis trastornos condutuais e teñen máis forza física. Nun dos casos sublíñase que se precisan 4 coidadores para suxeitar á persoa e darlle a medicación, levala ao médico ou facerlle as analíticas de control de sangue que require periodicamente. Teñen que darlle anestesia xeral para facer unha revisión odontolóxica ou realizarlle unha limpeza de oídos. Teñen que suxeitala entre dúas persoas para poder cortarlle as unllas ou o cabelo. Precisa saír á rúa acompañada para que teñan a tranquilidade de que a súa filla non vai fuxir, tirarse ó chan ou ocasionar algunha situación que a poña en perigo. A súa filla non le nin escribe e o seu coeficiente intelectual e idade mental son moi baixos. Está ergueita dende as 3, 4 ou 5 da mañá e non se lle pode facer entender que debe volver deitarse, que é momento de descansar, que non pode berrar ou facer ruídos. A lista de situacións cun cadro semellante é interminable. O único que fai é coidar da súa filla, polo que pide o recoñecemento de coidadora, dado que non pode traballar.

As mesmas circunstancias expóñense noutras queixas, nas que ademais se sinala que o centro non cobre todas as franxas horarias recoñecidas no PIA, é dicir, que non se presta a *atención integral* atribuída a través do sistema de dependencia. Trátase de persoas atendidas en centros concertados, polo que o trato a efectos de dependencia debería ser o mesmo que o que se presta nos centros públicos. Porén, é claro o contraste das diferentes respostas recibidas en casos dos usuarios de centros públicos e concertados. No tempo en que tramitamos as queixas aos usuarios desconformes coa falta de efectividade completa do seu PIA (pola insuficiencia do servizo concertado) non se lles outorgou a prestación económica ou o servizo complementario que reclamaban.

f) Os problemas de integración dalgúns programas na carteira de servizos do sistema de dependencia


Algunhas asociacións de apoio ás persoas con discapacidade trasladáronnos a dificultade que observan para que os seus programas de atención se integren no listado ou carteira de servizos que actualmente ofrece o sistema de promoción da autonomía persoal e de

atención á dependencia. Iso ocasiona graves problemas en todas as ordes, fundamentalmente en materia de financiamento, de persoal e de transporte. Este problema trasladóusenos de forma singular pola entidade DOWN GALICIA (*Informe de situación Movemento Down Galicia para Valedor do Pobo*, de 11 de marzo de 2012), que vía como o seu modelo, cunha clara aposta integradora, porén non recibía o adecuado encaixe no listado de servizos que terían que concretarse nos programas de atención do sistema de dependencia.

No documento entregado sinalaba que “Down Galicia ten como obxectivo prioritario conseguir que as persoas co síndrome de Down e discapacidade intelectual consigan a máxima capacidade posible para levar unha vida autónoma, tomar as súas propias decisións e formar parte da sociedade dunha maneira visible e inclusiva. (...) As persoas con esta alteración xenética, debidamente estimuladas, son capaces de superar moitas limitacións, xa que o desenvolvemento do cerebro humano non depende unicamente dos xenes, senón tamén do ambiente no que se desenvolve e da actividade que realiza. A Federación Galega de Institucións para o síndrome de Down (Down Galicia) leva a cabo unha intervención global e integral, axudando ás persoas co síndrome de Down e ás súas familias, prestándolles apoio dunha maneira totalmente individualizada e personaliza ao longo de todas as súas etapas vitais en función das súas necesidades específicas. Este modelo de intervención tamén implementa un programa de sensibilización á sociedade para que lles proporcione as oportunidades e apoios necesarios para a súa plena inclusión social”.

A entidade naceu “para cubrir un baleiro que a administración non cubría”, segundo declara. O propósito de DOWN GALICIA é o desenvolvemento dun programa integral de promoción da plena autonomía das persoas para darlles os apoios necesarios e procurar utilizar os recursos comunitarios dispoñibles. A entidade destaca que esta filosofía, a pesar de estar en sintonía coa Convención de Dereitos das Persoas con Discapacidade e de supoñer un importante aforro respecto do modelo tradicional de internamento, porén non ten fácil encaixe na aplicación que se dá ao principal sistema público, o de dependencia, o que supón problemas de financiamento público das entidades, “xa que o principal concepto de custo é o de persoal e non o tradicional praza/centro”.

DOWN GALICIA está conformada por 8 entidades (Down Vigo, Xuntos Asociación Down Pontevedra, Teima Asociación Down de Ferrol, Down Lugo, Asociación Síndrome de Down de Compostela, Down Coruña, Down Ourense e Fundación Down Compostela) e conta con case 600 usuarios, como pode apreciarse no seguinte cadro.



Fonte: Down-Galicia

Dentro dos seus principios encóntranse a diversidade (autonomía e apoderamento persoal), a autodeterminación (*vivo a miña vida*, a través da capacitación para a toma de decisións), e a inclusión (inclusión real na sociedade, dando visibilidade ao colectivo en todos os ámbitos sociais).

Segundo o seu propio documento, DOWN GALICIA enfoca o seu traballo cara a un servizo integral de atención ás persoas con discapacidade intelectual de promoción da súa autonomía, que abarca todo o período evolutivo das persoas. Faino mediante unha organización de programas que atenden as necesidades específicas en cada un dos períodos. Xestiónase por áreas: de atención temperá (persoas usuarias -e as súas familias- entre 0 e 6 anos, cando aínda non están integrados no sistema educativo); inclusión educativa (usuarios, a partir de 3 anos, que están dentro do sistema educativo regulado, co obxectivo da súa inclusión educativa); formación e emprego (usuarios que acabaron a súa etapa educativa no sistema regulado ou que permanecen nel, pero xa buscan emprego, co obxectivo de desenvolver as capacidades para a inserción laboral e/ou a mellora das opcións de emprego); vida adulta e independente (programas dirixidos a dotar de apoio ás persoas usuarias para a súa integración social activa); área complementaria (programas de calquera etapa evolutiva susceptibles de dar soporte ás outras áreas); e área transversal (programas que abarcan a todos os grupos de interese de maneira global).

Como apuntamos, a xestión dos programas de apoio ou complementarios dos ordinarios xera dificultades á hora de propoñelos como servizos propios do sistema de dependencia, sobre todo debido á carteira ou catálogo existente e ás rixideces de compatibilidade.

Segundo a entidade, esa situación fai que os seus programas sigan incursos na superada tradición das políticas continxentes e que non pasen á programación de servizos recoñecidos como dereito subxectivo, a pesar da aprobación e implantación da Lei de Dependencia.

Todo o sinalado ten consecuencias prexudiciais para a entidade, entre as que cabe destacar a incerteza económica e a inestabilidade do cadro de persoal, segundo o documento que nos trasladou. Sinala que “a extrema debilidade e incerteza do financiamento dos nosos servizos e a necesidade de estabilizala está prevista, tal como se nos transmitiu dende a Xunta de Galicia, (que pretende) conseguilo no marco do financiamento da Lei de Dependencia, mediante a participación no catálogo de servizos de promoción da autonomía persoal. Un resumo dos principais datos da implantación da Lei de Dependencia a xaneiro 2013 no conxunto das entidades que integran Down Galicia, permite observar a dificultade de poder cumprir tal compromiso”:

	XANEIRO 2013		Aclaración cálculos %
	nº	%	
NºTOTAL de Solicitudes de VdD presentadas	343		
Nº Resolucions VdD Oficiais emitidas con determinación de Grado	308	89,80%	% s/TOTAL de Solicitudes de VdD presentadas
Nº Resolucions oficiais VdD PENDENTES EMITIR	35	10,20%	% s/TOTAL de Solicitudes de VdD presentadas
PIAs emitidos	176	57,14 %	% s/Nº Resolucions VdD oficiais emitidas con Dependencia
Resolucions VdD pdtes PIA (Limbo Dependencia)	132	42,86 %	% s/Nº Resolucions VdD oficiais emitidas con Dependencia
Nº de Libranzas/Prestacions económicas que se están cobrando realmente (dato de novembro 2012)	56	18,18 %	% s/Nº Resolucions VdD oficiais emitidas con Dependencia

Fonte: Down Galicia.

DATOS OFICIAIS de Valoración de Dependencia Datos Novembro 2012	TOTAL (1)	%
Grado I	81	27,6%
Grado II	174	59,2%
Grado III	39	13,3%
TOTAL	294	100,0%
(1) Datos a Novembro 12; empezouse a recepcionar por parte de algún Usuario unha nova resolución co cambio de grado á baixa. En xaneiro de 2013 o total valorados era de 308, pero temos pendente identificar o grao dos 14 usuarios resoltos a maiores.		

Fonte: Down Galicia.

Como consecuencia dos problemas de financiamento, o outro gran problema a resolver, segundo esta entidade, é a inestabilidade laboral. “A importancia de contar cun equipo humano e profesional solvente e motivado é imprescindible para afrontar con garantía de éxito o modelo de intervención delegado dende o departamento de Servizos Sociais e discapacidade da Xunta de Galicia. A motivación e solvencia do persoal está demostrada, pero non así a súa continuidade. En decembro de 2012 o total de traballadores contratados no Movemento Down en Galicia era de 112 persoas. O compoñente de temporalidade e dificultade do sostemento desa estrutura faise evidente; o 32 % do cadro de persoal é temporal ou inestable e só o 10 % ten contratos indefinidos ordinarios.

Baixo o título *Escasa implantación Lei de dependencia. Difícil ferramenta de financiamento, incidentes e casos detectados*, a entidade trasladounos os problemas que estaba sufrindo debido aos retrasos procedementais na implantación da Lei de Dependencia, que se concretan no seguinte:

“A non aprobación da carteira de servizos por parte da Xunta de Galicia; o modelo de intervención das entidades do Movemento Down en Galicia é prestar servizos para a autonomía persoal que se recolle na carteira común de servizos de dependencia, para o cal está en curso un procedemento de habilitación e percepción de libranzas vinculadas a servizos que está pendente de aprobación e está moi retrasado de implantación (máis de 2 anos). Temos a necesidade urxente de definir e aprobar a Carteira de Servizos de Promoción da Autonomía Persoal e Atención á Dependencia para ter a correspondente alta dos servizos das entidades Down no RUEPSS, posto que temos: usuarios que xa teñen a asignación do Servizo de Promoción da Autonomía persoal da entidade Down, pero non están percibindo a prestación económica (en varias localidades); usuarios que queren a asignación ao Servizo de Promoción da Autonomía Persoal da entidade Down, pero os técnicos do equipo de valoración descoñecen o RUEPSS e cal é a forma de poder asignarlle aos usuarios en asignación do PIA, o servizo SEPAP da entidade Down a ditos usuarios.

Segundo nos informaron dende equipos de valoración de dependencia, as solicitudes de valoracións de dependencia anteriores ao 01/01/2011 con petición de libranzas a servizos

están bloqueadas por falta de dotación orzamentaria, non habendo resposta idónea por parte da administración para non perder os dereitos adquiridos dende o momento da solicitude.

En novembro 2012 tivemos resolucións de PIAs (Programas Individualizados de Atención) que teñen asignación de “Libranza para coidados no contorno familiar”, sendo as indicacións da SXP Social en maio 2012 que non se concederían máis asignacións desta natureza, e transmitíndollo así aos usuarios-familias, estas notificacións xeran incertezas nos propios usuarios-familias e nas nosas entidades Down (Ourense e Santiago).

Detectouse a proposta non oficial do PIA dun usuario dunha entidade Down para outra entidade de servizos sociais, cando o usuario-familia fixeran solicitude para a entidade Down (Santiago)”.

Despois da detallada exposición dos problemas detectados por parte da entidade e de poñelos de manifesto (pola súa banda e polo Valedor do Pobo) ante a Consellería de Traballo e Benestar, esta finalmente aprobou a normativa comprometida para solucionar o principal deles, que era a falta de encadre dos programas de DOWN GALICIA no catálogo de servizos galegos de dependencia. O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

Segundo nos informaron recentemente os responsables de DOWN GALICIA, a aprobación do Decreto está na liña adecuada, a integración dos servizos da entidade no sistema de dependencia. Así o comprobaron na provincia de Pontevedra, na que xa se están dando un bo número de PIAs para recibir servizos nos diferentes centros, incluso no de Santiago, fóra desa provincia. Paradoxicamente non sucede o mesmo coa provincia da Coruña, na que non se deron PIAs que outorguen servizos das súas entidades. Por iso, os responsables de DOWN GALICIA cren que aínda resta moito camiño até conseguir o encaixe da súa filosofía de intervención nas políticas públicas, en especial no sistema de dependencia en Galicia. Á vista diso debemos concluír que neste concreto aspecto se progresou na liña demandada pola propia entidade, pero - como indica DOWN GALICIA-, aínda resta moito por facer, o que nos obriga a permanecer atentos ao desenvolvemento que se dea ao Decreto 149/2013 e, máis en concreto, ao outorgamento e efectividade de todos os PIAs precisos para a promoción da autonomía dos usuarios dos programas da entidade.

Nesta mesma liña CUENCA GÓMEZ bota en falta unha adaptación dos servizos de dependencia aos programas de promoción da autonomía e a vida independente e sinala que unha interpretación adecuada da Lei de Dependencia, que resulte acorde coa Convención de Dereitos das Persoas con Discapacidade, requiriría un maior peso da

vontade das persoas na definición dos PIAS e “unha carteira de servizos ampla e flexible capaz de adaptarse ás diferentes situacións”⁴⁰.

g) As reclamacións das asociacións de persoas con discapacidade intelectual e as súas familias en relación coa aplicación da Lei de Dependencia

A través dos múltiples contactos con diferentes asociacións que traballan a favor dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual, con xerentes e traballadores de centros de atención e con especialistas na materia, percibimos que coinciden na práctica totalidade do diagnóstico que acabamos de expoñer sobre os problemas que lles afectan en relación coa Lei de Dependencia e na necesidade de aplicar medidas adecuadas para resolvelos canto antes.

Á marxe da insistencia xeral en resaltar as inadecuadas valoracións da dependencia das persoas con discapacidade intelectual, a maior parte dos centros e asociacións amosan unha gran preocupación pola incidencia que vai ter a previsión de copago asociada á futura aplicación do catálogo de servizos. Así, nas visitas aos centros indicóusenos que o copago previsto, se non se realiza de forma adecuada, pode supoñer a retirada de moitos usuarios e a volta a situacións afortunadamente superadas, como a atención sen servizo profesional ou de atención exclusivamente doméstica. Sinalan que se o copago non se planifica tendo moi presentes as circunstancias económicas da familia pode incentivarse un efecto disuasorio respecto dos servizos que prestan os centros, sobre todo no actual contexto de grave crise económica, no que son frecuentes os casos en que os únicos ingresos familiares proveñen de pensións ou prestacións económicas con causa na discapacidade dun dos membros da unidade familiar. Así o puxo de manifesto, por exemplo, o centro ASPABER, de Carballo.

En relación con outros aspectos resulta moi significativa a exposición que nos entregou a asociación ASPACE-Galicia (Federación Galega de Asociacións de Atención a Persoas con Parálise Cerebral e/ou Patoloxías Afíns). No marco dun documento máis amplo, esta asociación entregounos un comentario sobre as necesidades que aprecian en relación coa actual aplicación da Lei de Dependencia.

ASPACE sinala, entre outras cousas, que para os usuarios (as persoas con discapacidade intelectual) a actual aplicación que se está dando da Lei de Dependencia “en moitos casos tan só supón a perda de convenios anteriores. Incluso esta lei chega a provocar que en situacións económicas en precario... os dependentes non sexan atendidos en centros adecuados debido á dependencia da familia destes ingresos para a subsistencia.

A necesidade de atención constante e en todas as actividades da vida diaria por parte doutra persoa (normalmente un familiar e habitualmente a súa nai) fai que ademais se

⁴⁰ P. CUENCA GÓMEZ, *op. cit.*, páx. 183.

requira a intervención de profesionais (atención especializada en centros de día...) que actúan cun carácter preventivo e evitan unha aceleración no deterioro da saúde do gran dependente”.

Para os centros supón que “pasan a ter contratos de centros de atención especializada, como unha entidade privada que presta servizos públicos. Trátase de que a lei sume prestacións. É fundamental que se teñan en conta as necesidades individuais e a urxencia dalgúns casos e que os PIAs se resolvan con todas as prestacións/servizos que a persoa precise para ver cubertas as súas necesidades, evitando ter que realizar múltiples revisións e solicitudes. Os usuarios que até agora se encontraban en listas de espera pasan a percibir a prestación por coidado no fogar, volvendo a situacións de hai anos, nas que non percibían os coidados adecuados (Neste punto cabería poñer en cuestión a figura do coidador maior de 65 anos ou menor con problemas de saúde importantes).

Tampouco sabemos qué ocorrerá cos usuarios que na actualidade se encontran nos centros (non valorados ou con valoración inferior a grao 3 nivel 2) cando estes empecen a encherse cos usuarios valorados con grao 3 nivel 2”.

Para a administración supón “asumir quen realizará os seguimentos dos casos xa que se os centros non poden facer os informes sociais de solicitude se entende que tampouco poderán levar a cabo dita tarefa de seguimento. (Y) regularizar a prestación de servizos de carácter urxente cando xorde unha situación non prevista (falecemento, enfermidade ou incapacidade do coidador)”.

ASPACE reclama tamén “a necesidade de estender a compatibilidade dos servizos, outros servizos e as prestacións económicas previstas na Lei de Dependencia máis alá dos casos en que agora se contempla, os de atención a escolares (*compatibilidade de servizos/libranza/asistente persoal/065*)”. Segundo a Federación, debería facilitarse esta compatibilidade tamén nos casos de servizos parciais, especialmente os centros de día e ocupacionais. Así, ASPACE sinala que “existe unha clara diferenciación entre os usuarios de centro educativo, centro de día e centro ocupacional. Especialmente nos casos de centro educativo que perciben unha prestación económica (para coidados no contorno familiar, de asistencia persoal ou vinculada ao servizo, sobre todo para cubrir servizos privados de carácter terapéutico e rehabilitador) que sería igualmente necesaria para os usuarios de centro de día, sendo a situación ideal a que se dá no caso de usuarios comprendidos entre os 18 e os 21 anos.

Os Centros de Atención Diurna (de día, ocupacional...) deberían ser compatibles coa atención ao dependente por parte do seu coidador habitual (normalmente a nai), e por tanto coa libranza económica que contempla a lei, xa que os grandes dependentes sofren episodios de ausencias aos centros derivados precisamente do seu delicado estado de saúde, o que provoca que o familiar/coidador habitual non poida incorporarse en moitas situacións ao mercado laboral.

A incompatibilidade entre esta tipoloxía de centros e a libranza económica a determinados coidadores provoca:

- Unha indefensión dos dereitos individuais da persoa Gran Dependente, en moitos casos ademais declarada incapaz, xudicialmente, á que non se lle ten en conta a súa opinión/decisión e/ou “voz”.

- Unha situación de responsabilidade social para aqueles profesionais que temos o deber de velar polo benestar das persoas e os seus dereitos. Quen garantirá a atención e coidados que require un gran dependente na intimidade dunha casa, sobre todo naqueles casos nos que xa partimos dun coñecemento da realidade social e da imposibilidade dunha adecuada atención?

- Unha situación inmoral e de falta de ética, pola tesitura na que poñen a moitos familiares/coidadores que tiñan as súas expectativas nesta lei que recoñece o seu labor de dedicación ao coidado da persoa dependente en todas as horas que restan á atención nos centros, e que agora lles dan a escoller entre unha libranza económica por coidados, ou un centro de día para a persoa gran dependente, tendo en conta que ambas son absolutamente necesarias.

Aquel familiar que opte pola libranza económica, especialmente cando teñen ao seu cargo un adulto en situación de Gran Dependencia, enfróntase a un elevado risco de deterioro físico e psicolóxico, por carecer de calquera vía de escape no día a día dos coidados continuados que requiren as persoas en situación de gran dependencia.

Chama tamén a atención que a situación legal deste coidador, que aínda estando nunha situación asimilada á alta nun réxime especial da Seguridade Social, non teña dereito nin sequer á asistencia sanitaria, en comparación con outros colectivos sociais.

Excepcionalmente, a Lei debería contemplar a compatibilidade dos seguintes recursos e prestacións que recoñece a Lei: Centros de Atención Diurna (centros de día, ocupacionais...) coa Libranza económica para o coidador/asistente persoal e ademais co servizo de Axuda a Domicilio, xa que se dan situación, tanto en menores como en persoas adultas dependentes, nas que só hai un coidador no núcleo familiar e/ou existencia doutros membros da unidade de convivencia en situación de dependencia ou con problemas de saúde importantes, non existindo unha rede de apoio en caso de precisar axuda, etc.

O servizo de axuda a domicilio debería ser máis flexible e aprobarse de tal modo que as horas poidan acumularse para cubrir a necesidade de atención en períodos nos que o usuario do centro de día ... non pode acudir por enfermidade, períodos vacacionais ... etc.

Esta Lei dá un paso máis na promoción da autonomía persoal e da igualdade de oportunidades, porén pon aos usuarios na tesitura de escoller entre a “liberdade-autonomía” que lles aporta a figura do Asistente Persoal e a Asistencia a centros de atención diúrna, moi necesarios por outra parte, xa que en moitas ocasións o usuario precisa de ambos, especialmente cando están afectados por determinadas patoloxías e precisan dos tratamentos que se prestan para evitar deterioros máis acelerados no seu estado de saúde.

A figura de asistente persoal debería xestionarse, ao igual que a figura do auxiliar de axuda a domicilio, como un servizo en si mesmo ou como un servizo dentro da carteira de servizos de prevención de situación de dependencia (pendente de publicación da carteira de servizos do SAD só se recollen actuacións puntuais que se viñan facendo dende hai anos; convocatoria de axudas para adquisición de material ortoprotésico e/ou axudas técnicas, libranza económica para servizos, etc.).

(...) Por todo iso, e facendo especial fincapé en que os centros de atención diúrna cobren só unha franxa horaria dun máximo de 8 ou 9 horas, e sendo conscientes de que os grandes Dependentes (Grao III, niveis 1 e 2, e Grao II, nivel 2), continúan precisando atención continuada o resto da franxa horaria para completar as 24 horas (mobilizacións, cambios posturais, aseos e cambios de cueiro, crises epilépticas, ausencias...), sería de xustiza que este novo DEREITO poida facer compatibles recursos, servizos e prestacións que actualmente son incompatibles de acordo ao regulado por esta Lei”.

Polo que se refire á formación de coidadores subliña “a situación de falta de formación e información específicas e relativas tamén ás axudas técnicas que axuden aos coidadores no seu traballo do día a día. Para iso a formación que a lei contempla dirixida aos coidadores aos que se resolve positivamente a libranza económica debería ser específica á patoloxía que afecta á persoa á que se lle prestan os cuidados, se non carece de sentido e se converte nun mero trámite de cumprimento da lei, sen aportar nada á calidade na atención de quen o precisa, sendo esta porén a filosofía da lei”.

En materia de transporte aos centros sinala que “os maiores dependentes que se encontran en centros do Consorcio, estanse incluíndo nas resolucións os centros con servizo de 065. Isto debería de ser así tamén co resto de dependentes, especialmente con aqueles que presentan maiores dificultades de desprazamento”. Este aspecto tratámolo con detalle nun capítulo do presente Informe.

En relación coas valoracións e os programas de atención, ASPACE sinala que “a información e tramitación non está clara, como é o caso do período de reclamación de valoracións. Non só non se ofrece información clara, senón que incluso en ocasións é contraditoria. Cando se conceda un servizo concreto, na resolución do mesmo debería indicarse con claridade:

-O copago correspondente segundo servizo.

-No caso de prestacións económicas para coidados no contorno familiar, información ás familias en canto a cotización, coberturas sociais e/ou sanitarias, etc. (Os coidadores confían en ter unha pensión de xubilación cando sexan maiores, pero moitos deles non van cubrir o período mínimo de cotización).

-Cal é o seguinte paso a dar, descoñecen as vías de reclamación e, cando chega a información á entidade xa pasou o período de dous meses para presentar recurso. Esta situación dáse porque na maioría dos casos a resolución de PIA que lles chega é praza en centro de día, recurso que xa ten e non queren cambiar, pero tampouco saben que poden solicitar ou reclamar un servizo de axuda a domicilio, por exemplo”.

En relación cos pagos indebidos ASPACE sinala que “no caso de pagos indebidos por mala xestión administrativa, non ten sentido reclamar ás familias os atrasos xa que eles son alleos ás causas que orixinaron eses pagos. Pode chegar a ter sentido o recoñecer o erro e denegar a prestación, pero en ningún punto ten cabida que reclamen a devolución do diñeiro que fora concedido anteriormente, tendo en conta que moitas desas familias empregaron eses ingresos en realizar adaptacións no domicilio ou no acceso ao mesmo, así como a adaptación e/ou compra de vehículos destinados ao desprazamento da persoa con discapacidade”.

Como vemos, unha das principais aspiracións é a compatibilidade das prestacións, de tal maneira que ao servizo principal se poidan unir outros relacionados cos coidados domésticos ou, en xeral, co chamado *sobre esforzo económico* que adoita acompañar ás persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias. Sobre este asunto FADEMGA trasladounos o documento realizado por FEAPS co título *Estudio do sobre esforzo económico que a discapacidade intelectual ocasiona na familia en España-2008*. Nel conclúese que estes custos se poden medir en relación coas horas de atención das familias (de tempo), os gastos adicionais ou asociados á vida diaria (material, asistencia legal, copago de servizos...) e custos de *oportunidade*, os máis difíciles de calcular, que se relacionan fundamentalmente coas dificultades de acceso ao mundo laboral da persoa con discapacidade ou de todos ou algún dos membros da súa familia, xeralmente mulleres, como sinalamos no seu momento.

h) A necesidade de avanzar no enfoque social no sistema de dependencia

Como subliñamos, a Lei de Dependencia supuxo un avance no que se refire á consolidación de determinados dereitos ou posicións xurídicas das persoas con necesidade de axuda para o exercicio da súa autonomía ou a atención da súa dependencia. Porén, dende a súa publicación o recoñecemento internacional e nacional dos dereitos das persoas con discapacidade non fixo máis que avanzar até situarse, como

xa resaltamos, nun *cambio de modelo ou paradigma* que esixe dos poderes públicos un maior grao de compromiso.

Nesta liña A. PALACIOS e P. CUENCA GÓMEZ sinalan que algunhas carencias da lei deberían corrixirse para seguir avanzando no modelo social ou de dereitos humanos; a Lei de Dependencia concíbese partindo dese modelo, o social, pero “non resulta de todo clara a plasmación do modelo social na LEPA (Lei de Dependencia), e como consecuencia diso, o dereito recoñecido nesta norma «presenta algunhas características que o afastan dos disposto na convención (de Dereitos das Persoas con Discapacidade)»⁴¹. Como sinala a segunda autora, que colaborou activamente no desenvolvemento das XXVIII Xornadas de Coordinación de Defensores do Pobo, dedicadas aos dereitos das persoas con discapacidade, “a diferenza máis importante radica en que o dereito recollido na lexislación española non se orienta, como sucede co dereito á vida independente contido na Convención, á promoción da autonomía, senón sobre todo á atención - parcial, debido á perspectiva médica que se asume na súa articulación e non integral- ás situacións de dependencia”⁴².

Estes autores sinalan que o sistema legal segue relacionado en gran parte co modelo médico, ou cun *concepto médico da dependencia*. As *limitacións* son o máis presente á hora de realizar as valoracións de dependencia, como vimos, e a norma non atende adecuadamente os factores sociais propios da discapacidade, que poden agravar esa situación e a correspondente dependencia debido a que “se arbitran respostas que se orientan unicamente á persoa e non ao contorno”. Dise que “a interpretación deste dereito de conformidade coa CIDPD esixiría manexar unha definición de dependencia acorde co modelo social que non se centrase tanto nos trazos persoais como na situación na que se encontran os individuos e que dese cabida ás limitacións sociais na valoración da dita situación e, en consonancia co anterior, a articular respostas normativas orientadas a tratar todos os factores que inciden nesa situación”⁴³.

A confirmación desta situación na nosa práctica en materia de dependencia vén dada pola circunstancia de que a figura do asistente persoal se limita enormemente. Iso sucede a pesar de que sería a máis apropiada para facer valer a autonomía do discapacitado ou discapacitada e polo tanto, o modelo de dereitos humanos que se consagra na Convención Internacional sobre Dereitos das Persoas con Discapacidade e agora tamén na nosa lexislación interna, e por tanto resulta a máis adecuada para dar efectividade aos dereitos da persoa con discapacidade intelectual. A lei restrínxea a determinados ámbitos e sobre todo ás persoas valoradas como grandes dependentes.

⁴¹ A. PALACIOS, *La Ley 39/2006 a la luz del modelo social y de la convención internacional*, pág. 49, citado por P. CUENCA GÓMEZ, *Los derechos fundamentales de las personas con discapacidad. Un análisis a la luz de la Convención de la ONU*, Ed. Universidad de Alcalá de Henares-Defensor del Pueblo, 2012, páxs. 182 y 183.

⁴² A. PALACIOS, *op. cit.*, , pág. 22, citado por P. CUENCA GÓMEZ, *op. cit.*, pág. 182.

⁴³ P. CUENCA GÓMEZ, *op. cit.*, pág. 182, citando también en esa línea a A. PALACIOS, *op. cit.*, páxs. 55 y ss.

O ditoponse de relevo pola baixa porcentaxe de PIAs que recoñecen o servizo de asistente persoal, tanto en Galicia como no conxunto de España, e incluso na comunidade que máis recoñece, a do País Vasco. Vémoslo no seguinte cadro.

Ámbito Territorial	Persoas beneficiarias con prestacións	Asistencia Persoal	%
País Vasco	41732	1116	2,24
Total España	754244	1287	0,14
Galicia	38898	45	0,11

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. IMSERSO. Persoas Beneficiarias e Prestacións; situación o 30 de novembro de 2013.

O panorama é peor en moitas comunidades que non teñen recoñecido ningún PIA con asistencia persoal; sucede en Aragón, Baleares, Canarias, Cantabria, Estremadura, A Rioxa e Ceuta e Melilla.

Da estatística que precede dedúcese claramente que debe progresarse no recoñecemento deste servizo como o medio máis acorde co modelo social propio das convencións internacionais e da nosa normativa, o que vai esixir ou ben un cambio nas prácticas actuais ou, se iso resultase preciso, un cambio ou progreso na propia lei. Sinala CUENCA GÓMEZ que “a interpretación do dereito á autonomía persoal e á atención das situacións de dependencia de acordo co contido do dereito á vida independente recollido no art. 19 da Convención require manexar unha visión ampla e integral da asistencia persoal que se vincula neste instrumento internacional de maneira clara e directa coa inclusión na comunidade. Deste modo, a asistencia persoal, de acordo coas esixencias da Convención, debería abrirse a todo tipo de situacións nas que poida ser unha medida apropiada para fomentar a autonomía e a todo tipo de actividades”⁴⁴.

Nesta mesma liña de procurar a autonomía ou vida independente encóntranse programas de diferentes asociacións, como o que impulsa FADEMGGA e que denomina *Programa Apoio á vida Independente*, dirixido a persoas con discapacidade intelectual que viven ou queren vivir con maior independencia e autonomía. Pretende proporcionar pautas e apoios para a autonomía persoal (habilidades sociais, documentos, manexo de diñeiro, hábitos de hixiene...), de vida no fogar (tarefas domésticas) e de integración e participación na comunidade (transporte público, ocio, procura de emprego, servizos médicos). Para iso créanse medios de apoio, orientación e asesoramento ás persoas e ás súas familias e aos profesionais, e outros medios que complementan o programa.

⁴⁴ P. CUENCA GÓMEZ, *op. cit.*, páxs. 183-184.

10. A avaliación dos niveis de discapacidade

10. A avaliación dos niveis de discapacidade

Como sinalamos en diferentes Informes ao Parlamento de Galicia, por exemplo no último, correspondente a 2012, “os atrasos á hora de coñecer as solicitudes para valorar por primeira vez a condición de discapacitado ou para renovar o grao previamente recoñecido son considerables e non tiveron solución, a pesar de que en anos anteriores solicitámola insistentemente”.

Desde hai tempo coñecemos que se producen considerables atrasos á hora de tramitar as valoracións de discapacidades, xa sexan primeiras valoracións ou posibles revisións. Estes problemas persisten, son significativos e non se deron solucións definitivas. A Consellería de Traballo e Benestar aduce que son moitas as solicitudes que ten que coñecer e que os medios persoais son limitados. Ademais alega que non producen efectos prexudiciais debido a que as consecuencias das valoracións se retrotraen á data da solicitude. Aínda que esta realidade formal está recollida na norma, con todo comprobamos que si teñen algún efecto prexudicial, como o atraso de prestacións económicas ou no recoñecemento de dereitos en mutualidades ou outras entidades.

A falta de solución definitiva seguímola comprobando, por exemplo na queixa Q/2062/12. Especial preocupación xeran as solicitudes que corresponde coñecer ao equipo de Ferrol, cuxos atrasos, que vimos observando desde hai tempo, son significativos. Ao confirmar os atrasos formulamos unha recomendación á Consellería de Traballo e Benestar para que con urxencia se resolvese o expediente do reclamante, posto que a valoración da súa situación de discapacidade se atopaba atrasada; e para que non se producisen demoras que prexudican os afectados. A consellería respondeu sen dar conta dunha solución en breve prazo, a pesar de que xa transcorrera un ano e medio desde a solicitude, e volveu sinalar que a sección de valoración segue a orde de entrada das solicitudes e que existe unha gran cantidade delas. Na queixa Q/215/12 o interesado reclamaba porque o informaron dunha previsible espera de 20 meses, o que lle parecía “indignante”, por afectar gravemente a todas as prestacións que lle puidesen corresponder. Recomendamos que se resolvese con urxencia.

11. O dereito ao traballo dos discapacitados e discapacitadas intelectuais: o acceso ao emprego nos sectores privado e público

11. O dereito ao traballo dos discapacitados e discapacitadas intelectuais: o acceso ao emprego nos sectores privado e público

a) O dereito ao emprego

A Constitución de 1978 recoñece o dereito ao traballo e o deber de traballar de todos (art. 35). Á súa vez, a previsión do artigo 49 CE obriga aos poderes públicos á integración e á atención especializada e ao amparo especial dos que de forma arcaica denomina “diminuídos psíquicos”, co fin declarado de que poidan gozar dos dereitos declarados no Título I da propia Constitución, entre eles o dereito ao traballo. Con iso faise obrigado para os responsables públicos prestar unha especial atención á materialización do dereito a traballar dos integrantes deste colectivo.


Pola súa banda, o artigo 27 a Convención Internacional sobre Dereitos das Persoas con Discapacidade establece que:

Os Estados Partes recoñecen o dereito das persoas con discapacidade a traballar, en igualdade de condicións coas demais; iso inclúe o dereito a ter a oportunidade de gañarse a vida mediante un traballo libremente elixido ou aceptado nun mercado e un contorno laborais que sexan abertos, inclusivos e accesibles ás persoas con discapacidade. Os Estados partes salvaguardarán e promoverán o exercicio do dereito ao traballo, incluso para as persoas que adquiran unha discapacidade durante o emprego.

A incorporación ao mundo laboral das persoas con discapacidade é clave para a súa integración social. Por desgraza, na actualidade fórmulanse enormes dificultades para calquera persoa que busque un emprego; pero para os discapacitados e discapacitadas, e aínda máis para os de carácter intelectual, as dificultades multiplícanse. Non axudan determinadas actitudes prexuzosas que se demostraron incorrectas, como o suposto baixo rendemento do colectivo. Esta é a razón pola que apenas se conseguiu a súa integración no mercado laboral ordinario e pola que os empregos do colectivo se concentran no chamado *emprego protexido* e en determinados sectores ou actividades.


A pesar de que dende hai tempo se puxeron en marcha políticas dirixidas a facilitar o acceso deste colectivo ao mercado de traballo (centros especiais de traballo, centros de ocupación, cotas no sector público e nas grandes empresas, bonificacións...), o que supuxo un aumento das incorporacións á vida laboral, a maioría das persoas con discapacidade intelectual non encontraron emprego e en ocasións até nin o pretenden, dadas as súas malas expectativas no ámbito laboral. As taxas de actividade, ocupación e paro son máis desfavorables para os discapacitados, en comparación coa poboación en xeral, e máis aínda no sector da discapacidade intelectual. Vémolo nos seguintes cadros.

Taxa de actividade das persoas con discapacidade por comunidades autónomas (%). Ano 2012



Fonte: INE, O emprego das persoas con discapacidade

Taxa da actividade (%) segundo tipo de discapacidade



Fonte: INE, O emprego das persoas con discapacidade

Poboación de 16 a 64 anos segundo tipoloxía da discapacidade e relación coa actividade. Cifras absolutas en miles

	Valores absolutos		Tasa da actividade		Tasa de emprego	
	2012	2011	2012	2011	2012	2011
TOTAL	1450,8	1261,951	36,6	36,6	24,5	26,7
TIPO DE DEFICIENCIA						
Sistema osteoarticular	353,1	292,3	43	45,1	30,5	35
Sistema neuromuscular	164,1	149,5	30,9	28,1	20,9	21,4
Intelectual	177,3	171,6	28,7	27,8	14,7	17,1
Trastorno mental	277,1	230,7	27,1	25,5	14,3	15,4
Sistema visual	96,9	88,3	42,4	46,7	33,2	38,5
Sistema auditivo	82,9	72,6	57,4	54,4	40,9	42,8
Sistemas cardiovascular, inmunolóxico e respiratorio	129,2	113,3	34,3	32	23,5	23,5
Sistemas dixestivo, metabólico e endocrino	62,1	53,1	41	40,5	29,5	28,1
Outros	108,2	90,59375	41,3	47,2	30,6	34,8
GRAO DE DISCAPACIDADE						
Grao 33% a 44%	578,9	483,7	54,1	54,1	37,8	41,2
Grao 45% a 64%	278,9	250,5	39,6	40	25,2	27,6
Grao 65% a 74%	389,6	340,5	20,8	21,4	11,4	13,6
Grao 75% e máis	203,5	187,3	13,3	14,4	10,7	11,9

Fonte: INE, O emprego das persoas con discapacidade

Moitas políticas públicas actuais fan fincapé nas prestacións económicas, en ocasións condicionan o acceso a un traballo e desincentivan os intentos de incorporación laboral por medo a perder ou non recuperar a prestación. A OCDE propón prestacións económicas que poidan percibirse coa suficiente flexibilidade como para adaptarse a cada unha das diferentes situacións, incluída a posibilidade de reincorporación ao traballo ou de cambio no recoñecemento da discapacidade ao longo do tempo.

A pesar das previsións legais citadas segue existindo un importante grao de discriminación neste ámbito, tal e como reflicten as estatísticas, tanto no que se refire á promoción da autonomía persoal no ámbito laboral, medida pola taxa de actividade, como polo nivel de paro. Ao respecto pode consultarse o estudo *O emprego das persoas con discapacidade* (www.ine.es). O 36,6 % destas persoas eran activas en 2011; esa taxa era case 40 puntos inferior á da poboación sen discapacidade (76,4 %). A taxa de paro para o colectivo era do 26,9 %, en 2011, máis de cinco puntos superior á da poboación sen discapacidade. O III Plan de Acción para las Personas con Discapacidad 2009-2012 acredita que os índices de actividade e emprego das persoas con discapacidade son moito menores que os do resto de cidadáns, e que os activos ocupados entre as persoas con discapacidade son o 29 % fronte ao 62% do resto de cidadáns. E as cifras que se refiren especificamente á discapacidade intelectual aínda son peores, rexistrando os niveis máis baixos de actividade e ocupación, xunto á enfermidade mental.

Por iso, despois de comprobar as moitas carencias na efectividade deste dereito, todos os Defensores do Pobo declaramos (XXVIII Xornadas de Coordinación de Defensores do Pobo, Taller II) que “o acceso ao mercado de traballo é unha das principais vías de integración social das persoas con discapacidade; por iso, é unha das súas maiores aspiracións e, á súa vez, unha das súas grandes frustracións. Habida conta diso, os poderes públicos están obrigados a aplicar as medidas e fórmulas necesarias para favorecer a integración laboral de todas as persoas, propiciando a participación das persoas con discapacidade en condicións de igualdade no proceso selectivo.” As carencias que resaltamos póñense de relevo nas diferentes accións que os Defensores do Pobo nos vimos obrigados a levar a cabo, entre elas Informes como o presente, declaracións en xornadas monográficas, recordatorios de deberes legais, recomendacións, etc.

Unha das dificultades constatadas nos últimos tempos é a inadecuada práctica observada con ocasión da posta en marcha da Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. A pesar de que a lei non prevé tal cousa, o certo é que está primando en gran medida a asistencia mediante servizos de atención á dependencia en detrimento do fomento da autonomía persoal, sobre todo nos casos de dependencia que precisan de atención especial, como os discapacitados ou discapacitadas intelectuais. Esta atención é presuposto necesario para lograr o obxectivo de mellorar todos os aspectos da vida da persoa, entre eles a súa capacidade de acceso e promoción laboral.

As restricións orzamentarias inciden na insuficiencia de medidas de fomento do emprego. Inclúe a insuficiencia dos programas ou medios sociais e incluso determinados incumprimentos de dereitos subxectivos recoñecidos legalmente, como os relacionados coa promoción da autonomía. Por exemplo, son comúns as negativas ou restricións de asistentes persoais para o estudo universitario, do que resulta unha discriminación de cara ás opcións laborais do afectado.

Un dos principais obxectivos para lograr a materialización do dereito ao traballo dos discapacitados e discapacitadas intelectuais é a necesidade de executar os chamados *axustes razoables* e a protección do traballador discapacitado ou discapacitada respecto dos riscos asociados á súa circunstancia. Son obrigadas as modificacións e adaptacións adecuadas que non impoñan unha carga desproporcionada ou indebida, cando se requiran nun caso particular para garantir ás persoas con discapacidade o goce en igualdade de condicións de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais, tal e como sinala o art. 2 da Convención sobre Dereitos das Persoas con Discapacidade.

As adaptacións dos postos de traballo en razón das diferentes causas de discapacidade son unha obriga legal do empresario (art. 4.2 do Estatuto dos Traballadores). Tamén se deben ter en conta as circunstancias relativas ás “características persoais”, incluídas a discapacidade psíquica ou sensorial, para os efectos de valorar os riscos derivados do traballo e establecer medidas preventivas e de protección (art. 25 do Estatuto dos

Traballadores). Os traballadores e traballadoras non serán empregados naqueles postos de traballo nos que, a causa das súas características persoais (discapacidade psíquica ou sensorial) poidan eles, os demais traballadores ou outras persoas poñerse en situación de perigo, ou cando se encontren manifestamente en estados ou situacións transitorias que non respondan ás esixencias psicofísicas dos respectivos postos de traballo. Para favorecer o cumprimento desas obrigas préstanse axudas (Real Decreto 1451/1983, de emprego selectivo).

A Directiva europea 200/78 proporciona exemplos de axustes razoables, como a adaptación das instalacións, equipamentos, as pautas de traballo, a asignación de funcións ou a provisión de medios de formación. Tamén o *Código de Buenas prácticas* do Consejo de Europa trata as adaptacións no traballo, detalla diversas situacións e tipos de axuste, e establece a obriga de fixar niveis estritos para o uso do concepto de carga desproporcionada.

No citado Taller II sobre emprego e discapacidade, celebrado como parte preparatoria das XXVIII Xornadas de Coordinación de Defensores do Pobo, chegamos á conclusión de que “é precisa unha maior sensibilización social sobre as posibilidades laborais das persoas con discapacidade, especialmente do empresariado e dos sindicatos, a fin de propiciar que as empresas sexan accesibles para as persoas con discapacidade, eliminando as barreiras de todo tipo existentes e incentivando a adaptación dos lugares e postos de traballo mediante subvencións ou exencións. Na liña dun maior apoio por parte dos Servizos de Emprego aos demandantes con discapacidade e dunha maior eficacia na súa xestión, podería formularse a creación dun inventario de postos de traballo adaptados ao que se dera a oportuna difusión, a fin de que os demandantes de emprego puidesen coñecer a súa existencia e ao propio tempo para que os empresarios e empregadores dispuxesen de referencias concretas sobre as adaptacións que poden ou deben realizar.”



Programa formativo de profesionais no Centro Especial de Empleo ASPABER, en Carballo.

b) O emprego de discapacitados e discapacitadas intelectuais no sector público. A cota de reserva nas convocatorias de emprego público

Unha das principais reivindicacións en materia laboral que dende hai tempo realizan as diferentes asociacións e organizacións que traballan coa discapacidade intelectual é a reforma dos medios de acceso á función pública para garantir unha cota de reserva nos diferentes procesos selectivos. Sen este requisito é moi difícil, case imposible, que as persoas afectadas por algunha discapacidade deste tipo poidan competir con persoas que non a padecen. Na maioría dos casos as probas ou oposicións están baseadas en capacidades nas que se encontran en inferioridade de condicións ou para as que precisan unhas condicións que os sitúen nun plano de igualdade. A súa capacidade resulta adecuada para o desempeño de determinadas funcións, sempre e cando se prevexan as adaptacións adecuadas tanto nas probas como nos propios postos de traballo, pero a clave está na fase de ingreso.

A pesar do evidente que resultaba o que acabamos de describir, o desenvolvemento da reserva ou cantidade específica para favorecer aos discapacitados e discapacitadas intelectuais foi lento e só recentemente se conseguiu, aínda que nun momento en que a súa incidencia práctica se encontra moi diminuída polas circunstancias económicas.

A normativa estatal establece unha quenda de reserva de prazas para persoas con discapacidade intelectual (art. 59 da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, reformado pola Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade). Resérvase un 2 % das prazas nas Ofertas de Emprego Público (OEP), dentro do 7 % do total da reserva para persoas con discapacidade. Esa previsión será aplicable non só á administración estatal, senón tamén ao resto das administracións (art. 2). En calquera caso, a Consellería de Facenda comprometeuse a adaptar a Lei de Emprego Público de Galicia á nova normativa de reserva.

A cota de reserva no sector público non só constitúe unha importante bolsa de traballo para a discapacidade intelectual, senón que ademais resulta un elemento imprescindible para a lexitimación das políticas públicas de fomento do emprego no ámbito privado. Difícilmente os poderes públicos e a administración poden pretender que se dea adecuado cumprimento ás súas previsións de fomento do emprego no sector privado das persoas con discapacidade intelectual se ao tempo non se desenvolve un modelo normalizado para o seu acceso á administración. Porén, a realidade era outra; algúns medios promocionais de emprego no sector privado encóntranse desenvolto dende hai tempo, pero non así na administración, até a recente modificación que citamos, ou polo menos non se desenvolveran con carácter xeral, o que resultaba rechamante. Era un contrasentido que distorsionaba gravemente o modelo de conduta inclusiva no mundo laboral.

Despois de múltiples esforzos finalmente conseguíuse que a cota de reserva pública sexa unha realidade a través da Lei 26/2011, que prevé unha modificación do art. 59 da Lei 7/2007 (Estatuto Básico do Empregado Público), que agora sinala o seguinte:

Nas ofertas de emprego público reservarase unha cantidade non inferior al 7 % das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade, considerando como tales as definitivas no apartado 2 do artigo 1 da lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas, de modo que progresivamente se alcance o 2 % dos efectivos totais en cada Administración Pública. A reserva do mínimo do 7 % realizarase de maneira que, polo menos, o 2 % das prazas ofertadas sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e o resto das prazas ofertadas sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

Como anteriormente, tamén se prevé que “cada Administración Pública adoptará as medidas precisas para establecer as adaptacións e axustes razoables de tempos e medios no proceso selectivo e, unha vez superado dito proceso, as adaptacións no posto de traballo ás necesidades das persoas con discapacidade”, o que afectará de modo moi especial aos procesos selectivos e nas prazas para persoas con discapacidade intelectual.

O panorama era moi variado antes da modificación tratada, que, a falta dalgún detalle, en principio concreta unha boa parte das aspiracións das organizacións que traballan coa discapacidade intelectual. No ámbito da Administración Xeral do Estado, aínda que non se modificaran as normas con rango de lei relativas á materia, porén nas tres anteriores Ofertas de Emprego Público se estableceran medidas de acción positiva a favor da integración das persoas con discapacidade intelectual.

En febreiro de 2009 a Oferta de Emprego Público para 2009 introduciu como novidade que das prazas reservadas para persoas con discapacidade, o 2 % o sexan especificamente para persoas que acrediten discapacidade intelectual. As prazas reservadas para persoas con discapacidade podían convocarse conxuntamente coas prazas ordinarias ou mediante convocatoria independente á dos procesos libres.

En abril de 2010 publícase a Oferta de Emprego Público para 2010 (Real Decreto 406/2010, do 31 de marzo), que estableceu unha reserva xeral do 7 % e que o 2 % ds prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten discapacidade intelectual. As prazas reservadas para persoas con discapacidade intelectual convocaríanse nun turno independente, excepto as de promoción interna, que se convocarían conxuntamente co resto. Convocáronse un total de 55 prazas de persoal laboral de novo ingreso e 13 de promoción interna.

A Oferta de Emprego Público para 2011 (Real Decreto 264/2011) de novo estableceu que o 2 % das prazas ofertadas son para persoas que acrediten discapacidade intelectual, nunha quenda independente, excepto a promoción interna. Son 37 prazas de novo ingreso e 9 de promoción interna.

A confederación FEAPS, á que pertence FADEMGA, que agrupa ás entidades galegas que traballan neste ámbito, colaborou co Ministerio de Política Territorial e Administración Pública asesorando sobre a convocatoria de procesos selectivos para ingresos como persoal laboral fixo na Administración Xeral do Estado a cubrir por persoas que acrediten discapacidade intelectual. E colaborou tamén na análise de postos adecuados e na adaptación dos temarios, exercicios e probas selectivas. Froito deste traballo foi a convocatoria de prazas de ordenanza correspondente ás Ofertas de Emprego Público citadas.

A nivel legislativo promovéranse diferentes proposicións de lei, pero non chegaron a concretarse; tal e como dixemos, a solución que supuxo a implantación definitiva da reserva pública específica para a discapacidade intelectual tivo que agardar até a entrada en vigor da lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

Pola súa banda, nalgunhas CC.AA. ou ben se regulou a cota específica que tratamos ou se levaron a cabo iniciativas para promover a incorporación das persoas con discapacidade intelectual ao emprego público. Os avances constatados neste terreo son significativos, aínda que se deron diferenzas substanciais nas actuacións autonómicas, fundamentalmente en canto ao carácter preceptivo da cota ou na fixación das porcentaxes de reserva. A continuación describimos as iniciativas coñecida nalgunhas CC.A.⁴⁵

-Castela-A Mancha. En febreiro de 2002 publícase a Lei 12/2001, de Acceso das Persoas con Discapacidade á Función Pública da Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha, na que se contempla que “a Administración creará dentro da Relación de Postos de Traballo do persoal laboral postos de traballo singulares de adscrición exclusiva aos seguintes grupos de persoas, sempre e cando non precisen unha dispoñibilidade continua e supervisión constante no desempeño do posto de traballo: Grupo Primeiro: Persoas cun grao de discapacidade orixinada por retraso mental de polo menos un 25 por 100. A oferta destas prazas realizarase de forma específica e independente, podéndose adaptar o tempo e medios materiais necesarios para garantir a igualdade dos aspirantes na realización do proceso selectivo, cuxas probas estarían dirixidas especialmente a acreditar que os aspirantes posúen os repertorios básicos de conduta que lles permitan realizar as tarefas ou funcións propias dos postos de traballo”. En xaneiro de 2010 a Junta de Castela-A Mancha convocou un proceso selectivo para o ingreso de persoas con discapacidade

⁴⁵ Datos proporcionados por FADEMGA a través do seu documento *O acceso ao emprego público para persoas con discapacidade intelectual. Situación en España e en Galicia.*

intelectual de 49 prazas de persoal laboral (auxiliar de xestión documental, axudante de limpeza, conserxe, axudante de servizos múltiples e pinche).

-Estremadura. En abril de 2003 apróbese o Decreto 47/2003, polo que se regula o acceso das persoas con discapacidade ao emprego público na Administración da Comunidade Autónoma de Estremadura. Establece que dentro da cantidade xeral do 5 % para persoas con discapacidade, unha cantidade non inferior ao 0,5 % destinarase mediante convocatoria independente, excepto para as prazas de persoal docente non universitario e de persoal estatutaria sanitario, a persoas con discapacidade psíquica orixinada en retraso mental, sempre que recoñeceran un grao de minusvalía igual ou superior ao 33%. As convocatorias destas prazas, a súa execución e desenvolvemento, e a realización das probas ou exames, efectuaranse independentemente das do resto de aspirantes da quenda libre e da quenda de discapacidade. Os contidos das probas estarán fundamentalmente dirixidos a comprobar que os aspirantes posúen os repertorios básicos de conduta e os coñecementos imprescindibles que lles permitan desempeñar as funcións propias dos postos de traballo.

-Andalucía. En maio de 2006 é a Junta de Andalucía a que regula o ingreso, a promoción interna e a provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade na Función Pública e establece que a reserva mínima do 5 % poderá desagregarse, sempre que a Oferta Pública de Emprego o permita, da seguinte forma: un mínimo do 4 % das prazas vacantes para ser cubertas por persoas con discapacidade física, sensorial ou psíquica que non teña orixe en retraso mental leve ou moderado; e un mínimo do 1 % das prazas vacantes reservarse para ser cubertas por persoas con discapacidade que teña orixe en retraso mental leve ou moderado. O acceso destas persoas poderase levar a cabo mediante convocatorias independentes. En atención á natureza das funcións a desenvolver, nas convocatorias poderase establecer a exención dalgunha das probas ou a modulación das mesmas a fin de posibilitar o acceso ao emprego público ás persoas con retraso mental leve ou moderado. Os contidos das probas estarán fundamentalmente dirixidos a comprobar que os e as aspirantes posúen os coñecementos imprescindibles que lles permitan o exercicio das funcións propias do posto de traballo.

No ámbito local, en novembro de 2006 oito funcionarios con discapacidade intelectual tomaron posesión no Concello de Granada e outros oito accederon ao emprego público como interinos.

-Madrid. En xuño de 2006 publícase o Decreto 54/2006 polo que se regula o acceso das persoas con discapacidade á Administración de Comunidade de Madrid no que se establece que do total das prazas correspondentes á cantidade de discapacidade das categorías profesionais que integran o Grupo V, un mínimo do 25 % reservaranse para a súa cobertura mediante persoas con discapacidade psíquica orixinada por retraso mental a través de convocatorias independentes. Os contidos das probas dirixiranse fundamentalmente a comprobar que os aspirantes posúen os repertorios básicos de

conduta e os coñecementos imprescindibles para o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo. Aos aspirantes que accedan por este tipo de convocatorias específicas impartiráselles un curso de formación con carácter previo á súa incorporación, cuxos contidos faciliten a súa integración nos postos de traballo que lles foran adxudicados. O disposto para o Grupo V será tamén de aplicación en relación aos procesos que se realicen para o ingreso nos corpos ou escalas funcionariais do Grupo E.

-Comunidade Valenciana. En marzo do 2008 o Decreto 22/2008, polo que se aproba a oferta de emprego público de 2008 para o persoal da Administración da Generalitat Valenciana, establece que da reserva mínima do 7 % para persoas con discapacidade, un mínimo dun 2 % reservárase para ser cubertos por persoas cunha discapacidade que teñan a súa orixe nun retraso mental. En canto ás probas selectivas establece que para estas convocatorias específicas poderase establecer a exención dalgunha proba ou a modulación das mesmas, de maneira que as probas estean dirixidas especialmente a acreditar que os aspirantes posúen os coñecementos imprescindibles que lles permitan realizar as tarefas propias do posto de traballo. A través da orde do 4 de maio de 2009 convócase concurso-oposición para cubrir 15 postos de traballo do Grupo E pola quenda de discapacitados que teñen a súa orixe nunha discapacidade intelectual. Na confección do contido das probas colaboraron o Centro de Valoración e Orientación ao Discapacitado, a Defensora del Discapacitado e varias entidades representantes de persoas con discapacidade da Comunidade Valenciana.

-Navarra. En decembro de 2008 a Ley Foral de Presupuestos Generales de Navarra para 2009 establece que para a quenda de persoal laboral con discapacidade poderase reservar até un 20 % para a súa cobertura por persoas con discapacidade intelectual que acrediten un retraso mental leve ou moderado e un grao da mesma igual ou superior ao 33 %. Estas convocatorias de ingreso levaranse a cabo mediante convocatorias independentes. Os contidos das probas estarán fundamentalmente dirixidos a comprobar que os aspirantes posúen os repertorios básicos de conduta e os coñecementos imprescindibles que lles permitan desempeñar as funcións propias do posto de traballo. En xaneiro de 2010 realizárase a convocatoria independente e restrinxida para persoas con discapacidade intelectual para cubrir 12 prazas de persoal laboral (vixiante de museos, servizos xerais e empregado de servizos múltiples). Consistiu en dúas probas, a primeira unha proba situacional (simulación do traballo que se realizará) e a segunda un psicotécnico (valoración das habilidades prácticas ou sociais). Os tempos e contidos das probas adaptáronse ás capacidades do colectivo.

-Castela e León. Tamén en decembro de 2008 a Comunidade Autónoma de Castela e León aproba o Decreto 83/2008, polo que se regula o acceso das persoas con discapacidade ao emprego público, que contempla que “sobre o número total de prazas que conformen a Oferta de Emprego Público anual para o ingreso en corpos e escalas de persoal funcionario e o acceso a categorías profesionais de persoal laboral fixo e para os procesos selectivos de promoción interna, reservárase unha cantidade como mínimo do 10 por cento para a súa cobertura polas persoas afectadas por discapacidade. As prazas reservadas a persoas

con discapacidade que presentan especiais dificultades para o acceso ao mercado común de traballo levaranse a cabo en todo caso por medio de convocatoria independente. Para os efectos da presente norma, enténdese por persoas con especiais dificultades para o acceso ao mercado común de traballo a aquelas con discapacidade intelectual cun grao de minusvalía recoñecido igual ou superior ao 33 por cento, e a aquelas con discapacidade física ou sensorial cun grao de minusvalía recoñecido igual o superior ao 75 por cento, para as que existirán convocatorias específicas e independentes dos restantes quendas. Nestas convocatorias, destinadas exclusivamente a persoas con discapacidade intelectual, os contidos das probas estarán dirixidos a comprobar que os aspirantes posúen os repertorios de conduta básicos e os coñecementos imprescindibles para o exercicio das tarefas e funcións propias do posto de traballo, tendo en todo caso un carácter esencialmente práctico”.

-*Cataluña*. En abril de 2009, 33 persoas con discapacidade intelectual incorporáronse á *Generalitat de Catalunya* como persoal laboral fixo. Realizouse un proceso de acollida para asegurar unha óptima integración aos seus postos de traballo, con entrevistas individuais, sesións de traballo específicas, entrevistas cos familiares, cursos de acollida, etc. Con estas incorporacións xa son 76 as persoas con discapacidade intelectual que obtiveron unha praza fixa na *Generalitat de Catalunya*.

-*A Rioxa*. En febreiro de 2011 a Comunidade Autónoma de la Rioja publicou o Decreto 7/2011, do 18 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 51/2008, do 5 de setembro, para o acceso ao emprego público das persoas con discapacidade. Aumentouse a cota de reserva a un 7 %, de sorte que un 2 % das prazas vacantes se reserve para ser cubertas por persoas con discapacidade intelectual. A convocatoria das vacantes correspondentes ao persoal con discapacidade intelectual realizárase de maneira independente. Nos tribunais poden participar, en calidade de asesores, expertos técnicos en discapacidades intelectuais. De maneira xeral, os postos de traballo aos que poden acceder as persoas con discapacidade intelectual son aqueles que pertencen a algunha das categorías de persoal laboral que integran as agrupacións profesionais ou o Grupo E do persoal ao servizo da Administración Pública da Comunidade Autónoma da Rioxa. As Relacións de Postos de Traballo determinarán as adscricións de postos de traballo a persoas con este tipo de discapacidade. Os procesos selectivos estarán fundamentalmente dirixidos a comprobar que os aspirantes posúen os repertorios básicos de conduta e os coñecementos imprescindibles que lles permitan o exercicio das funcións propias do posto de traballo. As prazas que queden vacantes destas convocatorias independentes, non se acumularán ás ofertadas pola quenda libre nin polo de discapacidade na convocatoria xeral. En todo caso, as convocatorias para persoas con discapacidade intelectual serán sempre separadas das convocatorias comúns e das do resto do persoal con discapacidade.

-*Rexión de Murcia*. En xuño de 2011, o Decreto 93/2011, sobre o acceso e a provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade na Función Pública da Administración da Rexión de Murcia, establece que as persoas con discapacidade intelectual poderán participar nas probas selectivas que, con reserva exclusiva e con bases diferenciadas, se

convoquen no ámbito da Administración Pública da Rexión de Murcia para este colectivo a excepción do ámbito docente non universitario e, no caso do Servizo Murciano de Saúde, respecto do persoal que desenvolva cometidos asistenciais. Enténdese persoa con discapacidade intelectual aquela persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, cuxa discapacidade implique un coeficiente intelectual igual ou inferior a 70 . Nas ofertas de emprego público reservarase un mínimo do 7 % das vacantes para persoas con discapacidade, e desta cantidade xeral, un mínimo do 2 % destinarase mediante convocatoria independente a persoas con discapacidade intelectual. As convocatorias destas prazas, a súa execución e desenvolvemento e a realización das probas ou exames, efectuaranse independentemente das do resto dos aspirantes da quenda libre e da quenda de discapacidade. Os contidos das probas estarán fundamentalmente dirixidos a comprobar que os aspirantes posúen os repertorios básicos de conduta e os coñecementos imprescindibles que lles permitan desempeñar as funcións propias dos postos de traballo. A relación de postos de traballo determinará a adscrición de postos de traballo exclusivamente para persoas con este tipo de discapacidade.

As medidas descritas supuxeron evidentes avances na liña adecuada, aínda a pesar de que algunhas das excepcións utilizadas para identificar o colectivo ao que a reserva se dirixe resultaron desafortunadas.

Polo que respecta ás cotas para persoas con discapacidade intelectual nas convocatorias de emprego público da administración galega, a reclamación de que esa cota se concretase no 2 % do total das Ofertas de Emprego Público (OEP) realizábase polas organizacións galegas do sector desde hai tempo. Como sinala FADEMGA, dende o ano 2006 a súa área de Emprego e Formación está traballando para alcanzar a igualdade de oportunidades no acceso ao emprego público das persoas con discapacidade intelectual na nosa Comunidade Autónoma. Durante estes anos esa Federación mantivo múltiples contactos e reunións coas forzas políticas maioritarias en Galicia, os sindicatos e diversos representantes locais (máis de 60 concellos de Galicia; tamén enviou propostas de mellora a máis de 150 concellos). Ao respecto mantivo reunións na Dirección Xeral de Función Pública, a anterior Secretaría Xeral da Vicepresidencia de Igualdade e Benestar e noutros órganos responsables da materia.

Entre as propostas presentadas por FADEMGA, segundo expón ela mesma, encontrábase a creación dun consello asesor en materia de acceso ao emprego público das persoas con discapacidade. Este finalmente créase en 2008 (Decreto 143/2008, do 3 de xullo, polo que se crea o Consejo Asesor para a Integración de la Discapacidad en la Función Pública Gallega). Nel FADEMGA representa ao colectivo galego de persoas con discapacidade intelectual.

O Consejo tivo a súa primeira xunta en marzo de 2010. Expóñense as melloras propostas por FADEMGA para o acceso das persoas con discapacidade intelectual ao emprego público. Na data na que FADEMGA nos enviou a súa impresión considerábase que aínda

non se deran resultados apreciables. Na xunta do 26 de marzo de 2010 acordouse elaborar un catálogo de postos de traballo (persoal laboral e funcionarios) especificando os tipos de discapacidade aptos (física, intelectual, auditiva, visual e enfermidade mental). Acordouse tamén que un decreto regularía o acceso, promoción interna e provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade, mellora das adaptacións de tempos e medios; faríase un estudo da situación de partida para coñecer cales eran as cifras de persoas con discapacidade que prestaban servizos para determinar porcentaxes por grupos e categorías e tipoloxía de discapacidade, analizado por sexo, co obxecto de remover todos os obstáculos que impedían conseguir unha inserción laboral efectiva das persoas con discapacidade na Administración da Xunta de Galicia.

FADEMGGA tamén participou activamente dende 2010 na redacción do Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013 a través do CERMI-Galicia. No grupo de traballo da área de emprego e formación para o emprego FADEMGGA solicitou unha reserva específica dun 2 % para persoas con discapacidade intelectual, así como unha modificación nos requisitos de acceso e nas probas selectivas. Finalmente publícase o Plan de Acción Integral para Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013, que recolle este aspecto na actuación 3 do obxectivo 3 da área 6: “Establecer unha reserva de postos para persoas con discapacidade psíquica desenvolvendo un proceso selectivo independente, diferenciado e adaptado ás súas especiais circunstancias (aspectos a contemplar na modificación da Lei de función pública de Galicia)”.

A organización FADEMGGA opina que o plan fai unha formulación errónea ao referirse á *discapacidade psíquica*, cando debía referirse á *discapacidade intelectual*. Isto pode levar a unha interpretación incorrecta, apartada do obxectivo lóxico da reserva, ao incluírse nela ao colectivo de persoas con enfermidade mental, que presentan unhas características distintas ás dos discapacitados intelectuais, cunhas necesidades en materia de promoción de emprego no sector público diferentes ás das persoas con enfermidade mental. É importante ter en conta a diferenza entre discapacidade intelectual e psíquica pois a primeira implica características ou limitacións propias (limitacións de comprensión, aprendizaxe lenta, problemas de memoria a curto prazo) que non teñen os discapacitados psíquicos sen déficit cognitivo, sinala a organización. Afirmar categoricamente que non sería xusto poñelos a competir entre eles, posto que os discapacitados intelectuais estarían en desvantaxe e desvirtuaríase todo o traballo que se está realizando para combater a discriminación por motivos de discapacidade intelectual na esfera de emprego público.

Polo exposto, FADEMGGA consideraba fundamental que a reforma da Lei galega da Función Pública contemplara a reserva de prazas en exclusiva para persoas con discapacidade intelectual para evitar o que sucedeu nalgunha convocatoria, como en Aragón. Alí aprobouse unha Orde (do 28 de xuño de 2004, dos Departamentos de Presidencia e Relacións Institucionais e de Economía, Facenda e Emprego) pola que se anunciaba oposición libre para cubrir postos de traballo correspondentes á quenda de reserva de *minusválidos psíquicos*, da OEP da Diputación General de Aragón de 1999-2000 en réxime

de contrato laboral con carácter indefinido. A pesar de que tiña por obxecto a reserva de prazas para discapacitados intelectuais, conseguiu que os beneficiarios directos fosen, en contra da finalidade da norma, persoas con enfermidade mental.

Este obxectivo foi reclamado por FADEMGa tanto ao anterior como ao novo Goberno da Xunta dende febreiro de 2006. A Federación entendía que se estaba demorando a solución, aprazándoa coa previsión de novos prazos no Plan de Acción Integral para as persoas con discapacidade Galicia 2010-2013, o que supoñía postergar a decisión polo menos até 2013, segundo o sinalado polas organizacións que reclamaban a cota e que promoveran queixas ao respecto. Reclaman unha quenda de convocatoria independente de prazas reservada para persoas con discapacidade intelectual nos Grupos IV e V de persoal fixo e en Grupos D e E de funcionarios, especificando a relación de postos de traballo (RPT), cun total non inferior ao 2 %, como xa sucedía no Estado (Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro); probas e temarios adaptados, porque de non darse esa medida compensatoria, aínda que exista unha reserva do 2 % para as persoas con discapacidade intelectual, estas non serían capaces de superar as clásicas probas memorísticas e a falta de discriminación positiva faría imposible a igualdade real de oportunidades; os postos que non se cubran nunha oposición débense acumular nas seguintes convocatorias até un límite do 10 %; listas de contratación exclusivas para discapacitados intelectuais co fin de cubrir os posto reservados a este colectivo cos que superen as probas e non obteñan praza; e cursos de formación para a adaptación ao posto de traballo e implantación do *emprego con apoio*, coa figura do preparador laboral para a mellor integración ao novo posto (dado o éxito demostrado deste método na empresa).

En resumo, as organizacións galegas de defensa dos dereitos dos discapacitados e discapacitadas intelectuais concretan as súas reclamacións en materia de emprego público no seguinte:

-Da cantidade xeral do 7 % das vacantes, unha cantidade non inferior ao 2 % destinarase mediante convocatoria independente a persoas con discapacidade intelectual.

-As convocatorias destas prazas, a súa execución e desenvolvemento, e a realización das probas selectivas, efectuaranse independentemente das do resto de aspirantes da quenda libre e da quenda de discapacidade.

-Os contidos das probas estarán fundamentalmente dirixidos a comprobar que os aspirantes posúen os repertorios básicos de conduta e os coñecementos imprescindibles que lles permitan desempeñar as funcións propias dos postos de traballo, tendo en todo caso un carácter esencialmente práctico.

-A relación de postos de traballo da Administración Pública da Xunta de Galicia determinará a adscrición de postos de traballo exclusivamente para persoas con discapacidade intelectual.

-As prazas que queden vacantes destas convocatorias independentes non se acumularán ás ofertadas pola quenda libre nin pola quenda xeral de discapacidade.

A queixa Q/1196/11 foi promovida pola FILDI (*Asociación a favor da integración laboral dos discapacitados intelectuais*) para reclamar a implantación da cota que tratamos. Sinalábase que noutras administracións xa se prevía unha quenda de convocatoria independente de prazas reservadas para persoas con discapacidade intelectual en determinados grupos, cun mínimo do 2 %, e garantíanse outras medidas de integración laboral no ámbito do sector público (probas e temarios adaptados, postos reservados até un límite do 10 %, listas de contratación exclusivas para os que superen as probas e non obteñan praza, cursos de formación para adaptacións, implantación do *emprego con apoio...*). Reclamouse polo retraso na concreción desas medidas, que se debatían dende había tempo e que se foron pospoñendo dende a aprobación do Decreto 143/2008, no que se fixaba o horizonte dun ano. Coa aprobación do *Plan de Acción Integral para as persoas con discapacidade, Galicia 2010-2013* as previsións de implantación destas medidas ralentízase de novo, segundo os reclamantes. Ademais engaden que con ese Plan incórrese no erro de mencionar que os beneficiarios do obxectivo da reserva eran os *discapacitados psíquicos*, cando debería mencionarse só aos *discapacitados intelectuais*.

Para coñecer a situación requirimos informe ás Consellerías de Traballo e Benestar e de Facenda. A primeira respondeu sinalando que o asunto non era da súa competencia. Pola súa banda, a segunda sinalou que se iniciarían os trámites legais de cara á aprobación do proxecto de nova Lei do Emprego Público de Galicia. Mencionou que *o anteproxecto introduce por primeira vez na normativa autonómica galega unha regulación específica do acceso ao emprego público das persoas con discapacidade psíquica con orixe en retraso mental*. Especificábase que *as convocatorias poderían establecer unha reserva de prazas para este colectivo*, o que parecía aludir a unha simple posibilidade de carácter discrecional. Identificábase ao colectivo en primeiro termo a través dunha expresión inadecuada, *retraso mental*, ou como o colectivo con *discapacidade psíquica*, algo que, como vimos, reprobaban os reclamantes. Ademais, o feito de que a novidade prevista se promovera a través dunha norma con rango de lei e que nela se contemplara a necesidade *de desenvolvemento regulamentario para lograr a plena efectividade do obxectivo de integración das persoas con discapacidade intelectual* supoñía que a eventual implantación puidese demorarse por un tempo considerable, o que facía preciso coñecer o calendario previsto para a aplicación da reserva que tratamos e sobre todo se podería aplicarse en próximas convocatorias.

Como adiantamos, a cuestión principal que tratamos, é dicir, a regulación dunha cota de reserva para os discapacitados intelectuais quedou fixada a través da Lei 26/2011, de 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Por iso, no seu seguinte informe a Consellería de Facenda sinalou que a recente reforma da normativa estatal, que é básica e por tanto aplicable en todo caso, trae como consecuencia que xa se encontre vixente a quenda de reserva de prazas para persoas con discapacidade intelectual. Efectivamente, agora xa se prevé a

reserva do 2 % nas OEP para este colectivo. Esa previsión será aplicable no só á Administración Xeral do Estado, senón tamén ao resto das administracións, en concreto á autonómica e ás locais de Galicia, de acordo co previsto no art. 2 da Lei 7/2007 do Estatuto básico do empregado público (*ámbito de aplicación*), que sinala o seguinte:

Este Estatuto aplícase ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo das seguintes Administracións Públicas: - A Administración Xeral do Estado. -As Administracións das Comunidades Autónomas e das Cidades de Ceuta e Melilla. -As Administracións das Entidades Locais. -Os organismos Públicos, Axencias e demais Entidades de dereito público con personalidade xurídica propia, vinculadas ou dependentes de calquera das Administracións Públicas. -As Universidades Públicas.

Debemos resaltar o importante efecto positivo da aprobación da cota do 2 %. Ademais, aínda que debido á crise terá un efecto máis limitado, tamén resulta relevante o compromiso do Goberno galego de trasladar a súa normativa as previsións básicas ás que nos referimos, xunto cos elementos complementarios que se entendan necesarios.

A pesar de que coa queixa coñecemos que o problema constatado estaba en vías de solución, a investigación posterior fíxonos percibir un certo retraso na implantación en Galicia da necesaria medida que tratamos. Ese retraso víñase a sumar ao que as organizacións puxeran de relevo ao comparar o momento en que se tomou esta medida noutras CC.AA. e a súa ausencia en Galicia. O Decreto 143/2008, do 3 de xullo, establecía (disposición transitoria primeira) que dende a constitución do Consello Asesor da Discapacidade, no prazo dun ano elevaríase un borrador de Decreto que contivese a regulación do acceso, promoción interna e provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade no ámbito da administración autonómica galega. A demora confirmouse cando na última resposta da Consellería de Facenda se indicaba que o calendario se modificara para adaptalo ao *Plan de Acción Integral para Personas con Discapacidade de Galicia 2010-2013*.

Á marxe da necesidade de facer efectiva a reserva nas próximas Ofertas de Emprego Público galegas (tanto autonómicas como locais), posto que a lei que a prevé xa está en vigor, a Consellería de Facenda comprometéase a adaptar o proxecto de Lei de Emprego Público de Galicia á nova normativa en materia de reserva. Nese momento concluímos que a reclamación feita pola nosa parte fora atendida, sen prexuízo de permanecer á expectativa para coñecer o grao de cumprimento dos compromisos.

Agora, con motivo da redacción do presente Informe, revisamos as medidas adoptadas ao respecto, en especial a reforma da Lei de Función Pública e a inclusión nela das cotas para persoas con discapacidade intelectual nas Ofertas de Emprego Público da Comunidade.

A reforma prevista aínda non foi aprobada, despois dun considerable período de tempo transcorrido desde o anuncio de que se faría no sentido exposto. Non existe un proxecto

de lei en trámite parlamentario; só coñecemos o anteproxecto que nos trasladou a Dirección General de Función Pública, no que se inclúe a cota específica de reserva. O art. 47.2 sinala que “a reserva do mínimo do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos, o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual”.

Polo que se refire á materialización da quenda de reserva do 2 % das prazas para discapitados intelectuais, nas últimas OEP autonómicas realizadas ao peche deste Informe (2012 e 2013), na de 2012, publicada oficialmente no DOG nº 247, de 28 de decembro, concrétese unha oferta moi reducida, referida fundamentalmente ás escalas superiores e de xestión de finanzas, a postos de promoción interna e a prazas correspondentes ás ofertas para o ingreso nas escalas de administración especial dos anos 2009 e 2011 reservadas aos procesos extraordinarios de consolidación. O Decreto 262/2012, do 20 de decembro, polo que se aproba a oferta, non fai referencia á reserva específica para persoas con discapacidade intelectual na quenda xeral de reserva de discapitados, nin tampouco xustifica que esa diferenciación non resulte aplicable por razóns xustificadas. Sinala (art. 6.2) que “de conformidade co previsto no artigo 59 do Estatuto Básico do Empregado Público e na disposición adicional sétima do texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, reservarse unha cota non inferior ao 7 % das vacantes ofertadas para ser cubertas por persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no artigo 1.2 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal de persoas con discapacidade, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade, así como a compatibilidade no desempeño das súas funcións, de modo que, progresivamente, se logre o 2 % dos efectivos totais da Administración da Xunta de Galicia. O número de prazas reservadas quedará recollido nas correspondentes bases específicas das convocatorias”.

Pola súa banda, a OEP de 2013 (Decreto 182/2013, do 12 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013) tampouco contén unha mención específica das persoas con discapacidade intelectual respecto da reserva do 2 % e si en cambio que “as convocatorias non establecerán exclusións por limitacións psíquicas e/ou físicas, sen prexuízo das incompatibilidades co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes” (art. 4). Neste mesmo artigo prevese que “nos procesos serán admitidas as persoas con discapacidade nos termos previstos no presente artigo e demais normativa aplicable”, o que parece unha previsión relativa ao cumprimento das obrigas derivadas da normativa básica estatal, entre elas a cota de reserva para persoas con discapacidade intelectual, aínda que resta por coñecer se se materializará nas convocatorias.

A Consellería de Facenda sinalou ao respecto das últimas OEP que se encontran condicionadas polo escaso número de prazas que convocan como consecuencia das restricións orzamentarias e polo perfil das mesmas. O art. 23.1 da Lei 2/2012, do 29 de

xuño, de presupostos xerais do Estado para o ano 2012, dispón que durante o exercicio 2012 o sector público autonómico non procederá á incorporación de novo persoal, salvo o que poida derivar da execución de ofertas de emprego público de exercicios anteriores. Poderanse exceptuar desa limitación -respectando as dispoñibilidades orzamentarias- os sectores e colectivos de mercado carácter prioritario, respecto dos cales a taxa de reposición de efectivos se fixa no 10 % (art. 23.2).

Debemos concluír que se deu efectividade ao criterio trasladado pola nosa parte no que respecta á normativa, que previsiblemente incluírá unha cota específica de emprego público para persoas con discapacidade intelectual, aínda que este compromiso se está materializando con lentitude. E polo que se refire ás OEP, estas non inclúen a necesidade de materializar a cota. Para xustificalo a consellería sinala, como dixemos, que as obrigas legais impostas recentemente fan que sexan convocatorias de moi poucas prazas e sobre todo que o perfil das mesmas non se considerase apropiado para a aplicación da cota. Porén, esta circunstancia debería terse reflectido de forma clara e suficientemente motivada nas convocatorias, xa que se trata de exceptuar unha obriga legal, cousa que non se fixo. En consecuencia, continúa pendente o obxectivo de mellorar a situación, mediante discriminación positiva, das persoas con discapacidade intelectual no ámbito do emprego público, algo que contrasta coa situación doutras CC.AA., tal e como se puxo de manifesto.

Ademais, obsérvanse problemas das persoas do colectivo para lograr a súa incorporación ao sector público derivados do tratamento que ten a contratación temporal. Esta non se inclúe nas Ofertas de Emprego Público e os postos non se contabilizan a efectos de establecer cantidades. Tampouco se prevén listas de contratación exclusivas para discapacitados intelectuais, para cubrir os postos reservados para os que superan as probas e non obteñen praza. Deben modificarse os criterios para a elaboración e xestión das listas de interinidade e substitución, de tal maneira que nelas se apliquen criterios semellantes aos das OEP para a promoción laboral dos discapacitados en xeral e dos seus diferentes grupos, en especial no caso das persoas con discapacidade intelectual.

c) O emprego no sector privado

Polo que se refire ao ámbito laboral, a efectividade do dereito ao traballo para as persoas afectadas por algún tipo de discapacidade intelectual supón, como para o resto dos cidadáns, favorecer o seu desenvolvemento persoal. Porén, a realidade é outra; no mundo as persoas con discapacidade intelectual sofren taxas de desemprego moi altas (*Inclusión Internacional, Escolta as nosas voces: Informe Mundial. As persoas con discapacidade e os seus familias falan sobre pobreza e exclusión; OIT, 2006, páx. 1*).

Os discapacitados e discapacitadas intelectuais teñen, como as demais persoas, dereito ao traballo, a unha remuneración suficiente e a exercer de forma adecuada o seu dereito-deber ao traballo. Traballar é para eles -máis incluso que para os demais- a súa maneira de

contribuír ao progreso social, polo que lles reporta unha enorme satisfacción persoal, reforza a súa autoestima e facilita a súa integración. Porén, os progresos neste terreo son precarios. Como vimos, resulta sorprendente que aínda esteamos dando os primeiros pasos para a promoción do emprego público das persoas con discapacidade intelectual, un ámbito que resulta moi propicio. Por iso, as diferentes administracións non tiveron unha conduta exemplar que lexitime posicións máis esixentes respecto do sector privado.


As posibilidades das persoas con discapacidade de encontrar emprego seguen sendo máis reducidas que as das persoas sen esa circunstancia. Prexudícanlles as súas propias limitacións e os prexuízos arraigados na sociedade, que ocasionan claros comportamentos discriminatorios. Ademais, requírense adaptacións e non poucas empresas obvian os apoios para a contratación dos discapacitados e discapacitadas. Con estas circunstancias tan adversas non é de estrañar que as taxas de paro sexan máis elevadas entre o colectivo das persoas con discapacidade.

Porcentaxe de asalariados con discapacidade respecto ao total de asalariados que cotizan á Seguridade Social en empresas ordinarias do sector privado. Ano 2012

	Porcentaxe
Total de asalariados	1,8
Empresas de menos de 50 traballadores	1,5
Empresas de 50 ou máis traballadores	2

Fonte: INE, *O emprego das persoas con discapacidade*

Evolución das taxas de actividade, emprego e paro (%)



Fonte: INE, *O emprego das persoas con discapacidade*

Poboación de 16 a 64 anos e relación coa actividade económica (%)

	Persoas sen discapacidade				Persoas con discapacidade			
	2009	2010	2011	2012	2009	2010	2011	2012
Tasa de actividade	75,4	75,9	76,4	77,0	36,2	36,2	36,6	36,6
Tasa de emprego	61,8	60,6	59,8	57,8	28,3	27,7	26,7	24,5
Tasa de paro	18,1	20,1	21,7	25,0	21,8	23,3	26,9	33,1

Fonte: INE, *O emprego das persoas con discapacidade*

As numerosas medidas legais postas en marcha aínda resultan insuficientes para dar unha batalla eficaz a esta realidade. Existen numerosos incentivos á contratación de persoas con discapacidade. Non deben considerarse privilexios, senón un modo de compensar a peor situación de partida na que se encontra este colectivo.

Partindo da obriga contemplada no art. 17 do Estatuto dos Traballadores (nas empresas de 50 ou máis traballadores, polo menos un 2 % deben ser discapacitados), cabe cuestionarse a efectividade da medida e o seu grao de cumprimento. Ao respecto o CERMI propón reforzar o cumprimento de cota e establecer un plan de choque para facilitar o mantemento e a creación de emprego de traballadores e traballadoras con discapacidade

con especiais dificultades no mercado laboral, a través dos centros especiais de emprego de iniciativa social. Ademais, propón que o Goberno favoreza o mantemento no emprego das persoas con discapacidade sobrevida; a aplicación real da reserva de adxudicación de contratos a centros especiais de emprego; e medidas de participación e transparencia, como a aprobación dun plan para garantir a súa participación institucional nos órganos da administración. A través das queixas tramitadas coñecemos que estas reivindicacións resultan razoables. Ademais, conviría formularse a necesidade de implantar unha cota específica para a discapacidade intelectual, na mesma liña xa consagrada no sector público.

O alto índice de incumprimento das obrigas privadas respecto das persoas con discapacidade e a necesidade de corríxilo debería ser unha prioridade dos poderes públicos. Ademais de aumentar a actividade de inspección e sanción en caso de incumprimentos, sería conveniente estender o control a outros ámbitos como os relacionados coa contratación pública, permitíndoa só cando se acredite o estrito cumprimento da lei neste punto; trataríase dunha “cláusula xeral social” dos contratos públicos. Este tipo de cláusulas deberían estenderse a toda a contratación pública, como medida exemplarizante.

Como mostra das carencias citadas podemos citar que a Lei 27/2009, de medidas urxentes para o mantemento e o fomento do emprego e a protección das persoas desempregadas, establecía a necesidade de elaborar un informe sobre o grao de cumprimento da cota de reserva e as medias alternativas, que presentaría o Goberno ante o Congreso dos Deputados. Cando analizamos a cuestión nas XXVIII Xornadas de Coordinación de Defensores do Pobo ao parecer non fora presentado.

Entre as medidas de fomento -o chamado “mercado de traballo protexido”- destaca o papel dos Centros Especiais de Emprego. Este instrumento creouse pola LISMI (Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos *minusválidos*). Neste tempo resultou clara a súa gran relevancia como instrumento de integración laboral dos discapacitados, sendo aínda maior a súa relevancia entre os diferentes colectivos de discapacitados e discapacitadas intelectuais. Ademais, nos últimos tempos apréciase un incremento do número de centros especiais de emprego e dos traballadores que encontran neles o seu futuro laboral.

Porén, as dificultades do colectivo acrecéntanse en relación coa inserción laboral, até o punto de poder falar dun *plus de discriminación* en relación con outras causas de discapacidade debido aos importantes obstáculos para acceder a un traballo nun contorno ordinario (emprego ordinario) e ao común que resulta a derivación das persoas con discapacidade intelectual a Centros Especiais de Emprego ou centros ocupacionais (emprego protexido). Esta orientación cara ao emprego non integrado ou incluso en gran parte aséntase nas prácticas segregadoras que se daban e en menor medida séguense dando na etapa escolar ou formativa. Aínda moitas destas persoas non gozan dunha

educación inclusiva e por iso, ao chegar á etapa laboral, son renitentes a pasar a formar parte dun contorno laboral normalizado ou xeral e prefiren os contornos protexidos. Neste sentido, xa o *Ararteko* (Defensor do Pobo Vasco) sinalou en 2003 que “é un feito apreciable que as discapacidades psíquicas son as que maiores problemas teñen para a consecución da plena integración laboral no mercado laboral ordinario ... (no caso de) discapacidades psíquicas como o autismo se advirte que a integración no emprego ordinario é practicamente nula. As deficiencias psíquicas habitualmente formulan a súa integración máis preto de contornos protexidos, producíndose en moi poucas ocasións o salto á empresa ordinaria, se ben un dos dispositivos que demostrou a súa eficacia para que tal integración sexa efectiva é o de programas de emprego con apoio...” (*A integración laboral das persoas con discapacidade na CAPV*, páx. 156).

Todos recoñecemos o relevante labor que realizan os Centros Especiais de Emprego e o importante avance que supuxeron na realización das persoas con discapacidade; comprobámolo persoalmente nas visitas realizadas aos mesmos e a través doutros medios. Porén, o evidente éxito dos Centros Especiais de Emprego non debe facer esquecer que o obxectivo último de calquera política laboral en materia de discapacidade, tamén no caso da intelectualidade, é a inserción laboral e finalmente social. Neste sentido algunhas voces reclaman que os Centros Especiais de Emprego melloren a súa disposición e capacidade para transferir aos seus traballadores, na medida do posible, a contornos laborais ordinarios, algo que, a pesar de que presenta grandes dificultades en materia de discapacidade intelectual, debe ser un obxectivo irrenunciabile.

Ademais, os centros dedicados ao emprego protexido teñen outro *hándicap* que adoita destacarse, como é que xeralmente traballan só con persoas con discapacidade, e aínda máis, con persoas cun só tipo de discapacidade, como a intelectual, polo que parece conveniente que en aras dunha maior integración do colectivo se permita e incluso se fomenta a presenza dun tanto por cento significativo de persoas con circunstancias diferenciadas do colectivo principal. Nas visitas apreciamos que algúns centros galegos actúan adecuadamente neste terreo e salvan esa inadecuada homoxeneidade das persoas que forman parte deles grazas á incorporación de persoas sen discapacidade ou dos traballadores que viñan prestando os servizos asumidos por elas (subrogación laboral).

Xeralmente os orzamentos incorporan diminucións dos fondos destinados a políticas activas de emprego e retrocesos nas contribucións de anos anteriores para os centros especiais de traballo, como resaltaban as organizacións que traballan neste ámbito. Os Defensores do Pobo alertamos diso e no documentos final do Taller 1, correspondente ás XXVIII Xornadas de Coordinación, resaltamos que “isto comportaría un prexuízo para as persoas con discapacidade e para as súas familias, e á vez ten unha repercusión xeral, xa que pode supoñer no futuro un custo superior en prestacións e servizos de atención social”. Como xa sinalamos, esta diminución afectaría especialmente á empregabilidade dos discapacitados e discapacitadas intelectuais. O desexable sería un marco estable de financiamento para os centros.

En Galicia coñecemos amplamente a relevancia social dos centros especiais de emprego. Como exemplo de boa práctica ao respecto podemos citar, entre outros, o centro xestionado por ASPABER (Carballo). Tivemos ocasión de coñecelo na visita realizada o 23 de decembro de 2013, onde se nos informou detalladamente do seu labor. Destaca a inclusión laboral dun bo número de persoas usuarias dos servizos da asociación mediante concorrencia competitiva en contratos públicos aínda a pesar de que non foron aplicadas as denominadas cláusulas sociais.

O significativo incumprimento das obrigas de reserva para persoas con discapacidade por parte das empresas de 50 ou máis traballadores, a ausencia de reserva específica para persoas con discapacidade intelectual, e o baixo índice de emprego con apoio para a súa integración no mercado laboral ordinario; todas estas circunstancias traen como consecuencia que as persoas se vexan abocadas na práctica ao chamado *emprego protexido*. Ademais, como apuntamos, as condicións en que ten lugar fan que a súa capacidade para cumprir o obxectivo último de integrar a persoa no emprego ordinario resulten moi escasas. Os Centros Especiais de Emprego deberían procurar que o labor que xa veñen realizando se sume á de ser plataformas de apoio na inserción das persoas con discapacidade intelectual no mercado laboral común.

Noutros ámbitos xurdiron un bo número de iniciativas de apoio laboral á discapacidade que están propiciando a inserción laboral por diferentes medios. Resulta gratificante o aumento de iniciativas sociais con este fin e os seus bos resultados. Porén, algunhas prácticas apuntadas dos Centros Especiais de Emprego e as que coñecemos das iniciativas sociais xogan en contra das persoas con discapacidade intelectual; á dificultade de promoción cara ao emprego ordinario dos centros especiais únese que ás iniciativas sociais adoitan acudir en maior medida as persoas con discapacidade sobrevida e non os discapacitados ou discapacitadas intelectuais. Como xa apuntamos, estes seguen un itinerario educativo e formativo que en gran medida non se xestiona de forma inclusiva, é dicir, que os educa e forma en centros especiais, polo que a súa tendencia a proseguir no seu contorno especial ou protexido é moi acusada. Esta realidade, que aínda se aprecia en gran medida, trae consigo que as persoas con discapacidade intelectual tendan a facer perpetuar o seu tradicional contorno cando chega o momento de incorporarse á vida laboral.

Afortunadamente, os Centros Especiais de Emprego, que cumpren unha función rechamantísima a favor das persoas con discapacidade intelectual, na actualidade teñen perfectamente claro que un dos seus obxectivos, xunto á promoción da persoa a través da súa participación laboral, é a integración das persoas no *traballo ordinario*, para o que resulta fundamental a súa disposición e sobre todo os seus apoios. Tamén xogan un papel moi relevante neste tránsito ao mundo laboral ordinario moitas asociacións que teñen como fin primordial a integración laboral e que comezan a poñer en marcha ese obxectivo dende os seus propios centros educativos e formativos. Tivemos ocasión de coñecer algunhas iniciativas de entidades galegas que se dirixen cara a ese obxectivo de preparar

con eficacia para a autonomía. A integración laboral é o medio imprescindible para lograla e por iso o seu labor se dirixe fundamentalmente a prestar apoios ou axudas adecuados.

Entre as persoas con discapacidade intelectual tamén existen casos en que, sen renunciar á ocupación produtiva do seu tempo, porén esta non se identifica necesariamente co emprego remunerado. Para eles debería asegurarse o acceso a centros ocupacionais de carácter eminentemente social e non necesariamente vinculados aos Centros Especiais de Emprego. O enfoque social que precisan os usuarios dos centros ocupacionais é o que comprobamos nos centros galegos coñecidos a través de entrevistas e visitas; trátase de primar o aspecto social sobre o laboral, o que supón priorizar a calidade de vida das persoas con discapacidade (arts. 45 e 49 CE), algo que en ocasións non sucedía nalgúns dos primeiros Centros Especiais de Emprego, como apuntaba o *Ararteko* (Defensor do Pobo Vasco)⁴⁶.

Segundo a impresión máis xeral, as institucións que parecen non acertar no cumprimento do seu teórico papel no campo da inserción laboral común das persoas con discapacidade son os servizos públicos de emprego. A súa participación na contratación destas persoas é moi limitada, como reflicten as estatísticas, cunhas taxas de inserción aínda menores que as logradas para as persoas sen discapacidade.

Outro problema que apuntan as queixas que coñecemos e que confirman os profesionais do sector é a escasa eficacia dos programas e cursos de formación laboral para persoas con discapacidade intelectual. Iso trae como consecuencia un inevitable desalento dos afectados. Non existe unha correlación entre o número de actividades formativas e a boa disposición dos que as realizan e os resultados ou insercións no mundo laboral ordinario propiciadas polas mesmas administracións que convocaron as iniciativas formativas. Un bo exemplo diso son as queixas Q/1660 e 13403/13, nas que se poñía de relevo un amplísimo programa de actividades formativas desenvolvidas por un concello galego, pero que resultaron infrutuosas á hora de acceder a un emprego no marco laboral de propio concello ou fóra del.

Por outra banda, o *emprego con apoio*, especialmente necesario no ámbito da discapacidade intelectual, experimentou un importante impulso nos últimos tempos. Estendeuse a conciencia da súa necesidade e do seu desenvolvemento no plano normativo. Neste desenvolvemento influíron decisivamente as actividades de entidades especialmente implicadas, como a *Asociación Española de Empleo con Apoyo*; unha das máis coñecidas e relevantes foi a carta que esa entidade dirixiu ao *Defensor del Pueblo*, que transcribimos nun anexo deste Informe.

Froito deste importante esforzo de desenvolvemento do *emprego con apoio* é o Real Decreto 870/2007, do 2 de xullo, polo que se regula o programa de emprego con apoio

⁴⁶ Recomendación 10ª do Informe del Ararteko (Defensor del Pueblo Vasco), en *A integración laboral das persoas con discapacidade en la CAPV*, 2003 (páx. 188-189).

como medida de fomento de emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo. Trátase dun instrumento con gran potencial de integración laboral para a discapacidade intelectual; porén, a súa aplicación práctica aínda resulta mellorable, segundo a maior parte das opinións.

De acordo coa descrición que proporciona a *Asociación Española de Empleo con Apoio*, este caracterízase polos seguintes trazos distintivos:

-Traballo remunerado nas empresas ordinarias da comunidade, con contrato laboral individual, para aquelas persoas con discapacidade que precisan apoio e seguimento.

-Un sistema de apoio individualizado, con retirada progresiva do preparador laboral, que dá oportunidades ás persoas con discapacidades significativas, para facilitarlles a súa inclusión no mercado laboral ordinario.

-Un concepto filosófico que, ao aplicarse, fai posible na práctica a igualdade de oportunidades para aqueles cidadáns que teñen máis necesidades de apoio.

-Unha liña de intervención social que nace precisamente para dar oportunidades de emprego ás persoas que se consideraban non aptas para traballar nos talleres especiais produtivos.

-Promoción e *empowerment* dos participantes. O emprego con apoio busca, ademais da colocación das persoas, a súa promoción persoal na empresa e na comunidade.

-A consecuencia de unha formulación filosófica radical a favor das persoas con discapacidade, que inverte en apoios e en investigación de sistemas eficaces de acompañamento de cidadáns, por moi grandes que sexan os retos que formule a súa inclusión laboral.

-Unha liña de acción avalada por miles de estudos experimentais en moitos países, durante máis de vinte anos, e que consegue emprego fixo e solucións laborais para un colectivo de cidadáns que tradicionalmente non conseguía emprego integrado.

-Un concepto que supón unha revolución na formulación dos nosos centros e servizos e que conduce inexorablemente á súa reconversión: dos programas baseados en centros ou edificios, hai que pasar a ofrecer programas de integración real baseados na comunidade.

Coñecemos e compartimos os obxectivos de fomento da integración a través do emprego ordinario con apoio que desenvolve DOWN-GALICIA. Defínense con precisión no seu documento *Emprego con Apoio: modelo de intervención Down España*. Contamos con información detallada da súa actividade grazas aos frecuentes contactos cos seus

integrantes. O Valedor do Pobo visitou as instalacións da entidade en Santiago de Compostela e a institución mantivo frecuentes reunións e conversacións sobre a súa actividade e inquietudes para a confección do presente Informe.

Froito do profundo coñecemento da situación que nos transmiten as entidades podemos afirmar que o obxectivo de desenvolver programas eficaces de emprego ordinario con apoio están condicionados por dificultades de carácter xeral. Algunhas teñen que ver con carencias de servizos públicos ou disfuncións administrativas, que dan lugar a queixas da entidade que as padecen. Poñen de relevo trabas que encontran para desenvolver os seus obxectivos, entre as que destacan as dificultades de transporte adaptado para acudir aos seus centros, as deficientes valoracións de dependencias ou discapacidades intelectuais, ou as dificultades de inserción do seu modelo de traballo nas cartas de servizos de atención á dependencia (en realidade de fomento da autonomía persoal).

A necesidade de desenvolver o *emprego con apoio* é aínda moi grande; non só polo que coñecemos a través da organización galega citada e que xa apuntamos, senón tamén polo que de forma clara e contundente acaban de concluír a *Asociación Española de Empleo con Apoio* e o CERMI, no que se integra a primeira. Nas Xornadas *Emprego con apoio: propostas para a renovación do marco normativo estatal*, celebradas en febreiro de 2013, sinalaron que despois de case seis anos dende a aprobación da normativa (Real Decreto 870/2007, do 2 de xullo, polo que se regula o programa de emprego con apoio como medida de fomento de emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo), é preciso revisala co fin de estender os seus efectos beneficiosos e que chegue a máis traballadores, xa que ten elementos moi positivos⁴⁷. A citada asociación sinalou que os programas de emprego con apoio “nunca contaron coa protección” e “socialmente nin se coñecen”, “non se teñen en conta as políticas de inserción”, e existe un gran descoñecemento a nivel institucional e político; trátase dunha “opción pouco valorada”, sinalouse. Segundo a *Asociación Española de Empleo con Apoio*, a aplicación do Real Decreto foi mala ou resultou moi difícil; o emprego con apoio debería integrarse no ámbito do emprego protexido, cun financiamento acorde á súa condicións, o que non suporía un esforzo orzamentario relevante, ao compensarse co aforro en pensións; e debería darse unha maior implicación dos servizos de emprego, dos empresarios e das súas empresas, e unha formación homologada dos profesionais do emprego con apoio⁴⁸. Algúns participantes nestas xornadas chegaron a dicir que o emprego con apoio se encontra nunha situación de “colapso”⁴⁹. En calquera caso, á marxe dos desexos de progreso legal e práctico do emprego con apoio, é evidente que abriu camiño como modelo adecuado de integración laboral, o que demostran as moitas iniciativas sociais neste terreo e o seu aceptable nivel de execución.

⁴⁷ www.cermi.es el periódico de la discapacidad , 18/02/2013

⁴⁸ www.cermi.es el periódico de la discapacidad , 18/02/2013

⁴⁹ www.cermi.es el periódico de la discapacidad , 18/02/2013

A continuidade e desenvolvemento do modelo do emprego con apoio resulta necesaria para todas as persoas con discapacidade, pero de forma moi especial para os discapacitados e discapacitadas intelectuais, que conforman un colectivo con evidentes dificultades de acceso ao mundo laboral e que, cando lograron o seu acceso, normalmente fixérono a través de Centros Especiais de Emprego, que antes tendían a fomentar a súa permanencia neles, en contra do obxectivo irrenunciábel da inclusión laboral. Hoxe, a través do traballo de apoio, os Centros Especiais de Emprego deben seguir orientando aos seus traballadores ao emprego ordinario, como de feito fan, o mesmo que veñen facendo as iniciativas sociais que traballan neste terreo. Entre eles destacan programas como INSERTA (ONCE) ou INCORPORA (*Fundación La Caixa*).

Un aspecto distorsionador do obxectivo xeral de integración das políticas laborais a favor das persoas con discapacidade é a necesidade de elección entre as prestacións económicas de diferente tipo (contributivas ou non contributivas) e a vida laboral. A baixada xeral dos salarios e a precariedade dos empregos que se ofertan hoxe en día crean moitas dúbidas ou inseguridades á hora de optar. Os salarios fóronse aproximando ás prestacións e con iso o esforzo que require toda iniciativa integradora ou normalizadora vese desincentivado. E a precariedade laboral crea grandes dúbidas sobre a conveniencia de renunciar a prestacións que en caso de volver á situación de desemprego custará recuperar. Por iso, moitas voces apuntan a aplicar unha necesaria *flexibilidade* que permita compatibilizalas ao menos de forma parcial e unha mellor xestión da recuperación das prestacións íntegras para o caso de resultar necesarias de novo. Aínda que non todas as pensións son incompatibles co emprego, a maioría si resultan na práctica un elemento desincentivador na súa configuración actual.

Un elemento desfavorable na política xeral de integración laboral das persoas con discapacidade é a case total ausencia de servizos de asistencia persoal. A aplicación da Lei de Dependencia escorouse en gran medida cara á prestación de servizos para atender ás persoas con dependencia, en detrimento do fomento da autonomía persoal e a integración, a pesar de que a propia lei prevía ambos medios e obxectivos, como queda claro co simple enunciado da propia Lei, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia. En Galicia esta tendencia é tan acusada como no conxunto do país, como deixamos claro ao tratar os problemas do colectivo en relación coa aplicación da Lei de Dependencia. Na nosa comunidade só existen 45 persoas con servizo de asistencia persoal, o 0,11 % dos PIAs, unha porcentaxe moi similar ao do resto de España (0,14 %).

Tamén existe unha gran variedade de incentivos á contratación de traballadores ou traballadoras con discapacidade, subvencións para a inversión de capital e bonificacións nas cotas da Seguridade Social para os traballadores e traballadoras que prefiran establecerse como autónomos ou empresarios. Ademais, o art. 51.5 do Estatuto dos Traballadores permite que mediante convenio colectivo ou acordo se priorice a permanencia das persoas con discapacidade no posto de traballo cando se produzan despedimentos colectivos.

É importante que se procure que o perfil da persoa con discapacidade e o posto de traballo se adecúen o un ao outro. A LISMI prevé que dentro da intermediación das oficinas de emprego se confeccione e xestione un rexistro de traballadores con discapacidade demandantes de emprego. Porén, nas conclusións do Taller II das XXVIII Xornadas de Coordinación de Defensores do Pobo indicamos que “parece que os servizos públicos de emprego non dispoñen deste rexistro e se limitan a facer constar datos relativos á discapacidade do demandante de emprego”.

As medidas de apoio para a inserción laboral das persoas con discapacidade deben continuar e incluso desenvolverse con maiores apoios que estimulen a súa empregabilidade. Tamén debe facerse fincapé no tratamento persoal das circunstancias de cada reclamante de emprego, algo que favorecería especialmente ao colectivo dos discapacitados e discapacitadas intelectuais. O obxectivo é neutralizar as desvantaxes sociais e garantir unha maior igualdade de oportunidades no acceso ao emprego.

Outro instrumento relevante é o desenvolvemento dos programas de *emprego con apoio*. A orientación e o acompañamento individualizado no posto de traballo dos preparadores ou especialistas facilitan a adaptación laboral de traballadores e traballadoras con discapacidade e especiais dificultades, algo común entre o colectivo dos discapacitados e discapacitadas intelectuais.

Ademais, os apoios resultan imprescindibles para evitar que o único viveiro de emprego deste colectivo sexan os centros especiais, que deben procurar unha futura integración laboral no mercado laboral ordinario, algo moi difícil sen unha transición con apoios cando se trata de discapacitados e discapacitadas intelectuais.

Como apuntamos, o emprego con apoio regúlase no Real Decreto 870/2007. No caso da discapacidade intelectual prevese para todo aquel traballador ou traballadora cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % (igual ou superior ao 65 % se se trata de discapacidade física ou sensorial). Establece axudas económicas para financiar os gastos da contratación de preparadores ou preparadoras laborais por parte das entidades promotoras destes proxectos. As axudas limítanse temporalmente, trinta meses para a discapacidade intelectual e dous anos na discapacidade física, unha circunstancia que supón recoñecer a especial necesidade e a dificultade dos apoios para aqueles. Sería bo ampliar o prazo para que nos casos de especial dificultade se continúa prestando o apoio durante un período máis prolongado, o que favorecería a inserción laboral de moitas persoas con discapacidade intelectual.

No documento elaborado con ocasión do Taller II das XXVIII Xornadas de Coordinación de Defensores do Pobo destacamos que “a acción pública debe entenderse sobre todo, máis que pola súa función reguladora, pola súa capacidade de xerar as condicións necesarias para o desenvolvemento colectivo e o benestar social. Se as políticas teñen por obxecto modificar dalgunha forma a realidade, debemos fixarnos no modo de desenvolver ese

proceso para poder determinar se existe unha formulación responsable en relación con estas. Introducir a perspectiva da discapacidade no proceso das políticas públicas (e non só na fase decisional destas, senón tamén no momento de implementalas) pasa por considerar as persoas con discapacidade suxeitos de dereitos que deben atenderse de modo transversal e sitúa a súa intervención máis alá da de simples participantes en políticas sectoriais ou asistenciais. Isto comporta unha mellora da calidade das políticas públicas claramente vinculada ás expectativas responsables. Unha actuación pública será socialmente responsable cando, entre solucións igualmente válidas e igualmente axustadas ao dereito, se materialice aquela máis acorde cos principios e valores cuxa consecución os cidadán agardan nun momento histórico determinado.”

Outro instrumento esencial na promoción do emprego público dos discapacitados intelectuais son as cláusulas sociais dos contratos públicos. A lexislación que os regula recolle determinados instrumentos de finalidade social da contratación pública. A Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, trasladando o xa previsto na Directiva 2004/18/CE, do 31 de marzo de 2004, sobre procedementos de adxudicación de contratos públicos de obras, abastecementos e servizos, prevé o “criterio social” como un dos elementos a considerar na adxudicación e execución do contrato, un suposto que afecta en boa medida ás persoas con discapacidade intelectual. O Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, incorpora aspectos de promoción das políticas a favor dos discapacitados e discapacitadas, tales como criterios de admisión, puntuación ou esixencia de execución. Deste modo a contratación pública resulta unha ferramenta máis para a inserción laboral do colectivo.

As condicións ou criterios de adxudicación abren unha posibilidade beneficiosa para o colectivo. Por medio da preferencia, no caso de igualdade de condicións económicas, das ofertas de empresas cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2 % ou das empresas de inserción, ou pola posibilidade de outorgar preferencia a entidades sen ánimo de lucro en contratos relativos a prestacións de carácter social ou asistencial. Porén, na práctica as situacións de empate entre dúas ofertas son moi escasas e converten as medidas de preferencia na adxudicación en case imposibles.

As medidas máis eficaces en materia de inserción son os contratos reservados a centros especiais de traballo no procedemento de adxudicación ou a reserva de execución por medio de programas de traballo protexido de centros e empresas de inserción nos que polo menos o 70 % do cadro de persoal sexan persoas con discapacidades que non poidan exercer a súa actividade profesional en condicións normais.

Todos os Defensores do Pobo concluímos que debe impulsarse a inclusión de cláusulas sociais nos procedementos de contratación das administracións públicas.

Como sinalamos, neste ámbito resultan encomiáveis iniciativas como a do centro Especial de Empleo da entidade ASPABER e a dos diferentes concellos que lle asignaron contratos de atención a determinados servizos públicos, como Carballo, A Laracha e Malpica.

Outro importante instrumento de promoción laboral dos discapacitados intelectuais son os programas sociais que desenvolven diferentes entidades privadas ou organizacións. Dada a ampla difusión entre todos os Defensores do Pobo dos obxectivos, métodos e medios do instrumento creado pola entidade financeira *La Caixa*, denominado *Incorpora*, con el vimos desenvolvendo iniciativas para explorar todas as posibilidades de inserción laboral das persoas con discapacidade intelectual que acudiron ao Valedor do Pobo para facer efectivo o seu dereito ao traballo. A todos eles dámoslles conta de que estamos plenamente de acordo coa súa petición para que se promovan os lexítimos obxectivos que mencionan na súa queixa e que pode promover o encaixe da súa formación presente ou futura nalgún programa de inserción laboral para persoas con discapacidade. “A través das diferentes asociacións do sector podería coñecer as alternativas que se ofrecen no ámbito da promoción laboral das persoas na súa situación. Pode entrar en comunicación con calquera desas asociacións e mostrar o seu interese no ámbito laboral, de tal forma que alí lle orienten para a súa participación activa nalgún dos seus programas laborais (por exemplo, no programa *Incorpora* de *La Caixa* ou en calquera iniciativa social de emprego). Se desexa que lle axudemos neste ámbito, entón podería chamarnos ao teléfono que figura ao pé deste escrito”.

No caso coñecido nas queixas Q/212, 1660, 13403 e 18794/13, despois de recibir a petición da persoa puxémonos en comunicación co responsable do programa *Incorpora*, da *Fundación La Caixa*, co fin de que se incluíra nel. Co programa *Incorpora* colaboran moitas entidades sociais galegas que traballan no mundo da discapacidade intelectual. Tamén coñecemos outros programas, como o da ONCE.

Debe destacarse que o grao de incorporación laboral do colectivo aínda resulta escaso e que deben promoverse novas políticas de fomento e a vixilancia do correcto cumprimento das xa vixentes. Todos os Defensores do Pobo conviñemos ao respecto na necesidade de seguir combatendo as circunstancias que prexudican a inserción laboral dos discapacitados e discapacitadas e de perseguir o claro incumprimento da cota do 2 % mediante as inspeccións e sancións que correspondan. Nas XXVIII Xornadas de Coordinación (Taller II) sinalamos o seguinte:

“A escasa presenza das persoas con discapacidade no mundo laboral (ordinario ou protexido) vén motivada por distintas circunstancias (...). Tamén se debe ao incumprimento da cota de reserva do 2 % do cadro de persoal para traballadores con algunha discapacidade establecida na Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos (LISMI), que recolle a obriga para as empresas públicas e privadas cun número de 50 ou máis traballadores de empregar a un número de persoas con discapacidade non inferior ao 2 % do cadro de persoal. De feito, na propia Estratexia

Global de Acción para o Emprego de Persoas con Discapacidade 2008-2012 do Ministerio de Traballo e Inmigración e Ministerio de Sanidade e Política Social afirmase que é un feito que a cota de reserva non se cumpre pola totalidade das empresas obrigadas, pese a establecerse medidas alternativas á súa observancia, recollidas no Real Decreto 364/2005, do 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva a favor dos traballadores con discapacidade.

Para posibilitar que as persoas discapacitadas se integren laboralmente en porcentaxes similares aos da poboación sen discapacidade, é preciso que polos poderes públicos se adopten medidas eficaces de fomento do acceso ao emprego destas persoas, así como velar polo efectivo cumprimento das mesmas, sobre todo en materia de discriminación positiva máis efectiva a estes efectos, aplicando os mecanismos de control, seguimento e sancionadores que correspondan.

As medidas alternativas, por si soas, non resolven os déficits estruturais que afectan ao emprego ordinario das persoas con discapacidade nin deben ser utilizadas por parte das empresas para non acometer actuacións dirixidas a incrementar o emprego directo. Débese lembrar que se trata dun instrumento que as empresas poden utilizar excepcionalmente e, por definición, de maneira transitoria. Porén, tampouco se pode obviar que as medidas alternativas produciron algúns efectos positivos. Así, serviron para lembrar a obriga legal de cumprir coa cota de reserva e, tamén, para crear emprego para as persoas con discapacidade, sobre todo nos centros especiais de emprego.

Correspondería á Comunidade Autónoma, a través da Inspección de Traballo e Seguridade Social, o control e aseguramento do cumprimento da reserva de postos de traballo para persoas con discapacidade, así como a correcta aplicación aos fins previstos das doazóns e accións de patrocinio recibidas como medida alternativa ao cumprimento da obriga de reserva.

(...) A través da Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, engadiuse un epígrafe ao artigo 16 (infraccións moi graves) do Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, cualifícase como moi grave a aplicación indebida ou a non aplicación aos fins previstos legal ou regulamentariamente das doazóns e accións de patrocinio recibidas das empresas por fundacións e asociacións de utilidade pública, como medida alternativa ao cumprimento da obriga de reserva de emprego a favor das persoas con discapacidade.”

Nesta liña de necesaria vixilancia do cumprimento da cota manifestouse o CERMI, que propuxo endurecer as sancións por incumprimento da cota de reserva de emprego a persoas con discapacidade. Para iso resultará imprescindible o desenvolvemento do labor inspectora por parte das CC.AA.

Un estudo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Universidad Carlos III de Madrid, *A Cota de reserva do 2 % do emprego para persoas con discapacidade e a aplicación de medidas alternativas en empresas con máis de 50 traballadores (Un estudo sobre o seu cumprimento no contexto das políticas de fomento do emprego)*, do 2007, sinala que os resultados obtidos neste estudo reiteran as conclusións doutros: que a integración laboral das persoas con algunha discapacidade está lonxe de ser satisfactoria para a economía, para a sociedade e, sobre todo, para as persoas afectadas. Parece pois lóxico afirmar que as institucións e as políticas fallaron nos seus obxectivos; e que as políticas públicas específicas a favor das persoas con discapacidade xustifícanse por abundantes feitos: a falta de oportunidades laborais, a existencia de prexuízos sociais contra as persoas con discapacidade, as deficiencias na formación e a ineficacia das institucións privadas na inserción sociolaboral.

O Servizo Público de Emprego Estatal proporciona o dato de que todas as empresas ordinarias fan case o mesmo número de contratos a persoas con discapacidade que os centros especiais de emprego, o que dá unha idea bastante aproximada da escaseza de emprego ordinario para as persoas con discapacidade.

Un indubidable avance prodúcese coa recente posibilidade de subscribir o denominado convenio especial de seguridade social para persoas con discapacidade. O Real Decreto 156/2013, do 1 de marzo, polo que se regula a subscricións dese convenio especial para persoas con discapacidade que teñan especiais dificultades de inserción laboral, abre a posibilidade para que esas persoas se convertan en cotizantes e xeren prestacións, co que se removen as dificultades sufridas por moitos deles para cotizar en circunstancias normais e cumprir as condicións para xerar dereitos a través dos mínimos de cotización esixidos. Benefíciase a persoas con especiais dificultades de acceso ao mercado laboral e posibilitase o seu acceso ás prestacións de xubilación, morte e supervivencia sen o período previo de cotización. Afecta de forma especial e de forma positiva ás persoas con discapacidade intelectual, con enfermidade mental e con parálise cerebral, ás que se esixe un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % (as persoas con discapacidade física ou sensorial precisan un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %). Deben aboarse as cotas dende a data de efectos do convenio; en 2013 a cota é de 189,65 euros mensuais. Por outra banda, teñen que encontrarse inscritas nos servizos públicos de emprego como persoas desempregadas demandantes de emprego por un período mínimo de seis meses, inmediatamente anteriores á data da solicitude de subscricións do citado convenio.

12. Os problemas de mobilidade. O servizo autonómico de transporte adaptado (065)

12. Os problemas de mobilidade. O servizo autonómico de transporte adaptado (065)

O servizo autonómico de transporte adaptado (065) deu lugar a un considerable número de queixas debido a que non se atenden todas as solicitudes dos usuarios recoñecidos oficialmente como tales, o que afecta a algunhas persoas con discapacidade intelectual que precisan dese servizo para acudir aos seus centros.



Transporte adaptado do servizo 065

A falta de *atención xeral* resulta coherente coa natureza que se atribúe ao 065, un servizo que legalmente se configura en forma de programa (Decreto 195/2007, do 13 de setembro, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio a Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes, e Orde do 9 de setembro de 2008, pola que se desenvolve o Decreto 195/2007 e se aproba o catálogo de prestacións do servizo), isto é, condicionado polos medios que en cada caso se dedican a cubri-lo. Esta formulación trae consigo graves problemas cando os servizos que deixan de atenderse resultan claramente prioritarios, como é o caso dos que con carácter regular se reclaman para acudir aos centros de atención á discapacidade intelectual. Esta falta de servizos esenciais e por iso prioritarios prexudica de forma moi especial a este colectivo.

Nas moitas actuacións desenvoltas polo Valedor do Pobo neste terreo destacamos que non son adecuadas as pretendidas xustificacións para non atender as peticións de servizos regulares para asistir a centros de apoio e atención ás persoas con discapacidade intelectual ou a outros centros aos que se acude regularmente por indicación resolta ou programada pola propia administración, sobre todo cando se trata de atencións prioritarias, como as que se prestan a este colectivo. Nestes casos recomendamos á consellería competente que, á marxe do recoñecemento xenérico do dereito a ser usuario do servizo, con carácter previo debería realizarse un estudo de viabilidade que contemple a preferencia que corresponde a estes usuarios e que permita garantir dende o primeiro momento a atención periódica e prioritaria que se reclama.

Especial incidencia teñen os casos de falta de servizo de transporte de nenos e nenas que precisan desprazarse para poder facer efectivo o seu dereito fundamental á educación (art. 27 CE). Nestes casos apreciamos que existían certas discrepancias competenciais entre os dous órganos autonómicos implicados na solución deste tipo de problemas. Ao confirmar a falta de atención adecuada e as importantes consecuencias que isto tiña recomendamos que o traslado aos centros de educación especial se habilitara á marxe das normas propias do programa do 065, posto que deriva do exercicio efectivo do dereito á educación e é condición para tal exercicio. Por iso, exhortamos ás dúas consellería competentes para que coordinaran os seus medios e atendesen esa necesidade. Non podía servir de excusa a falta de medios por parte do 065, posto que o traslado non podía ser configurado como unha simple posibilidade que se dá ou non en razón dos medios dedicados de forma continxente ao servizo, senón como unha verdadeira obriga pública derivada da aplicación directa do dereito fundamental citado. Non debe resultar relevante qué órgano da administración autonómica afronte esta responsabilidade, posto que esa decisión lle corresponde á propia administración en razón da súa capacidade de autoorganización.

Nun primeiro momento, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sinalou que non debía atender ao servizo complementario de transporte escolar debido a que se trataba de desprazar un alumno do que chamaba un “centro concertado”. Porén, do art. 72 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dedúcese que nesta modalidade educativa (especial) os criterios para determinar as dotacións serán os mesmos para os centros públicos e concertados. Non resulta axustado á legalidade discernir – para os efectos dunha adecuada atención á educación especial- entre centros públicos e centros ou prazas concertadas. A razón da disposición aludida é clara: a escaseza de centros, e que a maioría dos de educación especial son de iniciativa social e, polo tanto, concertados. Isto fai necesario para os pais o envío dos seus fillos a este tipo de centros despois da correspondente aprobación por parte da administración educativa. Na súa maioría os centros promovéronse por iniciativa das familias, resultando esta imprescindible para o adecuado funcionamento do sistema de educación especial. Se a iso se une que os centros son máis escasos e distantes –normalmente encóntranse só en cidades-, as necesidades de desprazamento fanse máis evidentes e xustificadas para o exercicio do dereito fundamental á educación. Por tanto, non deben facerse diferenciacións entre eses tipos de centros para os efectos de dotacións, incluídos os servizos complementarios, como acertadamente prevé a normativa sectorial.

Estes argumentos foron trasladados tanto á Consellería de Traballo e Benestar como á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ás que formulamos recomendacións (Q/1956/12) co seguinte contido:

Que con urxencia se habilite o transporte adecuado para o alumno en cuestión, que asiste a un centro especial no que se fai efectivo o seu dereito fundamental á educación pola resolución da propia administración autonómica.

Ambos órganos aceptaron a recomendación.

Noutras ocasións o problema de ausencia de transporte adaptado ou de insuficiente atención por parte deste servizo afecta a persoas que reclaman acudir a centros non escolares (residenciais, de día, ocupacionais...) de atención ás persoas con discapacidade intelectual. En 2012 coñecemos diferentes queixas por este motivo, como reflectimos no Informe ao Parlamento de Galicia correspondente a ese exercicio (queixas Q/839/12, Q/1756/12, Q/2220/12, Q/2296/12, Q/2602/12 ou Q/2716/12).

Até tal punto se fan patentes as situacións que estamos describindo que os mesmos casos de falta de transporte adaptado en idade escolar se produciron á hora de atender ao afectado cando superou a etapa escolar e precisou ser trasladado a outro centro, onde se presta atención para adultos.

Como xa apuntamos, gran parte do problema derívase da configuración legal do servizo de transporte adaptado ou 065. O servizo de apoio á mobilidade persoal 065 é un programa que proporciona servizos aos usuarios recoñecidos como tales, e faino con medios limitados e priorizando uns servizos respecto doutros. Por iso, na maior parte das reclamacións sobre o funcionamento do 065 tratamos de coñecer se a priorización se encontra ben feita, de acordo co disposto na normativa correspondente. Porén, ese exame resulta complexo e dificultoso dende o momento en que os medios se distribúen territorialmente, co cal pode suceder que un servizo prioritario non se preste nunha zona en un momento, e porén outro que non sexa en termos xerais se preste noutra zona.

Á marxe das evidentes dificultades que resultan da complexa organización dun servizo en forma de programa, que en ocasións derivan en determinadas disfuncións ou queixas xustificadas, o medio fundamental para avaliar a correcta distribución dos recursos limitados do programa é a adecuada priorización dos servizos a prestar e a correcta aplicación dos criterios de ordenación e prioridade.

Nos casos de longos traslados para acudir a centros para a atención da discapacidade intelectual obsérvase como a administración recoñece que non pode cubrir todas as demandas, ou que só pode atendelas parcialmente –nunha soa ruta, de ida ou de volta; con horarios que non se adaptan ao do centro; ou con recollida ou devolución nun punto afastado do domicilio-.

En contra desta realidade dende hai tempo vimos trasladando á Consellería de Traballo e Benestar que os desprazamentos a centros de atención a persoas con discapacidade intelectual deberían resultar prioritarios, ou polo menos nunha orde de prioridade relevante, por diante doutros motivos de desprazamento. A normativa dispón que se prioricen os traslados a consultas ou tratamentos médicos, sempre que non sexan competencia do sistema sanitario; as residencias públicas, a centros de aloxamento temporal da rede pública ou a centros de día da rede pública; aos centros en que se

desenvolven programas no marco dos obxectivos xerais do sistema galego de servizos sociais; a outros servizos sociais; a actividades básicas da vida diaria; e para a asistencia a actividades de carácter educativo e formativo. Polo tanto, deberían atenderse as necesidades de traslado que se acreditaban nas queixas, salvo demostración clara de que os traslados realizados nas correspondentes zonas resultan en todos os casos por riba en grao de prioridade, algo que non podía deducirse do aportado xeralmente pola Consellería de Traballo e Benestar, da que depende o 065.

En todos os casos de falta de transporte adaptado ou deficiente traslado recomendamos que se atenda a demanda de servizo realizada para acudir a centros de atención á discapacidade intelectual e que con carácter xeral eses desprazamentos se considerasen prioritarios e en consecuencia se presten sempre, salvo imposibilidade manifesta e excepcional en casa caso derivada de motivos suficientemente xustificadas despois de estudalo e de descartarse todas as alternativas.

A consellería con carácter xeral aceptou as recomendacións, aínda que despois coñecemos algún caso no que as familias afectadas poñían de manifesto que non se dera efectividade ao compromiso. Quizais por esta causa as recomendacións máis recentes non foron aceptadas e a consellería di que non pode prestar o servizo por insuficiencia de medios.

Ante a evidencia de que o sistema que se viña aplicando deixaba de prestar a debida atención a moitas persoas que a precisaban de forma prioritaria e perentoria, na actualidade a consellería anunciou unha posible reforma do servizo que parece encamiñada a dispor un medio para os desprazamentos regulares destinados a atender situacións como as que estamos tratando.

O Proxecto de Decreto polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes (DOG do 4-11-13) sinala (art. 5; *Catálogo de prestacións y prioridades*) que “quedan excluídos do sistema de transporte regulado na presente norma os traslados que con carácter regular se realicen a calquera tipo de centro para recibir servizos de carácter permanente en tanto que este tipo de traslados regulares están comprendidos no ámbito de aplicación do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo”. Tal e como especifica o seguinte punto (5) dese artigo, parece que pretende priorizarse o servizo de *menor intensidade de uso* co obxectivo de poidan utilizar o 065 o maior número posible de persoas.

Por tanto, o propósito (provisional) parece ser excluír o tipo de servizos que tratamos do sistema 065 e desprazarnos ao sistema de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas con dependencia, o que suporá a aplicación dos criterios propios deste sistema,

fundamentalmente unha atribución do servizo mediante resolución específica, financiamento público e un copago dos usuarios e as familias.

Efectivamente, o Decreto 149/2013 inclúe na carteira de servizos o de “transporte adaptado e asistido” e sinala que se o servizo leva aparelado o do transporte, a participación da persoa usuaria no seu financiamento incrementarase de acordo co establecido no anexo II do Decreto.

Esta cuestión é unha das que máis preocupa aos responsables dos centros e asociacións de atención á discapacidade intelectual. Así, no centro ASPABER indicáronnos que conseguiran un importante avance en materia de transporte dos seus usuarios, a pesar da gran dificultade algúns deles, sobre todo no medio rural máis afastado das rutas convencionais. Na actualidade contan con transporte para todos os usuarios e un bo número deles conseguírono grazas ao 065. Opinan que se está trasladando o problema actual do 065 ás entidades de atención dos discapacitados e temen que co anuncio da remodelación do servizo esta situación se resinta e volvan a ter problemas, especialmente a necesidade de organizar rutas que consideran inasumibles para o centro, a necesidade doutro copago por parte dos usuarios, ou a baixa dos que non poden trasladarse ou afrontar o copago que se lles esixiría. Por iso, reclaman que as previsións do proxecto só se apliquen a usuarios que na actualidade non gozan do servizo de transporte adaptado (065). No mesmo sentido manifestáronse os traballadores do centro MENELA, de Nigrán, que subliñan que co pago que a administración pretende facer por cada usuario, 9 €, resultará imposible cubrir os desprazamentos; que co novo sistema non poderán cobrar o servizo directamente aos usuarios; e que todo iso fai que teñan a impresión de que a administración lles *traslada o problema*. A cobertura do déficit do sistema de transporte implicará unha diminución dos servizos substantivos, segundo explicaron.

Outras entidades con amplas flotas de transporte propias non ven inconveniente na idea que parece subxacer no borrador, posto que en principio permitiría un financiamento público dos cuantiosos gastos das rutas de transporte que xa xestionan.

Ao peche do presente Informe só existe un borrador do decreto, polo que non podemos prexulgar o resultado do mesmo. A impresión das entidades é negativa, posto que parece partir de que a responsabilidade do transporte vai recaer só nelas, aínda que tamén se percibe como efecto positivo o recoñecemento de que o actual estado de cousas non é asumible dende o momento en que se deixaba de atender a moitas persoas que o precisaban, como constatamos nas numerosas queixas que coñecemos.

Os profesionais dos centros coñecen por anticipado o enfoque do novo sistema debido a que se incorpora aos seus concertos. Trasládáronnos que, ao parecer, a partir do mes de febreiro de 2014 se aplicará o novo sistema e por tanto, as familias xa non pagarán polos servizos que antes pagaban aos centros, que serán os únicos responsables do transporte e para a súa cobertura contarán cunha única contribución de 9€ por usuario, sen

posibilidade de aplicar recargas. As consecuencias que prevén son as que mencionamos, especialmente a diminución dos outros servizos.

Para solucionar o problema do transporte regular aos centros a consellería parece pretender financiar servizos dos propios centros, co que previsiblemente terá que aumentar as súas contribucións económicas nesta materia e con iso solucionar de forma definitiva as carencias observadas. As obxeccións que razoablemente nos trasladaron os responsables dos centros poderían atenderse se elevan as transferencias por servizo, actualmente moi baixo; se se individualiza o valor de cada un dos servizos de transporte, que son moi variados; ou se se mantén o servizo 065 das persoas e centros que xa gozan del e con iso solucionaron as súas necesidades de transporte regular, e ao tempo ese mantemento compatibilízase co desenvolvemento de rutas propias con financiamento público onde foran necesarias.

En calquera caso, dado que na actualidade o tema non se pechou, permaneceremos atentos ao curso que se dea ao novo decreto.



Flota de autobuses de transporte adaptado do centro ASPNAIS de Lugo.



Transporte adaptado do Centro ASPABER en Carballo

13. Outros dereitos das persoas con discapacidade intelectual: saúde, inserción, calidade de vida e participación na cultura, as actividades recreativas, o ocio e o deporte. O apoio ás entidades que traballan a favor dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual

13. Outros dereitos das persoas con discapacidade intelectual: saúde, inserción, calidade de vida e participación na cultura, as actividades recreativas, o ocio e o deporte. O apoio ás entidades que traballan a favor dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual

Entre os aspectos máis relevantes que aínda non tratamos destaca a necesidade de promover a saúde, as actividades de ocio e as relacionadas coa calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual.

En canto á saúde, o art. 25 da Convención Internacional sobre dereitos das Persoas con Discapacidade sinala o seguinte:

Os Estados Partes recoñecen que as persoas con discapacidade teñen dereito a gozar do máis alto nivel posible de saúde sen discriminación por motivos de discapacidade. Os Estados Partes adoptarán as medidas pertinentes para asegurar o acceso das persoas con discapacidade a servizos de saúde que teñan en conta as cuestións de xénero, incluída a rehabilitación relacionada coa saúde. En particular, os Estados Partes:

a) Proporcionarán ás persoas con discapacidade programas e atención da saúde gratuítos ou a prezos accesibles da mesma variedade e calidade que ás demais persoas, incluso no ámbito da saúde sexual e reprodutiva, e programas de saúde pública dirixidos á poboación;

b) Proporcionarán os servizos de saúde que precisen as persoas con discapacidade especificamente como consecuencia da súa discapacidade, incluídas a pronta detección e intervención, cando proceda, e servizos destinados a previr e reducir ao máximo a aparición de novas discapacidades, incluídos os nenos e as nenas e as persoas maiores;

c) Proporcionarán eses servizos o máis preto posible das comunidades das persoas con discapacidade, incluso nas zonas rurais;

d) Esixirán aos profesionais da saúde que presten ás persoas con discapacidade atención da mesma calidade que a das demais persoas sobre a base dun consentimento libre e informado, entre outras formas mediante a sensibilización respecto dos dereitos humanos, a dignidade, a autonomía e as necesidades das persoas con discapacidade a través da capacitación e a promulgación de normas éticas para a atención da saúde nos ámbitos público e privado;

e) Prohibirán a discriminación contra as persoas con discapacidade na prestación de seguros de saúde e de vida cando estes estean permitidos na lexislación nacional, e velarán por que eses seguros se presten de maneira xusta e razoable;

f) Impedirán que se neguen, de maneira discriminatoria, servizos de saúde ou de atención da saúde ou alimentos sólidos ou líquidos por motivos de discapacidade.

Pola súa banda, o art. 26 (*habilitación e rehabilitación*) sinala:

1. Os Estados Partes adoptarán medidas efectivas e pertinentes, incluso mediante o apoio de persoas que se achen nas mesmas circunstancias, para que as persoas con discapacidade poidan lograr e manter a máxima independencia, capacidade física, mental, social e vocacional, e a inclusión e participación plena en todos os aspectos da vida. A tal fin, os Estados Partes organizarán, intensificarán e ampliarán servizos e programas xerais de habilitación, en particular nos ámbitos da saúde, o emprego, a educación e os servizos sociais, de forma que eses servizos e programas:

a) Comecen na etapa máis temperá posible e se baseen nunha avaliación multidisciplinar das necesidades e capacidades da persoa;

b) Apoien a participación e inclusión na comunidade e en todos os aspectos da sociedade, sexan voluntarios e estean a disposición das persoas con discapacidade o máis preto posible da súa propia comunidade, incluso nas zonas rurais.

2. Os Estados Partes promoverán o desenvolvemento de formación inicial e continua para os profesionais e o persoal que traballen nos servizos de habilitación e rehabilitación.

3. Os Estados Partes promoverán a dispoñibilidade, o coñecemento e o uso de tecnoloxías de apoio e dispositivos destinados ás persoas con discapacidade, a efectos de habilitación e rehabilitación.

Neste aspecto non se produciron novidades no réxime de adquisición de medicamentos para os discapacitados. Como sinalamos no Informe de 2012, “coñecemos a reclamación dun colectivo de discapacitados; reclamaron porque aparecían como pensionistas e non como discapacitados, polo que lles estaban esixindo a contribución por compra de medicamentos recentemente aprobada. Como detallamos máis adiante, a Consellería de Sanidade atendeu os argumentos trasladados e o problema quedou solucionado mediante a activación dos datos a través dos sistemas de identificación dos usuarios na nosa comunidade”.

Por tanto, prevalece a condición de discapacitado, algo que nos confirmaron os profesionais do centro, que sinalan que os usuarios dos seus servizos non pagan polos medicamentos incluídos no catálogo debido á súa valoración como tales discapacitados.

No polo oposto sitúase a circunstancia de que agora as persoas con discapacidade intelectual e as súas familias teñen que asumir o custo completo de todos os

medicamentos que foron excluídos do catálogo. A súa utilización é intensiva, sobre todo a de laxantes, clisteres e antitusivos, como nos resaltaron, por exemplo, os profesionais sanitarios do CAPD de Redondela. Os gastos por este concepto incrementáronse considerablemente e ocasiónase un importante prexuízo ás familias.

Por outra parte, algúns centros dependentes da Consellería de Traballo e Benestar sinalan que se encontran con dificultades para optimizar a atención médica, de enfermería ou de dispensación debido ás dificultades que teñen para acceder ao historial clínico informatizado. Considéranlo fundamental para poder atendelos con maior eficacia e prontitude, sen necesidade de acudir ás consultas ordinarias para coñecer algo ao que xa deberían ter acceso sen maior problema, dado que os tratamentos no centro son habituais, intensivos e en ocasións deben ser inmediatos ou rápidos.

Os profesionais reclaman que os facultativos dos centros de saúde acudan con máis frecuencia cando son requiridos polos centros de atención ás persoas con discapacidade. Os traslados son frecuentes e resultan tremendamente complicados en moitos casos, polo que debería valorarse a necesidade de aplicar criterios máis flexibles á hora de acudir aos centros, en vez de obrigar a trasladar ao discapacitado con graves dificultades de mobilidade ou doutro tipo.

Ademais, en máis dunha ocasión os profesionais transmitíronnos a necesidade de aplicar unha atención psiquiátrica máis intensa, eficaz e próxima. Por exemplo, o CEE *Terra de Ferrol* sinalan a necesidade de contar cun psiquiatra.

En canto ao ocio e a participación na vida cultural, as actividades recreativas, o espaxamento e o deporte, o art. 30 da Convención sinala o seguinte.

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito das persoas con discapacidade a participar, en igualdade de condicións coas demais, na vida cultural e adoptarán todas as medidas pertinentes para asegurar que as persoas con discapacidade:

a) Teñan acceso a material cultural en formatos accesibles;

b) Teñan acceso a programas de televisión, películas, teatro e outras actividades culturais en formatos accesibles;

c) Teñan acceso a lugares onde se ofrezan representacións ou servizos culturais tales como teatros, museos, cines, bibliotecas e servizos turísticos e, na medida do posible, teñan acceso a monumentos e lugares de importancia cultural nacional.

2. Os Estados Partes adoptarán as medidas pertinentes para que as persoas con discapacidade poidan desenvolver e utilizar o seu potencial creativo, artístico e intelectual, non só no seu propio beneficio senón tamén para o enriquecemento da sociedade.

3. Os Estados Partes tomarán todas as medidas pertinentes, de conformidade co dereito internacional, a fin de asegurar que as leis de protección dos dereitos de propiedade intelectual non constitúan unha barreira excesiva ou discriminatoria para o acceso das persoas con discapacidade a materiais culturais.

4. As persoas con discapacidade terán dereito, en igualdade de condicións coas demais, ao recoñecemento e o apoio da súa identidade cultural e lingüística específica, incluídas a lingua de sinais e a cultura dos xordos.

5. A fin de que as persoas con discapacidade poidan participar en igualdade de condicións que as demais en actividades recreativas, de espaxemento e deportivas, os Estados Parte adoptarán as medidas pertinentes para:

a) Alentar e promover a participación, na maior medida posible, das persoas con discapacidade nas actividades deportivas xerais a todos os niveis;

b) Asegurar que as persoas con discapacidade teñan a oportunidade de organizar e desenvolver actividades deportivas e recreativas específicas para as ditas persoas e de participar nas ditas actividades e, a ese fin, alentar a que se lles ofrezca, en igualdade de condicións coas demais, instrución, formación e recursos adecuados;

c) Asegurar que as persoas con discapacidade teñan acceso a instalacións deportivas, recreativas e turísticas;

d) Asegurar que os nenos e as nenas con discapacidade teñan igual acceso que os demais nenos e nenas á participación en actividades lúdicas, recreativas, de espaxemento e deportivas, incluídas as que se realicen dentro do sistema escolar;

e) Asegurar que as persoas con discapacidade teñan acceso aos servizos dos que participan na organización de actividades recreativas, turísticas, de espaxemento e deportivas.

En relación con este aspecto os profesionais dos centros concertados sinalan que as restricións económicas que sofren repercuten de forma especial neste tipo de actividades, posto que se dispón de menos medios e no primeiro que se recorta é nisto, a pesar de que as saídas programadas son as únicas oportunidades de integración ou polo menos convivencia co mundo exterior que teñen moitos dos residentes.

FADEMGGA destaca a importancia de atender ben todo o relacionado co ocio, o deporte e a calidade de vida mediante servizos “destinados á integración completa e á socialización das persoas con discapacidade intelectual”. A entidade conta con 23 centros que ofrecen este servizo en colaboración con *Special Olympics Galicia*, dedicada en exclusiva a este labor.

Recibimos queixas pola denegación de prazas en campamentos para persoas con discapacidade intelectual. A familia queixábase de que o ano anterior non se concedera praza nun campamento de integración e que temía que o ano en que presentaba a queixa pasara o mesmo; porén, despois de pedir explicacións a consellería confirmounos que a persoa que desexaba ir ao campamento ese ano gozara da súa praza no mes de agosto.

As restricións en recursos dedicados aos chamados respiros familiares tamén foron motivo de queixa. A consellería confirmounos que se adoptaran novos criterios de reparto co fin de que un maior número de familiares puidesen gozar dos respiros.

Para o colectivo resultan moi necesarias as accións de inserción social en centros de internamento ou despois de estar neles por resolución xudicial. FADEMGGA conta cun importante programa que aborda esta situación, o chamado *Programa para personas reclusas y exreclusas con discapacidad intelectual; trabajos en beneficio de la comunidad*. Con el preténdese mellorar a calidade de vida das persoas que sofren esta circunstancia con actividades en diferentes Centros Penitenciarios de Galicia, como apoios en habilidades sociais, comunicación, autocontrol, autoestima, saídas terapéuticas, preparación para a liberdade ou seguimento do ex-recluso para previr novos ingresos. Lévanse a cabo en coordinación cos equipos penitenciarios (psicólogos, educadores...). Porén, tal e como sinala acertadamente FADEMGGA, “as características do medio penitenciario non son as máis adecuadas para a súa reinserción, posto que neste ámbito esas persoas poden ser especialmente vulnerables, ter dificultades para adaptarse ao tratamento, e ter respostas inadecuadas”. Por iso se suxire a aplicación das medidas alternativas, como os traballos en beneficio da comunidade ou a estancia en centros de réxime pechado ou aberto. No caso dos primeiros, trataríase dunha actividade laboral de carácter social ou de interese público ou educativo que compense os prexuízos ocasionados, sobre todo no caso de infraccións leves⁵⁰.

Por último, debemos destacar o labor que desenvolven as entidades que agrupan as persoas con discapacidade intelectual, ás súas familias, aos voluntarios e aos profesionais que prestan apoios. Unha boa mostra da súa encomiable dedicación é o esforzo que nos demostraron ao colaborar con esta institución para a redacción do presente Informe e para outras moitas iniciativas. Os contactos con elas son frecuentes e fluídos, e as súas contribucións sempre resultaron de gran utilidade. Nos últimos anos procuramos

⁵⁰ Para facilitar a intervención nestas situacións FEAPS editou a *Guía de intervención para las personas con discapacidad intelectual afectadas por el régimen penitenciario*, incluída na súa serie de publicacións Cuadernos de Buenas Prácticas FEAPS.

intensificalos ao máximo para poder atender mellor as numerosas queixas en materia de discapacidade intelectual e para realizar este traballo. As entidades, federacións, asociacións e ONGs permitíronnos coñecer detalles dos problemas que as persoas con discapacidade intelectual padecen con frecuencia, a forma de enfocalos adecuadamente e o trato que reciben da administración, o que nos axudou a desenvolver a nosa tarefa de fiscalización e a enfocar gran parte dos nosos obxectivos.

Como xa resaltamos en anteriores Informes ao Parlamento de Galicia, agradecemos o enorme esforzo demostrado polo movemento asociativo a favor das persoas con discapacidade intelectual, a súa solidariedade e, polo que se refire ao Valedor do Pobo, a súa desinteresada colaboración, algo co que sempre contamos e resultou enormemente útil.

14. Visitas e entrevistas para coñecer as opinións das entidades que traballan en materia de discapacidade intelectual, das persoas con discapacidade intelectual, das súas familias, e visitas ao centros de atención

14. Visitas e entrevistas para coñecer as opinións das entidades que traballan en materia de discapacidade intelectual, das persoas con discapacidade intelectual, das súas familias, e visitas ao centros de atención

Relación de entrevistas e visitas a entidades e/ou centros de promoción dos dereitos e a atención das persoas con discapacidade intelectual.

-03-06-2010. Visita ao centro *Terra de Ferrol* e entrevista coa responsable do mesmo e con algúns pais ou titores.

-12-11-2010. FADEMGGA: a institución acudiu ás II Xornadas sobre emprego e discapacidade intelectual en Galicia. Santiago de Compostela. Interveu o asesor-coordinador.

-16-09-2011. Entrevista mantida na sede do Valedor cos responsables de FADEMGGA.

-21-03-2012. Asistencia do Valedor do Pobo ao Día Mundial da Síndrome de Down. Fundación Granell, Santiago de Compostela.

-27-06-2012. Visita do Valedor do Pobo ás instalacións de Down-Galicia. Santiago de Compostela.

-20-11-2012. Visita do Valedor do Pobo e o seu equipo en materia de servizos sociais e educación ao centro ASPANAES Duques de Lugo, Santiago de Compostela.

-08-06-2013. O Valedor do Pobo acode ao IV Encuentro de Ciudadanía Inclusiva. Down-Galicia. Santiago de Compostela.

-16-12-13. Ferrol: CEE *Terra de Ferrol*, con colexio e residencia.

-16-12-13. Ferrol: Centro *Souto de Leixa*, con centro de día, centro ocupacional e centro residencial.

21-12-13. Carballo: Complexo de la Asociación ASPABER, con residencia, centro de día, centro ocupacional e centro especial de emprego.

21-12-13. A Coruña: Centro de grandes afectados (antigo Santiago Apóstolo), con centro residencial, centro de día e centro ocupacional, e Centro de Educación Especial María Mariño.

21-12-13. Osedo-Sada: complexo da asociación ASPACE, con centro residencial, centro de día e centro ocupacional.

21-12-13. O Carballo-Oleiros: centro da asociación ASPADISER, con centro ocupacional.

13-01-2014: Centro de atención de Redondela.

13-01-2014: Centro da Fundación MENELA, en Prigue-Nigrán.

21-01-2014: Centro ASPANAIS, de Lugo.

21-01-2014: Centro ASPANAS de Ourense.

21-01-2014: Centro de Educación Especial Miño, de Ourense.



- O Centro de Educación Especial *Terra de Ferrol* caracterízase por ser un centro educativo de pequenas dimensións. Baixo a anterior denominación (*Carmen Polo*), antes encontrábase unido ao centro veciño, dedicado a adultos, o que agora é o centro Souto de Leixa. O centro orixinario dependía das autoridades educativas e foi transferido á CA de Galicia nunhas condicións claramente inadecuadas. A atención ás persoas que finalizaban

o seu ciclo educativo especial, até os 21 anos, e que porén permanecían no mesmo centro, por falta doutros recursos, provocaba importantes disfuncións e riscos. Despois dunha primeira visita realizada pola institución, na que se apreciaron as circunstancias sinaladas, as consellerías responsables realizaron a división xurídica e material do centro, creando os dous que agora funcionan de forma separada. O *Terra de Ferrol* conta cunhas instalacións adecuadas, renovadas en gran parte con ocasión da transformación mencionada, e ten servizo de colexio especial e de residencia. Xestiónase de forma directa pola administración (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) e os seus profesionais realizan un encomiable labor de atención no terreo educativo e de servizos. Contan cun cadro de persoal ben dimensionado e con profesionais que cobren a práctica totalidade das áreas de educación e coidados; porén, os profesionais botan en falta a presenza permanente ou máis frecuente dun psiquiatra; considérano fundamental, dada a tipoloxía das discapacidades dos alumnos. En canto a dotación material, consideran que teñen carencias nalgúns aspectos do centro residencial, que conta con habitacións nas que nalgún caso se aloxan até tres persoas con discapacidades heteroxéneas, algo que podemos comprobar na última visita realizada ao centro.



Cuartos da residencia del CEE *Terra de Ferrol* de 3 e 2 residentes



Enfermería do CEE Terra de Ferrol



Comedor do CEE Terra de Ferrol

-O Centro *Souto de Leixa* é un complexo cuxa titularidade corresponde á Consellería de Traballo e Benestar e que xestiona por concesión unha empresa privada. Conta cun centro de día, un centro ocupacional e un centro residencial, todos eles, especialmente o último, de importantes dimensións. As instalacións son boas (como no caso anterior, foron renovadas con ocasión do proceso de segregación), pero os profesionais consideran que precisarían maior dotación de mobiliario no centro residencial (por exemplo, armarios, mesiñas de noite...), cousa que podemos comprobar; porén, as instalacións deste centro residencial resultan máis adecuadas que as do CEE Terra de Ferrol, pois no Souto de Leixa non existe o problema comentado (habitacións de até 3 persoas). Dende o punto de vista material só se bota en falta a posibilidade de contar cun vaso terapéutico para as persoas que o precisan, sobre todo os grandes afectados. A dotación de persoal resulta adecuada, segundo a xerencia.



Entrada do Centro Souto de Leixa



Salón do Centro Souto de Leixa.

-ASPABER é un centro xestionado pola asociación do mesmo nome que conta con residencia, centro de día, centro ocupacional e centro especial de emprego. Conta tamén cun club de ocio (Manuel Pose Veiga) para a participación cultural e deportiva e en campamentos. Ten servizos de fisioterapia, aula de comunicación e logopedia, psicoloxía, psiquiatría, traballo social, atención ás familias, comedor, transporte... O centro tamén organiza un bo número de accións formativas de persoal; de feito, o día da nosa visita coincidimos cunha delas.

Destaca o labor realizado polo Centro Especial de Emprego, que conta cun bo número de empregados, 31, incluídos algúns que non son discapacitados, 5. Executa contratos de servizos públicos outorgados polo Concello de Carballo (limpeza viaria e de colexios) e outros máis pequenos de municipios da comarca, como A Laracha (limpeza viaria e punto limpo) e Malpica (limpeza viaria). Realiza un importantísimo labor en materia de inserción laboral, tal e como puidemos comprobar. É un centro ben dotado dende o punto de vista material e humano. Os seus xestores puxéronnos de manifesto que neste momento teñen resoltos os máis importantes problemas que tiveron que afrontar; porén, na actualidade

senten preocupación polas modificacións que poden derivarse dos cambios anunciados no servizo de transporte adaptado (065) e polo previsto copago dos servizos que prestan no marco do sistema de dependencia. Ademais, polo que se refire ao Centro Especial de Emprego, en breve vencerán algúns dos seus contratos de servizos públicos, que gañaron sen cláusulas sociais (só coa puntuación engadida por contratos a discapacitados), e senten certa inseguridade respecto das renovacións; por iso, entenden que os concellos deberían reforzar o sentido social das súas iniciativas e incluír cláusulas sociais que os discriminen positivamente. Como consecuencia da ausencia de cláusulas sociais perderon algún contrato, como o do punto limpo de Ponteceso, segundo sinalan os xestores. Máis grave resulta a imposibilidade de acceder aos concursos debido á negativa de prestar a garantía bancaria. Ademais, botan en falta que no caso dos discapacitados a normativa non garante a subrogación dos contratos laborais, como si pasa co resto dos traballadores. Esa normativa despexaría moitas incertezas no futuro laboral das persoas con discapacidade intelectual do Centro Especial de Emprego. Compiten en condicións case iguais ás do resto de empresas (só se benefician da exención das cotas da Seguridade Social e de axudas polo 50 % dos salarios), a pesar de que precisan de cadros de persoal de maior dimensión e sobre todo de axudas (transporte) ou apoios profesionais (supervisión, formación...) que normalmente se prolongan ao longo da vida laboral do traballador.

O centro ocupacional conta con 78 usuarios, con posibilidade de transferencia ao Centro Especial de Emprego. Ten lista de espera. Realiza terapias personalizadas e actividades claramente diferenciadas das do Centro Especial de Emprego. O centro de día conta con 30 usuarios e o centro residencial con 17,5 tamén usuarios do centro de día e 12 do centro ocupacional. Tamén conta con pisos tutelados que posibilitan a transición á vida independente e por tanto a integración.



Entrada do Centro ASPABER de Carballo.

-O Centro de Atención a Persoas con Discapacidade da Coruña (antigo Santiago Apóstolo) é un centro que acolle a persoas con diferente tipoloxía de discapacidade intelectual. O centro residencial acolle a persoas (con 75 cubertas, e 85 en breve) gravemente afectadas. Trátase dun centro de grandes dimensións e cunhas instalacións renovadas e de calidade. Conta tamén cun centro de día (con capacidade para 30 persoas, 14 cubertas) e un centro ocupacional que no futuro albergará a 30 persoas. No mesmo recinto encóntrase o Centro de Educación Especial María Mariño, que comparte moitas das instalacións e recursos cos outros centros. O proceso de segregación foi inverso ao descrito no caso dos centros situados en Ferrol; o centro orixinal tiña carácter social, pero nel tamén se atendían as necesidades dos menores de idade escolar, até a recente segregación. Como sinalamos, as instalacións son de calidade; destaca o centro residencial, con moi bos cuartos, ben dotados e nos que se encontran ben organizadas as diferentes tipoloxías de discapacidade (por módulos e por cuartos). Os cuartos son para un ou dous usuarios, salvo nos casos en que por homoxeneidade da tipoloxía se considera adecuado que sexan máis os usuarios aloxados. A dotación de medios mecánicos, comedor, cociña, espazos e medios ocupacionais, etc., é moi boa. A dotación de persoal é ampla, tal e como apreciamos na visita, con máis dunha persoa nalgúns módulos residenciais, e a súa dedicación e coidado dos usuarios é encomiable e adecuada para o perfil de usuarios do centro.



Entrada ao Centro de Atención a Persoas con Discapacidade da Coruña (antigo Santiago Apóstolo)

-ASPACE Coruña é un amplo complexo situado na área metropolitana da Coruña que xestiona a asociación do mesmo nome, dedicada á atención principal de persoas con parálise cerebral. Conta cun amplo e moderno centro residencial (permanente, temporal e de respiro familiar), un centro de día e un centro educativo con aulas concertadas coa CCEOU. As instalacións son boas e adecuadas para a finalidade dos centros e na

actualidade realízanse obras de ampliación para un centro ocupacional e está proxectada unha ampla reforma para mellorar o resto das instalacións. A súa dotación é moi boa tanto a nivel material como de persoal (máis de 100 persoas). Conta cun amplo cadro de persoal de profesionais de todas as ramas precisas, como orientación e diagnóstico médico, enfermería, traballo social, psicoloxía, fisioterapia e hidroterapia, logopedia, terapia ocupacional, informática, novas tecnoloxías, ocio e deporte, terapia asistida por animais, transporte adaptado, comedor, dúas salas multisensoriais, piscina climatizada con grúa...). Os seus xestores indícanos que a pesar de contar cunha abundante flota de autobuses propios e con moitas rutas teñen problemas co transporte dos usuarios que acoden dende máis lonxe, e cren que a previsión de reforma do transporte adaptado que se proxecta os pode beneficiar, posto que se darían axudas ao centro coas que neste momento non contan (para rutas agora non cubertas). Tamén teñen certa preocupación coas previsións de copagos.

A asociación constituíu unha fundación para facerse cargo da tutela, curatela e representación de usuarios ou orientar aos que a exercen, e promover a sensibilización social (Fundación ASPACE CORUÑA).

-ASPADISOL é un pequeno centro de atención dedicado só a centro ocupacional, situado en Oleiros, na área metropolitana da Coruña. Na actualidade conta con menos de 20 de usuarios e 5 traballadores. As súas instalacións son pequenas, pero boas, ben dotadas e por iso adecuadas para o fin da asociación. O nivel de implicación dos asociados, principalmente dos xestores e as familias dos usuarios, con diferentes tipoloxías de discapacidade, resulta moi alto, como o proba a ampla acollida de todos eles o día da nosa visita e a súa claridade á hora de expoñer tanto os problemas que tiñan como os aspectos positivos que apreciaban no traballo de todos os operadores implicados na preservación dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual. Nun centro deste tipo destacan os problemas de custos de xestión da propia infraestrutura, especialmente as elevadas facturas que debían pagar polo combustible para a calefacción do centro.

-Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Redondela. Trátase dun centro público de grandes dimensión e moi ben dotado en termos de persoal e material, situado no contorno de Vigo. As instalacións construíronse hai 20 anos, son amplas e encóntranse en bo estado. Conta con 170 traballadores para atender a 120 usuarios, todos eles *grandes afectados*, en réxime de residencia todos os días do ano. Só dous reciben servizo de centro de día. Os usuarios pagan o 75 % da súa pensión (os do centro de día, un terzo dese 75 %). Obsérvase que case todas as habitacións están preparadas para albergar a 3 persoas con discapacidade, o que debería procurar mellorarse. Todos son maiores de idade e encóntranse incapacitados. Ten o que chaman un *spa* ou vaso terapéutico con grúa. Ten transporte propio (unha furgoneta) para ir ás actividades, principalmente á piscina de Redondela, e os usuarios sono tamén do 065, que cobre o servizo que lles permite ir aos seus domicilios de forma esporádica e volver ao centro. Conta cun médico de cadro de persoal, 8 ATSS e un psiquiatra que acode un día por semana, aínda que está a disposición as 24 horas e acode a demanda. O resto son coidadores e coidadoras (76),

camareiros e camareiras (25), cociñeiros e cociñeiras (12), educadores (14), auxiliares, responsables e equipo técnico.

Os profesionais do centro mostran preocupación polos medicamentos que precisan habitualmente os usuarios debido ás súas circunstancias e que saíron do catálogo de dispensación, o que orixina que as familias deban realizar un enorme desembolso; trátase sobre todo de laxantes, clisteres e antitusivos. Tamén existe preocupación polo posible cobro de medicamentos hospitalarios e polo posible copago dos medicamentos ordinarios por parte dos discapacitados, o que na actualidade non se produce, e pola falta de acceso ás historias clínicas dos pacientes, o que obriga a desprazamentos e xestións innecesarias. Tamén reclaman que se cubra o patio para que poidan ser utilizados os abundantes días de choiva.

Na sinalización do centro aínda aparece a incorrecta denominación “centro de atención a minusválidos psíquicos”, o que se cambiará en breve, segundo nos indicou o equipo directivo.



Entrada ao CAPD de Redondela.



Spa o vaso terapéutico do CAPD de Redondela.



Cuarto da residencia do CAPD de Redondela.

- Centro da Fundación MENELA, en Priegue-Nigrán. Trátase dun centro con concerto que atende fundamentalmente a Persoas con trastorno do espectro autista catalogados como grandes afectados. Encóntrase na área metropolitana de Vigo e conta con 34 prazas residenciais (con permanencia completa, os 365 días do ano, ou con estancias domésticas periódicas os fins de semana e vacacións) e 14 de centro de día. A Fundación tamén conta cun Centro de Educación Especial en Alcabre-Vigo. A outro centro na cidade diríxense numerosos casos que precisan atención temperá. Trátase dun centro ben dotado en canto a persoal (37) e recursos materiais. Os seus profesionais mostran preocupación pola falta de individualización á hora de sinalar as contribucións da administración, o que resta recursos a outros usuarios. Tamén sinalan que non se lles dirixen adecuadamente os servizos de atención temperá, que nalgúns casos acoden con PIAs de coidados no contorno familiar. E, sobre todo, mostran preocupación polo inminente cambio de réxime de transporte dos usuarios. Algúns acoden ao centro de día nos vehículos do 065 e agora obrigarase ao centro a asumir ese transporte a cambio dunha contribución fixa insuficiente, 9 €, sen as contribucións privadas anteriores, o que vai provocar que o déficit nesta materia se teña que compensar coa privación aos usuarios dalgúns dos servizos actuais, algo que consideran grave.

Contan cun edificio de nova construción que aínda non se encontra en funcionamento por falta de dotacións (prazas concertadas) por parte da administración.



Pictograma da aula de pintura do Centro de la Fundación MENELA en Nigrán.



Piscina do Centro da Fundación MENELA en Nigrán.

- Centro ASPNAIS, de Lugo. Trátase dun centro concertado de grandes dimensións e situado no centro urbano de Lugo. Ten 36 usuarios de prazas residenciais, 90 de centro ocupacional e 26 de centro asistencial ou de día. Ademais conta con dúas vivendas tuteladas con 5 usuarios. Todos eles son adultos. As instalacións son boas e a residencia conta con cuartos case todas individuais. A dotación de medios persoais tamén é boa e conta con atención na práctica totalidade das especialidades que precisa.

O principal problema que preocupa aos profesionais na actualidade é a reforma do transporte, que ocasionará que os usuarios que veñen ao centro a través do 065 teñan que ser trasladados polo propio centro cun financiamento que consideran insuficiente, posto que se trata de longos e complicados desprazamentos. Ter que asumir iso pode repercutir na calidade dos servizos principais. Tamén mostran preocupación polas listas de espera do centro, que neste momento conta con 20 persoas sen atender, sendo especialmente relevantes as da residencia. Ao non concederse máis prazas, que son necesarias, as listas convértense en crónicas.



Entrada ao Centro ASPNAIS de Lugo



Cuartos da residencia do centro ASPNAIS de Lugo

- Centro ASPANAS, de Ourense. Trátase dun centro concertado no contorno da cidade de Ourense. Conta cunhas boas instalacións cedidas pola administración –antes formaban parte do complexo do CEE que está ao lado- para a súa xestión pola asociación. Atende a 65 usuarios en réxime de residencia, 49 dos cales acoden ao centro ocupacional. Tamén ten 11 usuarios de centro de día e noutras instalacións (A Peroxa) ten un centro de autónomos con 12 usuarios. Nestas últimas instalacións tamén atende a 30 grandes afectados.

Conversamos cos profesionais e cos membros da asociación que xestionan estes centros. Os problemas que lles preocupan son, como en case todos os centros concertados, as

listas de espera e o transporte. A falta de prazas xera listas de espera, o que fai moi difícil a transición da etapa educativa –na que a atención está garantida- á etapa adulta. En ocasións hai que agardar de forma indebida e noutras asígnanse centros que non son os desexados polos discapacitados ou discapacitadas e as súas familias, o que xera un profundo malestar pola desestabilización da persoa. Isto sénteno especialmente neste centro, no que desexan que se produza unha transición sen sobresaltos dende o centro educativo anexo ao centro de atención de ASPANAS, o que evitaría desarraigos, descompensacións, problemas psicolóxicos e desprazamentos innecesarios para as familias. Porén, cando se asigna un centro noutro sitio ou localidade obrígase a aceptar a oferta, o que fai que por problemas burocráticos se desprace a familia que desexa permanecer en ASPANAS e en ocasións outra persoa que non desexa ingresar si chegue a facelo.

Tamén sinalaron a súa máxima preocupación por certas informacións que indican que a administración pretende cambiar as ratios de atención para os gravemente afectados (8/1).

Como vimos no caso anterior, este centro tamén se terá que facer cargo dos transportes que antes realizaba o 065. Ao contrario do que nos sinalaron en ASPNAIS-Lugo, o centro de Ourense foi informado de que a administración se faría cargo da totalidade das rutas dos usuarios, o que fai pensar que neste momento non existe un criterio uniforme entre as diferentes Xefaturas Territoriais e que o tema aínda está aberto.





Instalacións do Centro ASPANAS de Ourense

- Centro de Educación Especial *Miño*, de Ourense. Entrevistámonos coa directora e coa orientadora. Trátase dun centro amplo e con boas instalacións, veciñas ás do centro ASPANAS, nas aforas de Ourense. Conta con 42 alumnos, 17 deles en réxime residencial debido, fundamentalmente, á distancia dos seus domicilios. Contan con bolsas para transporte e comedor. Non teñen problemas co traslado dos alumnos.

Entre os principais problemas que nos trasladan cóntanse a falta de respiros familiares e a inexistencia dun centro público, algo que recalca a orientadora. Respecto do exercicio do dereito á educación inclusiva sinalan que debería procurarse, pero a realidade é que a falta de medios, en moitas ocasións, impídeaa ou dificultaa; ademais resultaría imprescindible unha adecuada tarefa de concienciación dos nenos a partir dos 8 anos para conciencialos, descartar comportamentos prexuciosos e descartar condutas que provoquen marxinação.



Entrada ao colexio de educación especial "Miño" de Ourense.

15. Conclusións

15. Conclusións

Aspectos xerais

A pesar dos avances na afirmación dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual e na súa aplicación en todas as ordes, aínda hoxe se percibe que os que conforman este colectivo son intensamente vulnerables e permanece o risco de marxinación, segregación, discriminación ou falta de atención ou apoios adecuados, polo que segue sendo moi necesario que os poderes públicos consideren como unha das súas prioridades todo o concernente á garantía dos dereitos destas persoas.

As adecuadas políticas públicas para facer efectivos os dereitos das persoas con discapacidade intelectual son unha obriga de primeira orde ou constitucional. O art. 49 da Constitución Española preceptúa que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración destas persoas, ás que prestarán a atención especializada que requiran, e ampararanos especialmente para que gocen dos dereitos que o Título I outorga a todos os cidadáns. Os poderes públicos teñen a obriga principal de recoñecer, respectar e protexer os citados dereitos, segundo o establecido no art. 53 do Texto Fundamental.

La normativa internacional asumida por España como propia (art. 96 CE) recoñece dereitos e desenvolve obrigacións que vinculan a todos os poderes públicos españois, como ás administracións estatal, autonómica e local e aos órganos xurisdicionais; destacan a Declaración Universal de Dereitos Humanos e a Convención Internacional de Dereitos de Persoas con Discapacidade.

Toda a normativa interna que afecta as persoas con discapacidade intelectual, na medida en que se trata de normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece, deben interpretarse de conformidade coa Declaración Universal de Dereitos Humanos e cos demais tratados ou acordos sobre esas mesmas materias ratificados por España, en especial a Convención de Dereitos das Persoas con Discapacidade.

O tratamento de todas as circunstancias públicas que afectan as persoas con discapacidade intelectual concirne os seus dereitos humanos e por tanto debe darse de acordo co principio de prioridade ou de atención prioritaria. As prácticas que non teñan en conta esta condición deben desterrarse o máis pronto posible; resultan manifestacións do antigo modelo rehabilitador ou médico e é preciso substituílas polas propias do modelo de dereitos humanos.

No marco do modelo de dereitos humanos, o obxectivo debe ser eliminar ou paliar os obstáculos e procurar os apoios para alcanzar o máximo progreso posible na realización individual dos dereitos e dos aspectos fundamentais da vida.

A *atención prioritaria* que requiren os dereitos dos discapacitados e discapacitadas intelectuais debe afirmarse con énfase debido a que a súa discapacidade se aprecia e precisa apoios desde unha idade temperá, o que fai que se conviva con ela a práctica totalidade da vida e que resulte imprescindible a adecuada atención en todas as súas fases se se quere garantir o progreso persoal e a calidade de vida.

A sociedade tamén debe mellorar a percepción que ten dos problemas que afectan o colectivo e debe procurar unha maior concienciación solidaria para afirmar actitudes individuais positivas e asumir que se trata dun obxectivo de esforzo colectivo prioritario de calquera país avanzado. No terreo social, os poderes públicos deben promover esa concienciación, en especial para desterrar algúns estereotipos que aínda permanecen e prexudican gravemente ás persoas con discapacidade intelectual, sobre todo en materia laboral.

Vivimos un momento de grave crise económica e por iso de restricións orzamentarias e dificultades que aumentan o grao de vulnerabilidade do colectivo. Por iso, neste momento resulta aínda máis preciso afirmar o principio de atención prioritaria das persoas con discapacidade intelectual, o que debe significar que se manteñan e mesmo crezan as políticas públicas orientadas á protección integral dos seus dereitos.

A necesidade de descartar termos inadecuados no ámbito social e administrativo

A mellor doutrina científica considera inadecuadas para describir a realidade das persoas con discapacidade intelectual expresións que antes resultaban comúns, como *retraso mental*. O termo *discapacidade intelectual* é máis apropiado e se adecúa ao marco sociolóxico que centra o eixe dos dereitos destas persoas unicamente na súa necesidade de apoios. Por iso, a sociedade debe procurar que os seus hábitos neste aspecto cambien progresivamente e se desterren expresións despectivas e pouco axustadas á realidade.

O cambio terminolóxico a favor das denominacións *discapacidade* ou *discapacitado* é unha obriga legal para a administración desde a aprobación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (disposición adicional oitava). Con todo, obsérvase que aínda permanecen prácticas administrativas desfasadas e que nalgún ámbito aínda se usan termos ilegais.

A afirmación dos dereitos fundamentais das persoas con discapacidade intelectual

O rexeitamento do modelo asistencial ou médico e a asunción dun novo paradigma ou modelo de dereitos humanos ou social, no ámbito da capacidade xurídica fai que se descarte a substitución do discapacitado na toma de decisións e que teña que propiciarse unha nova orientación baseada no complemento ou a asistencia ao discapacitado en razón das súas circunstancias, o modelo de apoio, acorde co art. 12 da Convención de Dereitos das Persoas con Discapacidade.

No entanto, moitos aspectos da lexislación civil en materia de capacidade e apoios aínda resultan inadecuados ou non se adaptan á Convención e ás esixencias do novo modelo que proclama. Resulta necesario reformar a nosa normativa para lograr a individualización das medidas para o complemento da capacidade da persoa con discapacidade e para que reciba os apoios que precise, un *traxe a medida*, algo asumido cada vez en maior medida pola práctica xudicial. O que coñecemos como *incapacitación* non debe afectar o máis esencial da persoa e aos seus dereitos; debe seguir conservándoos por medio da implantación das medidas de apoio que precise.

As tradicionais limitacións na capacidade de obrar expáñdense e afectan a outros dereitos de carácter político e fundamental. As limitacións son a regra xeral na nosa normativa electoral, sindical ou de asociación, todas reguladoras do exercicio de dereitos fundamentais. Resultan necesarias as reformas que eliminen as limitacións ao exercicio destes dereitos das persoas con discapacidade intelectual e que se garantan os apoios individuais establecidos pola autoridade xudicial e coas debidas garantías.

Ademais das citadas normas reguladoras de dereitos fundamentais, resulta necesario modificar un bo número de previsións legais co fin de eliminar as limitacións xenéricas e facer efectivo o dereito para recibir apoios ou axudas adaptados para a toma de decisións relevantes.

Tamén debe procurarse o cambio da normativa e das prácticas en materia de internamentos involuntarios. Como medidas restritivas dun dereito fundamental deberían ser unha última *ratio*. Os Defensores do Pobo botamos en falta a necesaria coordinación entre os servizos de saúde mental e os servizos sociais, que de existir evitarían moitos dos internamentos que se producen ou os perfilarían cun enfoque que permitise a personalización e a participación do afectado con apoios. Os ingresos privativos de liberdade deben cingirse aos casos evidentes e reducirse os prazos para a súa autorización.

A autorización xudicial de internamento non trae consigo unha autorización implícita para aplicar medidas de contención física ou mecánica sen a aceptación previa do afectado. A conformación dun criterio previo que implique o afectado debe prevalecer por encima da opinión de titores, titoras ou familiares; e aínda no caso de resultar imposible esa opinión válida, polo menos debería procurarse un adecuado contraste de opinións médicas.

Os dereitos dos nenos e nenas con discapacidade intelectual

Os nenos e nenas con discapacidade son máis vulnerables e están máis expostos a sufrir violencia e malos tratos, polo que eles e as súas familias han de contar cos apoios que precisen para o desenvolvemento da súa capacidade e o goce dos seus dereitos.

Os dereitos das mulleres e as nenas con discapacidade intelectual

As mulleres e as nenas con discapacidade están expostas a un maior risco de discriminación, en especial no ámbito laboral, no da repartición de roles, ou por ser potenciais vítimas de violencia machista. Por iso é preciso incorporar unha perspectiva de xénero en todas as actividades destinadas a promover o pleno goce dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais polas persoas con discapacidade, neste caso con discapacidade intelectual.

O dereito a unha atención temperá das persoas con discapacidade intelectual

A discapacidade intelectual ponse de manifesto en idades moi temperás na vida e sempre antes da idade adulta. Este factor, que diferencia estas discapacidades das sobrevidas en idade adulta, fai que resulte primordial un diagnóstico temperán e a consecuente aplicación inmediata de todos os dereitos da persoa e dunha adecuada atención para a implantación do catálogo de axudas ou apoios que precise cada persoa.

As inadecuadas valoracións de dependencia ou unha cuestionable interpretación dalgunha das previsións da Lei de Dependencia deu lugar a que se xeren disfuncións que afectan de forma moi especial ás persoas con discapacidade intelectual de máis curta idade e á súa atención temperá. A administración galega aceptou as recomendacións do Valedor do Pobo para corrixir esta situación e aprobou unha normativa específica de atención temperá (Decreto 183/2013).

A nova normativa está na liña reclamada polo Valedor do Pobo desde hai tempo, especialmente no que se refire á necesidade de atención prioritaria ou incondicionada en supostos de atención temperá. Esta priorización debe facer que a aplicación dos programas de atención sexa inmediata e que nos casos de valoracións de dependencia baixas se exceptúe o criterio xeral de implantación progresiva da Lei de dependencia. O decreto debería aplicarse de forma que evite as consecuencias prexudiciais detectadas.

O dereito á educación inclusiva

Todas as análises científicas, os acordos e proclamacións internacionais e nosa propia lexislación declaran o dereito da persoa con discapacidade intelectual a escolarizarse de forma inclusiva, no centro educativo ordinario que lle corresponda, o do seu contorno, coas adaptacións persoais, materiais e curriculares que sexan precisas en cada caso.

O concepto de inclusión no ámbito educativo vai máis aló da mera integración. Esta refírese á incorporación física dos estudantes con discapacidade aos centros ordinarios, na que teñen que adaptarse á organización e aos modos de ensino. Pola contra, a inclusión implica un profundo cambio dos centros e a adaptación do seu sistema educativo para que as persoas con discapacidade poidan progresar.

A orientación inclusiva da fase educativa inflúe de forma considerable no enfoque adecuado dos demais aspectos da vida das persoas con discapacidade intelectual. As persoas que na súa fase formativa tiveron contornos pechados ou pouco integradas refusan de forma habitual a súa incorporación a proxectos laborais ou de calidade de vida (cultura, lecer ...) inclusivos ou normalizados.

Nalgúns casos apréciase unha certa tensión entre a reclamación do dereito á educación inclusiva e a limitada oferta de recursos, o que xera algunhas situacións enfrontadas entre a administración e as familias, que en ocasións discrepan da mellor e máis eficaz solución para a educación da persoa con discapacidade, cuxo interese superior debe garantirse.

Os centros de educación especial desenvolveron e seguen desenvolvendo un labor encomiable e de primeira orde na tarefa de facer efectivo o dereito fundamental á educación das persoas con discapacidade intelectual. Con todo, a afirmación do dereito á educación inclusiva fai que o papel dos centros deba transformarse para ser cada vez máis abertos e mesmo converterse en centros de asesoramento, apoio especializado e recursos para a adecuada atención educativa do conxunto do alumnado con necesidade específicas de apoio educativo, tal e como reclaman as organizacións que traballan no mundo da discapacidade.

A política escolar integradora só resulta posible se vén acompañada dunha ampla dotación orzamentaria que sosteña programas e apoios permanentes dos alumnos. O principio de priorización das políticas públicas de atención ás persoas con discapacidade intelectual debe servir para a inclusión dos alumnos e alumnas. Deben ser prioritarias as políticas de dotación que persigan o obxectivo de evitar calquera forma de segregación ou discriminación, especialmente as dotacións de recursos como escolas e servizos con especialización, profesionais, material e apoios de todo tipo.

As entidades asociativas galegas que defenden os dereitos das persoas con discapacidade intelectual deben considerarse interlocutores de primeira orde no deseño das políticas públicas en materia de educación inclusiva. Elas poden proporcionar estratexias, centros ou medios de apoios neste ámbito aos diferentes centros educativos.

A autonomía persoal, a atención á dependencia e a discapacidade intelectual

As persoas con discapacidade intelectual reciben a maior parte da súa atención pública a través do sistema de dependencia. Con todo, coa entrada en vigor da Lei de Dependencia observáronse numerosas e graves disfuncións, entre as que cabe destacar o importante atraso dos procedementos e por tanto da efectividade dos dereitos recoñecidos a través desta Lei. Nos Informes ao Parlamento de Galicia de 2008, 2009, 2010, 2011 e 2012 dedicamos un amplo comentario ás carencias na aplicación da Lei de Dependencia en Galicia.

As persoas con discapacidade intelectual vense prexudicadas pola dificultade de realizar unha adecuada avaliación da súa dependencia; por atrasos na adaptación das valoracións ou os PIAs ante a evolución das súas situacións ou diagnósticos; polas dificultades para facer compatibles a educación especial e os dereitos derivados da dependencia no caso de escolares; pola validación dun servizo que xa se tiña, sen servizos ou prestacións complementarios; ou pola limitación de axudas privadas ou institucionais.

O problema agrávase se temos en conta que dadas as circunstancias das persoas con discapacidade intelectual en ocasións se producen revisións de oficio das súas valoracións de dependencia que producen unha baixada considerable na valoración inicial realizada, tal e como poñen de manifesto as organizacións que traballan con elas, que aprecian que as súas necesidades reais de apoios son coincidentes coa valoración inicial e que a segunda queda por baixo das necesidades.

Á marxe de que nalgúns casos as valoracións de dependencia que afectan o colectivo resultan cuestionables e por iso deben corrixirse, o máis apremante cando se produce unha baixa valoración é deixar claro que o diagnóstico previo da discapacidade intelectual debe ser motivo suficiente para que desde o primeiro momento se preste unha atención adecuada, sen demoras indebidas e inxustificadas, á marxe da valoración de dependencia que se recibise.

Debe evitarse que a práctica das administracións derive na conversión do sistema de dependencia en *porta única* dos servizos sociais. Ese sistema, tal e como se concibe na actualidade, resulta claramente positivo para moitas situacións, pero non é conveniente que se produza a anulación doutras posibilidades de actuación en beneficio de persoas con discapacidade, que deben ser atendidas fundamentalmente a través de apoios para promover e xestionar a súa autonomía, algo non suficientemente desenvolvido na práctica a través do sistema de dependencia.

Para que non se produza unha importante diminución no nivel de apoios e servizos que reciben as persoas con discapacidade intelectual é vital que se preserve a colaboración que ata agora viñan prestando un bo número de entidades institucionais ou privadas, como obras sociais, fundacións, entidades semipúblicas de carácter social, etc. Para iso resulta imprescindible que as propias entidades asuman o carácter prioritario desa atención e que as administracións públicas, nas súas relacións con elas, reclamen firmemente que se manteña e se é posible aumente a súa colaboración neste terreo, destacándoo como obxectivo prioritario das súas accións sociais.

A necesidade de mellorar a avaliación da dependencia dos discapacitados e discapacitadas intelectuais

Comprobamos que resulta xustificada a frustración dos familiares de persoas con discapacidade intelectual pola forma inadecuada en que comunmente se realizan as súas avaliacións de dependencia. A pesar de que se fan de acordo cos criterios da Lei de dependencia, esas avaliacións non reflicten o grao real de dependencia da persoa. Os técnicos das asociacións que traballan no sector da promoción dos dereitos e a atención aos discapacitados e discapacitadas intelectuais tamén teñen a impresión de que resultan moi baixas.

O problema non son as normas relativas á avaliación, que si prevén que se aprecien as principais especificidades deste tipo de discapacidade, senón o modo en que se realiza, que en moitos casos non ten en conta o grao de dependencia que se deriva das condicións das persoas con discapacidade intelectual.

Os técnicos das asociacións de persoas con discapacidade intelectual destacan que a *avaliación insuficiente* dáse principalmente porque a maioría das avaliacións se refiren a aspectos físicos ou de estrita mobilidade, que non necesariamente encaixan cos problemas de dependencia que condicionan a vida dos discapacitados e discapacitadas intelectuais e porque se realizan fóra das contornas habituais do discapacitado e discapacitada e sen a achega necesaria dos profesionais e resto de persoas que os apoian nesas contornas.

As valoracións xeralmente baixas, a aplicación do calendario de aplicación progresiva da Lei de dependencia e os atrasos nas implantacións dos programas de atención para moitos dependentes debido ao déficit de recursos e aos criterios de priorización dos dependentes en razón do seu grao, traen como consecuencia que algúns discapacitados e discapacitadas intelectuais vexan atrasada a súa atención, a pesar de que debería ser temperá, o que xera consecuencias prexudiciais para o seu futuro.

O calendario de aplicación progresiva da Lei de Dependencia non debe entenderse aplicable ás persoas que xa recibían atención con anterioridade á súa entrada en vigor. Ao tratarse dunha norma que mellora a situación xurídica dos seus destinatarios, a súa implantación non pode deixar sen apoios, axudas ou servizos aos colectivos especialmente vulnerables e que por tal motivo xa eran atendidos antes. Se se entende que non existe posibilidade legal de prestar atención nese concreto marco, o sistema de dependencia, entón a atención debe prestarse a través doutros mecanismos. En ningún caso debe considerarse a alternativa de deixar de atender ás persoas pertencentes a este colectivo co argumento inadecuado de que están *temporalmente excluídos do modelo de dependencia*.

Ao ter constancia xeral do expresado iniciamos unha actuación de oficio co fin de impulsar a necesaria mellora das valoracións, e como conclusión recomendamos á Consellería de Traballo e Benestar *que se habiliten os medios que permitan corraxir algunhas valoracións de dependencia que afectan a discapacitados intelectuais e que resultan demasiado baixas, e que para iso, entre outras circunstancias, se examine a conveniencia, e incluso a posible necesidade legal, dada a redacción dos preceptos do Real decreto 174/2011, da participación nas valoracións, especialmente nas entrevistas e na achega de documentos, de técnicos de asociacións de apoio a cada uns dos colectivos de discapacidade intelectual (autismo, síndrome de Down ...), que poden achegar algúns aspectos de forma complementaria e orientativa que se engadan aos xa manexados polos membros dos equipos, dada a especialización daqueles e/ou o seu coñecemento individual da situación e as necesidades de apoio destes discapacitados.*

A consellería aceptou plenamente a recomendación e ademais sinalou que tamén estaba a estudar a posibilidade de especializar aos valoradores ou valoradoras, determinando o seu perfil segundo a condición de saúde e a idade das persoas a valorar. Por isto, o noso labor actual oríéntase cara á vixilancia do cumprimento do citado compromiso.

Pola súa banda, as avaliacións de discapacidade sofren demoras considerables que en ocasións teñen consecuencias negativas, polo que deberían mellorarse os tempos de exame técnico e resolución.

O dereito aos apoios e á atención adecuada e individual

Como sinalamos, as avaliacións de grao (de dependencia, de discapacidade ...) deben mellorarse; con todo, a avaliación con maior relevancia é a que se realiza para a determinación das necesidades do individuo nas áreas en que precisa apoio, como a educación, a seguridade, o apoio médico ou o condutual. A pesar do dereito a que se proporcionen os apoios e servizos máis adecuados para esas necesidades, en ocasións as familias das persoas con discapacidade trasládannos supostos nos que a atención máis conveniente non é a asignada.

Para a atención adecuada e integral, os Programas Individuais de Atención poderían incluír apoios, axudas ou servizos complementarios aos básicos, algo no que insisten as asociacións de apoio ás persoas con discapacidade intelectual. A aplicación da Lei de Dependencia espertou unha importante e xustificada expectativa de mellora dos apoios e servizos, pero a realidade foi outra. Nalgúns casos só se validou o servizo que xa se tiña, normalmente un servizo de intensidade limitada, sen servizos ou prestacións complementarios. Os apoios e atención especial que precisan no propio centro ou fóra del, ou no contorno familiar durante o resto do día, seguen sen concretarse e normalmente continúan sendo unha tarefa doméstica que require grandes esforzos.

Os servizos que prestan as entidades con programas enfocados cara á promoción da autonomía persoal con apoios teñen especiais dificultades á hora de concretarse como os servizos adecuados, e iso debido á carteira ou catálogo existente no sistema de dependencia e ás rixideces de compatibilidades. A aprobación do Decreto 149/2013, de carteira de servizos, está a cambiar a situación nalgúns casos, pero non noutros, o que nos obriga a permanecer atentos á súa aplicación, sobre todo ao outorgamento e efectividade de todos os PIAs precisos para a promoción da autonomía.

A figura do asistente persoal límitase enormemente, a pesar de que sería a máis apropiada para facer valer a autonomía do discapacitado ou discapacitada e por tanto o modelo de dereitos humanos que consagra a Convención de Dereitos das Persoas con Discapacidade e agora a nosa lexislación interna. A lei restrínxela a determinados ámbitos e ás persoas valoradas como grandes dependentes, e aínda entre estes a súa aplicación práctica é case nula. Das estatísticas dedúcese que debe progresarse no recoñecemento deste servizo como o medio máis acorde para garantir a vida independente, o que vai esixir un cambio nos usos actuais ou unha reforma legal para progresar nesa liña.

Un dos problemas principais dos potenciais usuarios dos centros son as listas de espera, que se producen especialmente cando se dá a transición da etapa escolar á adulta e en ocasións fan que as demoras na atención sexan grandes. Por iso, resulta imprescindible aumentar as prazas, sobre todo nas contornas con maior demanda e déficit delas, e que en caso de ausencia de praza se ofrezca como alternativa o mesmo financiamento público que correspondería á praza da que se carece, e non unha menor.

A maior parte dos centros, asociacións e familiares mostran unha gran preocupación pola incidencia que poden ter futuros copagos asociados ao catálogo de servizos. Nas visitas aos centros indicóusenos que o copago previsto, se non se realiza de forma adecuada, pode supoñer unha retirada de algúns usuarios e a volta a situacións superadas, como a atención sen servizo profesional ou exclusivamente doméstica. Se o copago non se planifica tendo presentes as circunstancias económicas da familia pode producir un efecto disuasorio respecto dos servizos, sobre todo no actual contexto de grave crise económica, no que son frecuentes os casos en que os únicos ingresos familiares proveñen de pensións ou prestacións económicas con causa na discapacidade.

O dereito ao traballo dos discapacitados e discapacitadas intelectuais

A incorporación ao mundo laboral das persoas con discapacidade é clave para a realización da súa integración social. Por desgraza, na actualidade atópanse enormes dificultades para calquera persoa que busque emprego; pero para os discapacitados e discapacitadas, e aínda máis para os de carácter intelectual, as dificultades multiplícanse. Non axudan determinadas actitudes prexuzosas e incorrectas, que levan a que apenas se conseguise a súa integración no mercado laboral ordinario e a que os empregos do colectivo se concentren no *emprego protexido* e en determinados sectores ou actividades. As taxas de

actividade, ocupación e paro son máis desfavorables para os discapacitados e discapacitadas, en comparación coa poboación en xeral, e máis aínda no sector da discapacidade intelectual.

O emprego de discapacitados e discapacitadas intelectuais no sector público.

A cota de reserva en procesos selectivos da administración é unha das principais reivindicacións que realizan as diferentes asociacións e organizacións que traballan coa discapacidade intelectual. Sen este requisito é moi difícil, case imposible, que as persoas afectadas por algunha discapacidade deste tipo poidan competir con persoas que non a padecen. Pero o desenvolvemento da reserva foi lento e só recentemente se conseguiu, aínda que nun momento en que a súa incidencia práctica se atopa moi diminuída polas circunstancias económicas.

As organizacións do sector opinan que a reserva debe cingirse ás persoas con discapacidade intelectual. A súa finalidade desvirtuaríase se se inclúe a persoas con características distintas. É importante ter en conta a diferenza entre discapacidade intelectual e psíquica; a primeira implica características ou limitacións propias (limitacións de comprensión, aprendizaxe lenta, problemas de memoria a curto prazo) que non teñen os discapacitados psíquicos sen déficit cognitivo, sinalan a organizacións. Afirmán que non sería xusto poñelos a competir entre eles, posto que os discapacitados e discapacitadas intelectuais estarían en desvantaxe.

A cota de reserva para os discapacitados intelectuais quedou fixada a través da Lei 26/2011, que modifica o Estatuto Básico do Empregado Público. Agora sinala que *nas ofertas de emprego público se reservara unha cota non inferior ao 7 % das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade, ... sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas, de modo que progresivamente se alcance o 2 % dos efectivos totais en cada Administración Pública. A reserva do mínimo do 7 % realizarase de maneira que, polo menos, o 2 % das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual.*

A recente reforma da normativa estatal, que é básica e por tanto aplicable en todo caso, trae como consecuencia que xa se atope vixente a quenda de reserva de prazas para persoas con discapacidade intelectual. Esa previsión é aplicable non só á Administración xeral do Estado, senón tamén ao resto das administracións, en concreto á autonómica, ás locais de Galicia, e ás universidades.

A Consellería de Facenda comprometeuse a adaptar a normativa autonómica en materia de reserva. O anteproxecto de lei de emprego público de Galicia inclúe a cota específica de reserva para persoas con discapacidade intelectual (art. 47.2). Por tanto, previsiblemente

regularase a cota específica, aínda que ese compromiso está a materializarse con lentitude.

As últimas Ofertas de Emprego Público non inclúen a necesidade de materializar a cota. Para xustificalo a Consellería de Facenda sinala que as limitacións legais impostas recentemente fan que sexan convocatorias de moi poucas prazas, e sobre todo que o perfil das prazas non é apropiado para a aplicación da cota. No entanto, esta circunstancia debería reflectirse de forma clara e motivada nas convocatorias, xa que se trata de exceptuar unha obrigaón legal, cousa que non se fixo. En consecuencia, continúa pendente o obxectivo de mellorar a situación (discriminación positiva) das persoas con discapacidade intelectual no ámbito do emprego público.

Os postos temporais non se contabilizan para os efectos de establecer cotas e tampouco existen listas de contratación exclusivas para discapacitados intelectuais que permitan cubrir os postos por quen superou as probas e non obtivo praza. Por iso, deberían modificarse os criterios para a elaboración e xestión das listas de interinidade e substitución.

O emprego no sector privado

As persoas con discapacidade intelectual sofren taxas de desemprego moi altas, por encima das do resto de persoas. Existen numerosos incentivos para a contratación de persoas con discapacidade; non deben considerarse privilexios, senón un modo de compensar a peor situación de partida na que se atopa este colectivo. As medidas legais postas en marcha aínda resultan insuficientes para dar unha batalla eficaz a esta realidade.

O Estatuto dos Traballadores obriga ás empresas de 50 ou máis traballadores a que polo menos un 2 % sexan discapacitados ou discapacitadas, pero cabe cuestionarse a efectividade da medida e o seu grao de cumprimento. Debe vixiarse adecuadamente o respecto da cota e establecer un plan de choque para facilitar o mantemento e a creación de emprego de traballadores e traballadoras con discapacidade con especiais dificultades no mercado laboral.

A necesidade de corrixir o alto índice de incumprimento das obrigaóns empresariais respecto das persoas con discapacidade debería ser unha prioridade dos poderes públicos. Ademais de aumentar a actividade de inspección e sanción en caso de incumprimentos, sería conveniente estender o control a outros ámbitos como os relacionados coa contratación pública, permitíndoa só cando se acredite o estrito cumprimento da lei neste punto.

Da mesma maneira que xa existe no emprego público, debería examinarse a conveniencia de implantar unha cota específica para as persoas con discapacidade intelectual, posto

que a cota xeral é baixa e nunha parte debería recoller a necesidade de apoio específico para traballadores e traballadoras con dificultades especiais no ámbito laboral.

Os Centros Especiais de Emprego tiveron unha gran relevancia como instrumento de integración laboral dos discapacitados e discapacitadas intelectuais. Con todo, o éxito destes centros non debe facer esquecer que o obxectivo último de calquera política laboral en materia de discapacidade, tamén no caso da intelectual, é a inserción laboral e social. Por iso, os centros deben perseguir a transferencia dos seus traballadores, na medida do posible, a contornas laborais ordinarias. Ademais, os centros deben procurar o traballo integrado incluíndo un tanto por cento significativo de persoas con circunstancias diferenciadas das do colectivo principal.

As persoas con discapacidade intelectual seguen un itinerario educativo e formativo que en gran medida non se xestiona de forma inclusiva, polo que a súa tendencia para proseguir no seu contorno especial ou protexido é moi acusada. Esta realidade trae consigo que tendan a perpetuar o seu tradicional contorno cando chega o momento de incorporarse á vida laboral. Por isto, como obxectivo previo para a integración laboral resulta imprescindible que se faga efectivo o dereito á educación inclusiva.

Moitas asociacións procuran que os seus obxectivos en materia de integración laboral se baseen no perfil dos seus centros educativos e formativos. Tivemos ocasión de coñecer algunhas iniciativas de entidades galegas que se dirixen cara a ese obxectivo de preparar con eficacia para a autonomía e a integración laboral e social, para o que resultan imprescindibles os apoios ou axudas adecuados.

Un instrumento fundamental de integración laboral é o *emprego con apoio*, especialmente no ámbito da discapacidade intelectual. Experimentou un importante impulso, pero a súa aplicación aínda resulta mellorable. A necesidade de desenvolver o *emprego con apoio* é aínda moi grande; é preciso revisar a normativa que o regula co fin de estender os seus efectos beneficiosos para que chegue a máis traballadores. Os Centros Especiais de Emprego deben seguir progresando en iniciativas de transición dos seus traballadores ao emprego ordinario, como xa fan, en colaboración con iniciativas sociais que traballan neste terreo.

Un aspecto distorsionador do obxectivo xeneral de integración das políticas laborais a favor das persoas con discapacidade é a necesidade de elección entre as prestacións económicas de diferente tipo (contributivas ou non contributivas) e a vida laboral. Por iso deberá procurarse a necesaria “flexibilidade” que permita compatibilizalas polo menos de forma parcial e unha mellor xestión da recuperación das prestacións íntegras para o caso de resultar necesarias de novo.

Un elemento desfavorable na política xeral de integración laboral é a case total ausencia de servizos de asistencia persoal en materia de dependencia. A aplicación da Lei de

dependencia ten escorado cara á prestación de determinados servizos en detrimento do fomento da autonomía persoal e a integración, a pesar de que a propia lei se denomina de promoción da autonomía persoal (e atención ás persoas en situación de dependencia). En Galicia esta tendencia é tan acusada como no conxunto do país.

Outro importante instrumento de promoción laboral dos discapacitados intelectuais son os programas sociais con este fin que desenvolven diferentes entidades privadas ou organizacións. Dada a ampla difusión entre os Defensores do Pobo dos obxectivos, método e medios do instrumento creado pola entidade financeira La *Caixa*, denominado *Incorpora*, con el vimos desenvolvendo iniciativas para explorar todas as posibilidades de inserción laboral das persoas con discapacidade intelectual que acudiron ao Valedor do Pobo para facer efectivo o seu dereito ao traballo.

A integración laboral das persoas con algunha discapacidade está lonxe de ser satisfactoria para as persoas afectadas. As políticas públicas específicas a favor das persoas con discapacidade xustifícanse pola falta de oportunidades laborais, a existencia de prexuízos sociais contra as persoas con discapacidade, as deficiencias na formación e a ineficacia do sector privado na inserción sociolaboral.

Os problemas de mobilidade e o servizo autonómico de transporte adaptado (065).

A falta de atención xeral do 065 baséase en que se configura en forma de programa, isto é, condicionado polos medios que en cada caso se dedican a cubri-lo. Esta formulación trae consigo problemas cando os servizos que deixan de atenderse resultan prioritarios, como é o caso dos que con carácter regular se reclaman para acudir aos centros de atención á discapacidade intelectual. Esta falta de servizo prexudica de forma especial a este colectivo.

Non son adecuadas as pretendidas xustificacións para non atender as peticións de servizos regulares para asistir a centros de apoio e atención ás persoas con discapacidade intelectual. Recomendamos á consellería competente que contemple a preferencia que corresponde a estes usuarios e que permita garantir desde o primeiro momento a atención periódica e prioritaria que se reclama.

Especial incidencia tiñan os casos de falta de servizo de transporte de nenos e nenas que precisan desprazarse para poder facer efectivo o seu dereito fundamental á educación (art. 27 CE), polo que exhortamos ás dúas consellerías competentes para que coordinasen os seus medios e atendesen esta necesidade. Non debía resultar relevante que órgano da administración autonómica afrontase esa responsabilidade, posto que esa decisión correspondía á propia administración autonómica en razón da súa capacidade de autoorganización. As nosas recomendacións foron aceptadas.

Noutras ocasións a ausencia de transporte adaptado ou a insuficiente atención por parte deste servizo afecta a persoas que reclaman acudir a residencias, centros de día ou ocupacionais e outros centros para persoas con discapacidade intelectual, un servizo que debería resultar prioritario. Por iso, cando coñecemos reclamacións sobre o funcionamento do 065 avaliamos se a priorización se atopa ben feita, de acordo co disposto na normativa. Ese exame resulta complexo desde o momento en que os medios se distribúen territorialmente, co cal pode suceder que un servizo prioritario non se preste nunha zona e nun momento, e outro que non o sexa en termos xerais se preste noutra zona.

Nos longos traslados para acudir a centros de apoio e atención das persoas con discapacidade intelectual a administración recoñece que non atende todas as demandas ou que só pode atendelas parcialmente -nunha soa ruta, de ida ou de volta; con horarios que non se adaptan ao do centro; ou con recollida ou devolución nun punto afastado do domicilio-. En contra desta realidade desde hai tempo vimos trasladando á Consellería de Traballo e Benestar que os desprazamentos a estes centros deberían resultar prioritarios. En todos os casos recomendamos que se atendese a demanda de servizo. A consellería aceptou as recomendacións, aínda que coñecemos algún caso no que as familias afectadas poñían de manifesto que non se lle deu efectividade ao compromiso, polo que continuamos as nosas intervencións.

O actual sistema deixa de prestar a debida atención a moitas persoas que a precisan de forma perentoria, polo que a consellería anunciou unha posible reforma. Parece que pretende priorizarse o servizo de menor *intensidade de uso* co obxectivo de que poidan utilizar o 065 o maior número posible de persoas. O propósito do proxecto parece ser excluír o tipo de servizos que tratamos do sistema 065 e desprazalos ao sistema de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas con dependencia, o que supoñerá a aplicación dos criterios propios deste sistema, fundamentalmente unha atribución do servizo mediante resolución específica, un financiamento público e un copago.

A impresión das entidades é que se lles traslada a responsabilidade do transporte, aínda que tamén se percibe como efecto positivo o recoñecemento de que o actual estado de cousas non é asumible. As obxeccións que razoablemente nos trasladaron os responsables dos centros poderían atenderse se se mantén o servizo 065 das persoas que gozan del e se engade o desenvolvemento de rutas propias con financiamento público onde fosen necesarias; ou, no caso de suprimirse o 065 para as rutas, se se atende adecuadamente o custo de cada unha das prazas de transporte, que resulta moi diferente por razóns de distancia, dispersión ou outras. A solución non se pechou, polo que permanecemos atentos ao curso que se dea ao novo sistema.

Ademais, obsérvase que o efecto que produciría a nova política de transporte nos centros vai afectar principalmente aos concertados e vai depender en gran parte das políticas de transporte que aplican en cada un deles. Algúns non cobraban nada polo servizo e agora

díxoselles que se integrarán todas as rutas e prazas, polo que os custos engadidos dos transportes que antes facía o 065 poderían verse compensados polo financiamento das rutas actuais, aínda que descoñecen en que medida, posto que non puideron facer un estudo económico. Noutros casos cobran aos usuarios con transporte propio, que segundo informaron, seguirán co mesmo réxime, e agora terán que asumir os transportes do 065, os máis custosos, o que xerará grandes perdas en detrimento de outros servizos principais. Dedúcese que o criterio que se está trasladando é diferente en cada xefatura territorial, o que haberá que corrixir antes de aplicar as novas medidas.

O dereito á saúde

Os profesionais dos diferentes centros mostran preocupación por determinadas cuestións relacionadas coa atención sanitaria, en especial porque algúns medicamentos que precisan habitualmente debido ás súas particulares circunstancias, como laxantes, lavativas e antitusivos, saíron do catálogo de dispensación, o que orixina que as familias deban realizar un gran desembolso; polo posible cobramento de medicamentos hospitalarios; por que se manteña a exención de pago dos medicamentos do catálogo; ou pola falta de acceso ás historias clínicas dos pacientes, o que obriga a desprazamentos e xestións innecesarios.

Tamén manifestan a necesidade de mellorar a atención facultativa, sobre todo a relativa á atención primaria e á atención psiquiátrica.

Outros dereitos

Os apoios e servizos para fomentar o lecer, o deporte e a calidade de vida resultan fundamentais para a integración e a socialización das persoas con discapacidade intelectual, polo que resulta imprescindible que os poderes públicos os promovan, financien e os consideren prioritarios.

A Consellería de Traballo e Benestar adoptou novos criterios de repartición dos respiros familiares co fin de que un maior número de familiares puidesen gozar deles, o que provocou que se limiten os que antes gozaban as familias. No entanto, o mantemento e se é posible aumento dos recursos en materia de respiro familiar resultan imprescindibles para unha adecuada garantía dos dereitos dos discapacitados e discapacitadas e as súas familias.

As accións de inserción social das persoas con discapacidade intelectual que están ou estiveron en centros penais contan con apoios para abordar a súa situación. No entanto, tal e como sinala acertadamente FADEMGGA, o medio penal non é adecuado para a súa reinserción. É máis conveniente a aplicación de medidas alternativas como os traballos en beneficio da comunidade ou a estancia en centros de réxime pechado ou aberto.

Entidades de defensa dos dereitos das persoas con discapacidade

O labor que desenvolven as entidades que agrupan ás persoas con discapacidade intelectual, ás súas familias, aos voluntarios e aos profesionais que prestan apoios resulta fundamental para a preservación de todos os dereitos e o fomento dos intereses lexítimos das persoas con discapacidade intelectual. As entidades, federacións, asociacións e ONG coñecen mellor que ninguén os seus problemas, a forma de enfocalos adecuadamente e as disfuncións da administración nesta materia. Por iso, resulta moi necesario que os poderes públicos os teñan como interlocutores principais, que procuren darlles a máxima audiencia e que atendan adecuadamente os seus criterios.

O Valedor da Persoa con Discapacidade

A entidade que agrupa a todas as asociacións de promoción dos dereitos do colectivo, FEAPS, na que se integra FADEMGALICIA, propón como medida de fomento deses dereitos a creación da figura do *Defensor da Persoa con Discapacidade* -en Galicia, o Valedor- para intervir de forma especializada nos conflitos que se expoñan neste terreo e para abordalos cunha perspectiva inclusiva. O Valedor do Pobo conta con departamentos para a defensa prioritaria e especializada dos dereitos de determinados colectivos, como os menores ou os pacientes do sistema sanitario galego, polo que sería posible e moi útil que mediante norma con rango de lei se crease a mencionada figura dentro do ámbito do Valedor do Pobo, como xa sucedeu nos casos citados.

16. Recomendacións

16. Recomendacións

Aspectos xerais

As persoas con discapacidade intelectual conforman un colectivo intensamente vulnerable e persiste o risco da súa marxinación, segregación, discriminación ou falta de atención ou apoios adecuados, polo que é moi necesario que os poderes públicos consideren como unha das súas prioridades todo o concernente á adecuada garantía dos seus dereitos. Ademais, é unha obrigaón de primeira orde ou constitucional, de acordo cos art. 9.2, 10.1 e 2, 49, 53 e 96 da Constitución Española.

Por iso, recoméndase ás administracións galegas, no ámbito das súas respectivas competencias, o seguinte:

Que se teña presente que as circunstancias das persoas con discapacidade intelectual afectan os seus dereitos humanos, polo que as políticas públicas que se dirixan a elas débense adoptar de acordo co principio de prioridade, de tal maneira que se persiga o obxectivo de eliminar ou paliar os seus obstáculos mediante análises e axudas individuais que permitan alcanzar a realización dos seus dereitos e o progreso dos aspectos fundamentais da súa vida.

Que a atención prioritaria que requiren as persoas con discapacidade intelectual se afirme con énfase debido a que a súa discapacidade se aprecia e precisa apoios desde o nacemento ou desde idades temperás, o que fai que se conviva con ela a práctica totalidade da vida e que resulte imprescindible a adecuada atención en todas as fases do ciclo vital para garantir o progreso persoal e a calidade de vida.

Que ante a situación de grave crise económica, restricións orzamentarias e dificultades laborais, o que aumenta o grao de vulnerabilidade do colectivo, se reafirme o carácter prioritario da garantía dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual e se manteñan e aínda aumenten as políticas públicas orientadas á protección integral dos seus dereitos.

Que se fomente entre a sociedade unha mellor percepción dos problemas que afectan o colectivo e unha maior conciencia solidaria para afirmar actitudes positivas para a súa integración e para desterrar algúns estereotipos que aínda permanecen e prexudican gravemente ás persoas con discapacidade intelectual, sobre todo en materia laboral.

Descartar termos inadecuados no ámbito social e administrativo

Que se fomente entre a sociedade a erradicación de termos inapropiados, desprezativos ou discriminatorios para referirse ás persoas con discapacidade intelectual e se utilice esta

última denominación ou outras, como persoas con diversidade funcional, máis adecuadas ao marco sociolóxico que centra o eixo dos dereitos das persoas na necesidade de apoios.

Que se cumpra en todo caso coa obrigaón legal de referirse ás persoas con discapacidade como tales e se eviten outras expresións inadecuadas, posto que se observa que aínda permanecen prácticas administrativas desfasadas e nalgún ámbito se usan termos ilegais.

Os dereitos fundamentais das persoas con discapacidade intelectual

Que, no ámbito que corresponda a cada administración, promovan a superación do modelo asistencial ou médico e a plena asunción do modelo de dereitos humanos ou sociais para a garantía dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual.

Que a administración autonómica galega promova nos órganos de colaboración interadministrativa a reforma da normativa estatal en materia de capacidade xurídica ou de obrar para que se basee no modelo de dereitos humanos, social ou de apoio, acorde co art. 12 da Convención de Dereitos das Persoas con Discapacidade, se evite a substitución da persoa e como alternativa se lle proporcione a asistencia necesaria para o exercicio da súa capacidade, de tal maneira que as incapacitacións non afecten ao esencial da persoa e aos seus dereitos.

Que, polas mesmas razóns, tamén se promova a reforma da normativa electoral, sindical, de asociación e doutras previsións legais co fin de eliminar as limitacións xenéricas ao exercicio dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual e o establecemento de apoios individuais pola autoridade xudicial e coas debidas garantías.

Os nenos e as nenas con discapacidade intelectual

Que, dada a maior vulnerabilidade dos nenos e as nenas con discapacidade intelectual, se lles proporcionen os apoios que precisen para o desenvolvemento da súa capacidade e o goce dos seus dereitos en igualdade de condicións que os demais nenas e nenos, e que se faga desde a aparición ou detección da discapacidade en idade infantil.

A atención temperá das persoas con discapacidade intelectual

Que se habiliten os medios para o diagnóstico temperán da discapacidade intelectual e para a aplicación inmediata das axudas, os estímulos ou os tratamentos que precise cada persoa.

Que a atención temperá resulte prioritaria, inmediata e non suxeita a condición ningunha, incluso en casos leves. Neles deberíase exceptuar o criterio xeral de implantación

progresiva da Lei de dependencia ou proporcionar a atención a través de calquera outro sistema ou medio público.

Que de forma continuada se dea efectividade á aceptación das recomendacións do Valedor do Pobo para corrixir as disfuncións que afectan de maneira especial ás persoas con discapacidade intelectual de máis curta idade e á súa atención temperá, e que se faga unha aplicación da nova normativa que regula a materia (Decreto 183/2013) que evite as consecuencias prexudiciais detectadas anteriormente.

As mulleres e as nenas con discapacidade intelectual

Que, dado que as mulleres e as nenas con discapacidade intelectual están expostas a un maior risco de discriminación, en especial no ámbito laboral, no da repartición de roles ou por ser potenciais vítimas de violencia machista, os poderes públicos incorporen a perspectiva de xénero en todas as súas políticas para promover o pleno respecto dos seus dereitos.

A educación inclusiva

Que o sistema educativo promova a efectividade do dereito das persoas con discapacidade intelectual a escolarizarse de forma inclusiva no centro ordinario que lles corresponda, coas adaptacións persoais, materiais e curriculares que sexan precisas en cada caso; e que para iso se executen os cambios necesarios nos centros e a adaptación da súa educación para que poidan progresar.

Que os centros de educación especial, que desenvolveron e seguen desenvolvendo un labor encomiable e de primeira orde para facer efectivo o dereito fundamental á educación das persoas con discapacidade intelectual, progresen nas transformacións que necesiten para ser cada vez máis abertos e converterse en centros de asesoramento, apoio especializado e recursos para a adecuada atención educativa do conxunto do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en centros ordinarios.

Que se prioricen as políticas de dotación de recursos que persigan evitar calquera forma de segregación ou discriminación na educación das persoas con discapacidade intelectual, especialmente os programas de apoios permanentes para os alumnos e alumnas.

Que se considere interlocutores de primeira orde no deseño das políticas públicas en materia de educación inclusiva ás entidades galegas que defenden os dereitos das persoas con discapacidade intelectual, que están lexitimamente interesadas no asunto e poden proporcionar estratexias, centros ou medios de apoio.

A autonomía persoal, a atención á dependencia e a discapacidade intelectual

Que se axilicen os procedementos de dependencia e a efectividade dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual recoñecidos a través da Lei que a regula, procurando poñer o acento nos aspectos propios deste tipo de discapacidade para conseguir unha correcta valoración e os apoios necesarios.

Que se eviten os prexuízos que sofren as persoas con discapacidade intelectual e as súas familias debido á dificultade de realizar unha adecuada avaliación da súa dependencia; e que se dea aplicación á recomendación do Valedor do Pobo para que os colectivos de discapacidade intelectual acheguen o seu criterio técnico nesas valoracións co fin de melloralas.

Que as valoracións e os PIAs de dependencia das persoas con discapacidade intelectual respondan as súas necesidades reais de apoios.

Que se eviten os atrasos na revisión das valoracións ou dos PIAs ante a evolución das situacións ou diagnósticos; as dificultades para facer compatibles a educación especial e os dereitos derivados da dependencia no caso de escolares; ou a soa validación do servizo que xa se tivese, sen servizos ou prestacións complementarios.

Que a administración galega garanta que, á marxe da valoración de dependencia que se recibise, co diagnóstico da discapacidade intelectual desde o primeiro momento se preste a atención adecuada, sen demoras indebidas e inxustificadas; e se se entende que non existe a posibilidade legal de prestar atención no sistema de dependencia, entón se preste a través doutro sistema de carácter social, sen que se considere unha opción válida deixar de atender ás persoas do colectivo co argumento inadecuado de que están temporalmente excluídas do modelo de dependencia.

Que na promoción dos dereitos e a atención ás persoas con discapacidade intelectual se evite a conversión da dependencia na única porta dos servizos sociais e que non se anule a posibilidade de atención a través de apoios para a autonomía, algo non suficientemente desenvolvido na práctica.

Que no ámbito dos servizos sociais e, en particular, no de apoio ás persoas con discapacidade intelectual, a administración galega procure que non se produza unha diminución significativa dos recursos aportados por entidades como obras sociais, fundacións, entidades semipúblicas de carácter social, etc., e que reclame firmemente ante elas que se manteña e se é posible aumente a súa colaboración neste terreo, destacándoo como obxectivo prioritario.

A necesidade de mellorar a avaliación da dependencia dos discapacitados intelectuais

Que a Consellería de Traballo e Benestar dea estrita efectividade ao compromiso adquirido coa aceptación da recomendación formulada polo Valedor do Pobo para impulsar a mellora das valoracións de dependencia que afectan as persoas con discapacidade intelectual, que resultan demasiado baixas, e que para iso garanta a participación nas valoracións, especialmente nas entrevistas e na achega de documentos, de técnicos de asociacións de apoio a cada un dos colectivos de discapacidade intelectual (autismo, síndrome de Down ...), que poden achegar algúns criterios de forma complementaria e orientativa que se engadan aos xa manexados polos membros dos equipos, dada a especialización daqueles e/ou o seu coñecemento individual da situación e as necesidades de apoio dos discapacitados e discapacitadas.

Que o calendario de aplicación progresiva da Lei de Dependencia non se aplique ás persoas con discapacidade intelectual, por tratarse dun colectivo especialmente vulnerable que, por ese motivo, xa era atendido antes da entrada en vigor da citada Lei. Da mesma maneira, que no caso dos nenos e nenas que precisan atención temperá, tampouco debe considerarse como alternativa válida deixar de atendelos..

Que de forma urxente se corrixan as demoras que sofren as avaliacións de discapacidade, tamén nos casos de discapacidade intelectual, posto que esas demoras en ocasións teñen consecuencias negativas.

A atención adecuada e individual

Que a través dos PIAs de dependencia ou de calquera outro instrumento se determinen e presten os apoios e servizos máis adecuados en todos os ámbitos, como a educación, a seguridade, o apoio médico ou o apoio condutual, e que se corrixan determinados casos nos que se constata que os apoios e servizos asignados non son os máis adecuados para as necesidades da persoa.

Que para a atención adecuada e integral os PIAs eviten a simple validación do servizo xa prestado e inclúan apoios, axudas ou servizos complementarios, algo que reclaman insistentemente as asociacións de defensa dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual, que coñecen que os apoios e atención especial que precisan no propio centro, fóra del ou no contorno familiar durante o resto do día seguen sen concretarse.

Que de forma uniforme en todas as provincias se apoiem os servizos que prestan as entidades con programas enfocados á promoción da autonomía persoal con apoios como adecuados no marco do sistema de dependencia, e que a normativa sobre catálogo de servizos se aplique nese sentido.

Que se promova a asignación de asistencias persoais, moi limitadas ata agora a pesar de ser apropiadas para a autonomía e a vida independente, e acordos co modelo de dereitos humanos que consagra a Convención de Dereitos das Persoas con Discapacidade e a lexislación interna.

Que, en aplicación do principio de prioridade na atención ás persoas con discapacidade intelectual, se evite a súa inclusión nas listas de espera para prazas nos centros, ou que polo menos a permanencia nestas non se prolongue, especialmente cando se dá a transición da etapa escolar á adulta; que se aumente o número de prazas, sobre todo nas contornas con maior demanda e déficit delas; e que, en caso de ausencia de praza que poida ofertar a administración, se ofrezca como alternativa o mesmo financiamento público que correspondería á praza da que se carece, e non menor.

Que os copagos actuais e calquera modificación neles regúlense de forma equitativa e que teñan en conta as circunstancias económicas das familias para evitar un efecto disuasorio respecto dos servizos que se prestan, dado o actual contexto de grave crise económica no que son frecuentes os casos en que os únicos ingresos familiares proveñen de pensións ou prestacións con causa na discapacidade. E que coa limitación dos copagos mediante a aplicación do anterior criterio se descarte a volta a situacións superadas, como a atención sen servizo profesional ou exclusivamente doméstica.

O traballo das persoas con discapacidade intelectual

Que, con carácter xeral, todas as administracións de Galicia promovan a incorporación ao mundo laboral das persoas con discapacidade intelectual tanto no sector público como no privado, posto que se trata dun dereito de primeira orde e resulta clave para a realización da súa integración social.

Que se combatan firmemente determinadas actitudes prexuzosas e incorrectas que levan a que apenas se conseguira a integración no mercado laboral ordinario das persoas con discapacidade intelectual.

O emprego das persoas con discapacidade intelectual no sector público

Que a vixente previsión legal de reservar o 2 % das prazas das Ofertas de Emprego Público para persoas con discapacidade intelectual se aplique de forma estrita na Administración autonómica, nas administracións locais de Galicia e nas tres universidades galegas.

Que, ademais de cumprir a previsión básica citada, a Consellería de Facenda promova que a normativa autonómica en materia de reserva inclúa canto antes esa mesma previsión.

Que as Ofertas de Emprego Público autonómicas inclúan a necesidade de materializar a cota, e que en caso de non resultar posible de forma excepcional, se xustifique adecuadamente que as circunstancias da convocatoria impoñen a necesidade de exceptuar esta obrigaón legal.

Que as ofertas de emprego do resto das administracións galegas, tamén as de carácter institucional, se confeccionen incluíndo a reserva.

Que se garanta o cumprimento do obxectivo de mellorar a situación das persoas con discapacidade intelectual no ámbito do emprego público mediante a aplicación de medidas de discriminación positiva como a reserva ou calquera outra que resulte oportuna.

Que para os postos de traballo de carácter temporal se establezan as previsións que permitan o acceso das persoas con discapacidade intelectual na mesma proporción que a sinalada para as Ofertas de Emprego Público, e que se para iso é preciso, se modifiquen os criterios de elaboración e xestión das listas de interinidade e substitución.

O emprego no sector privado

Que por parte do órgano autonómico con competencia en materia de traballo e asuntos sociais se aproben as medidas legais precisas para evitar o baixo nivel de incorporación laboral das persoas con discapacidade intelectual, ou que, no caso de ser competencia estatal, se promovan no seo dos órganos de cooperación interadministrativa.

Que entre esas medidas legais se propoña a modificación do Estatuto dos Traballadores para que as empresas de 50 ou máis traballadores e traballadoras aumenten a porcentaxe actual de persoas con discapacidade que deben contratar e que unha parte desa porcentaxe sexa de persoas con discapacidade intelectual.

Que se vixie adecuadamente o cumprimento da actual cota de reserva no sector privado e da que puidese establecerse no futuro, de acordo coa anterior recomendación.

Que a corrección dos incumprimentos das obrigaóns empresariais respecto das persoas con discapacidade sexa un obxectivo prioritario dos poderes públicos, se aumenten as inspeccións e sancións no caso de incumprimentos, e se estenda o control a ámbitos como a contratación pública, permitíndoa só cando se acredite o estrito cumprimento da lei neste punto.

Que se promova que os Centros Especiais de Emprego, que tiveron unha gran relevancia como instrumento de integración laboral dos discapacitados intelectuais, desenvolvan modelos de inserción laboral mediante a transferencia dos seus traballadores, na medida do posible, a contornas laborais ordinarias, e que fomenten o traballo integrado incluíndo

un tanto por cento significativo de persoas con circunstancias diferenciadas das do colectivo principal.

Que se faga efectivo o dereito á educación inclusiva como elemento que en gran medida condiciona a futura integración laboral.

Que para dar efectividade á recomendación anterior, as administracións promovan as iniciativas das asociacións que procuran que os seus obxectivos en materia de integración laboral se baseen no modelo dos seus centros educativos e formativos.

Que se continúe o desenvolvemento do emprego con apoio como medio máis adecuado para a integración laboral e social das persoas con discapacidade intelectual.

Que se promova a flexibilidade que permita compatibilizar polo menos de forma parcial determinadas prestacións e o traballo e unha mellor xestión da recuperación das prestacións íntegras para o caso de resultar necesarias de novo.

Que no ámbito laboral se evite o elemento desfavorable que supón a case total ausencia de servizos de asistencia persoal, unha tendencia acusada en Galicia e no conxunto do Estado.

Que as diferentes administracións que realizan programas formativos non finalicen o seu labor de apoio á integración laboral das persoas con discapacidade intelectual nese tramo, senón que posteriormente as auxilién para atopar emprego a través de medios públicos ou coa colaboración dos programas sociais que con ese fin desenvolven diferentes entidades.

Os problemas de mobilidade e o servizo autonómico de transporte adaptado (065)

Que a administración autonómica corrixa con urxencia as carencias detectadas nos servizos de transporte adaptado, posto que na actualidade non se atenden algunhas demandas prioritarias para desprazamentos que, con carácter regular, precisan persoas con discapacidade intelectual para acudir aos centros de atención. Esa falta de servizo prexudica de forma especial ao colectivo, polo que debe procurarse o cumprimento das recomendacións formuladas polo Valedor do Pobo para que se dea preferencia a estes usuarios.

Que en ningún caso se deixe sen ese servizo aos nenos, nenas, mozos e mozas que precisan desprazarse para poder facer efectivo o seu dereito fundamental á educación (art. 27 CE), á marxe de que se trate dun colexio público ou dunha praza asignada pola administración educativa para atención específica en centros de diferente tipo (TEA, síndrome de Down ...).

Que o transporte adaptado para acudir a residencias, centros de día, centros ocupacionais ou outros centros para persoas con discapacidade intelectual se considere un servizo prioritario e se atenda en todo caso.

Que no caso de concretarse a reforma do servizo 065 que promove a consellería competente, que parece pretender priorizar o servizo de menor intensidade de uso e excluír o 065 do tipo de servizos que tratamos para desprazalos ao sistema de dependencia, se faga de tal forma que o nivel de financiamento público do novo servizo resulte adecuado e non prexudique aos centros.

Que se dialogue cos responsables dos centros sobre as condicións de implantación da reforma do sistema de transporte e na medida do posible se atendan as súas reclamacións, entre elas a de que se manteña o servizo 065 das persoas que xa gozan del e se engadan rutas propias con financiamento público suficiente onde fosen necesarias; ou, en caso de suprimirse o 065 para as rutas, se atenda adecuadamente o custo de cada unha das prazas de transporte, que resulta moi diferente por razóns de distancia, dispersión ou outras.

Que o criterio que se traslade aos centros sobre a nova política de transporte resulte homoxéneo en todas as xefaturas territoriais e que esa unidade de criterio e as instrucións que se deduzan se dean antes de aplicar as novas medidas.

O dereito á saúde

Que se promovan fórmulas para eliminar ou compensar os cuantiosos gastos que supón a adquisición dos medicamentos que algunhas persoas con discapacidade intelectual precisan habitualmente debido ás súas particulares circunstancias, como laxantes, lavativas e antitusivos, e que foron eliminados do catálogo de dispensación gratuíta, o que orixina que as familias deban realizar un gran desembolso; que non se lles aplique un posible copago de medicamentos hospitalarios; e que se manteña a súa exención de pago dos medicamentos do catálogo, da que se nos deu conta con ocasión de anteriores intervencións.

Que en todos os centros dedicados ao apoio e atención de persoas con discapacidade intelectual con facultativo médico, á marxe da súa dependencia orgánica, este poida acceder ás historias clínicas electrónicas dos pacientes, posto que a imposibilidade actual obriga a desprazamentos e xestións innecesarios que provocan demoras na atención.

Que se procure a mellora da atención facultativa primaria e psiquiátrica, aumentando a dispoñibilidade de facultativos especialistas na última e mediante o fomento dos desprazamentos -periódicos ou a demanda- que resulten precisos dos facultativos de atención primaria co fin de evitar que sexan as persoas con discapacidade as que teñan que realizar eses desprazamentos, que en moitos casos resultan de enorme dificultade e se demoran.

Outros dereitos

Que os poderes públicos promovan, financien e consideren prioritarios os apoios e servizos que permitan garantir a calidade de vida e o adecuado goce do lecer e o deporte das persoas con discapacidade intelectual.

Que se manteñan e, se é posible, se aumenten os recursos dedicados aos programas de respiro familiar, imprescindibles para unha adecuada garantía dos dereitos dos discapacitados e as súas familias.

Que se promovan e apoiem as diferentes accións de inserción social das persoas con discapacidade intelectual que están ou estiveron en centros penais; e que sobre todo se promovan as medidas alternativas, como os traballos en beneficio da comunidade ou a estancia noutros centros.

Creación de Valedor da Persoa con Discapacidade

Que, asumindo a proposta de FEAPS, como medida de fomento dos dereitos das persoas con discapacidade, se promova a creación, mediante norma con rango de lei, da figura do Valedor da Persoa con Discapacidade no seo do Valedor do Pobo, para intervir de forma especializada nos problemas que se expoñan neste terreo e para abordalos cunha perspectiva inclusiva.

Algunhas melloras nos centros visitados

En xeral, o estado e funcionamento dos centros visitados é bo; só se aprecian puntuais aspectos nos que se pode mellorar, algúns deles mencionados polos seus propios responsables. Por iso, formulamos as seguintes recomendacións:

Que no CAPD de Redondela se atenda a reclamación dos profesionais para que se cubra o patio e poida ser utilizado os abundantes días de choiva; que se acelere o cambio previsto da sinalización do centro para que, canto antes, nela non se inclúa a mención “minusválidos”; e que se tente que as habitacións do centro residencial non se ocupen por máis de dous usuarios.

Que no CEE Terra de Ferrol se tente que as habitacións do centro residencial non se ocupen por máis de dous usuarios, con separación en razón das súas necesidades; e que, de acordo co sinalado polos profesionais, se mellore a atención psiquiátrica no centro, algo que consideran fundamental, dada a distinta tipoloxía das discapacidades dos alumnos e alumnas.

Que no centro Souto de Leixa se procure que todos os usuarios e usuarios que o precisen conten co servizo de vaso terapéutico, sobre todo os grandes afectados; e que a súa residencia conte cunha maior dotación de mobiliario (armarios, mesas de noite ...).

Que, de acordo coa petición do centro especial de emprego ASPABER, os concellos utilicen en maior medida cláusulas sociais que aumenten as posibilidades de emprego das persoas que prestan os seus servizos nel ou en calquera outro centro deste tipo; e que en caso de perda de contratos, se promovan as subrogacións das persoas que traballan nos centros especiais.

Que se estude a conveniencia de concretar a ampliación do centro MENELA de Nigrán mediante o concerto de novas prazas, posto que a súa atención especializada faille acredor da confianza de moitos pais e nais por consideralo adecuado para dar a atención aos seus fillos e fillas, tal e como comprobamos.

Anexo I. Resolucións (recordatorios de deberes legais, recomendacións e suxestións) máis relevantes do Valedor do Pobo en materia de discapacidade intelectual

Anexo I. Resolucións (recordatorios de deberes legais, recomendacións e suxestións) máis relevantes do Valedor do Pobo en materia de discapacidade intelectual

- Valoracións inadecuadas da dependencia dos discapacitados intelectuais

Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 23 de setembro de 2013 debido á necesidade de mellorar as valoracións de dependencia dos discapacitados intelectuais (Q/665/13)

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, debido a diferentes fontes relacionadas coa atención á discapacidade intelectual que apuntan á necesidade de mellora nas valoracións de dependencia desas persoas.

Esas organizacións subliñan que as valoracións da dependencia non se axustan ás necesidades das persoas con discapacidade intelectual debido a que se enfocan ás capacidades físicas. Sería necesario identificar as necesidades das persoas con discapacidade intelectual e contar nos equipos de valoración con profesionais con coñecementos da discapacidade intelectual. As situacións de dependencia recoñecidas (grados) non se axustan en moitos casos coa realidade dos beneficiarios, detectándose valoracións que non se corresponden coas necesidades reais dos beneficiarios. En ocasións saen valoracións que non permiten atender a estas persoas.

Pola nosa banda xa subliñamos -como posición institucional- que as valoracións da discapacidade intelectual resultan cuestionables e a forma en que se realizan debería cambiar, procurando poñer o acento nos aspectos propios deste tipo de discapacidade para conseguir unha correcta valoración e atención; sería especialmente útil que os equipos contasen con expertos, algo que tamén reclaman as asociacións de afectados e familiares. Poderían achegalos eles mesmos co fin de garantir que non se dean novos casos de valoracións inexplicablemente baixas e que traen consigo graves consecuencias.

As valoracións inadecuadas fan que non se atenda a moitos discapacitados intelectuais debido ao seu rexeitamento como dependentes ou a que se clasifican como dependentes moderados. Sen embargo, o calendario de efectividade dos diferentes graos e niveis de dependencia non deba interpretarse como unha habilitación para a non atención ou para interrompela. Este tipo de discapacidade se detecta a idade temperá, precisa atención tamén temperá e afecta ao longo de todo o ciclo vital. Xa antes da entrada en vigor da LD se recoñecía tal cousa e os afectados eran normalmente atendidos, polo que a nova lei non pode interpretarse como un retroceso en el modelo de atención a estes discapacitados, os que precisan máis solidariedade social debido as circunstancias propias antes sinaladas.

Ante iso requirimos informe a esa consellería, que nos respondeu co seguinte informe:

“Ante a queixa con nº expediente G.6.Q/665/13, con relación aos criterios para a valoración da situación de dependencia de persoas con discapacidade, infórmase o seguinte:

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia establece no seu artigo 27.2 que os graos de dependencia, para os efectos da súa valoración, determinaranse mediante a aplicación do baremo que se acorde no Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia para a súa posterior aprobación polo Goberno mediante Real Decreto. Dito baremo terá entre os seus referentes a Clasificación Internacional do Funcionamento, a Discapacidade e a Saúde (CIF) adoptada pola Organización Mundial da Saúde. Non será posible determinar o grao de dependencia mediante outros procedementos distintos aos establecidos por este baremo.

Como se indica no dito artigo 27.2, o baremo para a valoración da situación de dependencia é un baremo obxectivo que será aprobado polo Goberno mediante Real Decreto, previa determinación polo Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, a competencia para a aprobación do baremo configúrase como unha competencia estatal, prohibindo expresamente a Lei 39/2006, que se utilice outro procedemento distinto ao establecido por este baremo para a determinación do grao de dependencia.

Polo tanto a Comunidade Autónoma non pode modificar o baremo para a valoración da situación de dependencia, xa que a Lei lle reserva esta competencia ao Goberno estatal, neste senso hai que destacar que a disposición derradeira oitava da Lei 39/2006 establece que a dita Lei 39/2006 dítase ao amparo da competencia exclusiva do Estado para regular as condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes constitucionais, conforme ao artigo 149.1.1 da Constitución. Ademais é a propia Lei 39/2006 a que determina no seu artigo 11 as formas de participación das Comunidades Autónomas no sistema, sen mencionar en ningún dos seus apartados a posibilidade de que poidan modificar o baremo para a valoración da situación de dependencia.

Ademais o baremo para a valoración da situación de dependencia non se fixa polo Goberno de xeito arbitrario, senón que se fixará, por Real Decreto, previo acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, que, a súa vez, terá entre os seus referentes a Clasificación Internacional do Funcionamento, a Discapacidade e a Saúde adoptada pola Organización Mundial da Saúde. En cumprimento do disposto no artigo 27 e na disposición derradeira quinta da Lei 39/2006, ditouse inicialmente o Real decreto 504/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, e posteriormente, o antigo Consello Territorial do Sistema para Autonomía e Atención á Dependencia (na actualidade substituído polo Consello Territorial de Servizos sociais e do

sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia), o 1 de xuño de 2010 adoptou o acordo sobre a modificación do baremo de valoración da situación de dependencia establecido no Real Decreto 504/2007, do 20 de abril. O baremo establecido determina os criterios obxectivos para a valoración do grao de autonomía das persoas, en orde á capacidade para realizar as tarefas básicas da vida diaria, así como a necesidade de apoio e supervisión a este respecto para as persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental. Froito deste acordo ditouse o Real decreto 174/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Por outra banda, o artigo 27.1 indica que as comunidades autónomas determinarán os órganos de valoración da situación de dependencia, que emitiran un ditame sobre o grao de dependencia con especificación dos cuidados que a persoa poida requirir. O Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia deberá acordar uns criterios comúns de composición e actuación dos órganos de valoración das comunidades autónomas que, en todo caso, terán carácter público.

En cumprimento deste artigo 27.1 da Lei 39/2006, o antigo Consello Territorial do Sistema para Autonomía e Atención á Dependencia (na actualidade substituído polo Consello Territorial de Servizos sociais e do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia), mediante acordo do 22 de xaneiro de 2007, estableceu uns criterios comúns relativos á composición dos órganos de valoración, que foron modificados no ano 2010, criterios que serviron de base para a elaboración da normativa das Comunidades Autónomas relativa a estas cuestións. Polo tanto, tamén a determinación polas Comunidades Autónomas da composición dos órganos de valoración da dependencia está condicionada polos criterios básicos comúns que determina o Consello Territorial de Servizos sociais e do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

Así, na nosa Comunidade Autónoma a composición dos órganos de valoración ven regulada no Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, que no seu artigo 8 indica que cada órgano de valoración estará integrado por profesionais con perfil social e sanitario, cunha composición mínima dun profesional médico, un psicólogo, un traballador/a social e, de ser o caso, dun terapeuta ocupacional, co que se cumpre coas esixencias do acordo do Consello Territorial do Sistema para Autonomía e Atención á Dependencia que esixe un equipo multiprofesional de carácter público, encadrado no modelo biopsicosocial que establece a CIF.

Sendo conscientes da importancia dunha atención temperá nos casos nos que a situación de dependencia se manifesta dende os primeiros anos de vida, a Orde do 2 de xaneiro de

2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, establece un procedemento específico de valoración e recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para os/as menores de tres anos, establecendo a prioridade na tramitación destes procedementos para garantir así a atención temperá. Neste mesmo senso estase a traballar no proxecto de decreto polo que se crea a rede galega de atención temperá, actualmente en trámite, destinado a garantir a dita atención temperá á poboación infantil de entre 0 e 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou risco de padecelos, estando no ánimo da Consellería de Traballo e Benestar o poder dar, coa maior axilidade posible, resposta as necesidades de atención de todas as persoas en situación de dependencia, e en especial dos menores que precisen unha atención temperá.

Por último cómpre sinalar que o calendario de efectividade dos diferentes graos de dependencia non se configura como unha habilitación para a non atención, senón como un xeito de organizar unha aplicación progresiva da Lei, ante a imposibilidade de dar resposta inmediata a todas as demandas de persoas en situación de dependencia, tentando dar prioridade ás situacións mais graves, que se corresponden co maior grao de dependencia.”

Unha vez avaliado o informe dedúcese que a consellería indica acertadamente que tanto o baremo da dependencia como a súa determinación polos equipos de valoración e o procedemento se atopan regulados, despois dos correspondentes acordos entre as administracións, nas normas que se citan, basicamente no Real Decreto 174/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e nas resolucións que publican os acordos do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, en materia de baremos, órganos e procedementos de valoración da situación de dependencia, e na normativa regulamentaria galega, sobre todo no Decreto 15/2010. Así, a forma de actuar debe cingirse ao establecido nesas normas, como se ven facendo, e tanto os baremos como os equipos de valoración resultan dos criterios estritamente obxectivos que se conteñen nesas normas.

O indicado pola consellería responde acertadamente ao criterio legal que cita; é evidente que os órganos autonómicos con competencia na materia teñen a obriga legal de cingirse ao previsto nesta materia pola normativa vixente. Os detallados criterios obxectivos aos que nos referimos resultan claros en materia de baremos, con puntuacións taxadas con detalle e referidas a diferentes criterios, como o nivel de desempeño (4 posibilidades), o problema de dependencia (3 posibilidades), o tipo de apoio persoal (4 posibilidades) e a frecuencia do apoio persoal (5 posibilidades). Tamén se establecen criterios claros no caso dos equipos de valoración, tal e como resalta a consellería; deben integrarse por profesionais con perfil social e sanitario, cunha composición mínima dun profesional médico, un psicólogo, un traballador/a social e, de ser o caso, dun terapeuta ocupacional, do que resulta un equipo multiprofesional de carácter público.

No entanto, tal e como resaltamos na exposición da queixa e vimos subliñando tamén nos Informes que diriximos ao Parlamento de Galicia, dende hai tempo comprobamos que as valoracións dos discapacitados intelectuais resultan mellorables e por iso se observan casos de atención insuficiente ou demorada. Debe partirse de que xa co anterior sistema eran atendidos desde que a súa circunstancia era detectada; pero agora en ocasións o novo sistema non os integra de inmediato debido á valoración mencionada, que pode ser cuestionable por non avaliar adecuadamente factores propios deste tipo de discapacidade. Isto ponse de relevo por moitos dos pais afectados e polos técnicos das entidades que atenden aos discapacitados, e ten importantes repercusións, posto que non é o mesmo a proposta para a atención dun problema de dependencia que se desenvolve durante a práctica totalidade do ciclo vital que o que afecta a ciclos avanzados, sobre todo pola circunstancia de que a discapacidade de tipo intelectual ten a necesidade implícita da súa atención en canto se detecta, ao marxe da súa gravidade.

Como xa deixamos claro, a actuación da consellería que coñecemos responde aos criterios legais; sen embargo tamén observamos que a propia normativa que se cita da un marxe de mellora nas prácticas administrativas que resultarían moi útiles e aínda necesarias no caso das valoracións das discapacidades intelectuais. Nas previsións de valoración se contemplan as circunstancias específicas da discapacidade mental en sentido amplo (... “casos de persoas cunha condición de saúde que poida afectar ás funcións mentais” ... “no caso de persoas con condicións de saúde que poidan afectar ás súas funcións mentais, empregaranse ademais os pesos da “escala específica” (Anexo B), seleccionando como puntuación final do BVD aquela que sexa máis elevada”), pero o certo é que maioría das circunstancias a valorar seguen referidas fundamentalmente a aspectos de carácter físico, o que provoca unha evidente dificultade á hora de aplicar unha xusta avaliación deste tipo de dependentes.

Se ben é certo que a consellería “non pode modificar o baremo para a valoración da situación de dependencia”, tal e como afirma, si pode promover un certo perfeccionamento no relativo a súa aplicación polo equipo correspondente, e de feito así o sinala propio Real Decreto 174/2011, pensando precisamente na dificultade intrínseca e inevitable que terán estas valoracións. No Real Decreto se indica que “a aplicación do BVD se fundamentará nos correspondentes informes sobre a saúde da persoa e sobre o seu contorno habitual, así como na información obtida mediante a observación, a comprobación directa e a entrevista persoal de avaliación levadas a cabo por profesional cualificado e formado especificamente para iso. Ademais: a. si o informe de saúde documenta deficiencias nas funcións mentais e/ou limitacións na capacidade de comunicación que poidan interferir na entrevista, esta deberá completarse coa participación doutra persoa que coñeza ben a situación ...”.

A solución habilitada e aínda orientada pola norma citada resulta moi adecuada e debera concretarse, na liña do reclamado polos propios afectados, nunha participación deles (dos seus representantes) e fundamentalmente dos técnicos das asociacións de apoio a cada

un dos colectivos de discapacidade intelectual (autismo, síndrome de Down ...) como participantes “que coñecen ben a situación”, en unión dos propios pais ou titores.

As baixas valoracións observadas nalgúns casos ata agora poden corrixirse polo medio expresado, que non so se atopa a disposición da administración, senón que, como se expresa no Real Decreto, parece unha obriga nos casos en que, dadas as circunstancias expresadas, resulta adecuado para facer unha boa valoración. É evidente a necesidade da presenza dos pais ou titores, como persoas que teñen a función legal de defensa dos intereses dos afectados e que ademais coñecen mellor que ninguén as circunstancias cotiáns dos dependentes; no entanto, non son profesionais que podan valorar os aspectos técnicos do problema que se coñece, polo que a súa aportación debera complementarse coa dos profesionais que coñecen as especificidades do problema concreto que se valora e poden aportar algúns aspectos de forma complementaria e orientativa que se engadan aos xa manexados polos membros ordinarios dos equipos. Estes complementos poden resultar moi adecuados, dada a súa especialización, por un lado, e sobre todo polo coñecemento individual da situación e as necesidades de apoio dos discapacitados.

Esta liña de actuación engadida nos casos de discapacidade deste tipo se reafirma polo Real Decreto ao indicarse nel que as persoas con discapacidade intelectual, enfermidade mental e outras condicións de saúde que afecten ao funcionamento mental requiren unha entrevista mais prolongada (de mais tempo) e resulta clave a coordinación cos equipos de saúde que figuran como referentes nos informes. Así mesmo, os criterios de aplicación sinalan novamente que se o informe de saúde acredita deficiencias nas funcións mentais e/ou limitacións na capacidade de comunicación que poidan interferir na entrevista, esta deberá completarse coa participación doutra persoa que coñeza ben a situación.

Debe subliñarse que as valoracións que tratamos traen como consecuencia que en ocasións se deixe de atender a discapacitados intelectuais. Por iso anteriormente indicamos á consellería que, ao marxe do cuestionamento das valoracións, o calendario de efectividade dos diferentes graos e niveis de dependencia non pode ter a consecuencia indirecta de que se deixe de incorporar aos centros de atención aos discapacitados intelectuais ou para a non renovación das prestacións que se recoñeceron antes da LD. Iso levaría a empeorar a situación deses discapacitados cando se dea valoración como dependentes moderados, moi cuestionable en numerosos casos, como comprobamos, e fai que non se atendesen ou que deixasen de recibir atención.

Ao marxe do anterior a consellería sinala, no relativo á necesaria atención temperá, que da prioridade aos procedementos de nenos de entre 0 e 3 anos, e que está a traballar no proxecto de decreto polo que se crea a rede galega de atención temperá, destinado a garantir esa atención temperá á poboación infantil de entre 0 e 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou risco de padecelos. Por tanto, procurará resposta ás necesidades de atención de todas as persoas en situación de dependencia, en especial dos menores que precisen unha atención temperá. Con iso se resolverán moitos dos casos que

mencionamos, pero non todos, posto que a petición formal de valoración e atención se da en momentos moi variados, razón pola, sen deixar de considerar como positiva a iniciativa regulamentaria que tratamos, a mesma non fai prescindible a medida a que nos referimos na presente resolución.

Os intereses obxecto desta queixa resultan especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación:

Que se habiliten os medios que permitan corrixir algunhas valoracións de dependencia que afectan a discapacitados intelectuais e que resultan demasiado baixas, e que para iso entre outras circunstancias se examine a conveniencia, e aínda á posible necesidade legal, dada a redacción dos preceptos citados do Real Decreto 174/2011, da participación nas valoracións, especialmente nas entrevistas e na achega de documentos, de técnicos das asociacións de apoio a cada un dos colectivos de discapacidade intelectual (autismo, síndrome de Down ...), que poden aportar algúns aspectos de forma complementaria e orientativa que se engadan aos xa manexados polos membros ordinarios dos equipos, dada a especialización de aqueles e o seu coñecemento individual da situación e as necesidades de apoio destes discapacitados.

- Retrasos nas valoracións do nivel de discapacidade

Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 12 de setembro de 2012 debido ao retraso dun procedemento de recoñecemento dunha discapacidade. (Q/2064/12)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. F. J. A. O. referente ao retraso dun procedemento de recoñecemento dunha discapacidade.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que el, con DNI, ten unha minusvalía recoñecida en Navarra e ratificada pola Xunta no 92 do 51%. A minusvalía vén de nacemento por unha asfixia cerebral que lle afectou só á parte motora. Cos anos iso agravouse pese aos tratamentos neurolóxicos que ten. Pediu unha revisión da súa

porcentaxe en Ferrol; hai unha lista de espera de dous anos e medio, sinala, o cal lle parece unha vergoña, posto que noutras cidades é moito menor. En Ferrol só hai un modulo de valoración, cando ao seu modo de ver debería haber máis. Por todo iso, pide medidas para solucionar esa penosa situación, sinala.

Ante iso requirimos informe a esa Consellería, que xa nola remitiu. Coa información achegada confírmase o retraso no trámite da solicitude de valoración da discapacidade que é obxecto da queixa. A solicitude é de 16-12-11 e ao respecto se sinala que se segue a orde de entrada no rexistro para as valoracións, e que a gran cantidade de solicitudes existentes ocasiona que non se valoren en tempo, o que tenta solucionarse. Non obstante, o expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras que prexudican aos afectados.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a Administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer o dereito mencionado, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo á valoración da situación de discapacidade do interesado, posto que se atopa retrasado, de tal maneira que non se produzan demoras que prexudiquen aos afectados.

- Falta de atención adecuada

Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 29 de novembro de 2012 debido á atención adecuada a unha persoa con trastorno do espectro autista (Q/2420/12)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. E. A. L. referente á atención adecuada ao seu fillo con TEA.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que no seu momento promoveron a queixa G.6.Q/933/12. Na familia observan que se produce a descompensación de D. debido os cambios de rutina consecuencia dos prolongados períodos de estancia na casa, que se dan polo calendario do seu actual centro, e isto en ocasións desembocou en reaccións violentas de D.. A solución pasa por conseguir para el un centro específico para o seu

problema, parecido ao centro en que está agora, pero que non teña limitacións de calendario. D. non pode aguantar cambios de ritmo de semanas enteiras ou un mes enteiro en vacacións. Existe un centro dependente da Fundación Menela que cumpre todas as condicións para ser o fogar de D., sen cambios de ritmo. Pode estar completamente interno ou interno cun día á semana na casa, que sería o ideal. Puxéronse en contacto con eles a través de traballadora social e non teñen prazas dispoñibles. Antes de D. hai varias persoas que están esperando por praza. Existen prazas de urxencia social, pero non se entende que o seu caso sexa urxente. En agosto terá un mes de vacacións e terán problemas seguro, sinalaban entón.

O contido do informe remitido como resposta á queixa resultou insuficiente para coñecer o tratamento que se daría ao caso. Puxémonos en contacto co afectado co fin de coñecer as xestións realizadas ante os centros e a Xunta, e desa forma coñecemos que se estaba avaliando a solicitude de cambio de centro, de tal forma que se atribúa un que se adapte as circunstancias de D., fundamentalmente que teña unha intensidade de 365 días, isto é, no que poda permanecer con continuidade e regrese en días de fins de semana á casa, como desexa. Para iso coñécense dúas alternativas. Unha é o centro Santiago Apóstolo, da Coruña, no que podería ingresar xa, posto que ten praza dispoñible; con todo, estase avaliando o axuste do centro ao específico tratamento que ten que recibir D.. Pedíronse informes aos técnicos do centro que coñece a súa situación. A outra alternativa é o centro de Menela xa mencionado, pero nel non hai praza aínda, polo que habería que esperar ata que se dea unha vacante. Non obstante, o caso poderíase coñecer como urxente -pola propia Consellería-, polo que a espera non sería tan prolongada.

Pois ben, agora os pais de D. A. F. póñense de novo en contacto coa institución. D. é autista, diagnosticado como doente de TEA con trastorno xeneralizado de desenvolvemento, con minusvalía psíquica dun 79%, con necesidade de terceira persoa con 15 puntos e dificultade para utilizar transportes colectivos, e unha dependencia en grao III e nivel 1.

Desde pequeno estivo en varios centros de educación especial. A raíz de diversos problemas detectados incorporóuselle a unha gardería ordinaria (escola infantil Dalila de Marín) e recibiu axuda dun gabinete de psicoloxía e logopedia privado, cun custo de 150 € ao mes para a familia. Logo de ver (segundo o devandito polos seus profesores) que a gardería non era o seu sitio e que non procedía tampouco a súa escolarización no sistema de educación ordinario, estivo escolarizado na aula de educación especial do Colexio Sagrado Corazón de Praceres. Logo de varios anos, ese centro rexeitou ao neno alegando que non era o seu sitio; que necesitaba unha atención mais especializada con máis recursos (D. non podía ir a excursións ou actividades extraescolares por falta de persoal e necesitaba un coidador individual nos recreos) e incorporouse ao Centro de Educación Especial Menela en Vigo, centro específico para trastornos de espectro autista, onde estivo un ano. Este centro non ten o servizo de centro de noite para os nenos. Pola súa distancia desde a casa os profesionais da Fundación Menela aconsellaron un cambio de centro, a outro específico pero con servizo de centro de noite. Inicialmente incorporáraselle

ao centro da fundación Juan XXIII en Pardavila, municipio de Marín, (un centro de educación especial non específico para o autismo) mentres esperaban unha vacante no centro que a Fundación de Axuda ao Autismo BATA ten en Vilanova de Arousa. Neste centro inicia os luns pola mañá e vén a casa os venres ao mediodía a comer.

Por idade pasa, co tempo, ao centro de adultos desta mesma fundación, onde están moi contentos, salvo polo feito de que non é un centro permanente e pasa os períodos vacacionais na casa, as pontes, semana santa, Entroido, etc. Segundo se fai maior aparecen condutas de heteroagresividade que se agravan, sobre todo, cando os períodos vacacionais, festivos, pontes, etc, rompen a súa rutina de estancia de 4 días e medio no centro e dous e medio en casa. Sucédense as agresións, sobre todo á súa nai e, a pesar do tratamento farmacolóxico seguido polo seu psiquiatra (Dr. ..., do Centro de Saúde de Lerez, do Complexo Hospitalario Provincial de Pontevedra), son cada vez mais frecuentes os ingresos na unidade de Psiquiatría de agudos do Hospital Provincial de Pontevedra ou na Clínica A Mercede de Poio. Unhas veces hai que chamar a unha ambulancia en plena crise, acudindo a Policía Nacional para apoiar aos médicos en crises de agresividade extrema cara aos demais ou cara a si mesmo; con danos aos seus familiares (sobre todo á súa nai) e a cousas (mobles, electrodomésticos e ata portas ou fiestras de casa. Outras veces, previa consulta á unidade de psiquiatría, lévano eles para ingresar. Son momentos duros, onde D. acaba atado a unha cama e sedado con inxeccións durante uns días mentres lle fan cada vez un novo axuste de medicación.

Sendo a situación insostible, e logo de acudir aos servizos sociais da Xunta con escaso éxito, puxéronos en contacto co Valedor do Pobo, como dixemos. Puxéronse en contacto con eles desde a Xunta de Galicia para intentar resolver a situación. Recomendaron un centro en Coruña, de carácter permanente, Santiago Apóstolo, pero, cando xa tiñan decidido o ingreso dixeron que non era o adecuado e que o centro Souto de Leixa, de Ferrol, é mellor para o seu caso.

D. ingresa no Souto de Leixa no mes de agosto deste ano; o cal ten a vantaxe inmediata de evitar un agosto difícil na casa e, probablemente, un ingreso no hospital. Seguindo a opinión dos profesionais do centro, decidimos traer a casa a D. cada dúas semanas, para evitarlle o estres dunha viaxe en coche. Estaban contentos e aliviados pensando que ao fin D. ten unha vida estable e ordenada. Desde o primeiro momento o centro informou practicamente a diario sobre D.. Ten varias crises que, en principio se achacan ao proceso de adaptación ao novo centro, pero non remiten co tempo. Non quere participar nos talleres e actividades. Mostra agresividade cara aos seus compañeiros e cuidadores. Asígnaselle unha habitación individual, en lugar dunha compartida, que é o habitual no centro. Rompe o seu armario, esnaquiza a porta (de feito hoxe está sen porta na habitación) e rompe o teito de escaiola. Segundo os seus cuidadores D. necesita unha atención máis individualizada que eles non poden darlle polo tamaño do centro e os recursos dispoñibles. Nos talleres envorca varias veces as mesas de traballo como medio de presión para que o deixen estar na súa habitación, onde pasa cada vez máis tempo. Desde o centro dinlles que non é o lugar máis indicado para el.

D. necesita un centro permanente específico para casos de autismo. Faise un axuste de medicación e están esperando resultados, pero o médico do centro opina que pouco se fará se non se ingresa no centro adecuado. A partir desta semana D. virá a casa todos os fins de semana, porque cren que dúas semanas seguidas nun centro ao que non está totalmente adaptado son demasiadas. Á marxe dos problemas citados, iso supón un gasto para a familia de máis de 500 € ao mes, separadamente das cotas do propio centro.

A pesar da xestión feita na primeira reclamación, o caso de D. non está arranxado. Agora ten un centro permanente e iso fai que estean un pouco mais tranquilos de cara aos períodos de vacacións ou pontes. Pero D. non está ben. Economicamente a situación é moi gravosa para a familia (pode consultarse a súa declaración de facenda). O lugar adecuado para D. é o centro que a Fundación Menela ten en Nigrán (Castro Navás). Falando con eles dinlles que non teñen prazas, nin sequera de urxencia social, que se cubriron con outros casos desesperados e non se repuxeron. O centro de maiores que a fundación ten xa construído e esperando financiamento segue "criando telarañas" e teñen capacidade técnica para unha praza mais, pero esta non estaría financiada e iso fai que en lugar de custar ás familias 500 €, custe uns 2600 €; e non poden pagalo. Só é un problema de diñeiro.

Sinalan que só se trata de dar a D. os recursos aos cales ten dereito, como lle recoñece a Administración na resolución do expediente da Consellería de Traballo e Benestar. Non podería volver ao seu anterior centro porque a praza xa está cuberta e, ademais, iso levaría á anterior situación, cando os cambios de rutina en períodos vacacionais provocaban crises inmanexables. A situación actual está provocando a ruína económica da familia e D. está mal atendido, conclúen.

Ante iso requirimos informe da Consellería, que basicamente indicou que se lle concedía o Centro "Souto de Leixa" en réxime de internado os 365 días do ano, con períodos de estancia na súa casa a demanda dos pais, co que se da solución á reiterada petición dun centro aberto todo o ano. O centro cumpre o requisito de ter atención en réxime de internado todo o ano, pero non é un centro específico de atención ao autismo, aínda que entre os seus usuarios hai persoas con trastorno autista. A nai reclama insistentemente o ingreso no centro residencial dependente da Fundación MENELA, específico de asistencia a TEA e con atención os 365 días ao ano, pero a petición non pode ser satisfeita polo de agora, dado que non existe praza vacante neste momento. O centro MENELA ten 41 prazas autorizadas en residencia, 20 son de internado para todos os días, 14 de internado 261 días/ano, e 3 de emerxencia social, e están todas ocupadas. Dispón de catro prazas vacantes, pero de carácter privado. A solicitude de praza está pendente de poder ser atendida no momento de existiren praza concertada vacante.

Unha vez avaliado o contido da queixa e tamén do informe da Consellería de Traballo e Benestar dedúcese que esta confirma que D. foi ingresado no centro Souto de Leixa, de Ferrol, que en principio se considerou adecuado. Non obstante, unicamente se sinala ao

respecto que o centro cumpre o requisito de ter atención como internado todos os días do ano, pero matizando que non é un centro específico de atención ao autismo, aínda que se atende a afectados por TEA. Non entanto, non se menciona nada respecto das consideracións específicas ou individuais de D., e iso a pesar de que anteriormente se avaliou outro centro público a eses efectos, o Santiago Apóstolo da Coruña, e non se considerou adecuado polas razóns persoais de D.

Despois da estancia de D. no Souto de Leixa o propio centro determina con claridade que debido ás súas condicións persoais e ás do propio centro, este non está a resultar adecuado. O informe do centro Souto de Leixa di con claridade que apréciase que a evolución de D. non está sendo satisfactoria, non chegando a obter os obxectivos mínimos establecidos con el, no que concirne á súa adaptación a este Centro. Intentouse traballar con el tanto en grupos grandes como en grupos reducidos de aproximadamente 6 usuarios, pero conclúese que require dunha atención totalmente personalizada e específica á súa discapacidade.

O 30/07/12 ingresa no centro en espera de obtención doutra praza nun centro específico de autismo, dado que a familia constatou as dificultades de convivencia en períodos non lectivos e estivais derivados por problemas de conduta, en concreto a heteroagresividade. Isto dera lugar a diversos ingresos hospitalarios e intensificáronse nos últimos tres anos. “Desde o inicio presentou condutas heteroagresivas (golpear coa palma da man aberta, empuxar, dar patadas, chuspir, tirar e romper obxectos...) e autoagresivas (golpearse a cabeza). Estas manifestacións aparecen de modo repentino, nalgúns supostos detéctase un cambio na expresión da cara (seriedade, actitude "vixiante") e seguen un ciclo onde a primeira manifestación é gritar ou dar portazos, logo tirar obxectos, despois agredir a persoas e, para rematar, chorar. Desde fai, aproximadamente un mes, as súas condutas fóronse intensificando provocando danos materiais considerables (estragos do falso teito, habitación, portas ...) e autolesivos (golpeándose a cabeza) polo que requiriu en varias ocasións da intervención de diversos coidadores dada a constitución forte de D.. Actualmente, é remiso a saír da habitación, escapando do grupo e calquera ruído, sendo complicado o desenvolver actividade algunha con el.”

Por tanto, parece claro que o afectado precisa para a súa atención un centro adecuado as súas necesidades. A propia Consellería sinala que ese centro pode ser o Menela, pero neste intre non hai prazas nel, a pesar de que podería tratarse dun asunto de emerxencia social, como se expresara ao coñecer a anterior queixa, e de que no centro existen prazas, pero non se atopan ofertadas pola Administración competente por ser privadas.

Ao respecto da primeira circunstancia, é dicir, que non existen prazas de emerxencia social suficiente porque so son 3, é de sinalar que a conformación deste asunto, é dicir, a diferenciación de prazas ordinarias e de emerxencia, limitando o número destas, resulta claramente inadecuado, posto que en ningún caso se deduce da norma que tal circunstancia -a emerxencia- deba verse condicionada por unha limitación de prazas a

outorgar por ese motivo. Do previsto no art. 16 do Decreto galego 15/2010 dedúcese máis ben o contrario; este sinala respecto da tramitación dos procedementos nos supostos de emerxencia social que se lles dará prioridade por razóns como: unha situación de desamparo ou abandono, malos tratos físicos y/o psíquicos, ou unha situación de risco grave inminente para a súa integridade física e/ou psíquica. Por tanto, dedúcese claramente que a valoración da prioridade regulada neste orde debe referirse ao conxunto dos procedementos e, para o caso de corresponder servizos, para a asignación de prazas, de todas elas, sen limitar as que se cualifican especificamente para emerxencia.

Por outra banda, no relativo á presenza de prazas privadas vacantes, é de sinalar que as mesmas poden ser tidas en conta para os efectos que tratamos por medio das libranzas, no caso de resultar posible para a familia asumir o resto do custo, o que debería consultarse. Pero sobre todo non acaba de entenderse a razón pola que sendo posible aumentar o número de persoas atendidas en función das ratios, non obstante tal cousa non se fai. Isto debiera poñerse en relación co anterior -a posibilidade de demanda lexítima dunha libranza-, chegando á conclusión de que o que parece económica e racionalmente mais adecuado é ampliar o concerto para o uso das prazas que están desaproveitadas e que precisan de forma perentoria outras persoas que padecen un trastorno de espectro autista, como é o caso que coñecemos.

A interesada demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e obriga aos poderes públicos a realizar unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a Administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer o dereito mencionado, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación:

Que con urxencia e de forma prioritaria se asigne unha praza de atención adecuada para as circunstancias individuais que afectan ao dependente, con trastorno de espectro autista e problemas específicos de agresividade que lle afectan a el e a súa familia, do que se deduce que se trata dun caso de emerxencia social e que precisa unha atención inmediata no concreto centro que se determinou pola propia Consellería, o da Fundación Menela, ou, de existir, noutro de similares características.

Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11 de xuño de 2012 debido á falta de atención a unha dependente (Q/702/12)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J. C.G. R. debido á atención a unha dependente.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que é o pai de D^a L. G. B., nacida o 20/02/83, que ten unha minusvalía psíquica dun 65 %. O diagnóstico médico é epilepsia sintomática e atraso psicomotor. Asistiu a clase no centro ocupacional ASPAVI en Pazos de Borbén durante sete anos. No centro deulle un brote psicótico en xaneiro do 2011, que durou seis meses, con antipsicóticos e ingreso no centro O Pinar de Vigo. A finais de marzo deste ano volveulle a dar outro brote psicótico máis leve. Tiveron que sacala do colexio subvencionado pola Xunta de Galicia tras ese suceso e logo de recuperarse tramitaron a praza para outro centro igual ou parecido, e tras buscar atoparon praza no centro ocupacional San Rafael de Vigo, tamén subvencionado. A asistente social do centro indicou os pasos que tiñan que seguir e presentaron toda a documentación que pedían na Xunta de Galicia, e dirixíronos ao departamento que leva dependencias. Tras valorala díxéronlles que tiña nivel I e grao 1. A súa filla non pode estar soa, pois pola epilepsia pódelle dar un ataque en calquera momento. Tras recorrer volveron a contestar o mesmo e que non tiña dereito a ningunha axuda ata xaneiro do 2013. Intentaron colocala no centro, aínda que fora sen subvención, pero comentáronlles que sen a aprobación da Xunta, é dicir, sen a dependencia, non tiñan nada que facer, e que ata o ano que vén non tiñan orzamento. Parécelle vergonzoso o que está pasando coa súa filla. O último brote psicótico foi causa da súa inactividade tanto física como mental. Tanto o psiquiatra como o neurólogo aconsellan por escrito (papeis que se presentaron na solicitude da dependencia) que debe ser atendida nun centro canto antes.

Ante iso solicitamos información á Consellería de Traballo e Benestar, en concreto sobre a comprobación das circunstancias mencionadas; sobre as causas da falta de atención a unha discapacitada intelectual ou psíquica, que debera ter atención adecuada e continua e preferencia, á marxe da valoración de dependencia ou de calquera outra (discapacidade ...), como se expresou en ocasións anteriores ante casos similares; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

A Consellería indicou que a solicitude de dependencia era 18/05/11, que a resolución de grao e nivel era de 12/09/11 (I-1), que se desestimou unha revisión o 13/02/12, e que segundo o establecido polo Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, a efectividade do dereito ás prestacións de dependencia incluídas na Lei 39/2006 de 14 de decembro se exercerá a partir do 1 de xaneiro de 2014 a quen sexa valorados en grao I nivel 1. É dicir, as persoas valoradas con grao I nivel 1 terán acceso aos servizos e prestacións económicas no ano 2014. Non obstante, no momento en que a situación de saúde da persoa valorada empeore, poderase solicitar unha revisión do seu grao e nivel de dependencia. Deberase achegar informes médicos actualizados que poñan en evidencia o empeoramento de saúde da persoa.

Ante iso pola nosa banda indicouse á Consellería que non parece suficientemente xustificado que a afectada non deba ter atención, posto que xa antes tiña unha discapacidade psíquica (65 %) e se atopaba atendida adecuadamente dende hai tempo nun centro sostido en todo ou en parte con medios públicos (centro ocupacional ASPAVI), polo que da entrada en vigor da Lei de Dependencia e da necesidade de valoración para os seus efectos non pode resultar que se produza un retroceso na súa adecuada atención. A Consellería respondeu o seguinte:

“Ante a queixa con nº expediente G.6.Q/702/12, con relación ao caso sobre dependencia de Da L. G. B., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Conforme o indicado para o procedemento de revisión no artigo 42.1 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, "O grao e nivel de dependencia será revisable polas causas establecidas no artigo 30 da Lei 39/2009, do 14 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento. O procedemento iniciarase por instancia da persoa interesada ou do seu representante, ou de oficio polo órgano do departamento territorial da consellería competente en materia de servizos sociais". E no artigo 42.2 indícase que "Se a solicitude de revisión a presenta o interesado deberá acompañarse dos informes de condicións de saúde e documentos que fundamenten as causas da revisión e dirixirse ao departamento territorial da consellería en materia de servizos sociais do domicilio do beneficiario".

Así mesmo, tomando en consideración o acordado polo Consello Territorial de Dependencia segundo o establecido no artigo 8 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, modifícase o calendario de implantación do SAAD coa publicación o día 31.12.2011 do Real decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, onde se establece que a efectividade do dereito ás prestacións de dependencia incluídas na Lei 39/2006 de 14 de decembro se exercerá a partir do 1 de xaneiro de 2014 aos que sexan valorados en grao I nivel 1."

Así pois, a Consellería argumenta o mesmo que xa trasladara no seu momento e que deu lugar ao requirimento de información complementaria, posto que de novo sinala, basicamente, que ningún dependente de grao I e nivel 1 debe ser atendido aínda, de acordo co recente RDL 20/2011, caso no que se atopa a afectada, o que so podería variar no caso de revisión da actual valoración.

No entanto, tal e como xa indicáramos á Consellería anteriormente, non parece adecuada a súa posición. En primeiro termo, non se aclara se a Consellería entende aplicable a modificación do calendario de implantación progresiva da LD aos casos de solicitude e valoración anterior á publicación e entrada en vigor do Real decreto lei 20/2011. Pero o mais relevantes é que, á marxe do anterior, non se aclaran as causas polas que coa aplicación da actual Lei de Dependencia pode prexudicarse a atención dunha afectada con discapacidade psíquica xa atendida. O calendario de implantación progresiva da lei non pode entenderse aplicable a estes casos, nos que a atención se dá dende moito antes á

propia lei e por razóns de atención social e aínda de saúde prioritarias, posto que esa implantación progresiva só pode interpretarse para os casos de incorporación ao sistema (o novo), e non para os casos xa incorporados no anterior, que agora debe adaptarse ou subsumirse no novo, pero sen retrocesos nos servizos xa recoñecidos.

Aínda no caso de novas incorporacións deste tipo de discapacidades, resulta lóxico pensar que, debido á evidente prioridade na súa atención polas razóns sociais e de saúde apuntadas, non poden resultar desatendidos debido á súa valoración co argumento apuntado, é dicir, debido ao calendario de implantación progresiva da lei. Estas persoas (os discapacitados intelectuais) precisaron e precisan atención adecuada durante toda a súa vida, polo que o calendario de implantación progresiva non pode influír á hora de decidir sobre a súa atención temperá, a atención escolar especial e o servizo que de forma individual resulte adecuado para eles na idade adulta.

O criterio que se nos traslada só pode explicarse ou ben pola inadecuada valoración dunha discapacitada intelectual, algo que xa puxemos de relevo en diferentes ocasións e que debera ser corrixido, ou ben pola inadecuada interpretación do calendario de implantación progresiva da Lei de Dependencia para as persoas xa atendidas (como era o caso) ou para persoas con criterios de atención preferente xa no anterior sistema, como os discapacitados intelectuais.

En calquera caso, polo que se refire ao suposto concreto que examinamos, non debe interpretarse o calendario de efectividade dos diferentes graos e niveis de dependencia como unha habilitación legal para a non renovación das prestacións recoñecidas e efectivas xa con anterioridade á Lei de Dependencia; non pode deixarse de atenderse ás persoas que xa eran atendidas antes coa xustificación da aplicación dese calendario -modificado para retrasalo nos niveis máis baixos, segundo o RDL 20/2011-, que non lles é aplicable aos xa atendidos, e menos aos que reciben unha atención para a súa discapacidade intelectual.

De confirmarse, o criterio da consellería levaría a empeorar a situación dos discapacitados atendidos antes da efectividade da Lei de dependencia, sobre todo os discapacitados intelectuais, posto que de acordo con el estes deben deixarse de ser atendidos (nos centros nos que tiñan a súa praza ou noutros que os substitúan por motivos xustificadas) se a valoración que resulte desa Lei implica a non atención, de acordo co calendario de aplicación progresiva da Lei.

O interesado demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a Administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación:

Que con urxencia se resolva o outorgamento dun servizo adecuado para a atención da situación de discapacidade intelectual e dependencia da afectada polo tratado na presente queixa, de tal maneira que non se produzan desatencións inadecuadas que a prexudican.

-Falta de transporte escolar para acudir ao centro

Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 25 de outubro de 2012 debido á falta de transporte adaptado para un discapacitado intelectual (Q/1956/12)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J.M. T. M. debido á falta de transporte adaptado para un discapacitado intelectual.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que P. está diagnosticado dun trastorno do espectro autista dende febreiro de 2005, e considerado como dependente con Grao II Nivel 1 dende febreiro de 2011, e como usuario do transporte adaptado 065 dende outubro de 2010. Padece unha discapacidade recoñecida do 65 %. Asiste ao Centro de Educación Especial Duques de Lugo, sito en Santiago de Compostela. Ata outubro de 2010 eran os pais dos alumnos os encargados de levalos ao centro, pero unha vez recoñecido como usuario do transporte adaptado 065 confiaban en que sería este transporte o que se encargase de realizar as viaxes de ida e volta ao centro escolar. O 26 de outubro de 2010 solicitaron ao 065 que levara a P. dende o domicilio ao CEE Duques de Lugo. En novembro conceden o servizo, pero só para a ida; a volta deben que ser eles os que vaian a recoller a P.. Seguen sen ter transporte adaptado para a volta. Esta situación parécelles moi inxusta e discriminatoria, pois hai rapaces que si gozan deste Servizo nos Concellos limítrofes, sinala. Resulta moi complexo conciliar a vida familiar e laboral tendo que ir todos os días a Santiago a recoller a P., polo que abonan 180 € mensuais a un taxista que vai recollelo. Non conta con acompañante e P. necesita dun acompañante, xa que tende a abrir as portas co coche en marcha, co perigo que esta situación pode provocar. P. necesita ir ao Centro de Educación Especial Duques de Lugo, xa que en Arzúa non hai ningún centro de similares características.

Ante iso requirimos informe da Consellería de Traballo e Benestar (CTB), que xa nolo remitiu, no que se sinala o seguinte:

“Ante a queixa con nº expediente G.6.Q/1956/12, con relación ao caso sobre D. P. T. M., infórmase o seguinte:

O usuario P.T.M.solicita un servizo recorrente para desprazarse, de luns a venres, dende o seu domicilio habitual no concello de Arzúa ao Centro de Educación Especial Duques de

Lugo da Asociación ASPANAES, sito no termo municipal de Santiago de Compostela, nas seguintes franxas horarias aproximadas: recollida no domicilio para chegar ao centro educativo ás 10:00 h. e saída do centro ás 17:00 h. para regresar ao domicilio familiar.

Unha vez revisadas as posibilidades de cobertura da zona por parte do Centro de control, ofertóuselle á familia do usuario o desprazamento recorrente de ida nos seguintes termos: recollida no domicilio para chegar ao centro asistencial as 10:10 h. (servizo que se presta dende novembro de 2010), informándoo que o servizo de volta permanecería en estado de espera ao carecer as rutas implicadas de dispoñibilidade para a súa cobertura.

Tamén se avaliaron os itinerarios das áreas sociais limítrofes para aumentar as posibilidades de cobertura dos desprazamentos demandados, non sendo posible tampouco a súa incorporación. Ningún dos solicitantes de servizo regular a ese mesmo centro de Educación Especial Duques de Lugo goza actualmente do traslado de volta polos mesmos motivos.

Tendo en conta que se trata dunha persoa en idade escolar (segundo os datos que constan na base de datos de usuarios do SGAMP 065, naceu o 25 de marzo de 1997) e visto que os servizos de transporte escolar non satisfan a súa demanda, ao non tratarse dun centro público, aínda que é o único centro privado de iniciativa social que dá resposta a necesidades escolares específicas, unha parte do traslado foi asumido polo SGAMP 065 dentro das súas posibilidades, tal e como quedou exposto.

Cómpre indicarlle, ao respecto, que tanto o Decreto 195/2007, de 13 de setembro, pola que se regula o Servizo Galego de Apoio a Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes coma a Orde de 9 de setembro de 2008, pola que se desenvolve o devandito Decreto 195/2007 aprobando o Catálogo de prestacións do servizo, non inclúe expresamente o traslado a centros educativos no período da formación regrada e obrigatoria.

Ademais, dentro da orde de prioridades que establece a normativa, o uso deste servizo para asistir a actividades de carácter educativo e formativo está no derradeiro lugar da orde de prelación. En concreto, o artigo 4 do Decreto 195/2007, no seu punto terceiro, dispón a seguinte particularidade que se debe ter en conta á hora de valorar as prioridades:

"Sempre que estean cubertas as prioridades anteriores (traslados a consultas ou tratamentos sanitarios e traslados a centros ou equipamentos do sistema de servizos sociais como residencias ou centros de día), exista dispoñibilidade de medios e, en todo caso, dentro do ámbito do catálogo de prestacións do servizo, este prestarase, así mesmo para asistir a actividades de carácter educativo e formativo."

O Concello de Arzúa tamén nos remitiu informe sobre o asunto; nel sinálase o seguinte:

“Achégase informe do Centro de Educación Especial ASPANAES para unir ao expediente G.6.Q/1956/12 relativo ao menor P.T.M.”

“INFORME. O neno P. T. M.O, nacido o 25.03.1997, cunha idade actual de 15 anos 5 meses, está escolarizado no CEEPR ASPANAES "Duques de Lugo", desde o curso 2005/2006.

P. conta cun diagnóstico inicial, emitido o 16/02/2005 polo Dr. M. C.G. do Servizo de Neuropediatria do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, que indica: "Delección que se expresa clinicamente por un desfasamento no neurodesarrollo, máis manifesto nas áreas motora e da linguaxe. Datos evolutivos compatibles co Espectro Autista". Posteriormente, P. foi valorado no Servizo de Valoración Orientación e Diagnóstico de ASPANAES, os días 18 e 19 de maio de 2005. Nesta valoración, en función das observacións realizadas, as probas aplicadas e a entrevista realizada á familia conclúese que P. presenta alteracións cualitativas nas áreas de comunicación e socialización, así como mostra condutas estereotipadas e certa inflexibilidade mental, polo que se emite un diagnóstico de "Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento, Trastorno Autista" (F84.0, segundo DSM-IV.TR).

Inicialmente, P. estivo escolarizado en modalidade de combinada, asistindo dous días ao CEIP de Arzúa e tres ao CEEPR ASPANAES "Duques de Lugo". Pero ao longo do curso 2010-2011, coincidindo coa finalización da etapa de Educación Primaria, o CEIP de Arzúa solicitou o cambio de modalidade de escolarización. Dado que o desenvolvemento cognitivo de P. era equivalente ao dun neno de Educación Infantil nas áreas persoal-social, de motricidade global e fina e de comunicación, considerouse que non era conveniente a súa transición á Escolarización Secundaria Obrigatoria nun centro ordinario. Valorando as súas capacidades e necesidades, decidiuse que se adaptaba máis ás súas características educativas unha escolarización total no CEEPR "ASPANAES-Duques de Lugo". Visto informe da inspección educativa, dos departamentos de orientación de ambos os centros educativos e asinado o acordo da familia, a Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria emite ditame favorable a esta escolarización o 05/10/2011.

Por tanto, a partir do curso 2011/2012, P. pasa a acudir de luns a venres ao CEEPR "ASPANAES-Duques de Lugo", centro situado en Santiago de Compostela.

A necesidade desta escolarización explícase principalmente polas características específicas de P.e polas súas necesidades:

Nivel cognitivo:

Comunicación e linguaxe:

Socialización:

Conduta:

Hábitos de autonomía:

Dadas as dificultades e capacidades de P., que se relataron nos parágrafos anteriores, este alumno precisa dunha intervención educativa específica que teña en conta tanto as características de aprendizaxe asociadas ao seu diagnóstico (estructuración espacial e temporal, uso sistemas aumentativos da comunicación, uso de apoios visuais, apoio condutual positivo, etc.) como as súas necesidades concretas de apoio (supervisión permanente, adaptación de materiais, uso dunha linguaxe oral adaptado, apoio en signos, límites claros, formación específica en hábitos de autonomía, etc.). Esta intervención adaptada e individual é a que se lle ofrece no CEEPR "ASPANAES-Duques de Lugo". Por iso, considérase esencial para a súa evolución educativa e para a mellora da súa futura calidade de vida a asistencia a este centro."

Unha vez avaliados os informes achegados e o indicado polo reclamante na queixa dedúcese que se confirma o exposto nela, isto é, que ao afectado se lle asignou, mediante PIA de dependencia, un centro no que en realidade está a facer efectivo o seu dereito fundamental á educación -especial- (art. 27 da Constitución española), posto que aínda se atopa na idade escolar. A propia Administración reconece o carácter adecuado da súa asistencia ao centro concertado; no informe da CTB se indica que é o único centro privado de iniciativa social que da resposta a necesidades escolares específicas, e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (CCEOU), despois dos informes da inspección educativa e dos departamentos de orientación dos centros educativos, e de acordo coa familia, emitiu ditame favorable a esa escolarización. Así pois, o neno acode ao centro de educación especial de acordo co criterio de ambos órganos da Administración autonómica. Trátase dun centro ou praza concertada para a atención educativa especial.

A CTB sinala que "os servizos de transporte escolar non satisfan a súa demanda, ao non tratarse dun centro público", razón pola que trata de prestar o servizo mediante o programa do 065, que no entanto ata agora non puido prestalo na súa totalidade, como vemos.

Á marxe de a qué departamento da Administración corresponda facerse cargo do transporte, a cuestión fundamental que se coñece é se existe a obriga por parte da propia Administración de facer efectivo o transporte neste tipo de supostos. A resposta debe ser afirmativa, posto que neste caso resulta claro que o servizo complementario de transporte adaptado -ou especial- é condición para dar adecuada efectividade ao dereito fundamental á educación -tamén especial-. Diso dedúcese que debe ser a propia administración, con base na súa potestade de autorganización, quen determine en qué forma se cumprirá coa obriga indicada. No entanto, obsérvase que tal cousa non sucedeu, posto que a Consellería de Traballo parece indicar que sería tarefa da CCEOU, que non obstante non a cumpre porque non se contempla a necesidade de transporte adaptado

nestes casos, de atención a educación especial, por tratarse de centros concertados; e ao tempo sinala que os seus medios, isto é, o 065, tampouco teñen porque cubrir estes casos, e aínda os teñen relegados na orde de prioridades, co que de novo se insinúa que debera ser a CCEOU quen se debera facer cargo deste necesario servizo.

No entanto, para a efectividade do dereito fundamental en cuestión non resulta relevante a posible discrepancia interadministrativa que se cita; o dereito debera ter efectividade directa -unha vez máis resaltamos que se trata dun dereito fundamental-, sen que a Administración no seu conxunto poida ampararse para non facelo nunha cuestión formal como a apuntada.

Como derivación directa do dereito fundamental á educación, os servizos complementarios que sexan condición para o seu exercicio deben considerarse como parte mesma do propio dereito.

Ao respecto é de sinalar que Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, sinala, respecto do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, que “as Administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral na presente Lei. Corresponde as Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais ..., poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeneral para todo o alumnado (art. 71). Corresponde as Administracións educativas dotar aos centros dos recursos necesarios para atender adecuadamente a este alumnado. Os criterios para determinar estas dotacións serán os mesmos para os centros públicos e privados concertados. As Administracións educativas poderán colaborar con outras Administracións ou entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, institucións ou asociacións, para facilitar a escolarización e unha mellor incorporación deste alumnado ao centro educativo (art. 72).

En relación coa suposta diferenciación entre centros públicos e concertados, do art. 72 dedúcese que nesta modalidade educativa os criterios para determinar as dotacións serán os mesmos para os centros públicos e privados concertados. Por tanto, non resulta axustado á legalidade discernir, para os efectos que tratamos -a adecuada atención á educación especial- entre centros públicos e centros ou prazas concertadas. As razóns desta disposición é clara: a escaseza de centros, e que a maioría dos de educación especial son de iniciativa social e, por tanto, concertados. Isto fai necesario para os pais o envío dos seus fillos a ese tipo de centros. Na súa maioría promovéronse pola súa propia iniciativa, resultando esta imprescindible para o adecuado funcionamento do sistema de atención educativa especial. Se a iso se une que os centros son mais escasos e distantes -normalmente se atopan só en cidades-, as necesidades de desprazamento fanse aínda

mais evidentes e xustificadas para o exercicio do dereito fundamental á educación. Por iso non deben facerse diferenciacións entre eses tipos de centros para os efectos de dotacións, incluídos os servizos complementarios, como acertadamente prevé a normativa sectorial.

O mesmo art. 72 permite a Administración educativa chegar aos acordos que sexan precisos para dar cumprimento das súas obrigas. Iso abre un amplísimo abano de posibilidades para tal fin, incluídos os acordos con outros órganos de cara a facer uso dos medios que non sexan propios.

O Decreto galego 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, sinala (art. 20; escolarización en centros de educación especial) que “se entende por centro de educación especial aquel onde se escolariza, exclusivamente, alumnado con necesidades educativas especiais que require modificacións significativas do currículo en parte ou en todas as áreas ou materias e que precisa da utilización de recursos moi específicos ou excepcionais, necesidades que non poden ser atendidas e recursos que non poden facilitarse dentro das medidas de atención á diversidade dos centros educativos ordinarios”. No que se refire aos recursos materiais sinala (art. 37) que “a Consellería con competencias en materia de educación dotará de servizos complementarios adaptados ao alumnado cando se determine a súa necesidade nos informes e/ou ditames que correspondan”. Entre os servizos complementarios están o transporte e o comedor.

Neste sentido, a Instrución 3/2012 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria establece as liñas xerais de funcionamento do servizo de transporte escolar para o curso 2012-2013. No seu punto 1, relativo ao ámbito de aplicación, sinala que será usuario lexítimo do transporte escolar gratuíto o alumnado cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 km. , sempre que estea escolarizado no centro que lle corresponda segundo a situación do seu domicilio e a distribución das áreas de influencia, ou por determinalo así unha resolución de escolarización obrigatoria. Neste último suposto cómpre entender incluído o presente caso, xa que o alumno está escolarizado nun centro de educación especial. Tal como xa se apuntou, visto informe da inspección educativa, dos departamentos de orientación de ambos os dous centros educativos e asinando o acordo a familia, a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria emitiu ditame favorable a esta escolarización. Polo tanto, a partir do curso 2011/2012, asiste de luns a venres a CEEPR ASPANAES-Duques de Lugo, en Santiago de Compostela, ao avaliarse as súas capacidades e necesidades específicas de apoio educativo; por tanto, ten unha resolución de escolarización obrigatoria nese centro.

A CCEOU argumenta que a súa pauta á hora de planificar e programar o transporte escolar, como servizo complementario que fai posible o exercicio do dereito a educación, é a tutela do interese xeral do alumnado desprazado, interese que neste caso resulta claro e xustificado para o alumno que reclama o servizo.

Por tanto, á marxe do medio elixido entre os órganos da Administración autonómica implicados na solución do importante problema tratado, a CTB e a CCEOU, o certo é que aquela debera darse canto antes, ben a través de medios propios da CCEOU, ben a través dos da CTB, ou ben a través dun acordo entre ambas, o que loxicamente queda a criterio delas.

O anterior sucede a pesar de que afectado é un menor, cuxo interese debera ser tratado como superior, de acordo coa normativa sectorial correspondente; de que reclama a efectividade dun dereito fundamental, como vemos insistindo; e de que é unha persoa con discapacidade intelectual, o que debera motivar que a súa adecuada atención se considere prioritaria, como temos indicado a esa Consellería en numerosas ocasións.

O interesado demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, algúns como dereitos fundamentais, como o recoñecido e garantido a través do art. 27, onde se preceptúa que todos teñen dereito á educación. A Constitución tamén sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a Administración autonómica, teñen a obriga de aplicar de forma directa e efectiva o previsto no art. 27, e de protexer o dereito doutra natureza mencionado, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar e, no seu caso, á que fora tamén competente no asunto, a seguinte recomendación:

Que con urxencia se habilite o transporte adecuado para o alumno en cuestión, que asiste a un centro especial no que fai efectivo o seu dereito fundamental á educación por resolución da propia Administración autonómica.

- Falta de atención adecuada por parte do servizo de transporte adaptado (065)

Recomendación dirixida á Consellería de Traballo y Benestar o 24 de xaneiro de 2012 debido á falta de atención polo 065 e ao retraso dun procedemento de dependencia (Q/2602/12)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D^a M. D. C. Q. debido á falta de atención polo 065 e ao retraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o seu fillo, D. Ó. G. C., con DNI, está diagnosticado de Síndrome de Down dende o seu nacemento. Ten cumpridos os 19 anos de idade, polo que non pode seguir acudindo ós centros de educación públicos de Arzúa. Ten recoñecida unha minusvalía superior ao 50 % dende o ano 1993. Ó. estivo matriculado no instituto de Arzúa ata o presente ano, cando por motivos de idade non pode continuar a matricularse. En xuño de 2011, previndo que O. non vai poder seguir indo ao instituto de Arzúa, solicitouse unha praza para O. no Centro Ocupacional ASPAS, situado en Santiago de Compostela, estando á espera de que se conceda. Para fomentar a independencia e integración social do seu fillo e que non quede na casa sen facer nada realizaron as xestións oportunas para que poida asistir aos talleres ocupacionais de DOWN Compostela, en Santiago de Compostela. O 26 de outubro de 2012 solicitaron ao 065 que leve a O. dende o seu domicilio ata DOWN Compostela. O horario das clases é de 9:30 a 13:30. O 065 comunica que nese horario non pode realizar os desprazamentos do seu fillo a Santiago de Compostela, polo que non pode asistir á única actividade formativa que realiza. Esta situación é discriminatoria, xa que dentro do municipio no que reside hai persoas maiores e con discapacidade que acoden a centros ocupacionais e centros de día en diferentes municipios e non teñen ningún problema para que o 065 os desprace. Se quere que O. poida acudir a Down Compostela ten que levalo ela ou pagar un taxi para que o leve e o traia. Non piden nada que non lles corresponda, sinala, xa que ao igual que outras persoas o seu fillo ten dereito a utilizar os recursos que máis se adecúen á súa patoloxía, pero a Administración limita a utilización de ditos recursos. Acudir aos talleres ocupacionais axudaría a fomentar a súa integración na sociedade e lle permitiría relacionarse con persoas que sofren patoloxías similares á súa.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que recentemente nola remitiu. Unha vez avaliado o contido do informe e da queixa dedúcese que, no que se refire ao primeiro aspecto desta, a consellería non sinala nada, a pesar de que se requiría aclaración de forma expresa e da evidente necesidade de acudir ao centro no transporte adaptado que se reclama.

O servizo de apoio á mobilidade persoal 065 é un programa que proporciona os servizos concretos aos usuarios recoñecidos como tales de acordo cos medios limitados cos que conta e priorizando uns tipos de servizos respecto doutros. Por tanto, na meirande parte

das ocasións en que se examinan reclamacións sobre o 065 trátase de coñecer se a priorización se atopa ben feita, de acordo co disposto na normativa correspondente; non entanto, ese exame resulta complexo e moi dificultoso dende o momento en que os medios se distribúen territorialmente, co cal pode suceder que un servizo prioritario non se preste nunha zona e nun momento dado, e non obstante outro que non o sexa en termos xerais se preste noutra zona nese mesmo momento.

En calquera caso, á marxe das evidentes dificultades que resultan da complexa organización dun servizo en forma de programa, que en ocasións derivan en determinadas disfuncións ou queixas xustificadas -algunhas delas xa se puxeron de relevo con ocasión doutros procedementos de queixa-, o medio fundamental para avaliar a correcta distribución dos medios limitados do programa é a adecuada priorización dos servizos a prestar e a correcta aplicación dos criterios de ordenación.

Como queda acreditado na queixa, a reclamante demanda acudir regularmente ao centro ocupacional onde se atende ao seu fillo, que ten unha discapacidade psíquica e o grao II e nivel 1 de dependencia. Non obstante, a consellería non parece ter como prioritario o servizo recorrente solicitado para acudir ao centro. Non entanto, o art. 5 da orde do 9 de setembro de 2008 pola que se desenvolve o Decreto 195/2007, dispón que a orde de prioridades é o traslado a consultas ou tratamentos médicos, sempre que non sexan competencia do sistema sanitario; a residencias públicas, a centros de aloxamento temporal da rede pública ou a centros de día da rede pública; aos centros en que se desenvolven programas no marco dos obxectivos xerais do sistema galego de servizos sociais; a outros servizos sociais; a actividades básicas da vida diaria; e para a asistencia a actividades de carácter educativo e formativo.

Resulta claro que este caso debера terse como prioritario, posto que se trata de que unha persoa nova, atendida ata o de agora no sistema educativo, non vexa interrompida a súa atención ao precisar outro tipo de axuda. Por tanto, xa sexa interpretando que o novo centro é un centro da rede pública, na medida en que se atribuiría polo sistema público de atención á dependencia, ou como centro en que se desenvolven programas no marco dos obxectivos xerais do sistema galego de servizos sociais, debера terse cuberta a necesidade de traslado, salvo demostración clara de que os traslados realizados na zona resultan sempre e en todo caso por enriba en canto ao grao de prioridade.

Na presente queixa -como noutras similares- obsérvase que non se atenden os servizos reclamados para un fin que debера ser prioritario, por tratarse, como vemos, de mellorar a saúde, a mobilidade e en xeral a calidade de vida das persoas.

Polo que se refire ao centro de atención que se reclama, a consellería confirma o exposto na queixa, isto é, que existe retraso no procedemento; este iniciouse en xuño de 2011, a valoración se aprobou en setembro de 2011 (II-1), pero a pesar diso non se indica en que

data se resolverá o procedemento, a pesar de que expresamente se requiría información ao respecto.

O Decreto 15/2010 conforma dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado Programa Individual de Atención (PIA), e establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15).

O expediente debера atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras que prexudican gravemente aos cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e cuidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a Administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer o dereito mencionado, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo ás prestacións derivadas da lei de dependencia, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras que prexudican aos afectados; que se atenda a demanda de servizo de transporte adaptado realizada pola reclamante para acudir ao centro ocupacional ao que acode o seu fillo; e que con carácter xeral eses desprazamentos se consideren prioritarios e en consecuencia se atendan, salvo imposibilidade manifesta e excepcional derivada de motivos suficientemente xustificadas despois de ter estudadas e descartarse todas as alternativas.

Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 13 de agosto de 2013 debido á falta de transporte adaptado para un discapacitado intelectual (G.6.Q/411/13)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J. R. G. S. referente as deficiencias no transporte adaptado do seu fillo.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que é pai de O. G. C., DNI ... persoa recoñecida cun grao de dependencia II nivel 1 e recoñecido como usuario de transporte adaptado (065). O. está diagnosticado de Síndrome de Down dende o seu nacemento. Ten 19 anos, polo que non pode seguir acudindo ao instituto de Arzúa. Ten recoñecida unha discapacidade superior ao 50 % dende 1993. Estivo matriculado no instituto ata este ano, cando por motivos de idade tivo que deixalo. En xuño de 2011, previndo que non ía seguir no instituto, solicitouse praza no centro ocupacional ASPAS, situado en Santiago de Compostela. A dita praza concedéselle no mes de xaneiro deste ano. Solicitaron ao 065 que traslade a O. a ASPAS e que o leve de volta á casa de luns a venres. O 065 di que non pode facer esa ruta no horario que O. necesita, polo que acordaron que o recolleran a 7 quilómetros da casa na ida e na volta a máis de 15 quilómetros. Ademais, o 065 deixou claro que se teñen problemas no desprazamento e non chegan á hora concertada non se fan responsables de O.. O anterior evidencia que o servizo de transporte adaptado non está a ser idóneo para el; non o recollen no seu domicilio nin o deixan nel; teñen que trasladalo diariamente para adaptarse eles ao 065.

Ante iso requirimos información a esa consellería, que nun primeiro momento indicou que non pode facer a ruta demandada por falta de medios. Tamén reclamamos información ao centro de atención do interesado, que tamén nola proporcionou. Á vista diso requirimos información complementaria á consellería, que xa se recibiu. Nela sinálase o seguinte:

“Ante a queixa con nº expediente G.6.Q/411/13, con relación ao caso sobre D. O. G. C., infórmase o seguinte:

Como xa se indicou no escrito anterior o desprazamento que se fai ao usuario dende o día 04.02.2013 foi acordado dende o Servizo 065 coa familia xa que nos horarios dispoñibles: recollida ás 09.20 h para chegar ao centro ás 11.10 ou 11.05 h, era imposible recollelo no seu domicilio para non retrasar ao resto dos usuarios do itinerario de ida. A dita recollida faise no domicilio doutra persoa usuaria do mesmo concello, cuxa solicitude resolveuse precisamente tras unha petición cursada tamén dende a instancia do Valedor do Pobo.

O vehículo no que figura asignado o servizo de ida de Ó. G. C. que corresponde ao Lote 13 e que abarca os concellos de Arzúa, Boimorto, O Pino e Touro despraza entre outras persoas a un total de once usuarios de distintos concellos da mesma área xeográfica que asisten de xeito regular a actividades programadas por 7 centros asistenciais distintos:

4 persoas usuarias ao C.E.E.P.R. ASPANAES Duques de Lugo

1 usuario ao Centro de Día da Asociación de Dano cerebral de Compostela- Sarela

1 usuario ao Centro de día da Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencias tipo Alzheimer de Santiago de Compostela – Agadea

1 usuario a Fundación Down Compostela

1 usuaria ao Centro de Día Atendo de Santiago de Compostela

1 usuario ao Centro de Día de Villestro da Asociación de Persoas con Trastorno de Espectro Autista da provincia da Coruña- Aspanaes

2 usuarios ao Centro Ocupacional Aspas da Asociación de Padres y amigos de los xordos en Santiago de Compostela

Todas as persoas usuarias teñen un horario de recollida semellante, actualmente o mellor adaptado posible coa demanda de servizos vixente. Varios dos servizos permiten as persoas usuarias facer uso das prazas públicas que lles foron concedidas nos distintos centros asistenciais enumerados.

Cabe sinalar que no mesmo vehículo desprázanse 2 persoas que fixeron escritos de queixa ante esa institución do Valedor do Pobo e aos que se lles resolveuse satisfactoriamente de xeito total ou parcial a súa demanda de servizo. Estas persoas veríanse afectadas, entre outras, de posibles modificacións dos itinerarios.

O motivo de non poder realizar o desprazamento ata o seu domicilio no traxecto de volta é que o vehículo non exceda da hora regulada de fin de xornada as 20.00 h xa que realiza máis traslados. Este vehículo corresponde ao Lote 11 que abarca os concellos de Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo, e unha vez recolle a Ó. G. C. ás 18.30 horas no centro asistencial ten que realizar aínda as seguintes paradas:

1 para recoller a un usuario que chega en torno ás 18.45 h a San Xordo, Lavacolla e que foi recollido no Centro de Día de Villestro da Asociación de Persoas con Trastorno de Espectro Autista da provincia da Coruña- Aspanaes ás 18.00 h

1 para recoller a unha usuaria que chega en torno ás 18.52 h á Esquipa, Lavacolla e que foi recollida no Centro de Día de Villestro da Asociación de Persoas con Trastorno de Espectro Autista da provincia da Coruña- Aspanaes ás 18.00 h

1 para recoller a O. G. C. que queda diante da casa do concello do Pino aproximadamente ás 19.10 h

1 para recoller a un usuario que chega en torno ás 19.15 h a Astrar (O Pino) e que foi recollido no Centro de Día de Villestro da Asociación de Persoas con Trastorno de Espectro Autista da provincia da Coruña- Aspanaes ás 18.00 h

1 para recoller a un usuario que chega en torno ás 19.37 h a A Barciela e que foi recollido en torno ás 17.05 h no Centro de Día da Asociación de Dano cerebral de Compostela-Sarela

1 para recoller a unha usuaria que chega en torno ás 19.47 h ao concello de Ordes e que foi recollida no Centro de Día de Vilvestro da Asociación de Persoas con Trastorno de Espectro Autista da provincia da Coruña- Aspanaes ás 18.00 h

Por estes motivos e dado que as persoas que realizan estes traslados están dentro dos mesmos niveis de prioridade e incluso de maior nivel de prioridade que Ó. G. C. (Grado II N1 e 2 (Severa 1, II e Gran Dependencia) e Grado III N1 Gran Dependencia II) non é posible realizar de maneira óptima o desprazamento non só deste usuario senón doutros moitos debido ás características da zona de referencia e a cantidade de centros especiais que se encontran nela”.

Tras a avaliación da queixa, dos informes da consellería e do aportado polo centro dedúcese que se confirma o exposto naquela, isto é, que o 065 argumenta que non pode facer a ruta demandada para recoller e deixar a O.no seu domicilio nos horarios que necesita, polo que os pais tiveron que transixir en levalo na ida a 7 quilómetros da casa e en recollelo a máis de 15 quilómetros na volta. Tal e como sinalamos na anterior comunicación, esa circunstancia resulta inadecuada; non se presta o servizo preciso para unha persoa que deba ter prioridade. O. chega os luns ás 11.30 e o resto da semana ás 11.20. O tempo que consume na viaxe resulta desproporcionado nas idas; dende as 9.00, cando sae para o punto onde colle o transporte adaptado, ata que chega ao centro, ás 11.30/11.20, pasan dúas horas e media nun caso e case ese tempo nos outros. Esta circunstancia deba corrixirse canto antes. Ademais, con ese horario de ida perde mais dunha hora de traballo no centro.

O servizo de apoio á mobilidade persoal 065 é un programa que proporciona os servizos concretos aos usuarios recoñecidos como tales de acordo cos medios limitados cos que conta e priorizando uns tipos de servizos respecto doutros. Por tanto, na meirande parte das ocasións en que se examinan reclamacións sobre o 065 trátase de coñecer se a priorización se atopa ben feita, de acordo co disposto na normativa correspondente; non entanto, ese exame resulta complexo e moi dificultoso dende o momento en que os medios se distribúen territorialmente, co cal pode suceder que un servizo prioritario non se preste nunha zona e nun momento, e non obstante outro que non o sexa en termos xerais se preste noutra zona nese mesmo momento. Á marxe das evidentes dificultades que resultan da complexa organización dun servizo en forma de programa, que en ocasións derivan en determinadas disfuncións ou queixas xustificadas, o medio fundamental para avaliar a correcta distribución dos medios limitados do programa é a adecuada priorización dos servizos a prestar e a correcta aplicación dos criterios de ordenación.

Nesta queixa demándase acudir regularmente a un centro de atención da discapacidade intelectual; por tanto, o obxecto de atención debera resultar prioritario, ou polo menos nunha orde de prioridades relevante, por riba doutros moitos motivos de desprazamento. Se trata de que unha persoa nova, atendida ata o de agora no sistema educativo e con traslado adecuado, non vexa interrompida a súa atención. Por tanto, debera terse cuberta a necesidade de traslado, salvo demostración clara de que os traslados realizados resultan sempre e en todo caso por enriba en canto ao grao de prioridade. Ao respecto a consellería sinala que o grao de prioridade das persoas atendidas polos vehículos de ida e de volta é alta; eses vehículos que atenden a O. tamén atenden a moitas persoas con necesidades similares, fundamentalmente discapacidade intelectual. Ponse o acento en que se atende a “outros moitos debido ás características da zona de referencia e a cantidade de centros especiais que se encontran nela”. Precisamente esa pode ser a circunstancia máis relevante que fai que resulte difícil atender prioridades como esta e outras similares, ao tratarse dun área ampla e de alta demanda; no entanto, a resposta non debera ser a non prestación do servizo para este e para outros usuarios que precisan o transporte para acudir aos seus centros de atención, senón unha revisión de medios e/ou zonas, posto que non resulta adecuado que -tal e como sinalamos- un servizo prioritario non se preste nunha zona e ao tempo outro que non o sexa en termos xerais se preste noutra zona nese mesmo momento.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación:

Que con urxencia se habilite un transporte adaptado adecuado para o usuario que padece a situación descrita na queixa, de tal forma que poda asistir ao seu centro de atención sen os graves trastornos que sofren na actualidade el e a súa familia.

Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 10 de decembro de 2012 debido ao retraso de un procedemento de dependencia e a falta de transporte adaptado (Q/2296/12)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J.M.V. C. debido ao retraso dun procedemento de dependencia e a falta de transporte adaptado.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que representa á súa filla, D^a J.V. S., DNI, que é usuaria do Servizo Galego de Apoio a Mobilidade Persoal (065). A súa filla, de 21 anos, ten unha discapacidade psíquica e física, con 83 unidades, e necesidade de axuda a 3^a persoa, precisando desa axuda para a realización das actividades básicas da vida diaria. Ata o curso pasado acudiu ao colexio da Barcia, en Santiago de Compostela, a onde era trasladada en transporte escolar, de luns a venres, rematando a estancia o curso pasado, ao acadar a idade de 21 anos. Solicitouse ingreso en centro, do que non se obtivo

contestación, en 2011. Tras solicitar recoñecemento de dependencia en 2011, o 19 de abril foi recoñecida en grao III e nivel 1, solicitando atención de día para persoas con discapacidade, do que obtivo resposta, en canto a que se incluía no Programa de Asignación de Recursos para o acceso a servizo público de centro de atención diúrna para persoas con discapacidade, pero non accedeu a servizo público de centro de día por carecer deste no contorno.

Ao carecer de centro de día e ante as características especiais de J., contando cos informes de centro anterior da Barcia, optaron a incorporar a súa filla a un servizo privado de centro de día na Estrada, denominado APACAF (Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista), a onde acode en horario de luns a venres dende o 3 de setembro, para o que se solicitou libranza vinculada ao servizo de atención diúrna a través do seu recoñecemento de dependencia, que agora permanece en trámite.

A súa filla ten recoñecido o transporte 065 dende 2011, non habendo feito uso do mesmo por non precisalo ata o presente ano. Solicitouno por escrito e con antelación suficiente, o 7 de agosto (a atención no centro comezaba en setembro). Non tivo contestación, polo que realizou unha chamada telefónica e contestáronlle que non podían levala nin traela, polo que presentou nova reclamación o 6 de setembro. Sinala que contan cun servizo concedido, pero que non funciona, posto que o servizo non chega a prestarse. A súa filla non pode utilizar o transporte colectivo, non ten dereito ao uso doutro tipo de transporte (ambulancia), e os familiares non poden levala. O non contar con traslado supón que non poderá acudir ao centro, influíndo negativamente no seu desenvolvemento. No caso de non poder acudir ao centro tódalas atencións recaerían na familia.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que recentemente nola remitiu. Unha vez avaliada dedúcese que se refire unicamente a un dos aspectos da queixa, o relativo á necesidade de transporte adaptado, pero non ao retraso do procedemento de dependencia. Por esa causa puxémonos en comunicación directa coa Consellería, que informou que o procedemento se atopaba pendente da aprobación da proposta de PIA para libranza do servizo no que se atende á dependente, tal e como demandan os pais. A proposta é do mes de setembro, pero aínda non se aprobou o correspondente PIA, a pesar do tempo transcorrido dende o inicio do procedemento. Descoñécese cando se aprobará ese PIA, co que continúa a incerteza respecto da data de resolución definitiva. O anterior sucede a pesar de que a afectada é unha gran dependente e debería ter preferencia (art. 3 q LD).

O decreto 15/2010 conforma dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA), e establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15).

O expediente debера atoparse resolto nos prazos previstos; as demoras prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e cuidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

Polo que se refire ao segundo aspecto da queixa, a falta de transporte adaptado, a Consellería sinala que denegou o servizo debido á falta de medios.

Ao respecto é de sinalar que o servizo de apoio á mobilidade persoal 065 é un programa que proporciona os servizos concretos aos usuarios recoñecidos como tales de acordo cos medios limitados cos que conta e priorizando uns tipos de servizos respecto doutros. Por tanto, na meirande parte das ocasións en que se examinan reclamacións sobre o 065 trátase de coñecer se a priorización se atopa ben feita, de acordo co disposto na normativa correspondente; non entanto, ese exame resulta complexo e moi dificultoso dende o momento en que os medios se distribúen territorialmente, co cal pode suceder que un servizo prioritario non se preste nunha zona e nun momento, e non obstante outro que non o sexa en termos xerais se preste noutra zona nese mesmo momento.

En calquera caso, á marxe das evidentes dificultades que resultan da complexa organización dun servizo en forma de programa, que en ocasións derivan en determinadas disfuncións ou queixas xustificadas -algunhas delas xa se puxeron de relevo con ocasión doutros procedementos de queixa-, o medio fundamental para avaliar a correcta distribución dos medios limitados do programa é a adecuada priorización dos servizos a prestar e a correcta aplicación dos criterios de ordenación.

Como queda acreditado na queixa, o reclamante demanda acudir regularmente ao centro onde se atende á súa filla, que ten unha minusvalía psíquica e física, necesidade de axuda de 3ª persoa para a realización das actividades básicas da vida diaria e con grao III e nivel 1 de dependencia (gran dependente). Por tanto, o obxecto de atención debера resultar prioritario, ou polo menos nunha orde de prioridades relevante, por riba doutros moitos motivos de desprazamento.

A Consellería non parece ter como prioritario o servizo recorrente solicitado para acudir ao centro de atención a persoas afectadas por TEA. Non entanto, o art. 5 da Orde do 9 de setembro de 2008 pola que se desenvolve o Decreto 195/2007, dispón que a orde de prioridades é o traslado a consultas ou tratamentos médicos, sempre que non sexan competencia do sistema sanitario; a residencias públicas, a centros de aloxamento temporal da rede pública ou a centros de día da rede pública; aos centros en que se desenvolven programas no marco dos obxectivos xerais do sistema galego de servizos

sociais; a outros servizos sociais; a actividades básicas da vida diaria; e para a asistencia a actividades de carácter educativo e formativo.

Como adiantamos, resulta claro que este caso debера terse como prioritario, posto que se trata de que unha persoa nova, atendida ata o de agora no sistema educativo e con traslado adecuado, non vexa interrompida a súa atención. Por tanto, xa sexa interpretando que o novo centro é un centro de día da rede pública, na medida en que se atribúe polo sistema público de atención á dependencia como substitutivo das carencias de prazas públicas adecuadas -como dixemos, aínda en espera formal no PAR, pero con compromiso de pago retroactivo-, ou como centro en que se desenvolven programas no marco dos obxectivos xerais do sistema galego de servizos sociais, debера terse cuberta a necesidade de traslado, salvo demostración clara de que os traslados realizados na zona resultan sempre e en todo caso por enriba en canto ao grao de prioridade, algo que non pode deducirse co aportado. Ademais, trátase dun traslado relativamente pequeno, dentro do propio concello, moito mais curto que o que se realizaba antes para acudir ao anterior centro.

Na presente queixa -como noutras similares- obsérvase que non se atenden os servizos reclamados para un fin que debera ser prioritario, por tratarse, como vemos, de mellorar a saúde, a mobilidade e en xeral a calidade de vida das persoas.

O interesado que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e obriga aos poderes públicos a realizar unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a Administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo ás prestacións derivadas da Lei de dependencia para unha gran dependente, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras que prexudican aos cidadáns afectados; que se atenda a demanda de servizo de transporte adaptado realizada pola reclamante para acudir ao centro de día de atención a persoas con TEA; e que con carácter xeral eses desprazamentos se consideren prioritarios e en consecuencia se atendan, salvo imposibilidade manifesta e excepcional derivada de

motivos suficientemente xustificados despois de ter estudadas e descartarse todas as alternativas.

Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar pola falta de atención adecuada por parte do 065 (Q/4555/13)

Nesta institución iniciouse procedemento de queixa como consecuencia do escrito de D^a M. R.L. (Directora da Fundación Down Compostela) debido á falta de atención adecuada por parte do 065 a D. O. C.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que na Fundación Down Compostela, entidade sen ánimo de lucro que traballa a favor da integración social das persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual en xeral, teñen un beneficiario, D. O. C. J., que vive en Noia e ten recoñecida a condición de usuario do SERVIZO GALEGO DE APOIO A MOBILIDADE da Consellería de Traballo e Benestar, pero soamente se lle está prestando o servizo da mañá dende Nola a Santiago de Compostela (sede da Fundación), e non se lle presta o servizo de volta de Santiago a Nola (recollida as 13,50 na sede da Fundación). Esta situación está comprometendo seriamente a asistencia de ese beneficiario aos servizos da entidade, xa que o pai é maior e xa non se atopa con forzas para seguir facendo diariamente o recorrido de Noia-Santiago-Noia para recollelo e xa informou que a partir de setembro cursaría baixa. Dado que para O. resultaría prexudicial deixar de asistir as sesións de intervención directa destinadas a mellorar a súa formación e a súa autonomía, reclaman a solución urxente do problema.

Ante iso solicitamos información a esa consellería, que recentemente nola remitiu. Unha vez avaliada dedúcese que se confirma o exposto na queixa, isto é, que o afectado é adecuadamente atendido na ida, dende a súa casa ao centro, pero non na volta, posto que, segundo se indica, permanece en estado de espera porque non é posible darlle cobertura debido a unha gran demanda.

O servizo de apoio á mobilidade persoal 065 é un programa que proporciona os servizos concretos aos usuarios recoñecidos como tales de acordo cos medios limitados cos que conta e priorizando uns tipos de servizos respecto doutros. Por tanto, na meirande parte das ocasións en que se examinan reclamacións sobre o 065 trátase de coñecer se a priorización se atopa ben feita, de acordo co disposto na normativa correspondente; non entanto, ese exame resulta complexo e moi dificultoso dende o momento en que os medios se distribúen territorialmente, co cal pode suceder que un servizo prioritario non se preste nunha zona e nun momento, e non obstante outro que non o sexa en termos xerais se preste noutra zona nese mesmo momento.

En calquera caso, á marxe das evidentes dificultades que resultan da complexa organización dun servizo en forma de programa, que en ocasións derivan en determinadas disfuncións ou queixas xustificadas -algunhas delas xa se puxeron de relevo con ocasión

doutros procedementos de queixa-, o medio fundamental para avaliar a correcta distribución dos medios limitados do programa é a adecuada priorización dos servizos a prestar e a correcta aplicación dos criterios de ordenación.

Como queda acreditado na queixa, se demanda que o afectado poda ir regularmente ao centro onde recibe atención todos os días e volver despois á súa casa. Ten unha discapacidade intelectual, polo que a súa atención deba resultar prioritaria, ou polo menos nunha orde de prioridades relevante, por riba doutros moitos motivos de desprazamento.

No entanto, a consellería non concreta ese carácter prioritario do servizo recorrente que se demanda para acudir ao centro. No entanto, o art. 5 da Orde do 9 de setembro de 2008 pola que se desenvolve o Decreto 195/2007, dispón que a orde de prioridades é o traslado a consultas ou tratamentos médicos, sempre que non sexan competencia do sistema sanitario; a residencias públicas, a centros de aloxamento temporal da rede pública ou a centros de día da rede pública; aos centros en que se desenvolven programas no marco dos obxectivos xerais do sistema galego de servizos sociais; a outros servizos sociais; a actividades básicas da vida diaria; e para a asistencia a actividades de carácter educativo e formativo.

Resulta claro que este caso deba terse como prioritario, posto que se trata de que a persoa non vexa interrompida a súa específica atención no centro de Down Compostela ao que debe acudir. Por tanto, xa sexa interpretando que o centro é da rede pública, no caso de praza concertada, ou como centro no que se desenvolven programas no marco dos obxectivos xerais do sistema galego de servizos sociais, deba terse cuberta a necesidade de traslado, salvo demostración clara de que os traslados que se dan resultan sempre e en todo caso por enriba en canto ao grado de prioridade, algo que non pode deducirse co aportado.

Na presente queixa -como noutras similares- obsérvase que non se atenden os servizos reclamados para un fin que deba ser prioritario, por tratarse, como vemos, de posibilitar a necesaria atención á discapacidade intelectual e mellorar a saúde, a mobilidade e en xeral a calidade de vida das persoas.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e obriga aos poderes públicos a realizar unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación:

Que con urxencia se atenda á demanda de servizo de transporte adaptado realizada pola entidade reclamante para que a persoa afectada poda acudir ao seu centro regularmente e despois volver a súa casa; e que con carácter xeral eses desprazamentos se consideren prioritarios e en consecuencia se atendan, salvo imposibilidade manifesta e excepcional derivada de motivos suficientemente xustificados despois de ter estudadas e descartarse todas as alternativas.

Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar pola falta de atención adecuada por parte do 065 (Q/5634/13)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito do presidente da Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down relativo á falta de transporte adaptado para unha discapacitada intelectual.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que na ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DE LUGO, DOWN LUGO, entidade sen ánimo de lucro que traballa a favor da inclusión social das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, teñen algúns beneficiarios coa condición de persoas usuarias do SERVIZO GALEGO DE APOIO Á MOVILIDADE PERSOAL (SGAMP 065) que presta a Consellería de Traballo e Benestar. O dito apoio procura cubrir as necesidades básicas de desprazamento dende a súa residencia ata a cidade de Lugo, posto que é necesario para que estes beneficiarios poidan asistir 2 días á semana ao Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP) que lles presta a entidade na cidade de Lugo. Sen embargo, a súa prestación efectiva non está a ter lugar, a pesar de estar recoñecido o servizo. Segundo a conversa mantida telefonicamente pola familia a fin de facer uso do mesmo (cumprindo coa antelación mínima de 96 horas) informase que a resposta obtida é que non se pode levar a cabo porque non dispoñen da ruta que sería necesaria. Ese é o caso de G.D.G. (núm. de identificación no servizo ...), con DNI ... e dirección en ...

Ante iso requirimos informe a esa consellería, que xa nola remitiu. Unha vez examinado o contido do informe dedúcese que se confirma o exposto pola reclamante, isto é, que non se presta o servizo de transporte adaptado que reclama para acudir regularmente (dous días á semana) ao centro da Fundación en Lugo dende o seu domicilio, na Pobra de Brollón. A consellería sinala ao respecto que nin tan sequera se contactou co servizo, posto que non constan solicitudes da familia ao seu centro de control. Sen embargo, ao parecer si se deron reclamacións por escrito por parte dos servizos sociais do concello en nome dos afectados, segundo indicou á traballadora social dos mesmos á entidade prestadora do servizo; tal forma de proceder parece adecuada para o caso, posto que se

trata de establecer un servizo con carácter regular e evitar reclamálo frecuentemente ou dúas veces por semana.

O servizo de apoio á mobilidade persoal 065 é un programa que proporciona os servizos concretos aos usuarios recoñecidos como tales de acordo cos medios limitados cos que conta e priorizando uns tipos de servizos respecto doutros. Por tanto, na meirande parte das ocasións en que se examinan reclamacións sobre o 065 trátase de coñecer se a priorización se atopa ben feita, de acordo co disposto na normativa correspondente; non entanto, ese exame resulta complexo e moi dificultoso dende o momento en que os medios se distribúen territorialmente, co cal pode suceder que un servizo prioritario non se preste nunha zona e nun momento, e no entanto outro que non o sexa en termos xerais se preste noutra zona nese mesmo momento.

En calquera caso, á marxe das evidentes dificultades que resultan da complexa organización dun servizo en forma de programa, que en ocasións derivan en determinadas disfuncións ou queixas xustificadas -algunhas delas xa se puxeron de relevo con ocasión doutros procedementos de queixa-, o medio fundamental para avaliar a correcta distribución dos medios limitados do programa é a adecuada priorización dos servizos a prestar e a correcta aplicación dos criterios de ordenación.

Como queda acreditado na queixa, se demanda que a afectada poda ir regularmente ao centro onde recibe atención en determinados días e voltar despois á súa casa. Ten unha discapacidade intelectual, polo que a súa atención deba resultar prioritaria, ou polo menos nunha orde de prioridades relevante, por riba doutros moitos motivos de desprazamento.

No entanto, a consellería non concreta ese carácter prioritario do servizo recorrente que se demanda para acudir ao centro. O art. 5 da orde do 9 de setembro de 2008 pola que se desenvolve o Decreto 195/2007, dispón que a orde de prioridades é o traslado a consultas ou tratamentos médicos, sempre que non sexan competencia do sistema sanitario; a residencias públicas, a centros de aloxamento temporal da rede pública ou a centros de día da rede pública; aos centros en que se desenvolven programas no marco dos obxectivos xerais do sistema galego de servizos sociais; a outros servizos sociais; a actividades básicas da vida diaria; e para a asistencia a actividades de carácter educativo e formativo.

Resulta claro que este caso deba terse como prioritario, posto que se trata de que a persoa non vexa interrompida a súa específica atención no centro da Fundación Down ao que debe acudir. Por tanto, como centro no que se desenvolven programas no marco dos obxectivos xerais do sistema galego de servizos sociais, deba terse cuberta a necesidade de traslado, salvo demostración clara de que os traslados que se dan resultan sempre e en todo caso por enriba en canto ao grado de prioridade, algo que non pode deducirse co aportado.

Na presente queixa -como noutras similares- obsérvase que non se atenden os servizos reclamados para un fin que debera ser prioritario, por tratarse, como vemos, de posibilitar a necesaria atención á discapacidade intelectual e mellorar a saúde, a mobilidade e en xeral a calidade de vida das persoas.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e obriga aos poderes públicos a realizar unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación:

Que con urxencia se atenda á demanda de servizo de transporte adaptado realizada pola entidade reclamante para que a persoa afectada poda acudir ao seu centro regularmente e despois volver a súa casa; e que con carácter xeral eses desprazamentos se consideren prioritarios e en consecuencia se atendan, salvo imposibilidade manifesta e excepcional derivada de motivos suficientemente xustificados despois de ter estudadas e descartarse todas as alternativas.

- Aproveitamento dos recursos:

Recomendación dirixida ás consellerías de Traballo e Benestar e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. sobre a imposibilidade de usar un vaso terapéutico por parte dos usuarios dese centro de atención á discapacidade de Ferrol (Q/2594/12).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D^a I. G. L. debido á imposibilidade de usar un vaso terapéutico por parte dos usuarios dese centro de atención á discapacidade de Ferrol.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que existe un claro incumprimento e vulneración das leis por parte da administración. Aos usuarios gravemente afectados do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Souto de Leixa, de Ferrol, estáselles negando o tratamento de rehabilitación por hidroterapia no vaso terapéutico. Os profesionais de rehabilitación consideran ese servizo imprescindible para mellorar o grave estado de saúde en que se atopan, evitando así o agravamento do seu estado físico e psíquico. Así se observa nestes dous últimos anos; ao deixar de pertencer a educación, esta négalles o uso

do vaso terapéutico para levar a cabo a necesaria rehabilitación. Iso priva a estes especiais usuarios dunha atención digna e adecuada de terapia rehabilitadora e os está condenando a manter unhas expectativas pobres de progreso; cunha rehabilitación correcta e adecuada poderían evolucionar ata o máximo das súas posibilidades.

Consta en documentación escrita que se achega que existe unha reiterada demanda dos pais e nais ante a administración, desde a entrada en funcionamento do centro, en xaneiro de 2011, para que as consellerías de traballo e educación faciliten o dereito ao uso do vaso terapéutico para a rehabilitación dos usuarios gravemente afectados de carácter físico. Este dereito se lles recoñece nos respectivos acordos asinados entre Educación e Traballo nos anos 2005 e 2009, cando se realizaron unhas importantes obras con obxecto de dividir o antigo Carmen Polo nos dous centros actuais, o Terra de Ferrol (sobre 40 alumnos) pertencente a Educación, e o Souto de Leixa (172 usuarios), pertencente a Traballo. Nas obras investíronse 2,5 millóns de euros, aportados na seu maior parte polo departamento de traballo. Xa naquel entón -e agora con maior motivo- se tenia en conta o obxectivo de aproveitar e compartir os recursos posibles entre os dous centros e así economizar gastos, non duplicando servizos e medios. No reparto das instalacións o vaso quedou situado fisicamente na zona pertencente a educación. Trátase dunha piscina de tamaño reducido onde a temperatura do auga debe estar entre os 32° e os 35°, destinada a mellorar os procesos de rehabilitación dos discapacitados de mobilidade reducida e gravemente afectados físicos.

Ante esta inxusta situación recorreron en reiteradas ocasións ao departamento de sociais responsable do centro. Responderon que estaban en negociacións con educación. Actualmente, educación segue ignorando o asinado e nega o dereito ao uso deste recurso tan necesario. Os responsables de sociais aconsellaron que os pais e nais recorresen ante os responsables de educación reclamando o dereito dos seus fillos, o cal fixeron. Malia o insólito do consello e as súas reclamacións, segue o incumprimento dos acordos e o desperdicio dos recursos e medios, con descoordinación por parte dos responsables e mal uso dos recursos, que a dirección do centro educativo manexa ao seu libre albedrío. A pon a funcionar como unha piscina normal escasamente tres ou catro meses ao ano, ocupando todo o tempo con usuarios de educación, aos que na súa maioría non lles corresponde ese servizo específico debido ás súas patoloxías. Reclaman reiteradamente ante os principais responsables de educación, obtendo o silencio por resposta.

Reclaman a aplicación do art. 49 da Constitución (os poderes públicos, realizen unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararanos especialmente para o goce dos dereitos que este Título outórgalles); a lei 4/1993, de 14 de abril, de Servizos Sociais de Galicia, art. 4. (coordinación: promoverase a creación e ou desenvolvemento de instrumentos e mecanismos de relación interadministrativa que garantan unha actuación coordinada non eido do benestar social e dá igualdade, tanto por parte dous diferentes departamentos do Goberno galego que desenvolvan políticas públicas que incidan non benestar social coma polo resto de

administracións públicas) e art. 6 (dereitos das persoas en relación cos servizos sociais. a) a utilizar ou sistema de servizos sociais en condicións de igualdade e sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, estado civil, idade, situación familiar, discapacidade, ideoloxía, crenza, opinión ou calquera outra circunstancia persoal, económica ou social); a lei 39/2006, de 14 de decembro, de dependencia (art. 11. participación das Comunidades Autónomas no Sistema. apartado a.- Correspóndelles planificar, ordenar, coordinar e dirixir, no ámbito do seu territorio, os servizos de atención ás persoas en situación de dependencia); e a Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, que establece, entre outras cousas, a transversalidade das políticas en materia de discapacidade. As actuacións que desenvolven as administracións públicas non deben limitarse unicamente a plans, programas e accións específicas, pensadas exclusivamente para estas persoas, senón que han de incluír as políticas e accións de carácter xeral en calquera dous ámbitos de actuación pública, nos que se terán en conta as necesidades e demandas das persoas con discapacidade. A transversalidade resulta imprescindible para a abordaxe integral das actuacións dirixidas a este sector de poboación, implicando para iso a diferentes departamentos administrativos, en función das súas competencias, na Comunidade Galega.

Ante iso requirimos informe ás Consellería de Traballo e Benestar (CTB) e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (CCEOU) sobre o problema que motivou a queixa, en particular sobre a comprobación das circunstancias mencionadas; sobre as causas polas que non se presta o servizo indicado aos usuarios do centro Souto de Leixa que o precisan para a súa mellora ou tratamento; sobre a aplicación das medidas previstas nos protocolos que deron lugar á separación dos centros; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

As consellería citadas xa remitiron os seus informes, e deles dedúcese que a CTB confirma que no centro dela, o Souto de Leixa, non se utiliza o Vaso Terapéutico debido a que está “actualmente situado nas instalacións anexas do Colexio Terra de Ferrol (pertencente á Consellería de Educación)”. Engade que non é esencial e so é un “reforzo das actividades”. A pesar diso, a propia consellería sinala que “en virtude do interese que merece esta actividade ... na recuperación e mantemento do estado físico dos usuarios, ... estase a levar a cabo nas instalacións da piscina municipal de Narón, valorada en primeira instancia polo fisioterapeuta do centro, aplicando os criterios de ocio e/ou necesidades reais que correspondan”. Non obstante, se indica que non todos poden participar, posto que a piscina de Narón se atopa colapsada.

Pola súa banda, a CCEOU sinala que o problema ven dado pola separación do antigo centro en dous, xestionados por diferentes consellerías. Estaba previsto que eses centros “compartisen o uso do vaso terapéutico cun sistema que se pactará entre as dúas partes no momento da efectiva división”. Non entanto, recoñece que non está pechado o acordo para o seu uso compartido en condicións de calidade e de seguridade para os usuarios. Termina sinalando que “téñense realizado diversas reunións entre representantes desta

CCEOU e da CTB, a fin de encontrar, á maior brevidade posible, unha solución adecuada á situación actualmente existente que poida resultar satisfactoria para o colectivo afectado”.

Así pois, da avaliación do contido da queixa e dos informes aportados dedúcese que o uso do vaso terapéutico resulta conveniente para moitos usuarios que agora non poden ter acceso a el -a maioría dos antigos usuarios do anterior centro, posto que no novo da CTB se sitúan moitos mais que no da CCEOU- debido a circunstancias formais que deberan resolverse por razóns de eficacia na prestación do servizo, boa administración e aforro orzamentario; de feito, estaba previsto resolver tal cuestión, pero sen embargo o problema permanece, en prexuízo dos usuarios e en xeral do interese público. É de subliñar ao respecto que a propiedade das instalacións non corresponde a ningún órgano da administración autonómica -si lles corresponde a súa xestión-, senón a esta no seu conxunto, polo que resulta obrigada a posta en marcha dos mecanismos necesarios para o mellor aproveitamento dos recursos, sobre todo en circunstancias como as que coñecemos.

A pesar de que a CTB sinala que o servizo non é imprescindible, resulta evidente que si é beneficioso e útil para o adecuado tratamento dos discapacitados que o reclaman, como o proba o contido da queixa, que fai referencia a consellos terapéuticos de especialistas – cousa non desmentida pola consellería-, pero sobre todo ao feito de que o propio vaso terapéutico fora construído nas instalacións antes compartidas, e que ante a imposibilidade actual de uso compartido se estea a prestar o servizo noutro vaso. Isto supón, ademais dunha evidente distorsión do uso óptimo dunha infraestrutura financiada con recursos públicos, tamén que se prexudique aos usuarios que son trasladados ao vaso da piscina de Narón, posto que teñen que desprazarse innecesariamente para realizar esta actividade.

Resulta perfectamente entendible que as consellerías implicadas se preocupen por determinar de forma clara e responsable as posibles incidencias no uso compartido do vaso (accesos, responsabilidade en caso de incidente ...); sen embargo, isto non pode levar a que a solución que se pon en marcha teña como consecuencia que as continxencias que se estudan ao respecto se multipliquen coa alternativa finalmente aplicada; é claro que o traslado a unha piscina municipal resulta moito mais longo e dificultoso e por tanto aumenta o nivel de dificultade e os posibles incidentes que poden afectar aos usuarios, que tamén terían que ser estudados e cubertos.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes

públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esas Consellerías de Traballo e Benestar e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a seguinte recomendación:

Que con urxencia se acorde entre os dous órganos citados da Xunta de Galicia para que se facilite o uso do vaso terapéutico do antigo centro de atención á discapacidade por todos os potenciais usuarios de calquera dos actuais centros, de tal forma que se promova o beneficio que supón para todos eles, se evite o desprazamento a unha instalación alternativa máis lonxe, e se rentabilice o investimento dedicado á construción e ao mantemento do actual vaso.

Anexo II. Relación de centros de atención á discapacidade intelectual achegada pola Consellería de Traballo e Benestar

Anexo II. Relación de centros de atención á discapacidade intelectual achegada pola Consellería de Traballo e Benestar

I: Relación de prazas

Centros Propios		CENTRO	TOTAL PRAZAS	ICFS (365)	ISFS (230)	MP (220)	MP (240)
Pontevedra	Caldas de Reis	O SAIAR C. Ocupacional (non extenso)	35			35	
	Caldas de Reis	O SAIAR C. Día (apoio extenso)	6			6	
	Redondela	C. A. P. D. R ^a Dependente	140	120		20	
A Coruña	A Coruña	C.A.P.D. R ^a Dependente	120	80		40	
	Ferrol	SOUTO DE LEIXA Ra con C. de día	72	25			47
		SOUTO DE LEIXA Ra con C. Ocupacional	100	68			32
Lugo	Sarria	C. A. P. D. R ^a Dependentes	140	120		20	
TOTAL CENTROS PROPIOS			613	413	0	121	79

ICFS: Internamento con Fin de semana
ISFS: internamento Sen Fin de Semana
MP: Media Pensión

PRAZAS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE, CON NECESIDADE DE APOIO NON EXTENSO

PROVINCIA A CORUÑA														
CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO E FIN CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas										
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	
A Coruña	ADCOR C. Ocupacional	06-04-2010 01-01-2011 31-12-2013	72									72		
	APA PASCUAL VEIGA C. Ocupacional	06-04-2010 01-01-2011 31-12-2013	22								13	9		
	A. PAD. FORM .JOVENES LIMITE-C. Ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	15									15		
	ASPRONAGA Vivendas E pisos tutelados	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	19	19										
Ames	ARCEA ADAMES C. Ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	11									11		
Betanzos	I.H.SAG. COR.PAI MENNI Residencia con	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	67	42								25		
	I.H.SAG. COR. PAI MENNI	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	14	14										
Cabana de Bergantiños	INTEGRO C. Ocupacional	01-05-2011 31-12-2014	4										4	

PROVINCIA A CORUÑA														
CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO E FIN CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas										
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	
	ASPABER C. ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	78									78		
Carballo	ASPABER Residencia con C. Ocupac	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	12				12							
	ASPABER Vivendas e pisos tutelados	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	5					5						
Cedeira	APADER Residencia con C. Ocupac.	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	30	23					1				6	
Cee	ASPADEX Residencia con C. Ocupac	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	66	11						1			53	1
Fene	ASPANEPS C. Ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	20									20		
Narón	CHAMORRO C. Ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	109									109		
Negreira	FUNDACION NEGREIRA C. Ocupacional	06-04-2010 01-01-2011 31-12-2013	16								3	13		

PROVINCIA A CORUÑA														
CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO E FIN CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas										
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	
Oleiros	ASPRONAGA C. ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	135									135		
	ASPRONAGA Residencia con C. ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	17	17										
	ASPADISOL 16 Feb IPC C. Ocupacional	16-02-2007 1-1 a 31-12-2011	25									25		
Ortigueira	ASPROMOR C. Ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	34									34		
Outes	ADISBISMUR C. Ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	18					-				18		
Ribeira	AMICOS C. Ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	13									13		
	AMBAR C. Ocupacional	06-04-2010 01-01-2011 31-12-2013	45									45		
Rois	AMIPA C. Ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	20									20		

PROVINCIA A CORUÑA														
CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO E FIN CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas										
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	
Santiago	AFEXDI- mozos discap. C. Ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	15									15		
	ASPAS Residencia con C. Ocupac	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	66				24					42		
Teo	ASPAMITE C. Ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	14									14		
Val do Dubra	AVANTE C. Ocupacional	01-10-2007 01-10-2010 31 -12- 2011	17									17		
	TOTAL A CORUÑA		979	126	0	0	36	5	1	1	16	730	63	1

PROVINCIA LUGO														
CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO E FIN CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas										
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	
Burela	FUNDACION EU SON C. Ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	25									25		
Chantada	ASDEME Residencia con C. Ocup.	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	40		8		6		1			24		
Lugo	ASPNAIS Residencia con C. Ocup.	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	106		26		9					71		
	S. VICENTE DE PAUL Residencia C. Ocupacional	17-06-2009 17-06-2010 31-12-2011	20	16								4		
Monforte de Lemos	ASOCIACION AGORA Vivendas y pisos tutelados	07-04-2010 01-01-2011 31-12-2013	7	7										
	PRODEME Residencia con C.	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	95	87					1	1			6	
Vilalba	FUNDACION VILALBA--TERRA CHA	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	30									30		
Viveiro	AS.ADOLESCENTES N.E. ASPANANE	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	40									40		
	TOTAL LUGO		363	110	34	0	15	0	2	1	0	194	6	1

PROVINCIA OURENSE

CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO E FIN CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas										
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	
A Peroxa	ASPANAS Residencia de Adultos	01-06-2008 01-06-2010 31-12-2011	14	6		6								2
Amoeiro	SANTA CATALINA R ^a Adultos	01-07-2008 01-07-2010 31-12-2011	20	20										
Barbadás	AS BURGAS Residencia con C.	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	57				19					38		
Celanova	FUND.TERRA CELANOVA C. Ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	18									18		
O Carballiño	ASPADISI C. Ocupacional	06-04-2010 01-01-2011 31-12-2013	22									22		
Ourense	ASPAFORES C. Ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	26									26		
	ASPANAS Residencia con C.	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	126	24		48							54	
		01-07-2008												

PROVINCIA OURENSE														
CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO E FIN CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas										
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	
	AS FLORES Ra Adultos	01-07-2010 31-12-2011	8	8										
Paderne de Allariz	O CABACEIRO Rª Adultos	01-07-2008 01-07-2010 31-12-2011	8	8										
Verín	FUND. COMARCA VERÍN C. Ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	17									17		
Vilamartín de Valdeorras	ASFAVAL - 21 Feb IPC C. Ocupacional	21-02-2007 1-1 a 31-12-2011	26									26		
Xinzo de Limia	MORGADE Ra Adultos	01-07-2008 01-07-2010 31-12-2011	8	8										
	TOTAL OURENSE		350	74	0	54	19	0	0	0	0	147	54	2

PROVINCIA PONTEVEDRA

CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO E FIN CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas										
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	
A Guarda	SAN XEROME EMILIANI C. Ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	27									27		
Cangas	JUAN XXIII C. Ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	28									28		
Lalín	ASPADEZA C. Ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	15									15		
Mos	ES. VIRGEN DOLOROSA Residencia con C. Ocupac	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	82	77								5		
Nigrán	ASOC. ESPERANZA VAL MINOR-C. Ocupacional	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	43									43		
	PATOS Rª Adultos	01-07-2008 01-07-2010 31-12-2011	20	20										
Caldas de Reis	O SAIAR C. Ocupacional e C. Día		35									35		

	TOTAL CENTROS PROPIOS		135	68	0	0	0	0	0	0	0	35	32	0
	TOTAL GALICIA: C.Autónoma+PROPIOS		2.506	584	36	54	73	5	3	4	16	1.560	155	16
CONVENIOS	AGASFRA Residencia con C. Ocupac.	ano 2011	87											
	TOTAL CONVENIOS		87											
	TOTAL PRAZAS CERTA AUTONOMIA		2.593											

PRAZAS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE CON APOIO EXTENSO E XENERALIZADO

PROVINCIA A CORUÑA														
CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas										
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	ICFS (365)
Culleredo	ASPANAES C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	23									23		
Ferrol	ASPANAES Residencia con C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	45	30								5		10
Narón	ASOC. Na SENORA DE CHAMORRO C. Día	06-04-2010 01-01-2011 31-12-2013	33									33		
Oleiros	ASPRONAGA Residencia con C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	99	56								43		
Outes	ADISBISMUR C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	14									14		
Ribeira	AMICOS C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	41									41		
	AMBAR C. Día	01-07-2011 01-07-2011 31-12-2014	8									8		

PROVINCIA A CORUÑA

CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas											
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	ICFS (365)	
Sada	ASPACE Residencia con C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	92	24	16						2			46	4
Santiago de Compostela	ASPAS C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	18										18		
	ASPANAES C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	17										17		
Santiago de Compostela	SARELA C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	12										12		
	ASPAS Residencia Dependentes	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	35	35											
Teo	ASPAMITE C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	10										10		
Val do Dubra	AVANTE C. Día	01-06-2008 01-06-2010 31-12- 2011	12										12		
	TOTAL A CORUÑA		654	188	51	23	0	0	0	2	0	376	0	14	

PROVINCIA LUGO

CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas											
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	ICFS (365)	
Castro de Rei	FUDACE Residencia con C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	16	16											
	CRUZ ROJA ESPANOLA Residencia con C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	36	22		2				1			10		1
Lugo	ASPNAIS Residencia con C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	33		5						1		26		1
	F.C.S. VICENTE DE PAUL Residencia con C. Día	10-03-2010 1-1 a 31-12-2011	56	56											
Mondoñedo	C. ASISTENCIAL S. PABLO ES. LAZARO Residencia con C. Día	12-02-2010 01-01-2011 31-12-2013	55	55											

PROVINCIA LUGO														
CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas										
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	ICFS (365)
Monforte de Lemos	ASOCIACION AGORA C. Día(físicos)	06-04-2010 01-01-2011 31-12-2013	21									21		
Viveiro	ASPANANE C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	18									18		
	TOTALLUGO		235	149	5	2	0	0	1	1	0	75	0	2

PROVINCIA OURENSE

CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas										
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	ICFS (365)
A Peroxa	ASPANAS + 2 el 1-7-10 Residencia con C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	30	30										
Allariz	VALVERDE Ra Dependentes	01-07-2008 01-07-2010 31-12-2011	29	29										
Ourense	AIXIÑA C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	18									18		
	ASPANAS C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	22									22		
	FUNDACION S.ROSENDOC. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	15									15		
	O CEBOLIÑO R. Dependentes	01-07-2008 01-07-2010 31-12-2011	14	14										

PROVINCIA OURENSE														
CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas										
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	ICFS (365)
	SANTA MARIA R Dependentes	01-07-2008 01-07-2010 31-12-2011	44	44										
	SANTA CRUZ IR Dependentes	01-07-2008 01-07-2010 31-12-2011	53	53										
O Pereiro de Aguiar	SAN ROSENDO MONTERREI Residencia con C. Día	11-09-2010 01-01-2011 31-12-2013	20	15						5				
	TOTAL OURENSE		245	185	0	0	0	0	5	0	0	55	0	0

PROVINCIA PONTEVEDRA														
CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas										
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	ICFS (365)
A Estrada	APACAF Residencia con C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	17	8										9
A Guarda	SAN XEROME EMILIANI C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	44									44		
Cangas	JUAN XXIII C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	18									18		
Gondomar	AUTISMO VIGO Ra Dependentes	01-06-2008 01-06-2010 31-12-2011	12	8		2								2
Lalín	ASPADEZA C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	15									15		
Nigrán	ASOC. ESPERANZA VAL MINOR- C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	24									24		
	FUNDACION MENELA Residencia con C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	54	20		14			1	2		14		3
O Porriño	ACEESCA C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	24									24		

PROVINCIA PONTEVEDRA														
CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas										
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	ICFS (365)
Pazos de Borbén	ASPAC. Día	01-06-2008 01-06-2010 31-12-2011	9									9		
Pontevedra	JUAN XXIII C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	30									30		
	AMENCER- ASPACE C. Día	06-04-2010 01-01-2011 31-12-2013	22									22		
	MONTEPORREIR O C. Día(físicos)	20-04-2011 31-12-2014	10									10		
Vigo	APAMP C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	44									44		
	APAMP parálise cereb. Residencia Dependientes	11-09-2010 01-01-2011 31-12-2013	14			6			1					7
	APAMP parálise cereb. Residencia Dependientes	11-09-2010 01-01-2011 31-12-2013	27									27		

PROVINCIA PONTEVEDRA														
CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas										
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	ICFS (365)
Vilagarcía de Arousa	AMENCER- ASPACE C. Día - P. Letizia	06-04-2010 01-01-2011 31-12-2013	7									7		
	ASOC. CON ELES C. Día	06-04-2010 01-01-2011 31-12-2013	25									25		
	BATA + 4 el 1-7- 10 Residencia con C. Día	01-12-2009 1-1 a 31-12-2011	28			16				1		6		5
	TOTAL PONTEVEDRA		424	36	0	38	0	0	2	3	0	319	0	26
	TOTAL CENTROS DEPENDENTES		1.558	558	56	63	0	0	8	6	0	825	0	42

CENTROS PROPIOS														
CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas										
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	ICFS (365)
A Coruña	CARD. A CORUÑA At. persoas discapacidade Rª con C. de Día		120	80								40		
Ferrol	SOUTO DE LEIXA Residencia con C. de Día	21-12-2010 21-12-2010 31-12-2013	72	25									47	
Sarria	C. A. P. D. Ra Dependentes con C. Día		140	120								20		
Caldas de Reis	O SAIAR C. Ocupacional e C. Día		6									6		
Redondela	C. A. P. D. R Dependentes con C. Día		140	120								20		
TOTAL CENTROS PROPIOS			478	345	0	0	0	0	0	0	0	86	47	0
TOTAL GALICIA: C. DEPENDS+PROPIOS			2.036	903	56	63	0	0	8	6	0	911	47	42

CONVENIOS														
CONCELLOS	CENTRO ENTIDADE	INICIO CONTRATO	TOTAL PRAZAS	Tipoloxía das prazas concertadas										
				ICFS (365)	ICFS (335)	ISFS (261)	ISFS (230)	ISFS (220)	ES/ET	EX	MP (220)	MP (240)	RF	ICFS (365)
	ESGRAVAS VIRXE DOLOR- CRECENTE	Ano 2011	68											
	AGASFRA R ^e Dependentes Maiores y Asist. Menores	Ano 2011	99											
TOTAL CONVENIOS			167											
TOTAL PLAZAS DEPENDIENTES			2 203											

Anexo III. Listado de entidades o asociaciones de atención á discapacidade intelectual

Anexo III. Listado de entidades o asociacións de atención á discapacidade intelectual

Nome da entidade	Correo electrónico	Domicilio postal	Teléfono	Fax
FADEMGA- FEAPS GALICIA	fademga@fademga.org	R/ Vía Pasteur, 53-A. Polígono do Tambre,15890 Santiago, A Coruña	981519650	9815196511
ACEESCA	aceesca@aceesca.com	Polígono Ribeira, III, 24-A-B. Torneiros 36410 O Porriño Pontevedra	986332672	9813304626
AGASFRA	sanfrancisco@asociacion-sanfrancisco.org	R/ Cangas, 14, Cola 36209 Vigo Pontevedra	986297000	986232693
AMENCER	asociación@amencer-ospace.org	R/ Igrexas Vilarelle, s/n, 36001 Pontevedra	986864643	986860169
APAMP	apamp@apamp.org	R/ Miguel Hernández nº1 36210 Vigo Pontevedra	986294422	986119325
ASPANAEX	administración@aspanaex.org	R/ Mestres Goldar, 18 Castrelos no 36213 Vigo Pontevedra	986209395	986208396
BATA	bata@autismobata.com	R/ Moreira, 16 ,A Laxe 36600 Vilagarcía de Arousa, Pontevedra	986909982	986565944
HOY POR MAÑANA	hoypormanana@hotmail.com	R/ Sagunto, 86, 36205 Vigo Pontevedra	986261098	986261229
JUAN XXIII	info@asociacionjuanxxiii.org	R/ Eduardo Blanco Amor, 66, 36003 Pontevedra	986855018	986868495
VALLE MINOR	administración@centrojuanmaria.org	Monte das Agullas, 12. Parada, 36379 Nigrán Pontevedra	986386914	986386928

Nome da entidade	Correo electrónico	Domicilio postal	Teléfono	Fax
SAN XEROME EMILIANI	emiliani@aguarda.com	R/ Galicia, 23, 36780 A Guarda Pontevedra	986613719	986609308
CON ELES	a.coneles@terra.es	R/ da Sobreira, 24. Urbanización O Rial, 36611 Vilagarcía de Arousa	986502622	986511459
APA VILAGARCIA	cee.vilagarcia.arousa@edu.xunta.es	Xardin Dr. Fleming, s/nº 36600 Vilagarcía de Arousa, Pontevedra	986505160	986505160
ASPAVI	aspavi1@terra.es	Paths, 53-A, 36841 Pazos de Borbén Pontevedra	986484035	986484035
APA SALADINO CORTIZO	cee.saladino.cortizo@xunta.es	Carballal, 60, 36318 Vigo Pontevedra	986 288 188	986487658
APACESCO (C. Pai menni)	repcionbetanzos@paimenni.org	CEE Sagrado Corazón, estrada de Santiago, s/nº 15300 Betanzos, A	981 770 056	986 770 050
APADER	apader@apader.es	Escola Especial de Regoa, s/nº 15358 Cedeira, A Coruña	981 481 330	981 481 279
ASPABER	aspaber@aspaber.com	A Brea, s/nº 15120 Carballo, A Coruña	981 702 606	981 755 888
ASPACE	aspacecoruna@aspacecoruna.e.telefonica	Casteliño, 24. Osedo, 15160 Sada A Coruña	981 610 312	981 610 359
ASPADEX	aspadex@teleline.es	Lugar Vilar de Toba, 2, 15270 Cee A Coruña	981 745 381	981 706 135
ASPADISOL	aspadisol@aspadisol.e.telefonica.net	R/ Fiandeiras, 12 - O Valk)º, OCarballo, 15176 Oleiros, A Coruña	981 631 070	981 631 070

Nome da entidade	Correo electrónico	Domicilio postal	Teléfono	Fax
ASPAS	asociacionaspas@wanadoo.es	R/ Santa Teresa de Jornet, 19. S.Marcos, 15890 Santiago A Coruña	981 582 050	981 552 038
ASPROMOR	aspromor@aspromor.org	Paseo Barro Soto, s/nº, 15330 Ortigueira A Coruña	981 422 288	
ASPRONAGA	asociacion@aspronaga.org	R/ Pérez Lugin, 1, 15011 A Coruña	981 610 848	981 145 797
CHAMORRO	chamorro@asociacionchamorro.org	Lugar do Cruceiro, s/nº, 0 Val, 15541 Narón A Coruña	981363 427	981 363 582
APA SANTIAGO APOSTOL	apasantiagoapostol@yahoo.es	As Xubias, 15,15006 A Coruña	981 291 500	981 291 943
AMIGOS DO BARBANZA	asociacionamicos@gmail.com	A Gándara, 33, Oleiros,15993 Ribeira A Coruña	981 865 716	981 835 921
APA PASCUAL VEIGA	pascualveiga@yahoo.es	Vila de Laxe, 23-1º,15005 A Coruña	981 154 557	981 154 557
SPECIAL OLYMPICS	administracion@specialolympics galicia.org	Via Pasteur, 53A. Polígono do Tambre,15890 Santiago A Coruña	981 519 815	981 519 816
AMIPA	asociacionamipa@gmail.com	Rectoral de Santo Tome de Sorribas, s/n,15980 Rois A Coruña	981 817 202	981 817 202
ANPA "A BARCIA"	cee.barcia@edu.xunta.es	Rda Barcia, Larario, 15706 Santiago A Coruña	981 537 401	981 537 424
ASDEME	asdeme@gmail.com	Estrada do Seixo, s/nº 27519 Chantada, Lugo	982 462 117	982 462 117

Nome da entidade	Correo electrónico	Domicilio postal	Teléfono	Fax
ASPNAIS	administracion@aspnais.org	Rampa Claudio Lopez, 2, 27002 Lugo	982 284 107	982 818 887
ASPANANE	aspananeyiyeiro@yahoo.es	irmáns Vilar ponte, 40 baixo, 27850 Viveiro Lugo	982 563 083	982 563 083
PRODEME	prodeme@hotmail.com	Carretera de Currelos, As Lamas 27400 Monforte de Lemos Lugo	982 403 606	982 404 813
AFADI (S.Vicente Paul)	csvlugo@terra.es	R/ da Luz, 3, 27002 Lugo	982 241 405	982 242 703
CAMINA	asociacioncamina@gmail.com	Eijo Garay, 20, 27880 Burela Lugo	982 580 423	982 580 624
ASFAVAL	asfaval@hotmail.com	0 Banadoiro, s/n, 32340 Vilamartin de Valdeorras Ourense	988 326 724	988 326 606
AS BURGAS	asburgastaller@hotmail.com	R/ das Burgas, 10 - A Valenza, 32920 Barbadas Ourense	988 233 082	988 269 817
ASPANAS	aspanas1@terra.es	R/ Batundeira, 13 ,Velle, 32960 Ourense	988 227 164	988 240 088
ASPADISI	asociacionaspadisi@hotmail.com	R/ Rio Mina, 34, 32500 0 Carballino Ourense	988 275 177	988 275 177

Nome da entidade	Correo electrónico	Domicilio postal	Teléfono	Fax
Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (DOWN GALICIA)	downgalicia@downgalicia.org	R/ Alejandro Novo Gonzalez, 1 15706 Santiago — A Coruña	981 581 167	981 534 546
ASOC. Síndrome DE DOWN DE COMPOSTELA	downcompostela@downcompostela.org	R/ Alejandro Novo Gonzalez, 1 15706 Santiago, A Coruña	981 563 434	981534 545
FUNDACION DOWN COMPOSTELA	fundacion@downcompostela.org	R/ Alejandro Novo Gonzalez, 1 15706 Santiago, A Coruña	981 563 434	981 534 545
ASOC. SÍNDROME DE DOWN CORUÑA	awsociacion@down-coruna.com	R/ Jazmines. Bloque 50, nº 134-137 15008 A Coruña	981 263 388	981 148 134
ASOC. SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" DE FERROL	teimadownferrol@terra.es	Praza Alvaro Cunqueiro, 1 15403 Ferrol, A Coruña	981 322 230	981 322 230
ASOC. SÍNDROME DE DOWN DE LUGO "DOWN LUGO"	downlugo@dovnlugo.org	R/ Miguel de Cervantes, 34 baixo 27003 Lugo	982 240 921	982 240 921
DOWN OURENSE	downourense@yahoo.es	Praza Paz Novoa, 6-1º esquerda 32003 Ourense	988 370 313	988 370 313

Nome da entidade	Correo electrónico	Domicilio postal	Teléfono	Fax
ASOC. SINDROME DE DOWN PONTEVEDRA "XUNTOS"	xuntos@downgalicia.org	R/ Cobian Roffignac, 9-2º 36002 Pontevedra	986 865 538	986 865 538
ASOC. SINDROME DE DOWN VIGO	downvigo@downvigo.org	R/ Portela, 48 - baixo 36214 Vigo	986 201 656	986 214 954

Anexo IV. Manifesto de FADEMGA FEAPS GALICIA (Federación de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia) con motivo do Día Internacional da Discapacidade, pola defensa das persoas con discapacidade intelectual

Anexo IV. Manifesto de FADEMGAL FEAPS GALICIA (Federación de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia) con motivo do Día Internacional da Discapacidade, pola defensa das persoas con discapacidade intelectual

Con motivo da celebración do Día Internacional das Persoas con Discapacidade, FADEMGAL FEAPS GALICIA (Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade Intelectual) quere expresar a través deste Manifesto, subscrito polas 42 entidades membro da Federación, as reivindicacións do colectivo de persoas con discapacidade intelectual.

REIVINDICAMOS:

DEREITOS: Tradicionalmente ao longo da historia, existen colectivos que ven negada ou non recoñecida plenamente a súa cidadanía. Desde FADEMGAL FEAPS GALICIA, reivindicamos a plena cidadanía das persoas con discapacidade intelectual como cidadáns de pleno dereito, a través da adaptación das leis españolas e autonómicas segundo a Convención da ONU en materia de dereitos das persoas con discapacidade, así como a súa inclusión activa na sociedade. Entre os principais dereitos que actualmente se lles negan a moitas persoas con discapacidade intelectual cabe destacar:

- Dereito ao voto: Todas as persoas teñen dereito a votar, tamén as persoas con discapacidade intelectual. Se contasen cos apoios precisos e información adaptada, poderían ter unha opinión propia e tomar decisións importantes.
- Dereitos individuais. As sentenzas de incapacitación: As persoas con discapacidade intelectual non deben ser privadas dos seus dereitos individuais, por iso, é necesario acabar cos mecanismos legais que permiten a súa incapacitación xurídica plena. Desde FADEMGAL FEAPS GALICIA apostamos, tal e como propón a ONU, por que a cada persoa se lle faga un “traxe a medida” que garanta os seus plenos dereitos como cidadán, facilitándolle os apoios necesarios para exercelos.
- Dereito a ter parella e formar unha familia: O dereito das persoas con discapacidade a gozar de maneira plena e libre da súa vida persoal inclúe non só o ámbito educativo, social ou laboral, senón tamén a vivencia dunha sexualidade satisfactoria.
- Dereito a unha participación activa na sociedade: é imprescindible fomentar a participación activa das persoas con discapacidade intelectual en todos os ámbitos da vida: lecer e tempo libre, emprego, formación, actividades artísticas e culturais... promovendo que estas persoas poidan tomar as súas propias decisións e participar en igualdade de condicións na sociedade.

SANIDADE: O artigo 25 da Convención da ONU sobre Dereitos das Persoas con Discapacidade recoñece que estas persoas “teñen dereito a gozar do máis alto nivel

posible de saúde, sen discriminación por motivos de discapacidade”, e deben poder acceder a servizos de saúde “da mesma variedade e calidade” que os ofrecidos ao resto das persoas, “mesmo no ámbito da saúde sexual e reprodutiva”. FADEMGALIA FEAPS GALICIA reivindica o dereito a facer uso do Sistema Público de Saúde en igualdade de condicións que o resto da cidadanía, sen sufrir ningún tipo de discriminación por motivo da súa discapacidade. Igualmente, reivindicamos a necesidade da Tarxeta Dobre AA (Atención e Acompañamento), que permitiría mellorar a atención das persoas con discapacidade intelectual, e que facilitaría o seu acceso ao sistema sanitario.

SISTEMA DE AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA: O SAAD (Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia) debe mellorar e converterse en peza fundamental na promoción de apoios e servizos dirixidos á autonomía e plena inclusión social das persoas con discapacidade intelectual, pois trátase dun elemento imprescindible para o Estado de Benestar. De aí a importancia da sustentabilidade do sistema no seu conxunto así como de garantir o financiamento necesario para logralo. Solicitamos que o Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia sexa unha parte da lei e non o todo, que se acabe coa inseguridade xurídica, a falta de transparencia do sistema, coa desigualdade territorial cada vez maior e coa tendencia restritiva de proporcionar cada vez menor cobertura aos seus beneficiarios.

EMPREGO: FADEMGALIA FEAPS GALICIA reivindica o dereito fundamental ao traballo das persoas con discapacidade intelectual (que actualmente conta co maior índice de desemprego dentro do colectivo da discapacidade), tal e como se recoñece no artigo 35.1 da Constitución Española e no Artigo 27 da Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

- No referido a emprego público, é de especial importancia a reserva de prazas específicas destinadas ás persoas con discapacidade intelectual así como a elaboración de temarios adaptados, pois supón un importante paso de cara á normalización das condicións laborais do noso colectivo.

- Emprego protexido: defendemos a reserva dunha parte da contratación pública aos Centros Especiais de Emprego, e pedimos o desenvolvemento efectivo de cláusulas sociais que apoiem este tipo de emprego, un dos motores fundamentais no fomento da igualdade de oportunidades.

- Emprego común: Desde FADEMGALIA animamos ás empresas a que leven a cabo un proxecto empresarial onde teñan cabida as persoas con discapacidade intelectual, xerando emprego e promovendo a inclusión sociolaboral. Igualmente, solicitamos que a normativa de emprego con apoio se adapte á nosa realidade para poder ser efectiva.

Por unha educación inclusiva: A educación é un alicerce básico de cara a lograr unha sociedade inclusiva, pero tamén de cara a fomentar a plena cidadanía das persoas con

discapacidade intelectual, de aí a importancia de traballar por unha educación integradora, co fin de garantir a igualdade de oportunidades educativas para as persoas con discapacidade.

Contratos de reserva e ocupación de prazas en centros para persoas con discapacidade, do mapa galego de servizos sociais, na modalidade de concertos: Outra das reivindicacións da Federación, é a revisión e mellora das cláusulas dos contratos de mantemento dos servizos das entidades membro do sector, adaptándoos á Lei de Contratos do Sector Público, ou á modificación da Lei, de maneira que contemple a inclusión de cláusulas sociais.

Carteira de servizos de Galicia: A Federación solicítalle á Administración máis información e menos escurantismo sobre a Carteira de Servizos de Galicia. Ata agora, descoñecemos como se pensa levar a cabo a súa implantación ou como vai afectar ás persoas, ás familias e ás asociacións a implantación do sistema de copago. Por iso é necesaria unha maior información sobre estes asuntos que afectan o futuro de tantas persoas. O sistema non pode cambiar para nós sen nós.

Ampliación de prazas residenciais: A pesar de que se expuxo a ampliación de prazas noutras discapacidades, no sector da discapacidade intelectual esta ampliación atópase bloqueada para as entidades federadas, o que impide o aumento dos recursos dispoñibles para as persoas con discapacidade intelectual, así como a súa correcta atención.

As barreiras invisibles: As persoas con discapacidade intelectual non se atopan soamente con barreiras físicas, senón tamén coas chamadas “barreiras mentais ou invisibles”, barreiras que fan dar por supostas moitas cousas, e que só serven para arrebatarlles a súa autonomía. Para iso, é esencial adaptar o contorno ás diferentes necesidades de todas as persoas, por exemplo, mediante a inclusión de pictogramas que faciliten a comprensión de actividades cotiás.

O tratamento da discapacidade intelectual nos medios de comunicación: FADEMGA FEAPS GALICIA solicita aos medios de comunicación que traten a discapacidade intelectual desde unha perspectiva positiva, respectando o dereito á propia imaxe e evitando mostrar ás persoas con discapacidade intelectual como un colectivo fráxil e obxecto de mágoa. Non se trata de ignorar as dificultades, senón de tratalas desde unha perspectiva positiva, transmitindo así unha mensaxe integradora e empregando imaxes que se afasten do sensacionalismo.

Anexo V. Carta da Asociación Española de Emprego con Apoio ao Defensor del Pueblo

Anexo V. Carta da Asociación Española de Empleo con Apoio ao Defensor del Pueblo

A integración laboral das persoas con discapacidade, principalmente das que teñen unha discapacidade psíquica, no sistema regular de traballo é un reto para o Goberno do Reino de España, ao que non se está respondendo con solucións eficaces desde hai lustros.

A partir da aprobación da LISMI e da normativa que a desenvolveu, propagouse por España a fórmula do Centro Especial de Empleo, como única vía real para incorporación destes colectivos ao mundo laboral, aínda que sacrificando, desgraciadamente, o principio da súa integración coa poboación xeral no sistema ordinario de produción. Aínda que no espírito do lexislador estes centros de traballo habían de ser lugares de transición cara á plena integración destas persoas no mercado laboral aberto, na práctica convertéronse na súa inmensa maioría en lugares de chegada e permanencia definitiva, sen exporse a promoción dos seus traballadores cara ao mercado aberto.

Así as cousas, durante anos, foise construíndo no noso país un subsistema de empresas especiais -que utilizan a discapacidade como argumento de agrupación- altamente protexidas polo Estado, e cun marco legal ben definido. Esta fórmula, ao noso xuízo, non contribúe á incorporación das persoas con discapacidade ao mercado laboral ordinario e, por conseguinte, non lles outorga a categoría á que teñen dereito de plena cidadanía, como a ten o resto da poboación.

Doutra banda, durante o últimos dez anos, foise desenvolvendo en España unha alternativa innovadora que si contribúe a que as persoas con discapacidade -e, principalmente, as que necesitan máis apoio- se incorporen ao mercado laboral ordinario: referímonos ao sistema de integración coñecido como Empleo con Apoio. Este sistema, ben implantado e lexislado nos EEUU, Canadá, Australia, Xapón e nalgúns países da Unión Europea, ten uns bos fundamentos teóricos e está avalado por numerosos estudos experimentais, como o sistema máis eficaz de acompañamento individualizado, de instrución e adaptación das persoas con discapacidade aos postos de traballo existentes no mercado aberto.

Pódese asegurar que o emprego con apoio en España é un movemento impulsado por entidades públicas e privadas, nacido desde a proximidade ás persoas e á súa problemática, desde o interese por atopar solucións eficaces aos cidadáns con discapacidade, que tradicionalmente se vían excluídos do mercado laboral aberto. Foron pequenas agrupacións de profesionais e algunhas entidades locais e asociacións do sector as que asumiron o liderado na experimentación desta liña innovadora de inclusión laboral no noso país.

O emprego con apoio leva aplicándose en España desde hai máis dunha década. A vertente mediterránea (Cataluña, Mallorca, Marbella, Valencia) foi, sen dúbida, a máis activa no seu desenvolvemento, seguindo, despois, as Illas Canarias e a vertente

cantábrica (Asturias, Cantabria, Euskadi, Galicia), sumándose, posteriormente, o interior da península.

No estudo que se adxunta de Verdugo e Jordán de Urríes pode comprobarse que o emprego con apoio se aplica practicamente en toda España desde hai bastante tempo, conseguindo bos resultados os colectivos que o experimentaron. Este sistema de inclusión laboral orixinou un cambio de perspectiva alá onde se aplicou e resultou innovador para as persoas e as organizacións, as cales coa súa práctica superaron a ansiedade e os temores iniciais que lles puidese ocasionar a integración na comunidade.

Pero, a que nos referimos, cando falamos de emprego con apoio? Vexamos sucintamente algunhas comparacións entre o que é e o que non é este sistema de inclusión laboral.

O emprego con apoio non é:

- Unha axencia de colocación que se dedica a buscar emprego no mercado aberto a persoas con certificado de discapacidade, pero que apenas necesitan apoio.
- Un emprego nunha empresa ordinaria cun monitor sempre á beira.
- Apoio en centros ocupacionais ou centros especiais de emprego. Sempre que se actúa en centros ou edificios dando apoio a traballadores agrupados a causa da súa discapacidade, estase moi lonxe da filosofía do emprego con apoio.
- Selección dos candidatos “mellores” e rexeitamento dos que teñen maiores necesidades de apoio.
- Prácticas laborais en empresas ou cursos de formación, nos que non existe contrato laboral nin salario.
- Un concepto co que teoricamente se está de acordo, pero que non leva á práctica.
- Pan para hoxe fame para mañá.
- Unha alternativa máis que agora se puxo de moda pero que, como todas as modas pasará e caerá no esquecemento.

O emprego con apoio é:

- Traballo remunerado nas empresas ordinarias da comunidade, con contrato laboral individual, para aquelas persoas con discapacidade que necesitan apoio e seguimento.
- Un sistema de apoio individualizado, con retirada progresiva do preparador laboral, que dá oportunidades ás persoas con discapacidades significativas, para facilitarles a súa inclusión no mercado laboral ordinario.
- Un concepto filosófico que, ao aplicarse, fai posible na práctica a igualdade de oportunidades para aqueles cidadáns que teñen máis necesidades de apoio.
- Unha liña de intervención social que nace precisamente para dar oportunidades de emprego ás persoas que se consideraban non aptas para traballar nos talleres especiais produtivos.
- Promoción e *empowerment* do participantes. O emprego con apoio busca, ademais da colocación das persoas, a súa promoción persoal na empresa e na comunidade.
- A consecuencia dunha formulación filosófica radical a favor das persoas con discapacidade, que inviste en apoios e en investigación de sistemas eficaces de acompañamento de cidadáns, por moi grandes que sexan os retos e que expoña a súa inclusión laboral
- Unha liña de acción avalada por miles de estudos experimentais en moitos países, durante máis de vinte anos, e que consegue emprego fixo e solucións laborais para un colectivo de cidadáns que tradicionalmente non conseguía emprego integrado
- Un concepto que supón unha revolución na formulación dos nosos centros e servizos e que conduce inexorablemente á súa reconversión: dos programas baseados en centros ou edificios hai que pasar a ofrecer programas de integración real baseados na comunidade.

Aínda que é certo que se debería render unha homenaxe ás organizacións valentes e comprometidas que, aplicando o emprego con apoio, souberon abrir novos camiños en España á integración das persoas con discapacidade no sistema regular de traballo e, por extensión, na sociedade de todos, tamén é certo que estas organizacións non poden seguir por máis tempo aplicando heroicamente este sistema, sen unhas garantías de financiamento do apoio e sen unhas mínimas coberturas por parte do Estado. Estas organizacións demostraron a súa valentía e o seu vangardismo, porque se lanzaron á area moito antes de que existise unha regulación específica para o emprego con apoio no noso

país e, porque, sen buscar a súa seguridade e o beneficio propio, puxeron a súa enerxía ao servizo das persoas que acompañan, nadando contra corrente, nun escenario nacional, con intereses económicos do sector noutras fronte e, por tanto, non moi entusiasta no desenvolvemento deste movemento innovador.

En efecto, o panorama oficial español en canto á promoción do emprego con apoio é, cando menos, desalentador. Non se cumpriu o compromiso de presentar en 1998 unha proposta de regulación deste sistema de inclusión laboral, contraído no Acordo MTAS-CERMI, de 15 de outubro de 1997 e, se non estamos mal informados, o Comité Español de Representantes de Minusválidos non presionou o máis mínimo para que iso ocorrese, preocupado como estaba por sacar adiante outras medidas. O único organismo que tivo interese en cumprir este acordo foi o IMSERSO, que constituíu unha comisión de traballo en 1998 -da cal a Asociación Española de Emprego con Apoio (AESE) formou parte- para redactar un borrador de Real decreto regulador do emprego con apoio, e que, neste momento, é o único material de que pode dispor o lexislador como documento de partida.

E por que utilizamos termos como “desalentador”, cando nos referimos a este panorama español? Pois sinxelamente, porque neste Estado do sur de Europa fomos pioneiros e anticipámonos en anos, por exemplo, aos Países Baixos ou a Alemaña na experimentación e no desenvolvemento do emprego con apoio, e eles xa hai tempo que teñen regulado o sistema..., mentres que nós, seguramente, teremos que esperar a que cambien varios Gobernos Centrais máis (é dicir, algún lustro), para que nos dotemos dun marco legal que defenda o dereito de todas as persoas con discapacidades significativas a ter un emprego con apoio no sistema regular de traballo.

E para evitar isto, precisamente, acudimos como sociedade civil (persoas con discapacidade, os seus familiares, profesionais que as acompañan e organizacións comprometidas na súa integración) ao Valedor do Pobo, para que defenda o dereito das persoas con discapacidade a participar na construción da sociedade -sen excluír ás que necesitan máis apoio- e o seu dereito a ser integradas coa poboación xeral no mercado laboral ordinario. E nós pensamos que a mellor maneira de defender este dereito é urxir ás instancias pertinentes do Estado español e ao seu Goberno central, a que regulen canto antes o sistema de integración laboral coñecido como Emprego con Apoio, que se está aplicando en todo o territorio español sen cobertura legal, desde hai moitos anos, e cunha eficacia probada.

A urxencia de regular o Emprego con Apoio en España non se xustifica, unicamente, polo motivo aducido máis arriba de que as organizacións que apoian ao colectivo nas empresas da comunidade atopan o terreo máis abonado e a cobertura legal e de financiamento para levar a cabo as súas actividades con eficacia e sen temores; xustifícase, ademais, e sobre todo, polo dereito das persoas con discapacidade a non ser discriminadas (Tratado Europeo) e, por tanto, a ser integradas no sistema regular de

traballo, recibindo os apoios, a instrución e o seguimento que necesiten. O Emprego con Apoio, que pedimos que se regule urxentemente no noso país, constitúe, precisamente, este conxunto de procedementos e de tecnoloxías de apoio, instrución e seguimento que facilitan o éxito das persoas con discapacidades significativas na obtención e o mantemento dun emprego no mercado laboral ordinario.

Se un Estado só ten regulado o acceso das persoas con discapacidade ao emprego, a través dos centros especiais de emprego -que non deixa de ser unha vía segregada, de gran custo para a sociedade- está, de feito, discriminando á poboación discapacitada, por non facilitarlle o seu acceso ao mercado laboral aberto. Ademais, cando un Estado se dota dun marco legal que regula o emprego con apoio, clarifícase a misión das organizacións e entidades que traballan a favor destes colectivos, porque lonxe de ter que pensar estas na montaxe de negocios propios e na repartición de dividendos, deben pasar a investir o seu tempo e enerxías en apoios, e a pensar nos procedementos que mellor axuden á integración das persoas con discapacidade nas empresas da comunidade.